

ESTRATEGIA GALEGA DE ACCIÓN EXTERIOR

Horizonte post 2020



XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

| | |
|--|---------|
| Resumo | 5-17 |
| 0. Introducción | 19-33 |
| 1. Balance da acción exterior galega | 35-37 |
| 2. Acción exterior en rede e novo marco xurídico da acción exterior | 39-40 |
| 3. Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación, colaboración | 41-43 |
| 4. Ámbitos sectoriais da acción exterior | 45-93 |
| 4.1. Galicia: unha economía aberta | 45-70 |
| 4.1.A. Estratexia macroeconómica exterior | 46-53 |
| 4.1.B. Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos | 53-55 |
| 4.1.C. Turismo e acción exterior | 55-60 |
| 4.1.D. Conectividade | 60-62 |
| 4.1.E. Sector primario | 62-69 |
| 4.1.F. Selo-País no exterior | 69-70 |
| 4.2. Cultura | 70-79 |
| 4.3. Galeguidade | 79-87 |
| 4.4. Cooperación para o desenvolvemento | 87-92 |
| 4.5. Acción exterior e proxeccións demográficas | 93 |
| 5. Ámbitos xeográficos e institucionais | 95-127 |
| 5.1. Portugal | 95-109 |
| 5.2. Unión Europea e Estados da UE: prepararse para un escenario post 2020 | 109-121 |
| 5.3. Europa extra Unión Europea | 121-122 |
| 5.4. Latinoamérica: Hispanoamérica e o Brasil | 122-123 |
| 5.5. Norteamérica | 123-124 |
| 5.6. Norte de África e bacía sur do Mediterráneo | 124 |
| 5.7. África subsahariana: África lusófona e Guinea Ecuatorial | 125 |
| 5.8. Oriente Medio, Asia-Pacífico e outras áreas xeográficas | 125-127 |
| 6. Intersección de prioridades sectoriais e xeográficas: prevalencia e concentración | 128-131 |
| 7. Revisión e avaliación da Egaex | 132-133 |
| Anexo | 134-147 |



RESUMO

LIMIAR

Galicia debe dotarse dunha estratexia de acción exterior (Egaex) que lle permita medrar no económico, compensar no demográfico e proxectarse no cultural para axudar deste xeito a reafirmarnos como pobo con identidade propia, a garantir que o noso modelo social sexa sustentábel e a permitírnos conquistar unha correcta adaptación ao novo eido internacional no que temos que desenvolvernos, como sociedade aberta e europea que somos.

O documento aspira a fraguar un gran consenso político en Galicia arredor da nosa acción exterior. O novo marco xurídico propiciado polas leis 2/2014, do 25 de marzo, da acción exterior e do servizo exterior do Estado, e 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abre novas oportunidades de crecemento e mellora da proxección e intervención da Comunidade Autónoma no exterior que debemos aproveitar. A aprobación do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, afianza o rigor e solidez xurídicos desta iniciativa estratéxica.

Galicia goza dunha personalidade colectiva ben definida que debemos cultivar, defender e promover. Asemade, Galicia ten un valor intrínseco que debemos aproveitar, xa que somos o elo natural entre a cultura lusa e a hispánica, que ten o seu particular potencial tanto na maior cohesión entre a propia España e Portugal, como entre Brasil e as restantes nacións iberoamericanas, sen esquecer a porta cara ás nacións da comunidade lusófona, chamadas a incrementar o seu rol fronte a outras rexións do planeta.

Esta vantaxe competitiva debe ser nutrida e capitalizada de modo ordenado e sistemático:

» España debe ver a Portugal como outra nación irmá, merecedora de toda prevalencia na área da cooperación institucional.

» Propósito de ir decote un paso por diante do proceso de integración impulsado pola Unión Europea.

Os fitos de carácter macroeconómico definidos polo Plan estratéxico Galicia 2015-2020 non poderían porén acadarse sen unha máis decidida internacionalización, que non só ten que centrarse en aspectos como o incremento das exportacións e expedicións de bens e servizos, senón tamén nunha maior apertura da sociedade galega nos ámbitos políticos, sociais e culturais.

A extrema e persistente dependencia do mercado interior implica unha concentración de riscos demasiado elevada para nós. Resultará indispensable recorrer paulatinamente e en maior medida aos mercados exteriores para, canda menos, compensar a regresión que puidese experimentar o mercado doméstico galego, e mesmo español, se os vaticinios de erosión demográfica e de envellecemento poboacional se van consumando. Por iso, Galicia debe asumir o liderado autonómico no Consello Interterritorial de Internacionalización e tamén debe implicarse ao máximo en difundir e implementar a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Obxectivos:

» Mellorar a participación do sector exterior na nosa economía e mercado de traballo.

» Minimizar a concentración de riscos xeográficos por medio dunha máis equilibrada diversificación rexional no planeta.

» **Poñer a acción exterior a prol da permanente mellora dos nosos servizos públicos.**

» **Mellorar a atención que merecen os nosos cidadáns no exterior.**

» **Aprobación dunha Lei do Parlamento de Galicia que regule a acción exterior.**

Por iso, a Xunta de Galicia, dotouse da Estrategia de internacionalización da empresa galega 2020, na que busca acadar as 8.000 empresas exportadoras, incrementar un 25% o investimento estranxeiro en Galicia e incrementar as exportacións ata representar o 40% do PIB galego en 2020.

Un dos fundamentos desta estratexia é a gravidade do desafío demográfico que afrontamos e en consíderalo un problema capital para encarar con certa seguridade o futuro máis próximo. A urxente debilidade demográfica de España enmárcase pola súa vez nun deprimente ámbito europeo. O *Plan estratéxico Galicia 2015-2020*, que sempre debe ter presente esta Egaex, aspira cando menos a aproximar paulatinamente Galicia á media de fecundidade da UE, cifrada en 1,59 fillos por muller.

1. Balance da acción exterior galega

Da análise dos dous documentos básicos da Xunta de Galicia sobre o deseño fundamental da nosa acción exterior (Libro branco de 2005 e Estrategia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións, de 2007), pode concluírse que existe un consenso básico de partida entre as grandes forzas políticas do país e da sociedade civil con criterio definido sobre este campo, sobre cales son as prioridades que se deben considerar.

Co inicio da crise internacional desatada en 2008, Galicia asumiu que o seu sector exterior non pode seguir dependendo tanto do mercado interior europeo, a fin de contrarrestar a hipotética e cíclica contracción da capacidade de compra dos europeos. Tamén para reducir o risco ante futuribles réplicas desta crise. Non obstante, esa saída extra-europea non pode desentenderse da necesidade de afondar na nosa aposta por Europa para contribuír á mellora do seu funcionamento e consolidar os seus fundamentos.

Agora que o marco legal de referencia se renovou por completo en España e que temos asegurada a

percepción de fondos europeos ata 2020, extensibles en canto a compromisos financeiros adquiridos ao seu cargo ata 2023, temos que ir deseñando a converxencia entre a clásica acción exterior de orde político-institucional e a que é preponderantemente económica e sometida aos vaivéns dos mercados. Os sucesivos gobernos galegos souberon aproveitar as novas oportunidades que abría a nosa adhesión ao proxecto de construción europea, que incidía sobre a percepción que da acción exterior ían tendo os diversos poderes do Estado e o Tribunal Constitucional.

A transmutación operada pola comunitarización das competencias na Unión Europea superou a realidade literal da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, sendo isto beneficioso para un modelo de goberno multinivel, que permite que a ensamblaxe subestatal-estatal-europea funcione en beneficio de todos e sen grandes friccións xurídicas nin administrativas, nin con superiores custos operativos.

2. Acción exterior en rede e novo marco xurídico da acción exterior

Grazas á doutrina do Tribunal Constitucional e á liña inaugurada pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, a acción exterior é xa unha dimensión consubstancial ao exercicio das competencias materiais das diversas administracións públicas, desbordando o seu marco territorial de xurisdición. Do que se trata non é tanto de impoñer directrices e prioridades, como de coordinar todos os recursos dispoñibles e colocalos ao servizo das vantaxes competitivas do país. A lexislación española reconece agora de forma contundente e indubidable que as comunidades autónomas son suxeitos da acción exterior do Estado.

Obxectivos:

» **Traballar en rede na acción exterior**, que debe implicar unha coordinación de e entre os axentes e actores galegos que interveñan nese campo, pero tamén coordinarse mellor coas restantes CC. AA. e coa AXE.

» **Instar a creación dunha conferencia española de acción exterior**, que supere o marco da Conferencia para Asuntos Relacionados coa UE

(CARUE) porque, convén recoñecelo, todo o concernente á UE está xa moito máis próximo ao foro doméstico que ao marco internacional.

3. Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación, colaboración (C³)

Para acometer o traballo imprescindible na área da acción exterior debemos apostar pola triplo C –C³– en todas as fases do devandito traballo. *Coordinar* todas as redes, medios e recursos de axentes e actores galegos relevantes para a acción exterior, *cooperar* especialmente entre as institucións e organismos públicos, e *colaborar* en calquera caso coa iniciativa privada que teña intereses no exterior, convértese así nun imperativo categórico para obter resultados, resaltando a necesidade de manter unha constante interlocución co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (MAEC).

Especial atención merece o Consello de Acción Exterior de Galicia como mecanismo de coordinación e colaboración, e as recentes incorporacións do Consello da Cultura Galega e da Fegamp.

Tamén poderían subliñarse novos factores que hai que considerar: Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal, comunidades galegas no exterior e a necesidade de mellorar a colaboración coas ONGD galegas.

Obxectivos:

» **Fortalecer os mecanismos de coordinación, cooperación e colaboración.**

4. Ámbitos sectoriais da acción exterior

A apertura económica de Galicia non pode autoconterse ao aproveitamento das oportunidades que dispense o mercado interior europeo. A severa crise económica e social destes últimos anos debe ser un acicate para acelerar o proceso de adaptación á nova competencia foránea, preservando o mellor do noso modelo de economía social de mercado, do *'European way of life'* maioritariamente defendido dende Galicia e España, aínda que tamén aproveitando as nosas vantaxes competitivas no mundo.

4.1.A. Estrategia macroeconómica exterior

Dende 1986 o maior investidor exterior en Galicia foi a Unión Europea. Estamos a falar da orde duns 20.000 millóns de euros ata 2020, fundamentalmente destinados a acrecentar o capital social fixo de Galicia e o capital produtivo privado das empresas galegas.

O *Plan estratéxico de Galicia 2015-2020* pretende gañar oito puntos de converxencia respecto do estándar da UE, para o que requirirá manter un crecemento económico sostible e acumulativo superior ao 2,5% anual, que nos permita crear cen mil novos empregos e reducir a taxa de paro ao 10%. Ata que conclúa a presente década, Galicia conta cunha rede financeira de seguridade que pode chegar ata 4.000 millóns de euros, dos que máis de 2.500 serán xestionados pola Comunidade Autónoma de forma directa, e gozará dun beneficio adicional moi relevante, como é poder manter unha taxa de cofinanciamento que permite alcanzar ata o 80% en certos proxectos de investimento.

Ante unha hipotética conxelación ou contracción da demanda interna galega, fundamentalmente pola perda de poboación e polo seu envellecemento, que non se vexa compensada por outros factores, teremos que focalizarnos máis se cabe nos mercados exteriores. Neste senso, a Estrategia de internacionalización da empresa galega 2020 debe ser asimilada e coimpulsada pola totalidade dos departamentos, organismos e entidades autonómicas.

Resulta indispensable a diversificación xeográfica dos nosos clientes exteriores, máxime considerando a pasada excesiva concentración de risco nun mercado, o europeo. Por fortuna, as exportacións de Galicia na última década xa se diversificaron: as expedicións á UE pasaron de representar un 81% en 2004 a supoñer o 67% en 2013, pero aínda deben diversificarse máis, de maneira que os incrementos marxinais no comercio exterior galego deben concentrarse preferentemente en mercados extra-europeos durante os próximos anos.

Todo o sector público galego debe implicarse na execución das directrices xa perfiladas polo Igape para a captación de investimentos produtivos de natureza privada, buscando que o investimento estranxeiro directo axude a completar as cadeas sectoriais e permita a máxima consecución de valor en cada mercado, pechando ciclos completos de produción e comercialización.

As accións de atracción de capital foráneo privado deben focalizarse pois naqueles sectores que conteñan potencial de crecemento ou que precisen completar as súas cadeas de valor, co obxecto de obter unha posición competitiva global máis relevante.

Ademais, debemos contribuír xunto con outros actores públicos ao recoñecemento internacional de Galicia como plataforma loxística de entrada e saída de produtos e mercadorías, e singularmente como porta natural de entrada ao continente europeo.

Obxectivos:

» Unha prioridade transversal debe ser **captar capital do exterior para investir en Galicia**, sobre todo considerando a acelerada senescencia da nosa sociedade e a súa influencia nos hábitos de consumo e investimento.

» **Convencer as institucións da UE de que o investimento público debe apostar por favorecer un rexuvenecemento demográfico en toda Europa**, e singularmente naquelas NUTS máis vulnerables ás mutacións sociais e económicas parellas á senescencia colectiva, como Galicia. E en consecuencia, estimular que a UE redeseñe de nova planta toda a súa política de cohesión. Isto supón introducir novos indicadores que superen os tradicionais ligados ao PIB per cápita.

» **Diversificación xeográfica dos nosos clientes exteriores.**

» **Establecer acordos institucionais con gobernos estranxeiros para fomentar programas de adestramento, baseados no intercambio temporal de novos talentos.**

» **Impulsar Galicia como destino de aprendizaxe do español**, o que pode ser de grande interese para moitos dos millóns de novos talentos naturais de países da lusofonía.

» **Elaborar un programa de alianzas con axencias de desenvolvemento doutros países con gran peso industrial.**

» **Sacar maior partido dos fondos da UE para impulsar a internacionalización das empresas galegas.**

» **Eliminar ou minimizar as trabas e cargas administrativas para facilitar o establecemento en Galicia de empresas estranxeiras.**

» **Potenciar o concepto de Galicia como plataforma loxística de acceso ao mercado interior da UE.**

4.1.B. Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos

O apoio e a asistencia ás pemes galegas conta na órbita da Xunta de Galicia cunha serie de pancas, como son o Plan Foexga (fomento das exportacións galegas), a Rede de plataformas empresariais no exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), á que se deben sumar as novas antenas de internacionalización. Todos estes medios deben colaborar máis áxil e intensamente cos actores empresariais privados.

Considérase que as cámaras de comercio, industria e navegación, a Confederación de Empresarios de Galicia e as asociacións empresariais sectoriais, deben ser as canles fundamentais para encarreirar a información que flúa dende as empresas con intereses no exterior –ou con vocación de posicionarse no estranxeiro– cara ao Igaape, e deste co centro directivo responsable das relacións exteriores de carácter institucional.

Un precedente desta nova cultura de apoio ás empresas galegas no exterior podemos atopalo no Sistema de información do mercado interior (IMI), desenvolvido pola Comisión Europea, ou en redes informais de solución de controversias, como é SOLVIT.

É importante manter encontros periódicos entre cámaras, confederación de empresarios, asociacións empresariais con maior dinamismo exterior, IGAPE e centro directivo da Xunta de Galicia responsable das relacións exteriores para compartir a información que interese ás empresas galegas no exterior e mancomunar instrumentos, contactos ou facilidades.

Obxectivos:

» **Coordinación das axendas dos desprazamentos oficiais ao exterior e as previsións nas recepcións de autoridades foráneas en Galicia coas asociacións empresariais e coas propias empresas con intereses nos países aos que sirvan esas autoridades.**

» **Maior apoio nas tarefas de xestión institucional para as empresas galegas que se inicien na exportación e que se atopen con problemas en destino.**

4.1.C. Turismo e acción exterior

O turismo xera máis do 10% do PIB galego e ocupa unha porcentaxe análoga da nosa poboación laboral empregada. Ademais, este sector posúe aínda un enorme potencial de crecemento. Galicia vén rexistrando durante estes últimos anos un medre importante en termos de demanda.

Convén ter presente que o turismo constitúe xa unha das grandes actividades económicas e é unha relevante fonte de emprego a nivel mundial. O sector está a experimentar profundas transformacións en diferentes ámbitos, motivados pola introdución e expansión das TIC en toda a cadea de valor do produto.

Temos que explotar ao máximo as nosas fortalezas, empezando pola icona universal que é o Camiño Xacobeo, seguido das restantes declaracións que atesouramos como Patrimonio da Humanidade outorgadas pola Unesco, (v.gr. Torre de Hércules e Muralla lucense), así como a nosa biodiversidade, a calidade natural, mineral e termal das nosas augas. Poucos destinos hai en Europa que atesouren tantos activos que promover e difundir.

Debemos cobrar conciencia de que a promoción turística rende uns beneficios que transcenden ao propio sector, sobre todo no que concirne ao posicionamento doutros produtos e servizos nun mercado global que, a miúdo, padece unha saturación de oferta, que esixe optar pola diferenciación e a exclusividade.

Obxectivos:

» **Optimizar a posta en valor dos nosos recursos turísticos.**

» **Posicionar Galicia como marca.**

» **Converter a nosa auga nun recurso turístico básico.**

» **Establecer acordos de colaboración coas institucións de Portugal, para o desenvolvemento da Eurorrexión e a proxección exterior desta.**

» **Intensificar a colaboración coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago no exterior.**

» **Fomentar o desenvolvemento do turismo de saúde, coa sinatura de memorandos de entendemento cos sistemas nacionais de saúde e aseguradoras doutros países europeos.**

4.1.D. Conectividade

A rede portuaria, xunto coa excelente rede aeroportuaria da que gozamos, pronto sumada á completa conexión de alta velocidade ferroviaria e a xa operativa de autovías de alta capacidade que nos unen ao corredor Cantábrico, á Meseta española e Portugal, sentan os piares dunha nova realidade galega, radicalmente distinta á que lembran moitos operadores tan só un par de décadas atrás.

Temos a oportunidade de superar as consecuencias do noso presunto carácter periférico –sempre visto dende o interior do continente–, visión que debemos contribuír a superar no deseño das novas redes paneuropeas de transporte e das novas oportunidades de negocio a elas vinculadas.

A medida que Europa se vaia abrindo máis ao comercio transatlántico e intensifique as súas transaccións mercantís cos países do sur, é de prever que Galicia irá gañando unha centralidade que pode aproveitar.

Obxectivos:

» **Promoción da nova dotación de infraestruturas e conectividade galegas a escala internacional.**

4.1.E. Sector primario

Para Galicia o seu sector primario ten un valor estratéxico incuestionable, e xa non só polas súas consideracións económicas e sociolaborais, senón mesmo pola súa achega á articulación, cohesión e personalidade do país.

O ingreso de España na CEE supuxo a transformación do sector primario galego. A Xunta de Galicia decidiu implicarse plenamente no proceso de toma de decisións en España e na UE polo que concirne ao mundo rural e pesqueiro.

A modernización da industria transformadora dos produtos do mar e do campo, coa incorporación dos últimos avances tecnolóxicos, habitualmente cofinanciada con recursos da UE, está a contribuír moi positivamente á ampliación dos mercados interior e exterior. A modernización da industria, xunto á creación de marcas de calidade diferenciada, permitiron nos últimos anos un incremento das expedicións e exportacións dos produtos galegos.

Estas transformacións e avances tiveron os seus custos. Somos moi críticos cos totais admisibles de captura (TAC) e coas cotas impostas á frota comunitaria.

A proxección exterior do sector primario galego non se circunscribe en exclusiva ao espazo da UE. Por tal motivo, temos interese en alcanzar acordos con organizacións como a FAO, acordos de pesca con actores de terceiros Estados, e intensificar a participación no desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional para a xestión e desenvolvemento da pesca e a acuicultura.

Obxectivos:

- » **Estudo da ampliación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas destinados aos Estados membros**, por medio dun maior rigor e máis constante actualización dos informes científicos que hai que considerar sobre o estado das pesqueiras.
- » **Manter a condición de liderado no sector acuícola europeo e converternos nun referente mundial.**
- » **Mellora da viabilidade do sector lácteo, mediante unha maior dotación de competitividade e exploración de novos mercados internacionais.**
- » **Dotación para as organizacións de produtores dun maior poder legal de negociación** fronte aos outros elos da cadea produtiva, e **arbitrar medidas para impedir o uso do leite como produto reclamo** por parte dos establecementos distribuidores e comercializadores.
- » **Aposta polo I+D+i na industria agroalimentaria.**
- » **Apertura de novas canles de comercialización no exterior e o reforzo dos existentes para os produtos agroalimentarios.**

4.1.F. Selo-País no exterior

Galicia debe proxectar unha identidade xenuína e propia naquelas rexións do planeta onde están en xogo os seus intereses. A nosa dependencia do exterior será crecente se non conseguimos endereitar os desequilibrios estruturais que nos afectan, comezando polo demográfico, que tanto incide na evolución do consumo e o investimento. Debemos dar a coñecer as potencialidades de Galicia para que

ademais de atraer capital humano, que resulta prioritario, teñamos opcións de ser considerados como localización axeitada para realizar investimentos produtivos non especulativos, que contribúan a pechar ciclos de produción xa iniciados aquí, ou para radicar novas actividades que dependen fundamentalmente do enxeño humano.

O selo de Galicia debe presentarse como un conxunto de valores positivos, enraizados na nosa herdanza, reforzando caracteres de Galicia e do noso pobo.

Obxectivos:

- » **Transmitir a idea de que somos o punto de unión entre dúas grandes culturas occidentais –a portuguesa e a española–.**
- » **Ofrecer a imaxe dun ‘Galician way of life’ ou ‘G-wol’, para atraer xente nova.**
- » **Crear a imaxe de Galician green.**
- » **Consolidación da Eurorexión e da súa proxección nos países da lusofonía.**

4.2. Cultura

O galego é a máis grande creación colectiva do noso pobo ao longo dos séculos. O idioma, sen dúbida, é o elemento singular e diferencial da cultura galega, o que a conforma e a impulsa, polo que podemos dicir que a nosa cultura conta con alicerces ben asentados e definidos nos seus diferentes ámbitos.

A proxección exterior da cultura galega, como marca recoñecida e valorada, é un dos obxectivos clave que nos competen e no que cómpre traballar de maneira constante, por consideralo un asunto estratégico para o crecemento económico, para o noso afianzamento no diálogo internacional, e mesmo para a propia autoestima e recoñecemento do pobo galego. Os nosos emigrantes, particularmente os da primeira xeración, souberon que mantendo a súa lingua e a súa cultura, mantiñan a súa alma.

A proxección exterior da nosa lingua e a creación de pontes de diálogo con outras culturas e linguas, así como a internacionalización dos produtos creativos galegos, son obxectivos prioritarios. Débese actuar na busca de fontes de financiamento no exterior, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia.

A televisión pública de Galicia é o recurso cultural que concentra máis medios e potencialidades para servir de vector transmisor da nosa cultura no exterior. Por iso debe deseñar unha propia estratexia de proxección, ideada con criterios de máxima calidade e centrada nos segmentos sociais máis idóneos de cada país, nutrindoa con contidos axeitados, baseados en estudos de mercado.

Obxectivos:

- » **Captación sistemática de universitarios foráneos e presenza da nosa oferta universitaria en países capitais, pensando en atraer poboación ben cualificada, que inicie proxectos vitais e empresariais en Galicia.**
- » **Apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos fóra das nosas fronteiras.**
- » **Fomentar acordos entre as televisións públicas de Galicia e de países da comunidade lusófona de nacións.**

4.3. Galeguidade

A Galicia contemporánea non pode comprenderse sen a súa diáspora histórica. Co paso do tempo este fenómeno require ser analizado dende novas perspectivas, en especial no que concirne á galeguidade como factor relevante na proxección exterior de Galicia.

A realidade da diáspora galega presenta unha complexa heteroxeneidade, produto dos diferentes tipos de migración do pasado e do presente. A relación coa poboación galega no exterior debe basearse na igualdade real e na equidade no tratamento, partindo da aplicación das políticas concretas, adaptando o nivel de relación ás diferentes necesidades e oportunidades. Débese concretar tanto en facilitar o acceso a un nivel de servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, como en garantir unha participación política de xeito libre e democrático, así como no acceso á nosa cultura e lingua. O Consello de Comunidades Galegas é o órgano representativo das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

As comunidades galegas manifestaron no seu XI Consello, celebrado na Habana, o seu posicionamento sobre as políticas referentes nos eidos da política social, da galeguidade, a cultura e a tecnoloxía. Ese posicionamento debe inspirar a Egaex.

Así, a Administración autonómica debe manter as axudas socioasistenciais aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social; debe velar pola protección do patrimonio da galeguidade e a súa debida difusión e coñecemento; seguir a fomentar os procesos de unión das sociedades galegas; potenciar a proxección exterior de Galicia a través das comunidades galegas; proceder á necesaria renovación xeracional nas entidades e á participación en igualdade da muller no eido da galeguidade, así como o fomento do retorno entre os nosos emigrantes, singularmente o de carácter emprendedor.

O vínculo da galeguidade pode servir para facilitar novos contactos e utilidades nos países de destino, tanto para os nosos emprendedores como para os nosos creadores culturais e actores universitarios.

Obxectivos:

- » **Plena equiparación dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior.**
- » **Desenvolver programas no ámbito socioasistencial para o conxunto dos galegos en situación de necesidade que residen fóra.**
- » **Fomentar actividades formativas cara á xuventude galega residente no exterior, que incidan no coñecemento da historia, lingua e cultura galega, e tamén na realidade social e económica da Galicia territorial.**
- » **Mellorar o intercambio de profesionais galegos, facilitar o encontro dos nosos empresarios para que sirvan de antenas a prol de detectar oportunidades de negocio.**
- » **Creación da Medalla da Galeguidade.**
- » **Elaborar, entre as institucións autonómicas e as comunidades galegas, un plan de actuación que protexa e permita coñecer, inventariar, conservar, poñer en valor, difundir e compartir o seu patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico.**
- » **Espallar e potenciar a lingua e a cultura galega fóra das fronteiras territoriais de Galicia, fomentando a aprendizaxe electrónica.**
- » **Executar campañas de concienciación entre o empresariado galego, tendentes a que interiori-**

cen que a nosa lingua é un valor rendible se se utiliza como unha ferramenta de internacionalización, ademais de ser unha vantaxe competitiva para interactuar nun mercado de máis de 200 millóns de potenciais clientes nos países lusófonos.

» **Habilitar un sistema de autenticación ou sinatura electrónica que permita ás galegas e aos galegos residentes no estranxeiro acceder á tramitación electrónica.**

4.4. Cooperación para o desenvolvemento

A cooperación para o desenvolvemento é unha política pública en si mesma e un dos instrumentos máis importantes da acción exterior. Expresa o desexo de solidariedade da sociedade galega e a súa aspiración a acadar un mundo máis xusto.

A Lei galega 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, ten como obxectivo regular as accións coas que a Comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes, aliviar e corrixir as situacións de pobreza e favorecer un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico. A planificación da política da axuda recollida na Lei 3/2003, desenvolveuse ata a actualidade a través de tres plans directores.

O III Plan director da cooperación galega 2014-2017 recolle os obxectivos e prioridades da Comunidade Autónoma de Galicia para este período:

- » Especialización.
- » Maior eficacia e impacto das actuacións de cooperación e maior eficiencia na xestión e na avaliación da cooperación.
- » Maior concentración das axudas, e coordinación e complementariedade das actuacións cos distintos doadores.
- » Busca de fontes alternativas de financiamento e promoción de alianzas público-privadas.
- » Consolidación da marca "Cooperación Galega".

Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) configurarán o núcleo da axenda global de des-

envolvemento para os próximos anos, ata 2030. Preténdese fortalecer os avances conseguidos, incluíndo aquelas dimensións ausentes nos obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM) e que resultan fundamentais para o desenvolvemento, como a coherencia de políticas, a gobernanza democrática, a participación cidadá, os dereitos humanos, a seguridade alimentaria, o traballo decente e o crecemento económico inclusivo.

A inserción da cooperación galega no sistema europeo e español de cooperación determina a necesidade de reforzar a coherencia da axenda do sistema galego coas axendas europea e española. Dentro desta nova axenda global, a cooperación descentralizada e a actuación dos gobernos subestatais están a adquirir un maior protagonismo.

Obxectivos:

- » **Contribuír a consolidar procesos democráticos e o Estado de dereito.**
- » **Axudar a reducir as desigualdades e a vulnerabilidade fronte á pobreza extrema e ás crises.**
- » **Promover oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión.**
- » **Fomentar sistemas de cohesión social, destacando os servizos sociais básicos, para atender o dereito humano á saúde.**
- » **Defender con decisión os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero.**
- » **A difusión do principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.**
- » **Mellorar a provisión de bens públicos globais e rexionais, como a sustentabilidade ambiental e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade.**
- » **Responder ás crises humanitarias con dilixencia e eficiencia.**

4.5. Acción exterior e proxeccións demográficas

Galicia ten cada vez menos poboación en idade fértil e menos poboación infantil e xuvenil. O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 marca como obxectivo

acadar a media europea de fecundidade durante as próximas décadas.

O Informe de execución da anualidade 2014 do programa operativo Feder 2007-2013, indica que Galicia presenta a terceira taxa de fecundidade máis baixa de Europa (NUTS II), tan só superada por outras dúas rexións españolas (as Illas Canarias e Asturias). Nos próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén que continúe diminuíndo a poboación, tanto en Galicia coma en España. De acordo con estas proxeccións, a poboación galega en 2029 sería de 2.539.735 persoas, poboación similar á dos anos 40 do século pasado. No período 2014-2029 continuarase intensificando o proceso de envellecemento que tamén se está a vivir en Europa. En 2029 a poboación maior de 44 anos suporá o 50,4% do total da UE-28; en España será do 55,8%, e en Galicia do 62,4%.

Obxectivos:

- » **Atraer máis poboación nova foránea cualificada, para manter a actividade que nutre os recursos precisos que sosteñen os servizos públicos fundamentais.**
- » **Reter talento e poboación nova.**

De non acadar estes obxectivos sufriríamos consecuencias moi perniciosas pola acelerada senescencia do noso pobo, o incremento dos gastos sanitarios e a contracción da demanda interna, con ausencia de investimento, e todo o que leva consigo ser unha das sociedades máis avellentada de Europa en particular, e de Occidente en termos xerais.

5. Ámbitos xeográficos e institucionais

5.1. Portugal

Para Galicia, Portugal non é o estranxeiro, nin outro país máis da Unión Europea, nin sequera un mero Estado lindante. Portugal, sen convivir con Galicia dentro da mesma estrutura política e nacional que integra o conxunto de España, forma parte da súa proxección natural, tanto polas fondas raíces do pasado que compartimos, como pola presente realidade dos intercambios e a cooperación.

O marco institucional de cooperación entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal constitúeo a Comuni-

dade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, creada en 1991 ao abeiro do Convenio marco sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais do Consello de Europa.

Na nosa actual Eurorrexión existe unha tradición histórica común moi consolidada, cunha cultura, xeografía e idioma moi similares, o que favorece o entendemento e a interrelación das poboacións de ambos os territorios, tanto polo seu peso socioeconómico e demográfico conxuntos, como pola súa afinidade cultural, o seu dinamismo mercantil e a súa mellor armazón xurídico-institucional. Isto debe axudarnos a manter unha posición de vangarda na senda da integración eurorrexional.

Ante a oportunidade que se presentaba co inicio do novo período de programación orzamentaria da UE, as autoridades luso-galaicas propuxéronse formular anticipadamente un xenuíno Plan de investimentos conxuntos (PIC) da Eurorrexión, no que se planifica e se fixan as preferencias mancomunadamente dende un principio e as súas actuacións no campo da cohesión territorial.

O PIC desenvolve os resultados da análise das fortalezas e debilidades, das ameazas e oportunidades para a nosa Eurorrexión, sinalando para cada un dos eixos unhas prioridades estratéxicas –entre unha e tres por eixo–, que son logo concretadas nun total de 39 obxectivos fundamentais para a Eurorrexión no período 2014-2020.

- » Eixo 1: necesidade de construír unha Eurorrexión innovadora, que aposte pola investigación e a transferencia de coñecemento.
- » Eixo 2: deseño dunha Eurorrexión competitiva, que aposte polo emprego.
- » Eixo 3: Eurorrexión cabeceira en calidade ambiental e do patrimonio.
- » Eixo 4: culminar unha Eurorrexión exemplar na capacitación institucional ao servizo da cidadanía.

Para afinar na implementación das orientacións da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal constituíuse o 22-IX-2008 a homónima Agrupación Europea de Cooperación Territorial: *Galicia-Norte de Portugal, AECT (GNP, AECT)*. A AECT posicionouse como un actor da cooperación transfronteiriza europea extraordinariamente activo, participando en numerosos proxectos e eventos, reforzando aínda máis a cooperación entre Galicia e o Norte de Por-

tugal, e incrementando a eficiencia na xestión de fondos para proxectos transfronteirizos.

Outra fórmula innovadora impulsada na nosa Eurorexión para mellorar a súa integración e cohesión é a que concirne á constitución de eurocidades.

Obxectivos:

- » Apoio aos clústers empresariais conxuntos.
- » Celebración dos 'job days'.
- » Consolidación do programa Iacobus.
- » Reforzar o programa "Iacobus formación profesional (Iacobus-FP)".
- » Mellorar o sistema ferroviario que comunica Vigo con Porto.
- » Proxecto RAIA: desenvolvemento dun observatorio oceánico.
- » Creación de centros transfronteirizos de ocio e de formación conxunta para persoas con discapacidade.
- » Programa de restauración de aldeas para a re-inserción social de menores.
- » Proxecto ARIEM 112, para o establecemento dun mecanismo de cooperación entre os servizos de xestión e mobilización de recursos ante emerxencias nas zonas implicadas.
- » Propoñer o Camiño Xacobeo portugués como candidato a Patrimonio da Humanidade.
- » Consolidar e ampliar as responsabilidades da nosa AECT.
- » Estudo da posible creación dunha Delegación da Xunta de Galicia en Lisboa, e de funcionarios autonómicos na Embaixada española.

Grazas aos Fondos da UE, a Eurorexión conseguiu importantes avances en diferentes ámbitos, como foi a creación do Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL), a rede viaria de conexión entre Galicia e o Norte de Portugal, ou a creación do Centro de Desenvolvemento, Cooperación e Servizos Empresariais Transfronteirizos (CECO-TRAN). Asemade o Eures transfronteirizo, para dar resposta ás necesidades de información relacio-

nadas coa mobilidade de traballadores e empresarios, casando oferta e demanda co propósito de ir consolidando un verdadeiro mercado laboral integrado.

A nosa Eurorexión debe aspirar a converterse na clave de bóveda para conseguir unha integración luso-española máis vangardista que a que require a mera integración europea.

Galicia debe asumir un cualificado rol en España de avogada de Portugal e da máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía. Ademais ha xogar un papel catalizador e proactivo a prol da máis estreita unidade posible entre as dúas vellas nacións ibéricas, de xeito que os mecanismos dunha nova gobernanza e unha renovada solidariedade nos fagan máis resilientes ante futuras crises e choques asimétricos, sexan de natureza económica ou de calquera outra índole.

5.2. Unión Europea e Estados da UE: prepararse para un escenario post 2020

A España de hoxe e as comunidades autónomas que a integran non poden entenderse sen Europa. Porén, agora o soño europeísta afronta serios retos por mor de diversos populismos e extremismos, que tiveron o seu meirande impacto negativo no abandono da UE por Gran Bretaña.

A existencia de competencias exclusivas de primeiro grao no Estatuto de autonomía de Galicia facía imprescindible a participación galega no *iter* procedemental europeo, dun xeito que nos permitise defender as nosas posicións e intereses de forma máis efectiva.

No ano 1988 a necesidade de participar nos asuntos europeos motivou o nacemento da Fundación Galicia Europa, con oficina en Bruxelas.

Logo, o sistema español de participación das comunidades autónomas nos asuntos europeos foise desenvolvendo en dous niveis. Un interno, dentro dos órganos estatais, e outro externo, mediante a presenza directa das CC. AA. nos órganos ou institucións da Unión.

Na actualidade Galicia debe trazar unha estratexia para a súa acción en Europa. Case dúas terceiras partes da normativa de relevancia socioeconómica que aplicamos hoxe procede de fontes de dereito da Unión.

A crise que azoutou a Europa cambiou diversos paradigmas e escenarios, pero sobre todo incidirá moi notablemente o Brexit, xa que o Reino Unido ten sido contribuínte neto aos orzamentos da UE, que de xeito inminente haberá que reformular, sobre todo para atender a política de cohesión.

O futuro dos fondos europeos non está indefectiblemente predeterminado. Por iso debemos ser proactivos para poder acceder no futuro post 2020 ao novo financiamento suplementario, e atender severas desvantaxes estruturais que debemos encarar, como son as que atinxen aos factores demográficos que padecemos.

Será necesario convencer as institucións e órganos da UE para que teñan en conta outros indicadores válidos co propósito de obter financiamento para desenvolver políticas públicas de interese europeo, e non só considerar o PIB per cápita. Eses novos indicadores deberan estimar, por exemplo, a superación da baixa fecundidade, favorecer a masiva incorporación da muller ao mundo do traballo, atender ao envellecemento da poboación ou diminuír os custos da dispersión xeográfica, entre outros.

A busca de alianzas con outros Estados da UE igualmente afectados e sensibilizados, poderían inclinar a balanza para que a Unión abraza unha liña orzamentaria e de traballo, co obxecto de financiar proxectos que permitan estabilizar e reverter a erosión demográfica que padecemos, en especial nas cohortes máis novas a causa da persistente depresión da fecundidade.

Obxectivos:

- » Idear unha política en liña co *Plan estratéxico de Galicia 2015-2020*, que nos permita acceder no futuro post 2020 aos fondos europeos.
- » Contribuír a crear o clima propicio para que na seguinte reforma dos tratados as rexións con capacidade legislativa da UE teñan o debido recoñecemento institucional.
- » Abordar as consecuencias do proceso de envellecemento da poboación galega. Propoñer á UE novas fórmulas de reactivación demográfica vinculadas a novas oportunidades económicas.
- » Reforzar e impulsar a participación galega nos órganos internos españois de coordinación europea.

» Propiciar unha maior implicación de axentes públicos e actores privados no seguimento das políticas europeas, dende a súa xénese inicial ata a súa implementación.

» Posicionarnos como *hub* (punto de converxencia) de entrada de enerxía en Europa.

5.3. Europa extra UE

Os recursos e enerxías que Galicia pode destinar á acción exterior son limitados, xa non só pola situación económica que vimos atravesando e que comezamos a superar recentemente, senón tamén pola nosa propia escala.

Na nosa estratexia merecen un especial tratamento os casos de Suíza e Noruega, pola súa relevancia para os nosos concidadáns asentados nestes Estados.

Suíza debe renegociar o conxunto das súas relacións coa UE tras o apoio en referendo á imposición de cotas de entrada a cidadáns da Unión, dentro dunha corrente antiinmigratoria que dende Galicia debemos combater buscando aliados rexionais que demanden unha posición máis contundente entre os negociadores europeos perante os helvéticos. Debemos estar pois especialmente vixiantes para que na hipótese de que, *de facto*, os galegos sexan considerados en Suíza como cidadáns de terceiros Estados, Suíza se enfrente a severas medidas de retorsión por parte da UE que a disuadan de dar tales pasos.

Polo que respecta a Noruega, debemos posicionarnos xunto con aqueles operadores que defenden que as vantaxes que Noruega obtén pola súa perenza ao Espazo Económico Europeo e a súa adscrición ao paraugas defensivo da OTAN merecen ofertar unha mellor compensación niveladora dende Noruega. A UE debe esixir unha solución global á discriminación histórica das autoridades norueguesas contra traballadores europeos sen cobertura social tras traballar para empregadores noruegueses, e dende Galicia debemos premer coordinadamente con outras autoridades públicas á Comisión Europea para que esta manteña a máis firme defensa dos cidadáns europeos afectados, mesmo advertindo das consecuencias lesivas que para Noruega podería ter un arranxo insatisfactorio.

Obxectivos:

- » Manter o *statu quo* da nosa colectividade nos diversos cantóns suízos.

» **Esixir unha solución global para os traballadores europeos sen cobertura social tras traballar para empregadores noruegueses.**

5.4. Latinoamérica: Hispanoamérica e Brasil

O potencial de crecemento desta rexión, a pesar das graves carencias estruturais que acumula e dos recentes signos de desaceleración ou recesión económica, convértea nunha aposta relativamente segura a medio e longo prazo, permitindo a capitalización das nosas actuacións alí e o aproveitamento das nosas vantaxes competitivas en diversos ámbitos, dende o da empresa ata o da universidade e o I+D+i.

Obxectivos:

- » **Promover o investimento nas repúblicas da rexión con maior seguridade xurídica.**
- » **Planificar posibles actuacións de continxencia a prol dos galegos residentes en Venezuela.**
- » **Acompañamento ao proceso de apertura e desenvolvemento cubano.**
- » **Maior presenza en México como plataforma de acceso a Norteamérica (Nuevo León).**

5.5. Norteamérica

A enorme dimensión territorial e socioeconómica de Estados Unidos, e en certa medida tamén de Canadá, así como a escala dos nosos parámetros en relación cos seus, impoñen que debamos ser moi selectivos en canto á área de intervención exterior, para gozar de certas probabilidades de éxito.

Obxectivos:

- » **Concentrar as actuacións galegas en Florida, Texas, Massachusetts, Ontario e Quebec.**

5.6. Norte de África e bacía sur do Mediterráneo

Nesta rexión, os intereses galegos concéntranse en torno a Marrocos, o Sahara Occidental e Mauritania, fundamentalmente polo que atinxe á cooperación pesqueira e á cooperación para o desenvolvemento.

Obxectivos:

» **Mantemento da cooperación pesqueira e de solidariedade, aliñados cos intereses xeoes-tratéxicos do conxunto de España e da Unión Europea.**

5.7. África subsahariana: África lusófona e Guinea Ecuatorial

Nesta rexión os intereses galegos tamén están fundamentalmente concentrados no ámbito pesqueiro e de cooperación para o desenvolvemento. Non obstante, o especial papel que debe xogar Galicia como ponte co resto de España, debemos comezar a intensificar a cooperación con Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique e São Tomé e Príncipe.

Merece unha mención especial a prolífica cooperación con Cabo Verde que se traduce na participación de actores empresariais galegos nos campos da transformación e comercialización dos produtos do mar, en materia naval e no desenvolvemento turístico, sendo ademais moi relevante a actuación en materia de cooperación institucional coa Xunta de Galicia e co do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Obxectivos:

- » **Abrir novos mercados aos nosos bens e servizos en Angola e Mozambique.**
- » **Ofrecer a nacionais destes países cursar estudos universitarios en Galicia.**

5.8. Oriente Medio, Asia-Pacífico e outras áreas xeográficas

As consubstanciais restricións de escala de Galicia ante a súa acción exterior nestas vastas e superpoadas rexións do planeta obríganos a ser singularmente selectivos, máxime considerando a tamén ampla extensión das restantes rexións nas que xa temos evidentes intereses, ademais de afinidades e atinadas opcións de obtención de resultados, segundo os criterios máis ortodoxos de eficiencia.

Sendo un pequeno país, Israel demostrou que se poden obter grandes resultados mediante a especialización, a excelencia e a eficiencia no investimento do capital en I+D+i, por iso cómpre telo máis en conta.

Por outra banda, o achegamento a Israel presenta grandes oportunidades para pechar o ciclo do turismo cultural e relixioso, que pode interesar a mercados extra-europeos, como o norteamericano ou o brasileiro. Do mesmo xeito, a extensión destas prácticas orientadas aos resultados pode permitirnos ampliar a colaboración turística a Palestina, e contribuír a incentivar o desenvolvemento endógeno desta actividade económica entre os palestinos, fuxindo da simple axuda humanitaria.

En canto á rexión Asia-Pacífico, polas súas dimensións xeográficas, demográficas e económicas, así como pola escasa relación previa con actores e axentes galegos -agás no caso de Filipinas-, imponse igualmente a concentración de iniciativas.

Obxectivos:

- » **Abrir unha vía de cooperación institucionalizada e estable con universidades e centros de investigación israelís.**
- » **Estimular as prospeccións que realicen axentes como o Igape, ou actores civís como o Igadi nesta zona.**
- » **Concentración de cooperación en Corea do Sur e o Xapón.**

6. Intersección de prioridades sectoriais e xeográficas: prevalenza e concentración

A Egaex contén un cadro anexo de priorización de áreas xeográficas e sectoriais no que pode comprobarse como o determinante é o total de impactos formados pola converxencia entre unha área sectorial determinada e un país obxectivo ou unidade xeográfica concreta. A máis impactos, maior será o grao de primacía no que atinxe a planificar a debida concentración de esforzos. Esforzos aos que deben contribuír todos os departamentos, administracións públicas galegas, actores e axentes implicados dunha maneira máis estreitamente coordinada.

Obxectivos:

- » **A coordinación da acción exterior galega e a súa proxección exterior como un todo harmónico.**

7. Revisión e avaliación da Egaex

A revisión da Egaex está presidida por un principio de flexibilidade. Non existe un imperativo normativo que determine un rixido prazo límite de aplicación. Porén, isto non obsta que resulte necesario marcarse un prazo de implementación. Ademais, neste momento, hai un factor principal e outro subsidiario que aconsellan fixar un prazo certo de referencia. O factor principal é a culminación da folla de ruta por excelencia aprobada pola UE, coñecida como *Estratexia 2020*. O subsidiario é a aprobación do Plan estratéxico de Galicia, entroncado con aquela, que tamén ten o seu horizonte no exercicio 2020. Por iso é aconsellable que a Egaex deba poñerse como límite temporal indicativo o 31 de decembro de 2020.

Obxectivos:

- » **Avaliación anual da Estratexia galega de acción exterior.**
- » **Comparecencia do Goberno galego no Parlamento unha vez por ano para informar e explicar o seu grao de cumprimento.**



0. Introducción

1. Galicia, instituída como Comunidade Autónoma grazas á Constitución española de 1978, sobre a que se asenta o seu Estatuto de autonomía de 1981, é unha **nacionalidade histórica** que goza dunha proxección internacional cualificada, sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España. Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma, un dereito civil e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.
2. Dende a nosa adhesión ás Comunidades Europeas, Galicia persegue ademais como **obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida**. Somos e queremos seguir sendo unha comunidade aberta, cuns valores occidentais e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeneralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.
3. En tempos de incerteza europea, importunado o proxecto de unificación por unha enchente de populismos de toda caste, Galicia semella seguir apostando como sociedade por unha Unión integrada. O pobo galego, epítome dun nacente demos europeo por mor do seu elo coas grandes culturas ibéricas, proxectadas en América e África, e mesmo en certas áreas de Asia-Pacífico –caso de Timor-Leste ou Filipinas–, sabe que a Unión é o antídoto contra as causas das maiores desgrazas europeas. **Galicia reivindica o Proxecto Europeo** como modelo de integración social, económica, xurídica e democrática, que salvagardando as identidades propias de cada territorio, de cada comunidade, de cada rexión, busca de forma decidida recuperar e impulsar un modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, contraria aos modelos de sociedade individualista, especulativa e xenófoba baseada na máxima desregulación, a falta de intervención pública e nun exacerbado liberalismo dos mercados. Europa precisa reconstruír un modelo social tronzado pola Gran Recesión; Galicia, en Europa, aposta por restaurar un novo contrato social, onde o desenvolvemento económico teña como eixo principal unha sociedade plural e sen as desigualdades actuais.
4. **Este obxectivo-país non implica en absoluto renunciar ás nosas raíces**. Antes ao contrario, a esencia do modelo europeo radica na defensa da diversidade, fronte a outros tempos pasados, fundamentados na perversa dinámica da uniformidade imposta. Galicia goza dunha personalidade colectiva ben definida que debemos cultivar, defender e promover. Primeiro, por lealdade cara aos nosos devanceiros e por respecto ao legado que nos transmitiron. Pero, ademais, porque esta personalidade colectiva que nos caracteriza, moldea e identifica, leva consigo un valor intrínseco que debemos aproveitar en beneficio da nosa mocidade e das futuras xeracións de galegos. **E é que somos o elo natural por antonomasia entre as grandes e puxantes cultura lusa e hispánica**, que ten o seu particular potencial tanto na maior cohesión entre a propia España e Portugal, como entre o Brasil e as restantes nacións iberoamericanas, sen esquecer a porta cara ás

nacións da comunidade lusófona, chamadas a incrementar o seu rol fronte a outras rexións do planeta. **Dentro de España e de Europa só Galicia dispón desta vantaxe competitiva.**

5. A acción exterior ten moitas caras e non é doado integrar toda a súa diversidade. Pero se hai algo claro para entidades como as comunidades autónomas, é que deben procurar un valor de natureza transversal que unifique toda a presenza exterior. No caso de Galicia, ese valor non pode ser nin a diplomacia nin mesmo a economía, senón a **cultura**, pois dela dependen algúns dos símbolos que máis claramente identifican a imaxe de Galicia desde o exterior: o Camiño de Santiago, o feito xacobeo, a riqueza patrimonial e paisaxística e, naturalmente, a condición de ser un país de emigración. No contexto da paradiplomacia ou diplomacia "branda" que agora é tan empregada polos novos actores da acción exterior, este recurso á cultura debe ser considerado como unha amalgama vertebradora dela.
6. A devandita vantaxe competitiva debe ser nutrida e capitalizada de modo ordenado e sistemático, non aproveitando simples golpes de azar ou improvisando en función da conxuntura do momento. **Dentro de España temos que conseguir que o resto da Nación española vexa a Portugal como outra nación irmá**, digna do maior afecto e merecedora de toda prevalencia na área da cooperación institucional, política, cultural e socioeconómica, sempre en pé de igualdade e co propósito de ir decote un paso por diante do proceso de integración impulsado pola Unión Europea¹.
7. Galicia é pequena en termos xeográficos e demográficos, pero non ten por que selo en igual medida en canto á súa proxección. A nosa natureza de ponte entre o español e o portugués, unida á diseminación da nosa diáspora en diversos países con gran probabilidade de crecemento, lexítiman e fundamentan unha sa ambición de liderado e protagonismo, que debe ser posta ao servizo do desenvolvemento da economía e a sociedade galegas, así

como do resto de España. **Deste xeito, tamén é posible que a acción exterior de Galicia se poña ao dispor da permanente mellora dos nosos servizos públicos e das atencións que merecen os nosos cidadáns**, porque a economía galega ten máis probabilidades de medrar cara fóra que pechada no seu.

8. **A acción exterior debe estar sempre ao servizo dun proxecto de país para dotarse en si mesma da debida coherencia.** Se non fose desta maneira, se cadra podería configurar un inventario de propósitos ou un elenco de actividades relativamente conexas, pero nunca sería unha auténtica estratexia, é dicir, a aliñación duns recursos e uns procesos de traballo ao servizo dun grande obxectivo ou dun conxunto sistémico de obxectivos congruentes entre si, dotada ademais dunha fundamental lóxica interna.
9. **Os recursos que Galicia pode fornecer á implementación dunha estratexia exterior son limitados**, dados os compromisos coetáneos que na orde social deben ser atendidos con urxencia pola Comunidade Autónoma. As restricións consubstanciais a toda política pública veñen aquí, pola súa vez, condicionadas pola presión na atención a outros problemas sociais máis agudos e perentorios, derivados da severa crise económica que padecemos e que só agora comezamos a superar. Esta percepción resulta natural e non cabe crítica, posto que a perspectiva do longo prazo, tan excepcional no deseño de políticas públicas democráticas como indispensable no ámbito internacional, impón que os resultados non se perciban ata transcorrido demasiado tempo dende o seu deseño e implantación.
10. Por outro lado, se na xeneralidade das políticas públicas conflúen moitos factores non controlables e mesmo imprevisibles para o promotor dunha determinada estratexia, **no campo da acción exterior as devanditas continxencias e imponderables son aínda máis habituais.** Porén, isto non obsta que resulte fundamental marcar unha meta, aínda que haxa que ir modificando o rumbo para acadala segundo se vaian sucedendo os acontecementos, cada vez con maior volatilidade e incerteza, como corresponde a un mundo plenamente globalizado no económico e interconectado no cultural. Avatares como o referendo británico que forza a saída do Reino Unido da Unión Europea

e a reconfiguración das institucións políticas públicas da Unión son un nido exemplo que hai que considerar.

11. As opcións programáticas dunha Estratexia de acción exterior como esta poden ser múltiples. Non obstante, ademais das restricións de medios que a condicionan **debe considerarse o novo marco xurídico, inaugurado pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción exterior e do servizo exterior do Estado, así como, en menor medida, pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais**, que con todo oferta moitas máis posibilidades de intervención no exterior das que se imaxinarían se non se estudase en profundidade.
12. Noutra orde de cousas, a **Estratexia española de acción exterior deberá tomarse en consideración**, tanto polos mandatos xurídicos de orde constitucional e ordinaria como, tamén, por un criterio de eficiencia. A propia proxección exterior de España é exígua en diversas áreas do planeta –caso da India, China, o afastado Oriente, a beira asiática do Pacífico,...– onde, por certo, se están experimentando enormes e velozs transformacións xeopolíticas e económicas. De aí que sería absurdo, pretencioso e contraproducente que Galicia aspirase a definir un programa propio de actuacións, alleo ao deseñado polo Goberno español, pola súa vez debedor en moitas áreas temáticas de iniciativas impulsadas e coordinadas dende a Unión Europea coa Asociación de Nacións do Sueste Asiático (*Asean*), con Asia (*Asia-Europe Meeting, Asem*), coa bacía sur do Mediterráneo (*Proceso de Barcelona* ou *Euro-Mediterranean Partnership, Euromed*), e con outras rexións, como as iniciativas que concirnen ao continente africano, onde España contribúe a formar a vontade europea no seo das propias institucións da Unión.
13. **A relación entre as estratexias española e galega de acción exterior vén perfilada no artigo 11 da Lei 2/2014**, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, determinando que as actividades das comunidades autónomas se adecuarán aos instrumentos de planificación da Acción Exterior, elaborados e aprobados de conformidade co disposto nesta lei e establecidos polo Estado, mentres que as entidades que integran a Administración local estarán suxeitas aos instrumentos de planifi-

cación da acción exterior que determinen as súas respectivas comunidades autónomas. En consecuencia, **debe existir un perfecto engaste entre os diversos documentos**, presidido polos principios de competencia, especialización e complementariedade.

14. Por conseguinte, **Galicia pode e debe dotarse neste momento histórico dunha Estratexia de acción exterior (Egaex)** que lle permita medrar no económico, compensar no demográfico e proxectarse no cultural para axudar deste xeito a reafirmarnos como pobo con identidade propia, a garantir que o noso modelo social sexa sustentábel e a permitírnos acadar unha correcta adaptación ao novo eido internacional no que temos que desenvolvernos, como sociedade aberta e europea que somos.

Fundamentación económica da Egaex

15. **A Egaex porase ao servizo do instrumento estratéxico alicerce da nosa Comunidade Autónoma cara ao futuro, definido polo Plan estratéxico Galicia 2015-2020**, que aspira a gañar polo menos oito puntos adicionais de converxencia respecto do conxunto da Unión Europea. Este obxectivo macroeconómico requirirá manter unha taxa anual de crecemento superior ao 2,5% anual e reducir a taxa de desemprego por debaixo do 10%. Estes fitos capitais de carácter macroeconómico non poderían porén acadarse sen unha máis decidida internacionalización, que non só ten que centrarse en aspectos como o incremento das exportacións e expedicións de bens e servizos, senón tamén nunha maior apertura da sociedade galega nos ámbitos políticos, sociais e culturais. Co abandono inminente do Reino Unido da UE, a nosa acción exterior terá que comenzar a buscar alternativas estratéxicas para acadar ese obxectivo macroeconómico.
16. **A globalización chegou para ficar. É máis, temos que comezar a vela como unha oportunidade a todos os niveis e ordes antes que como unha ameaza.** A alternativa illacionista ou fundamentalmente autárquica non é verosímil, nin real, nin plausible. Certo é que os sectores máis damnificados pola obsolescencia ou por uns diferenciais negativos de custos terán que adaptarse aos cambios e transformacións con maior

1. «E nós decimos unha vez máis que Hespaña e Portugal sóo poden salvarse contando con Galiza, porque alí reside a clave da reconciliación e da concordia, da paz e da grandeza, en fin, do sentido común hispano». (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Sempre en Galiza, Libro Terceiro, capítulo XXIV)

entusiasmo. En calquera caso, a estratexia non pode pasar por pecharse, senón por buscar novos horizontes e competir en campo aberto.

17. Neste contexto mundial, **Europa é o noso mercado doméstico**. Éo sen dúbida dende a vertente xurídica, grazas aos avances na súa integración e á mellora das normas e procedementos que implementan o mercado interior da UE, aínda que estes sexan mellorables. Pero tamén o é a causa da substancial concentración de intercambios intra-UE no total do que tradicionalmente se veu considerando como "comercio exterior". Dende un enfoque xurídico-económico, unha expedición intracomunitaria de bens é unha modalidade moi singular de exportación, de igual maneira que o é unha introdución intra-UE respecto da importación. Vender produtos ou ofrecer servizos profesionais galegos en Roma, París ou Berlín debera ser xa tan natural dende un enfoque de tratamento mercantil como facelo en Madrid, Barcelona ou Valencia, aínda que non o sexa en puridade dentro doutras ordes mentres non se conclúan todos os detalles da harmonización administrativa e tributaria na UE. Pero dende logo, non é equivalente o procedemento esixible para vender os mesmos produtos ou ofrecer análogos servizos en Nova York, Tokio ou Xohanesburgo que o previsto para facelo en Estocolmo, Atenas ou Lisboa.
18. Aínda máis, a melloría normativa experimentada na UE a raíz do despregamento da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, debe permitir que se incremente en maior medida na economía galega o peso do comercio intra-UE ou, por mellor dicir, dentro do Espazo Económico Europeo (EEE). **A prestación transfronteiriza de servizos dentro do territorio europeo está chamada a medrar e nela gozamos dun enorme potencial**, que sen dúbida debemos comezar a explotar con entusiasmo, debido á capacitación de moitos dos nosos profesionais –por ex. no desolado sector da construción– e á súa competitividade en canto á calidade e aos custos.
19. Non obstante, como demostrou a crise que arrancou nos Estados Unidos, contaxiada a Europa, **a extrema e persistente dependencia do mercado interior implica unha concentración de riscos demasiado elevada para nós** e que,

ademais, nos fai máis vulnerables ante adicionais ou complementarios choques asimétricos, ben independentes, ben como réplicas da crise orixinaria, que agregados teñen unha exacerbada incidencia negativa sobre os niveis de desemprego.

20. En consecuencia, o máis sensato para coadjuvar a superar definitivamente os efectos da crise que comezamos a deixar atrás e, sobre todo, para mellorar a nosa resiliencia como país ante hipotéticas crises futuras, é **diversificar a nosa bolsa de mercados alternativos**, cuxo potencial de crecemento está acreditado a pesar dos seus propios circuitos cíclicos e que, ademais, non é de ningunha maneira incompatible coa defensa e acrecentamento das nosas vendas absolutas no xa maduro mercado interior europeo.
21. Por se isto non abundase, **resultará indispensable recorrer paulatinamente e en maior medida aos mercados exteriores** para, polo menos, compensar a regresión que puidese experimentar o mercado doméstico galego, e mesmo español, se os vaticinios de erosión demográfica e de envellecemento poboacional se van consumando. Un derrubamento da poboación en idade laboral e un coetáneo incremento da poboación anciá ten efectos innegables sobre as taxas de aforro, consumo e investimento, afectando de forma estrutural a compoñentes significativos da economía galega tal como a viñemos coñecendo nas últimas décadas, caso por exemplo da promoción inmobiliaria, como actividade impulsora dunha parte substancial do emprego. Unha caída de poboación nova condiciona a demanda residencial e, pola súa vez, tamén a valoración dos activos inmobiliarios xa existentes –premedo á baixa os seus prezos–, entre outros efectos. Por iso, **buscar oportunidades de desenvolvemento fóra das nosas fronteiras non é xa unha alternativa, senón unha necesidade ineludible**.
22. Sen o mesmo nivel de potencia dese motor doméstico, estruturalmente agarrotado polas contractivas perspectivas demográficas a medio e longo prazo, é evidente que **convén dotarse canto antes doutro motor complementario ou alternativo, que necesariamente estará situado no exterior**. Sen el, a economía galega padecería restricións de demanda que incidirían negativamente no mercado de traballo. Cultivar os mercados extra-europeos é así,

ademais dunha necesidade, un seguro perante a incerteza asociada a futuras crises ou, mesmo, a novos choques asimétricos, que poden ser especialmente lesivos mentres a UE non se dote de estabilizadores automáticos e convenientemente dotados financeiramente polo orzamento da propia Unión, hipótese esta que por desgraza aínda tardará en materializarse.

23. Polas razóns expostas, ao noso xuízo **Galicia debe asumir un papel preponderante no Consello Interterritorial de Internacionalización** por medio do seu traballo nos *Comités de Promoción Exterior e de Atracción de Inversións*. A *"Estratexia española de Acción Exterior"* mantén a este respecto unha actitude moi positiva, por canto reconece a necesidade de primar a coordinación entre a Administración xeral do Estado e as administracións autonómicas, postergando a xerarquía e supremacía de antano daquela sobre estas. Explicitamente indica ao respecto a *"Estratexia española"*: «Esta acción mejorará al avanzar en la cooperación de la Administración y las Comunidades Autónomas que busque aprovechar mejor las oportunidades de internacionalización de la economía española en el segmento de las pequeñas y medianas empresas, explotando al máximo las ventajas competitivas que cada Comunidad Autónoma puede aportar en los diferentes sectores productivos»².
24. **Deste xeito, Galicia debe implicarse ao máximo en difundir e implementar a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, así como aliñar a súa propia actuación económico-internacional co "Plan estratéxico de internacionalización da economía española"**. Neste plan, o Ministerio de Economía e Competitividad acredita a boa posición de partida de Galicia e, sobre todo, o seu potencial exterior, ao resaltar o seguinte: «Seis comunidades autónomas, Cataluña, Comunidad de Madrid, Andalucía, Comunidad Valenciana, País Vasco y Galicia, por este orden, son responsables de las tres cuartas partes de las ventas de productos en el exterior. Pero no todas estas comunidades lideran el ranking de las comunidades

con mayor propensión a exportar (exportaciones de manufacturas en porcentaje de la producción de la industria manufacturera). Según los datos de 2012, Madrid, Cataluña, Illes Balears, Galicia, Navarra y País Vasco presentarían una propensión exportadora por encima de la media nacional (55%)»³.

25. Os seis eixos con 41 medidas do *"Plan estratéxico de internacionalización da economía española"* permiten que Galicia defina o seu propio itinerario na materia, cara á consecución dos obxectivos marcados, tendentes a mellorar a participación do sector exterior na nosa economía e mercado de traballo, así como minimizar a concentración de riscos xeográficos por medio dunha máis equilibrada diversificación rexional. Por iso, a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Economía, Emprego e Industria, **dotouse da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020**, que aspira a alcanzar as 8.000 empresas exportadoras e incrementar en polo menos un 25% o investimento estranxeiro en Galicia para ese ano. Por esta vía, debe igualmente incrementarse a porcentaxe das exportacións sobre o PIB galego ata obter o 40%, como se verá cando se expoña con maior detalle este punto.
26. A acción exterior de Galicia debe pois considerar na súa plasmación a **congruencia e compatibilidade coas directrices da internacionalización empresarial galega**, contribuíndo na súa definición e execución á promoción da cultura exterior do empresariado galego; a apoiar a presenza das nosas pemes nos mercados foráneos –significativamente nas áreas da agro-industria, mar-industria, naval, automoción, pedra natural, enerxías, téxtil, TIC, biotecnoloxía, enxeñaría, madeira, audiovisual e loxística integrada–; a cooperar na atracción de novos investidores estranxeiros; a consolidar e expandir a imaxe de Galicia no exterior e, por último, a vigorizar a unidade de acción dos actores e axentes económicos en todo canto atinxe á promoción comercial externa.

2. *Estrategia española de Acción Exterior*, páx. 87. MAEC. Febreiro 2015. Acción 6.8 (Acción exterior en materia económica, comercial, financeira y de apoyo a la internacionalización de la economía española)

3. *Plan Estratégico de Internacionalización de la Economía Española 2014-2015*, páx. 25.

Fundamentación política e institucional da Egaex

27. O Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se creou a **Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior** no seo da Xunta de Galicia, supuxo un punto de inflexión determinante para que a nosa comunidade autónoma iniciase unha senda de xenuína proxección exterior das competencias e intereses galegos. Os precedentes non foron doados, pero sen dúbida contribuíron a xerar esta decisión política de primeiro nivel.
28. Durante a presidencia de Xerardo Fernández Albor, Galicia comezou a realizar unha **acción exterior verdadeiramente autónoma**, máis aló da atención á nosa diáspora, que debe enmarcarse no capítulo da acción social e cultural, pois sempre asumimos que tan galegos son os nosos cidadáns residentes fóra do territorio galego, como o son os residentes en calquera das nosas catro provincias. Con todo, a acción exterior desenvolvida durante a devandita presidencia tivo o seu eixo principal na preparación de Galicia para garantir o éxito da nosa incorporación ás Comunidades Europeas. Mostra desa iniciativa, por paradoxal que resulte ao cabo, foi a Sentenza 137/1989, do 20 de xullo de 1989, do Tribunal Constitucional, respecto dun comunicado de colaboración suscrito pola Xunta de Galicia e o Goberno danés para mellorar o tratamento das augas galegas e irnos adaptando ás directivas ambientais europeas na materia, tan relevantes para a nosa actividade pesqueira e marisqueira. A dita sentenza afondou na interpretación restritiva adiantada pola Sentenza 154/1985, do 12 de novembro, que declarou a inconstitucionalidade de parte do Decreto 120/1982, polo que se creaba o Instituto Galego de Bacharelato a Distancia. En suma, o presidente Albor houbo intervir nun eido novo e nun ambiente moi adverso, para ir asentando a idea de que Galicia debía proxectarse no exterior a fin de garantir o benestar da nosa poboación.
29. Convén subliñar que o primeiro incidente significativo da Xunta de Galicia no ámbito da acción exterior tivo o seu detonante no denominado "Comunicado de colaboración", suscrito o 2 de novembro de 1984 entre o conselleiro de Ordenación do Territorio e Me-

dio Ambiente da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral do Medio Ambiente do Goberno do Reino de Dinamarca, polo cal o Goberno galego aspiraba a compartir experiencias coas autoridades ambientais danesas, centradas na redución da contaminación mediante un mellor tratamento das verteduras de augas residuais, materia que pronto sería ineludible á luz do elenco de directivas sobre este asunto da entón Comunidade Económica Europea, que pasaron a integrarse no noso ordenamento a causa da Adhesión do Reino de España ás Comunidades Europeas. A decisión do Tribunal Constitucional, na súa antedita Sentenza 137/1989, non puido ser máis contundente: «*Declarar la nulidad del Acuerdo de colaboración cuya existencia refleja el Comunicado suscrito el 2 de noviembre de 1984, en nombre de la Consejería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas de la Junta de Galicia y de la Dirección del Medio Ambiente del Gobierno de Dinamarca*». Foi un mal inicio sen dúbida para o camiño por diante.

30. Non obstante, o voto particular dun dos maxistrados do Tribunal Constitucional, ao que se adheriron outros tres, non puido pola súa vez resultar máis premonitorio, ao afirmar: «*La Sentencia aprobada por la mayoría se apoya en un concepto, a mi juicio tan rígido y expansivo, del título competencial del art. 149.1.3 de la Constitución, que conduce a negar a las comunidades autónomas toda posibilidad constitucional de realizar aquella clase de actividades y contactos que, aun teniendo dimensión internacional, no originan obligaciones inmediatas y actuales, ni suponen ejercicio de la soberanía, no inciden en la política exterior del Estado y no generan responsabilidad de éste frente a otros Estados, y ello equivale a decidir al margen de la actual realidad de internacionalización, cada vez más intensa, de las relaciones de fomento y colaboración entre organismos públicos, del más diverso género de distintos Estados, especialmente entre los que pertenecen al espacio comunitario europeo, en orden a lograr el desarrollo económico, social y cultural de las Regiones. (...) Esta concepción globalizante de las "relaciones internacionales", como materia sometida a la exclusiva competencia del Estado, impide que las comunidades autónomas, en el ejercicio de sus competencias propias, se vean imposibilitadas de propiciar la colaboración de empresas y organismos públicos que, por su alta especialización en una determinada materia, pueda resultar imprescindible para abordar*

y resolver, de manera satisfactoria, problemas específicos, a veces de extraordinaria repercusión económica, que de otra forma quedarán insolubles, dado que el Estado, aunque sea su voluntad política, encontrará graves obstáculos de orden jurídico, y de eficacia en la gestión, para resolverlos en aquellos supuestos en que la acción promocional recaiga sobre materias atribuidas a la competencia autonómica».

31. A constitución en 1988 da **Fundación Galicia Europa**, baixo o impulso do presidente Fernando González Laxe, demostrouse ao cabo unha decisión non só indispensable e acertada, senón tamén plenamente constitucional, segundo deriva da interpretación da Sentenza 165/1994, do mesmo Alto Tribunal, do 26 de maio de 1994. A este respecto, o seu fundamento xurídico número 3 resulta concluínte e definitivo: «*3. La resolución del presente conflicto de competencias exige primeramente realizar algunas consideraciones previas sobre la posibilidad de que las Comunidades Autónomas lleven a cabo actuaciones que se proyecten fuera del territorio de España, y más concretamente, que supongan algún tipo de conexión o relación con las instituciones de las Comunidades Europeas. Para determinar si tal posibilidad existe, y cuáles son sus límites, es necesario partir de que la estructura del Estado autonómico, o "Estado de las Autonomías", tal como resulta de la Constitución, de los Estatutos de Autonomía, y de aquellas otras normas que regulan la distribución de competencias, implica que las Comunidades Autónomas han asumido (con carácter exclusivo, o bien compartido con el Estado) un conjunto de funciones públicas –de normación o de ejecución– que suponen la existencia de un ámbito material propio de actuación. Se ha encomendado así constitucional y estatutariamente a las Comunidades Autónomas la realización de tareas de notable amplitud y relevancia en la vida económica y social dentro de sus respectivos límites territoriales. Y, a la vista de ello, y en una primera aproximación a la cuestión más arriba planteada, no puede en forma alguna excluirse que, para llevar a cabo correctamente las funciones que tenga atribuidas, una Comunidad Autónoma haya de realizar determinadas actividades, no ya sólo fuera de su territorio, sino incluso fuera de los límites territoriales de España*».
32. En consecuencia, a adaptación política e institucional a prol dunha maior iniciativa galega na

proxección e na acción exterior co mesmo Estatuto de autonomía vixente dende 1981 –Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril– é en boa medida debedora do **impacto meta-constitucional da nosa adhesión ás Comunidades Europeas** polo Tratado feito en Lisboa e Madrid o día 12 de xuño de 1985, referendado pola Lei orgánica 10/1985, do 2 de agosto, de autorización para a adhesión de España ás Comunidades Europeas. Boa proba diso, entre outras que se poderían citar, é a creación no Parlamento de Galicia, por Resolución da súa Presidencia do 14 de abril de 1999, da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos.

33. Tal como constatou o **Libro branco da acción exterior de Galicia**, de 2005, impulsado polo presidente Manuel Fraga Iribarne, as fases de desenvolvemento da acción exterior de Galicia seguiron unha liña ascendente e ben definida, que proseguiu co documento promovido polo Presidente Emilio Pérez Touriño "**Estratexia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións**". Así mesmo, outro fito fundamental foi a aprobación do Decreto 368/2009, do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior, que deu pé ao documento de **Prioridades de actuación no exterior**, aprobado en 2010. Con toda esta bagaxe, e aspirando a fraguar un gran consenso político en Galicia arredor da nosa acción exterior, o novo marco xurídico propiciado polas leis 2/2014, do 25 de marzo, da acción exterior e do servizo exterior do Estado, e 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abre novas oportunidades de crecemento e mellora da proxección e intervención da Comunidade Autónoma no exterior que debemos aproveitar, comezando pola aprobación da Estratexia galega de acción exterior Horizonte post 2020 (Egaex), baixo a actual presidencia de D. Alberto Núñez Feijóo, promovida de conformidade co primordial Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 233, do 7 de decembro de 2015). O gran consenso político que aspiramos a fraguar arredor da nosa acción exterior, proxección da capacidade de autogoberno dunha nacionalidade histórica como Galicia, esixe elevar ao debate parlamentario, e no marco competencial actual, o texto deste decreto, para a súa **aprobación final mediante lei** do Parlamento de Galicia ao longo da presente lexislatura.

Fundamentación xurídica da Egaex

34. A nosa Constitución ten moi presente a incardinación de España no mundo, como resposta ao longo período de clausura, introspección e illamento que se iniciou dende principios do século XIX e se estendeu ata a fin do franquismo. A **homologación coas democracias occidentais** tivo o seu certificado constitucional xa no seu preámbulo, ao proclamar o propósito de colaborar ao fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra, e no artigo 10.2 da norma fundamental española, ao impoñer que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa Declaración universal dos dereitos humanos e cos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
35. Pola súa banda, o artigo 149.1.3ª da Constitución deixa claro que son de competencia exclusiva do Estado as materias de relacións internacionais, xunto con materias conexas como nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo (art.º 149.1.2ª), o réxime aduaneiro e arancelario e o comercio exterior (art.º 149.1.10ª), e a sanidade exterior (art.º 149.1.16ª). Tamén deixa sentado o constituínte que corresponde ás Cortes Xerais (título III) todo o referido aos tratados internacionais (capítulo III, artigos 93 a 96). De aí que sexa o rei quen asuma a máis alta representación do Estado español nas relacións internacionais, especialmente coas nacións da súa comunidade histórica (art.º 56.1), e de que a el lle corresponda manifestar o consentimento do Estado para obrigarse internacionalmente por medio de tratados, de conformidade coa Constitución e as leis, así como declarar a guerra e facer a paz (art.º 63.2 e 3), responsabilizándose o Goberno da Nación de dirixir a política exterior (art.º 97).
36. Non obstante, a España constitucional de 2015 xa non é a de 1978. Fitos históricos, como a nosa **adhesión efectiva ás Comunidades Europeas** en 1986, alteraron necesariamente a interpretación que deses preceptos se facía antes e a que se realiza despois do devandito punto de inflexión, sen esquecer a exexese que ademais efectuaría o Tribunal Constitucional e, mesmo, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, de cuxa Sentenza de 24.X.2013 (asunto C-151/12) se infire a necesidade de que as CC. AA. sexan máis proactivas e responsables á hora de desenvolver e aplicar o dereito da Unión. Esta proactividade e responsabilidade require, como é natural, tamén unha maior e mellor implicación na xestión do propio dereito da Unión, a miúdo concorrente en materias estatutariamente reservadas ás CC. AA., como sucede no caso de Galicia, en tanto que **nacionalidade histórica con engastamento constitucional**.
37. Por outro lado, as novas leis estatais 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado e 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abren outros campos de actuación exterior ás CC. AA. mentres amplían os previamente existentes. Aínda que o foco mediático se puxo no seu día sobre as obrigas formais de notificar os desprazamentos ao exterior dos responsables autonómicos e a apertura de oficinas ou establecementos de representación tamén no exterior, o certo é que o lexislador estatal posibilita xa iniciativas e coparticipación en xestións ata entón radicalmente vedadas aos gobernos autonómicos. Neste novo escenario xurídico, **Galicia debe xogar as súas cartas en defensa dos intereses de amplos sectores da nosa economía produtiva**.
38. Así, o título V da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, incorpora no seu capítulo I a canle de participación das CC. AA. na celebración de tratados internacionais, previndo o procedemento de proposta autonómica de apertura de negociacións, e obrigando o Goberno da Nación a informar a Comunidade Autónoma a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación sobre a negociación daqueles tratados internacionais que teñan por ámbito materias da súa competencia ou interese específico, ou por afectar de xeito especial o seu respectivo ámbito territorial. Tamén a Comunidade Autónoma poderá remitir ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación as observacións que considere convenientes sobre a negociación, e a decisión estatal adoptada sobre as devanditas observacións deberá ser motivada e comunicada á Comunidade Autónoma. Da mesma maneira, a Comunidade Autónoma de **Galicia deberá ser informada dos tratados concluídos por España** que afecten as súas competencias, sexan do seu específico interese ou incidan de xeito especial no seu ámbito territorial.
39. Todos estes avances incorporados á Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, que permitirán á Xunta de Galicia desenvolver a súa acción exterior tamén no ámbito das negociacións internacionais de índole económica e social, veñen acompañados da **posibilidade de que autoridades e funcionarios autonómicos galegos pasen a formar parte activa da delegación española que negocie un tratado internacional**, que teña por obxecto materias da súa competencia ou interese específico, ou por afectar de xeito especial o seu respectivo ámbito territorial, debendo motivar e comunicarlle o Goberno da Nación á Xunta de Galicia as razóns da súa inoportunidade, o que nos sitúa xa na procedencia dun control político e mesmo xudicial sobre a devandita decisión, en defensa dos lexítimos intereses socioeconómicos de Galicia. Neste contexto, tamén a **Administración autonómica debe ser máis esixente consigo mesma, presentando propostas e calibrando constantemente escenarios alternativos durante a celebración dos distintos procesos de negociación internacional nos que interveña**.
40. Non menos relevante é a posibilidade xurídica prevista no capítulo II do título V da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, pola que Galicia pode xa celebrar acordos internacionais administrativos, en execución e concreción dun tratado internacional, o que implica a correspondente **pertinencia de iniciar contactos e negociacións coas contrapartes foráneas**, mesmo tratándose de organizacións internacionais, sempre como é obvio de forma coordinada co Goberno da Nación.
41. Por engadido, a positivización dos acordos internacionais non normativos subscritos polas CC. AA., regulando o procedemento que se debe seguir, permitirá que Galicia desenvolva unha máis proveitosa tarefa de cooperación con autoridades públicas de terceiros Estados, como vía para **consolidar as relacións comerciais** e de todo tipo con actores foráneos especialmente cualificados.
42. Pola súa banda, a obrigatoriedade de que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicite e integre, de ser o caso, as propostas de actuación exterior das comunidades autónomas na Estratexia española de acción exterior, dando resposta fundada ás propostas galegas, implica un avance substancial incorporado á Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. Avance que resulta tanto máis valioso porque a diplomacia española se obriga pola súa vez a sistematizar o seu plan de traballo para un período de polo menos catro anos, **permitindo así que a propia estratexia galega goce dun marco estable de referencia e dun sólido paraugas e apoio**. Para reforzar unha eficaz integración dos intereses de Galicia na axenda da acción exterior española, cómpre que o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación facilite a formación e o recoñecemento, a través da colaboración coa Escola Diplomática, do persoal dependente da Xunta de Galicia con competencias ou actuacións en proxectos da acción exterior e de cooperación ao desenvolvemento. Esta formación debe prestar especial atención aos ámbitos nos que os intereses de Galicia son máis destacados: políticas da UE con especial incidencia en Galicia, a intensificación das relacións con Portugal, o espazo de conectividade portuaria conformado pola fachada atlántica, e os países con maior presenza da nosa emigración ou da nosa cooperación. Esta cooperación permitirá a Galicia dispor dunha estrutura administrativa de acción exterior máis visible e competente. A coordinación das autoridades da Xunta de Galicia co corpo consular presente na nosa comunidade tamén ten que fortalecer os nosos intereses no exterior e, reciprocamente, os das persoas estranxeiras no noso territorio.
43. Por engadido, a aprobación do **Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia**, afianza o rigor e solidez xurídicos desta iniciativa estratéxica, cuxo capítulo I, sobre a planificación da acción exterior galega, dispón:

Artigo 6. Inicio da planificación

1. A Estratexia galega de acción exterior (Egaex) será o documento de planificación integral da acción exterior de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, que prelacione os obxectivos estratéxicos,

tanto materiais coma xeográficos e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos e culturais para a Comunidade Autónoma.

2. O centro directivo da Xunta de Galicia en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior elaborará un borrador de estratexia atendendo aos previos documentos de planificación da Xunta de Galicia que tivesen unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como considerando as achegas das consellerías, entidades, organismos, institucións e expertos con intereses e experiencia na materia.

Artigo 7. Informe do Consello de Acción Exterior de Galicia

O borrador da Estratexia de acción exterior de Galicia será sometido ao Caex para o seu informe, segundo o previsto no artigo 5 do presente decreto. Á vista do devandito informe, o centro directivo da Xunta de Galicia en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior poderá modificar o borrador. Este borrador trasladarase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación co fin de que efectúe as recomendacións que considere pertinentes.

Artigo 8. Información ao Parlamento de Galicia

Tras a consideración da Estratexia polo Caex, a persoa titular do centro directivo da Xunta de Galicia en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior informará o Parlamento de Galicia na comisión competente da Cámara, podendo modificar o texto á luz das súas valoracións.

Artigo 9. Aprobación polo Consello da Xunta

Á vista do conxunto dos informes e alegacións previos a este, a Xunta de Galicia aprobará como plan a Estratexia galega de acción exterior, que se publicará no portal da internet da súa propiedade, e daralle igualmente traslado oficial ao Ministerio español de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 10. Revisión da Estratexia galega de acción exterior

1. Por proposta motivada dun terzo dos membros do Caex, e tras a súa deliberación e votación, a Xunta de Galicia deberá avaliar a necesidade de iniciar a revisión da estratexia vixente para adaptala a un novo contexto, logo do informe do centro directivo en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.
2. De forma ordinaria, con polo menos seis meses de antelación a que expire o prazo de vixencia previsto da estratexia en curso, o centro directivo en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior iniciará os trámites de revisión desta.
3. En tanto non sexa aprobada unha nova estratexia, o Consello da Xunta de Galicia poderá prorrogar a que estiver vixente, por períodos que oscilarán entre seis meses e un ano, ata que se poida aprobar con todos os trámites indispensables a nova estratexia. Se o executivo autonómico estiver en funcións, entenderase prorrogada tacitamente a estratexia en vigor por un período de seis meses, dentro do cal o novo executivo poderá prorrogala, pola súa vez, ata que se formalice unha nova estratexia galega de acción exterior.

Artigo 11. Participación de Galicia na Estratexia española de acción exterior

1. A Xunta de Galicia manterá unha comunicación fluída e directa co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co fin de que este inclúa na Estratexia española de acción exterior as prioridades que interesen ou preocupen a sociedade galega, facendo especial fincapé na promoción da lingua, cultura e imaxe de Galicia, na defensa dos dereitos e expectativas da diáspora galega nos Estados en que estiver asentada, na promoción da empresa e a economía galegas no exterior e no estreitamento do vínculo con Portugal e coa comunidade lusófona de nacións.
2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería que concentre as competencias e funcións primordiais en materia de acción exterior, aprobará mediante acor-



Sesión constitutiva do Consello de Acción Exterior, 16 de abril de 2010.

do o documento que recolla as achegas galegas á Estratexia española de acción exterior, logo de consulta ao Caex e ás restantes consellerías.

44. E para dotar de maior axilidade á elaboración e tramitación da primeira Egaex, en sintonía coa nova realidade xurídica reguladora da acción exterior, tanto a nivel estatal como autonómico, prevese no devandito Decreto 178/2015:

«Disposición transitoria segunda. *Elaboración da primeira Estratexia galega de acción exterior tras a aprobación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.*

Co fin de concluír coa maior dilixencia a primeira Estratexia galega de acción exterior, os prazos de consultas e informes previstos neste decreto poderán reducirse á metade, podendo mesmo suplirse o informe do Caex pola consulta individualizada ás súas persoas integrantes».

45. En suma, **este novo marco xurídico xustifica e avala de por si que a Xunta de Galicia avance na dinámica propositiva e planificadora da acción exterior**, superando e mellorando instrumentos previos, como foron no seu día o

“Libro branco da acción exterior de Galicia” e a “Estratexia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións”, especialmente valiosos non obstante por aquel entón, ao materializarse nun ámbito xurídico menos propicio e carecendo da experiencia institucional e administrativa na órbita exterior hoxe xa acumulada.

Fundamentación demográfica da Egaex

46. O Plan estratéxico Galicia 2015-2020, que sempre debe ter presente esta Egaex, aspira cando menos a aproximar paulatinamente a Galicia á media de fecundidade da UE, cifrada en 1,59 fillos por muller. Trátase dun obxectivo verdadeiramente ambicioso, considerando a posición da que partimos, pero que resulta ineludible e non pode demorarse. Non sendo este un problema estrutural exclusivamente galego, senón común a diversas comunidades autónomas españolas, todo canto avance Galicia neste ámbito redundará ademais como acicate para que España no seu conxunto deseñe unha propia **estratexia-país en materia demográfica**, da que hoxe por desgraza carece, polo menos con carácter xenuíno e integral.

47. Chama poderosamente a atención que entre os múltiples documentos de prospectiva realizados polos diferentes ministerios e organismos oficiais incardinados na Administración xeral do Estado (AXE), sexa precisamente a *Estratexia española de acción exterior* (Esteaex), impulsada polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, o documento que máis incida sobre a gravidade do desafío demográfico que afrontamos os españois, e en consíderalo un **problema capital para encarar con certa seguridade o futuro máis próximo**.

48. A Esteaex sitúa o problema demográfico español como o primeiro e máis grave en termos estratéxicos a medio e longo prazo para o conxunto da Nación. É máis, sitúao como a **debilidade internacional por antonomasia de España**, por diante doutras estruturais como son a escaseza de recursos naturais ou a debilidade do sector exterior da nosa economía. En concreto, a Esteaex afirma que *«España ocupa el lugar 28, en términos de población, entre los 193 países que forman parte de las Naciones Unidas. El problema, muy grave, es que somos uno de los países más envejecidos de Europa, fruto de la combinación de dos factores: un avance innegable, una tasa de esperanza de vida de las más altas, y un problema de solución compleja, una de las tasas de fertilidad⁴ más bajas»* (p.15).

49. A urxente debilidade demográfica de España que subliña a Esteaex enmárcase pola súa vez nun deprimente ámbito europeo: *«La debilidad demográfica de Europa es probablemente el mayor desafío al que se enfrenta el continente. Europa es mucho más vieja que los Estados Unidos o Japón, por no hablar de los países de Asia, África y América Latina. Esta debilidad demográfica pone en riesgo los fundamentos mismos del Estado del bienestar, uno de los signos más relevantes del modelo europeo, al haber cada vez menos trabajadores en activo y más beneficiarios de pensiones de jubilación»* (pp. 38-39). Por iso receita: *«Si Europa quiere ser un actor global, en un nuevo orden global, debe avanzar más en otras políticas. (...) Promover un plan integral que aborde el grave problema demográfico europeo que hipoteca nuestro futuro»* (páx. 65). Tamén recorda a Esteaex que

«El problema demográfico de España debe llevarnos a una política migratoria proactiva, de fomento de la inmigración cualificada, que contribuya al cambio de modelo productivo y sirva de contrapeso a las tendencias demográficas negativas. Junto ello, debemos seguir perseverando en la política de control de la inmigración irregular,...» (páx. 89).

50. As perspectivas de futuro que recolle sinteticamente a *Estratexia española de acción exterior* son extremadamente preocupantes ao respecto: *«Si se mantienen los ritmos actuales, España perderá en torno a 2,6 millones de habitantes en los diez próximos años, el número de defunciones superará al de nacimientos en el 2017 y, lo que es más significativo, las personas mayores de 65 años representarán el 30% del total de la población en el año 2050 (frente al 11,8% en la Unión Europea)»* (páx. 15).

51. Ante esta clamorosa **debilidade estratéxica** da Nación, a posición relativa galega é aínda peor, como resulta de sobra coñecido. Resumindo os datos máis ilustrativos, Galicia leva máis de dúas décadas instalada na terna de máis baixa taxa de fecundidade de entre todas as “rexións” (NUTS-2) da Unión Europea, compartindo esa lamentable posición nos últimos tempos con Asturias e Canarias. Que das preto de 300 NUTS-2 europeas sexan precisa e constantemente tres NUTS españolas as que padezan a máis ínfima fecundidade do continente denota que España sofre un profundo problema estrutural na materia que non quixo afrontar, e por iso tamén un non menos serio problema de falta de enfoque estratéxico, en boa medida a causa da terapia paliativa, pero xamais curativa, que supuxo o récord internacional de inmigración, concentrado entre finais do século XX e o comezo da crise de 2008.

52. Entre 1991 e 2014 a taxa de fecundidade española, aínda reforzada pola achega das parellas inmigrantes asentadas en España, foi xeralmente inferior cá europea, de por si xa baixa, segundo as **constantes alertas da Comisión Europea e o Parlamento Europeo**. Pois ben, a fecundidade galega contribuíu aínda máis a deprimir a xa de por si recesiva fecundidade española. De forma sintética cabe resumir que durante ese período 1991-2014, a preocupante taxa de fecundidade europea oscilou entre 1,4 e 1,6 fillos/muller, mentres que a galega fíxoo entre 0,9 e 1,1 fillos/muller.

Con este déficit acumulado de substitución demográfica non é de estrañar que a senescencia do pobo galego superase notablemente á europea. En efecto, con datos a 1 de xaneiro 2015, a media de idade da poboación europea no seu conxunto era de 42,4⁵ anos, mentres que a galega alcanzaba xa os 46,2⁶. En 2016 era mesmo de 42,6 anos e 46,5⁷ anos, respectivamente. Todo iso non só por un factor positivo, como é a mellora da esperanza de vida grazas ao investimento en servizos sanitarios e asistenciais, senón sobre todo por outro factor, este negativo e moi preocupante, como é a persistente baixada da fecundidade galega, que pondera na evolución do noso problema demográfico moi por riba das perdas ocasionais de poboación a causa de limitados saldos migratorios desfavorables. Se estes saldos migratorios desfavorables están correlacionados coa crise económica, a caída da fecundidade como factor clave do problema demográfico galego persiste mesmo durante as épocas de bonanza económica.

53. Por conseguinte, Galicia está sobradamente lexitimada ante o desafío colectivo que afrontamos para que a súa propia *Estratexia de acción exterior* atenda esta circunstancia. A *Estratexia española* faino subliñando que, con estes datos *«parece obvio que, con independencia de las políticas activas de natalidad que haya que arbitrar, España debe abrirse al exterior y gestionar cada vez con mayor eficacia la gestión de los flujos migratorios. La mejor gestión deberá conjugar factores como las necesidades del mercado laboral y la capacidad de integrar dignamente a los recién llegados. A largo plazo, la inmigración va a jugar un papel fundamental en el mantenimiento del Estado del bienestar y por ello debe ser planificada, pensada y coherente con las necesidades, no sólo en número, sino también en cualificación. De esta manera, conseguiremos las mejores consecuencias para España, como país de acogida, y para las*

personas que, legítimamente, buscan una nueva vida» (p. 15). Nesta liña, **a Egaex debe ser mesmo máis proactiva, a causa da nosa peor posición relativa en canto ao problema demográfico padecido**.

54. A política de inmigración, ao igual que a de nacionalidade e estranxeiría, é competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1.2^a da Constitución). É máis, mesmo podería sosterse que esta competencia se encontra agora mediaticada pola indispensable coordinación europea na materia, que puxeron de relevo tanto a axenda política de diversos Estados da Unión –por problemas internos que se manifestaron co afloramento de movementos xenófobos, por fortuna inexistentes en España e Galicia–, como pola sucesión de severas crises humanitarias na ribeira sur e oriental do Mediterráneo. Non obstante, ao noso xuízo **isto non quere dicir que Galicia non poida desenvolver iniciativas autónomas para captar poboación**, sobre todo entre os descendentes da nosa diáspora. Así mesmo, dentro das nosas competencias, estableceranse mecanismos de integración da poboación inmigrante e cumprírase coas nosas obrigas cos desprazados e refuxiados.

Galicia e a *Estratexia española de acción exterior*

55. As referencias directas a Galicia na *Estratexia española de acción exterior* céntranse na **promoción da nosa lingua e cultura propias**, como parte da diversidade do conxunto da Nación⁸, así como o mantemento do vínculo cos espa-

8. “*Estrategia española de Acción Exterior*”, páx. 92: «Con este objetivo, el Instituto organiza en sus centros cursos generales y especiales de lengua española, así como de las lenguas cooficiales. En este sentido, los centros del Instituto Cervantes ofrecen a principios de año, junto a los cursos de español, cursos de catalán, gallego y vasco, que se realizan allí donde hay demanda. En muchas ocasiones, para la organización de los cursos, se recaba la colaboración de los organismos responsables de las Comunidades Autónomas correspondientes, como es el caso del Instituto Ramón Llull, la Xunta de Galicia, el Instituto Etxepare y el Instituto Navarro del Vasqueño-Euskarabidea. Por otra parte, el catalán, gallego, valenciano y vasco se puntúan en el baremo de méritos –apartado de “Conocimiento de idiomas”– en los concursos de promoción y traslados del personal del Instituto Cervantes, así como en los concursos de acceso a puestos de nueva creación.

4. I.e. fecundidade

5. http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Population_structure_and_ageing

6. <https://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=htmlUgl/poboacion/IndicadoresDemograficos.html>

7. <https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=722&R=9912%5Ball%5D&C=0%5B2006:2016%5D&F=1:0;2:0&S=&SCF=>

ñois expatriados e os seus descendentes⁹. Non obstante, a Xunta de Galicia contribuíu na redacción do borrador da devandita estratexia resaltando o rol que deben xogar as comunidades autónomas na construción europea¹⁰.

En los centros del Instituto Cervantes se programan además de forma habitual actividades culturales relacionadas con la cultura catalana, gallega, valenciana y vasca, tales como conferencias, congresos, exposiciones, ciclos de cine, conciertos, lecturas, etcétera; y se dedican bibliotecas a autores de estas lenguas, con un fondo especial dedicado a su obra».

P. 94. «Proyección de las lenguas de España. La acción cultural en el exterior relativa a las culturas de las Comunidades Autónomas y las lenguas cooficiales, catalán, euskera, gallego, valenciano, forma parte de las actuaciones prioritarias de promoción y difusión de la cultura española en sus diferentes formas y lenguajes. Para ello, trabajamos en la internacionalización de la cultura española promoviendo la inserción internacional de nuestros creadores e industrias culturales y facilitando la presencia del sector en eventos internacionales. En esta labor, se intenta mantener un equilibrio entre las manifestaciones artísticas procedentes de las distintas Comunidades Autónomas, para que se refleje en el exterior lo que somos, un país con una riqueza cultural extraordinaria y con una diversidad cultural que no hace sino contribuir a esa riqueza».

9. "Estrategia española de Acción Exterior", páx. 94: «Igualmente, es necesaria la debida atención a la comunidad de españoles en el exterior, que desean mantener sus vínculos culturales y lingüísticos con España. En especial, no se debe olvidar el papel de las casas regionales y el apoyo a las mismas por las Comunidades Autónomas».

P. 73: «Promover la interrelación de las Oficinas Consulares con los Consejos de Residentes Españoles, y la colaboración con las asociaciones de españoles e instituciones asistenciales que existen en el seno de nuestras comunidades en el exterior, con la colaboración de las Comunidades Autónomas».

10. "Estrategia española de Acción Exterior", p. 13: «Este proceso de internacionalización se produjo además de manera paralela al desarrollo y asentamiento de la nueva estructura territorial del Estado, plasmado en el modelo constitucional de las Comunidades Autónomas. Éstas, como no podía ser de otro modo, se fueron incorporando al proceso de normalización de la política exterior, proyectando internacionalmente uno de los activos que nos define, la diversidad. En esa proyección han tenido asimismo ocasión de ejecutar de manera coherente sus competencias, desarrollando actividades de acción exterior en el marco de éstas».

P. 35: «El Tratado de Maastricht marcó además un hito en el reconocimiento de un valor importante para España, como es que la diversidad territorial dentro de los Estados Miembros de la Unión es un factor a tener en cuenta en la construcción europea. En línea con esta convicción representada institucionalmente en nuestro caso por las Comunidades Autónomas, Maastricht crea el Comité de las Regiones e introduce la posibilidad de participación de las regiones en el Consejo».

P. 42: «Nuevos actores. En el mundo que emerge, grupos sociales e individuos tienen oportunidades de desarrollar proyectos, colectivos, profesionales e incluso personales, como si las fronteras no existieran. Se organizan para ello en redes, de propósito y geometría variable. Una sociedad abierta como la española tiene mucho

Unha particular referencia merece ademais na Estratexia española a coordinación AXE-CC. AA. en materia de cooperación para o desenvolvemento, que posúe unha consolidada traxectoria en común¹¹.

56. Con todo, a Estratexia galega de acción exterior, aínda defendendo a súa autonomía de criterio, pode contribuír a mellorar e desenvolver parcelas de interese tanto para o conxunto de

que ganar en un desarrollo de este tipo. Los diferentes niveles de gobernanza no son una excepción a esta realidad, especialmente en el caso de España, con Comunidades Autónomas con importantes competencias en el ámbito interno, que se traducen en diferentes parcelas de acción exterior. La acción exterior debe ser, también aquí, un instrumento al servicio de este potenciab».

Pp. 66-67: «Gobernanza multinivel. El Comité de las Regiones. La gobernanza multinivel, es decir "la acción coordinada de la Unión Europea, los Estados miembros y de los entes regionales y locales, basada en los principios de subsidiariedad, de proporcionalidad y de asociación", facilita la proximidad al ciudadano, lo que dota de mayor legitimidad a las instituciones. En este marco, favoreceremos la participación activa y potenciación de las actividades del Comité de las Regiones».

P. 75: «Las prioridades y objetivos se obtienen mediante la puesta en práctica de un conjunto de acciones, en los campos más diversos. La Ley de la Acción y del Servicio Exterior del Estado recoge en su articulado la totalidad de estas acciones. Se examinan a continuación, con más detalle, las más relevantes para una política exterior renovada, bien por su incidencia directa en esta política, bien por la relevancia social o económica que tienen para nuestro país. En muchos de estos campos, y dada la estructura territorial del Estado, las actuaciones se desarrollarán en colaboración con las Comunidades Autónomas».

P. 87: «Esta acción mejorará al avanzar en la cooperación de la Administración y las Comunidades Autónomas que busque aprovechar mejor las oportunidades de internacionalización de la economía española en el segmento de las pequeñas y medianas empresas, explotando al máximo las ventajas competitivas que cada Comunidad Autónoma puede aportar en los diferentes sectores productivos».

P. 98: «La diversidad cultural, climatológica, gastronómica y de otros órdenes debe ser aprovechada para mejorar la promoción de nuestra oferta turística en el exterior. La colaboración con los responsables en esta materia de las Comunidades Autónomas resulta crucial para avanzar en la desestacionalización y dotar a los servicios turísticos de mayor valor añadido».

11. Pp. 78-79: «Por ello, nuestra política de cooperación debe ser una política consensuada, esto es, basada en principios y elementos comúnmente aceptados por todos los partidos. En segundo lugar, una política global y coherente. En tercer lugar, una política coordinada hacia el exterior, es decir, con las de

la Unión Europea, la OCDE y otras instituciones de las que España es miembro. En cuarto lugar, una política coordinada también hacia el interior, que tenga en cuenta la labor de las comunidades autónomas y de las corporaciones locales y de las iniciativas privadas. Y, finalmente, una política de cooperación vertebrada en torno a tres ejes: la sostenibilidad medioambiental, la responsabilidad social corporativa y la buena gobernanza».

España como, singularmente, para Galicia. Bo exemplo diso é o que atinxe ao fundamental estreitamento de relacións con Portugal e coa comunidade lusófona de nacións¹², asunto capital este dende a nosa perspectiva polos motivos que se detallarán máis adiante, ao tratar as prioridades sectoriais da Egaex. A admisión do Consello da Cultura Galega como observador consultivo da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), na XI Conferencia de Xefes de Estado e de Goberno da Comunidade dos Países en Lingua Portuguesa (CPLP), celebrada en Brasilia o 31 de outubro de 2016 contribuírá a esta achega.

57. Para Galicia non só é estratéxica a súa relación con Portugal. Tamén o é facer comprender ao resto de España que unha máis perfecta integración entre a República Portuguesa e o Reino de España resulta vital para crear un contrapeso político e económico indispensable na Europa meridional e atlántica, que permita equilibrar e estabilizar unha Unión Europea que tende a gravitar atendendo primordialmente ás prioridades das súas fronteiras orientais, tanto na

12. "Estrategia española de Acción Exterior", pp. 15-16: «Los recursos naturales en España son escasos, especialmente en lo que se refiere al agua y la energía. España es un país de recursos hídricos irregularmente repartidos en el espacio y en el tiempo y muy vulnerable a un cambio climático que puede provocar la desertización de buena parte de su territorio. Para hacer frente a esta debilidad, ha desarrollado una ambiciosa política hidrológica y ha estrechado la cooperación en gestión del agua con Portugal, convirtiendo esta colaboración en un ejemplo internacional».

P. 67: «El informe "Una reflexión sobre el futuro de las Cumbres Iberoamericanas", se extiende mucho más allá de lo que parece indicar su título y analiza las relaciones entre España y Portugal de un lado y Latinoamérica de otro».

P. 103: «4. Relaciones con países vecinos: Francia y Portugal. Las relaciones con Francia y Portugal en el ámbito de las infraestructuras de transporte transfronterizas son esenciales para asegurar la conectividad de España con el resto de Europa. En el marco de la misma hay que resaltar, además de las reuniones de alto nivel mencionadas anteriormente, frecuentes contactos y reuniones a todos los niveles del Ministerio de Fomento y por parte de las entidades públicas empresariales adscritas al mismo Francia e Portugal».

P. 106: «Seguiremos por ello profundizando en la relación bilateral con nuestros socios europeos, y de forma particular con los que mantenemos ya una relación estratégica: Alemania, Francia, Italia, Polonia, Portugal y Rumanía».

P. 128: «Sudáfrica, Angola, Mozambique, Tanzania, Nigeria, Ghana y Etiopía están adquiriendo una creciente importancia, regional y en algunos casos, global, que debe traducirse en una mayor densidad en las relaciones bilaterales. Hay en estos países múltiples oportunidades para las empresas españolas derivadas de la estabilidad y el crecimiento económico que deben ser aprovechadas».

súa vertente norte como sur. De terse afondado nesa integración, é moi probable que Portugal non se tería visto abocada á situación de anoxia financeira padecida durante os últimos anos, nin España tería sufrido os meses de incerteza que seguiron á intervención da troica na República veciña e irmá.

58. Ademais, Galicia pode incorporar un substancial valor engadido á acción exterior española en todo canto concirne á súa particular dinámica de **cooperación estratéxica coa República Federativa do Brasil**, sen descoidar as restantes nacións lusófonas –Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mozambique, Santo Tomé e Príncipe, Timor Leste–. Por exemplo, a iniciativa das autoridades brasileiras de fomentar o coñecemento e difusión do español (castelán) entre a súa poboación, pode ser significativamente mellorada dende España mediante a cooperación de entidades e profesionais galegos especializados en filoloxía galaico-portuguesa, ademais de botando man de axentes culturais galegos do ámbito audiovisual, editorial, literario ou artístico, entre outros.

59. Por outra banda, **Galicia pode e debe axudar á acción exterior española a equilibrar a súa inclinación predominantemente cara ao Mediterráneo**, como por outro lado é consubstancial ao peso demográfico e económico da parte oriental do país fronte á occidental, pero que debe ser ponderado polo valor que ten a fachada atlántica do continente e a relevancia da súa economía marítima. En certo modo, España debe asumir que o símil da vella decisión de situar un almirantado na meseta merece ser repensado definitivamente.



1. Balance da acción exterior galega

60. Da análise dos dous documentos básicos da Xunta de Galicia sobre o deseño fundamental da nosa acción exterior, é dicir, do *Libro branco* de 2005 e da *Estratexia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións*, de 2007, pode concluírse que **existe un consenso básico de partida entre as grandes forzas políticas do país e da sociedade civil con criterio definido sobre este campo**, en orde a cales son as prioridades a considerar. Esta sintonía, xunto co novo marco xurídico que opera en España ao delimitar as responsabilidades do Estado e das comunidades autónomas na materia, aconsellan agora plasmar nun documento programático de novo cuño unha estratexia integral, cuxo paradigma sexa a coordinación entre todos os axentes e actores, antes que a imposición de rixidas liñas de actuación, baseadas probablemente nunha análise atinada pero limitada.
61. Co inicio da crise internacional desatada en 2008 e o seu asentamento en Europa, a acción exterior galega tivo que adaptarse á imperante e testana realidade económica e social, colocando a busca de novos mercados exteriores de bens, produtos, servizos e capitais como prioridade por excelencia. **A crise obrigounos a procurar novas saídas e alternativas**, a minorar o gasto dedicado á acción exterior e, sobre todo, a racionalizalo, para destinar os aforros obtidos ao prioritario e urxente campo social.
62. Galicia asumiu que o seu sector exterior non pode seguir dependendo tanto do mercado interior europeo. Europa é vital para nós, é o noso presente e futuro, pero habemos ter tamén en conta outros horizontes estratéxicos. Así, **debemos diversificar en maior medida a localización dos nosos clientes e socios**, tanto para contrarrestar a hipotética e cíclica contracción da capacidade de compra dos europeos, coma para reducir o risco ante futuras réplicas desta crise, coma así mesmo doutros *shocks* asimétricos que puidesen producirse e que afectasen de maneira especial a sectores cruciais para nós.
63. Non obstante, por outro lado, esa saída extra-europea non pode desentenderse da necesidade de **afondar a nosa aposta por Europa** para contribuír á mellora do seu funcionamento e consolidar os seus fundamentos. Boa mostra diso, ante as dificultades para captar capital investidor privado dada a conxuntura concorrente, foi a máxima implicación da Xunta de Galicia en obter a blindaxe dispensada pola rede de seguridade financeira dotada pola Unión Europea, para gozar deste xeito dunha aterraxe suave ante a perspectiva de perder de golpe o fluxo de investimentos vinculado á nosa antiga consideración técnica como Rexión obxectivo n.º 1, ou Rexión de converxencia. Agora, por fortuna, grazas ao resultado das negociacións desenvolvidas durante os anos 2010-2013, gozamos de arredor de 2/3 das contías globais de cofinanciamento transferidas dende a UE nos precedentes marcos financeiros, a pesar de superar folgada e solidamente a barreira do 75% do PIB per cápita da Unión.
64. O abandono da UE polo Reino Unido vai obrigarnos a mudar moitas cousas e premisas que se consideraban sólidas, **debendo seguir moi atentamente as negociacións que se abran en consonancia co artigo 50 do TFUE para garantir os dereitos e lexítimos intereses dos nosos cidadáns e empresas nunha Gran Bretaña fóra da UE.**

65. A economía manda pois nestes últimos anos e, como tal, dada a incerteza na que se vén movendo, supedita a ela a clásica acción exterior de orde político-institucional. Con todo, agora que o marco legal de referencia se renovou por completo en España e que temos asegurada a percepción de Fondos europeos ata 2020, extensibles en canto a compromisos financeiros adquiridos ao seu cargo ata 2023, temos que ir deseñando a converxencia entre esa primeira modalidade de acción exterior e a que é preponderantemente económica e sometida aos vaivéns dos mercados. **Pensar a Galicia na Europa da próxima década é tan urxente como pensar na súa estratexia de internacionalización alén do noso pequeno e vello continente.**
66. Así as cousas, resulta evidente que a acción exterior de Galicia, en tanto que Comunidade Autónoma con status constitucional de nacionalidade histórica, é máis debedora do impulso político dos diversos gobernos da Xunta que dunha previa fundamentación xurídico-positiva. **Os sucesivos gobernos souberon aproveitar as novas oportunidades que abría a nosa adhesión ao proxecto de construción europea**, que incidía sobre a percepción que da acción exterior ían tendo os diversos poderes do Estado e o Tribunal Constitucional, sen necesidade de que os sucesivos impulsos fosen precedidos dunha reforma en profundidade do noso Estatuto de autonomía de 1981.
67. Nesta liña incidiu a superación das previsións constitucionais pola sucesiva realidade xurídica introducida a través do dereito primario e derivado da Unión Europea, paradoxalmente grazas á previsión do artigo 93 da nosa Carta Magna¹³. Así, institucións xurídicas, competencias e políticas públicas, sen as cales parecía non se entender a soberanía e independencia do Estado, como poderían ser o réxime aduaneiro e arancelario, ou o sistema monetario, entre outros, non dependen xa dunha autoridade española, senón de institucións comúns europeas, onde España participa como Estado
- xunto aos restantes Estados da Unión implicados, e aínda en estruturas flexibles que toleran diversas velocidades e intensidades na integración europea.
68. Por outro lado, a Administración xeral do Estado quedou, por dicilo así, cos funcionarios da carreira diplomática, pero non con moitos funcionarios técnicos nas diversas **áreas sectoriais transferidas ás CC. AA.**, e cuxos coñecementos, formación e experiencia sobre o terreo, resultan indispensables para valorar a incidencia e impacto entre nós de normas e políticas públicas fraguadas no exterior, e que polo tanto han axudar a complementar a valoración e a análise dos técnicos do Estado.
69. Un caso evidente do que aquí se está a describir é canto acontece no ámbito sectorial da **pesca marítima**. En puridade, a Comunidade Autónoma de Galicia só tería competencias substantivas en canto atinxe á «pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura» (artigo 27.15 do noso Estatuto). Non obstante, iso non implica xa que o Estado exerza como antes do 1 de xaneiro de 1986 as restantes competencias marítimo-pesqueiras. A razón é obvia: o Tratado de funcionamento da UE determina no seu artigo 3.1.d) que a Unión dispoñerá de competencia exclusiva na conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común, e, ademais, segundo o seu artigo 4.2.d), a mesma Unión e todos os Estados membros, de forma multilateral pode dicirse, terán unha competencia compartida no que concirne á pesca e en canto transcenda á referida conservación dos recursos biolóxicos mariños.
70. Deste modo, cando se pacte unha actuación de cooperación pesqueira cun terceiro Estado, que inclúa a formación de tripulacións ou o asesoramento en materias como a sanidade dos produtos do mar ou a rastrexabilidade na súa comercialización, a cambio de mellorar o trato aos nosos buques en aspectos loxísticos dentro de augas e portos dese terceiro Estado, é a Xunta de Galicia quen se atopa mellor dotada de técnicos e recursos para avaliar e implementar correctamente o acordo de cooperación exterior. Mellor có persoal da Comisión Europea ou do Ministerio sectorial, que carecen da formación e información de impacto indispensables. Noutras palabras, **a transmutación operada pola comunitarización das competencias na Unión superou a realidade literal da Constitución e do Estatuto de autonomía**, sendo isto pacífico e ademais benéfico para un modelo de goberno multinivel que permite que a ensamblaxe subestatal-estatal-europea funcione en beneficio de todos e sen grandes friccións xurídicas nin administrativas, nin con superiores custos operativos.
71. Agora, coa Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, será perfectamente posible que **na negociación ou no desenvolvemento dun acordo internacional pesqueiro entre a UE e un terceiro Estado colaboren técnicos da Comisión, do Estado e da nosa Comunidade Autónoma**, xa que é esta quen mellor pode calibrar os escenarios e impactos das diferentes alternativas negociadoras, e quen mellor pode tamén valorar a oportunidade de ofrecer contraprestacións negociadoras que permitan concluír un acordo equilibrado para as partes.
72. **Dende a constitución de Galicia como Comunidade Autónoma ata o momento presente, a acción exterior foi gañando protagonismo e afianzouse**. Desapareceron as disputas xurídicas entre a Administración xeral do Estado e a Xunta, e cando se produciron dende a nosa parte en defensa dos intereses e a autonomía galegos, buscáronse solucións creativas, construtivas e integradoras, como se reflicte, sen ir máis lonxe, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, precisamente en relación coa Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado (BOE e DOG de 12.II.2015).

13. Artigo 93 da Constitución española: «Mediante a lei orgánica poderase autorizar a celebración de tratados polos que se atribúa a unha organización ou institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución. Corresponde ás Cortes Xerais ou ao Goberno, segundo os casos, a garantía do cumprimento destes tratados e das resolucións emanadas dos organismos internacionais ou supranacionais titulares da cesión».



2. Acción exterior en rede e novo marco xurídico da acción exterior

73. Grazas á doutrina do Tribunal Constitucional e á liña inaugurada pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, asumindo a devandita doutrina como non podía ser doutro xeito, **a acción exterior é xa unha dimensión consubstancial ao exercicio das competencias substantivas das diversas administracións públicas desbordando o seu marco territorial de xurisdición.** O seu exercicio non é xa monopolio dos departamentos de relacións exteriores ou asimilados. Estas evidencias xa se positivizaron en España ao recoñecer expresamente como suxeitos da acción exterior –capítulo I, do título I da devandita lei–, ademais de ao Goberno na súa integridade e ás Cortes Xerais, ás Forzas Armadas, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ás comunidades autónomas e ás entidades locais, e mesmo a organismos públicos, ás sociedades estatais, fundacións e entidades consorciadas. E por iso, no capítulo II do mesmo título I, precísanse os ámbitos sectoriais da acción exterior, dende a defensa ata a educación, e dende as infraestruturas ata a enerxía, pasando pola saúde, o deporte, ou a Seguridade Social.
74. Ata este novo e ambicioso enfoque, a acción exterior autonómica pivotaba singularmente sobre o impulso do homónimo departamento. Agora do que se trata non é tanto de impoñer directrices e prioridades, coma de **coordinar todos os recursos dispoñibles e colocalos ao servizo das vantaxes competitivas do país.** Por dicilo doutra maneira, pasamos dun sistema de planificación dedutivo e descendente a outro indutivo e ascendente, e dunha tarefa lineal a outra reticular, onde cooperan e colaboran diversos axentes e actores.
75. Un departamento moderno de acción exterior non debe aspirar a condicionar as iniciativas foráneas doutros departamentos que se centren na promoción comercial internacional, ou na busca de novos demandantes de servizos turísticos procedentes doutros países e ofrecidos por operadores galegos, por citar dous exemplos ben ilustrativos. Tampouco debe mirar con suspicacia nin receo as iniciativas de actores privados consubstanciais á globalización. O seu papel debe ser, ante todo, o de **exercer unha superior visión estratéxica en interese do ben común da sociedade á que serve, orientar, liderar, e con iso aproveitar os mellores recursos humanos e organizativos do país,** para enxergar e ir reforzando unha rede cooperativa que afiance a cada operador no seu rol a través do desenvolvemento do conxunto.
76. Unha acción exterior funcionarizada, protocolizada e centralizada nun único centro directivo resulta incompatible coa sociedade aberta e globalizada que propiciaron a economía e as novas canles de comunicación sen fronteiras. **Os tempos do dirixismo público en canto ás relacións co exterior –comerciais, sociais, culturais,...– pasaron para non volver e,** ademais, os seus métodos son obsoletos e estériles. Os operadores particulares xa non precisan da autorización nin da intermediación de embaixadas, nin de oficinas comerciais oficiais, para buscar o seu propio camiño noutras latitudes e sociedades. O mercantilismo dirixista de antano é inútil. Xa non se depende dos informes dos funcionarios destacados noutro país para coñecer a súa economía, costumes ou escenario político. O modelo de relacións internacionais que xurdiu do Congreso de Viena, con Metternich e Castlereagh, herdeiro pola súa vez do previo modelo inaugurado

coa Paz de Westfalia, resulta anacrónico nun mundo dominado polo paradigma establecido por Internet, o libre movemento de capitais por medio de transferencias electrónicas, e pola constante creación e reformulación de ONG internacionais ou de grupos sociais informais e medios de comunicación de alcance verdadeiramente planetario, que condicionan formulacións, debates e ideas que parecían reservados en exclusiva a opacas cancelarías.

77. Malia todo, malia eses cambios ou verdadeiras mutacións nos modos de comunicarnos e cooperar a nivel mundial, os países e as comunidades políticas existen, polo que **alguén ha intentar ter unha visión de conxunto e velar por preservar o interese público, non poucas veces en colisión cos individuos ou grupos que só son unha parte ínfima dese público.** É aquí onde debe posicionarse o centro directivo responsable de dotar de sentido e coherencia á acción exterior. Se é adecuado que as empresas se movan polo seu afán de lucro para xerar valor, crear emprego e repartir dividendos, non o é menos que a autoridade pública debe delimitar o que queda fóra do comercio –*extra commercium*–, por chocar con valores superiores, como son os dereitos humanos, as liberdades cívicas e, sobre todo, a incolumidade e indemnidade das persoas. Noutras palabras, por exemplo, o fomento do comercio exterior ou a iniciativa privada nesta área non pode tolerarse cando propicie que outros estean en mellor situación para desafiar os nosos valores ou a nosa seguridade colectiva.

78. **A lexislación española reconece agora de forma contundente e indubidable que as comunidades autónomas son suxeitos da acción exterior do Estado.** Nunca debiera ter sido nin ser doutro xeito, por canto elas conforman tamén o Estado, dentro dun esquema de lealdade recíproca que xira arredor da Constitución. Superados definitivamente os malentendidos dos primeiros anos de rodaxe constitucional, agora o artigo 11 da Lei estatal 2/2014 dispón que as actividades que as comunidades autónomas poidan realizar no exterior no marco das competencias que lles sexan atribuídas pola Constitución, polos estatutos de autonomía e as leis, respectarán os principios que se establecen nesta lei e adecuaranse ás directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno. E engade que as devanditas actividades se adecuarán aos instrumentos de

planificación da acción exterior, elaborados e aprobados de conformidade co disposto nesta lei e establecidos polo Estado no exercicio das súas facultades de coordinación neste ámbito, cando definan directrices de actuación propias da política exterior do Estado ou se insiran no ámbito das relacións internacionais de España

79. Esa liberdade de actuación ten a súa contrapartida na responsabilidade que leva consigo a **imprescindible lealdade constitucional.** Lealdade constitucional que pasa por non xogar dende as CC. AA. a simular estruturas de Estado nin desenvolver accións reservadas á diplomacia estatal. Pero tamén, por parte da AXE, a ser máis inclusiva e receptiva coas CC. AA. en canto atinxe á súa indispensable acción exterior no exercicio das competencias materiais que lles outorga o bloque da constitucionalidade.

80. Para Galicia, traballar en rede na acción exterior debe implicar unha coordinación de e entre os axentes e actores galegos que interveñan nese campo, pero tamén coordinarse mellor coas restantes CC. AA. e coa AXE. **De aí que apostemos pola creación dunha Conferencia española de Acción Exterior,** que supere o marco da Conferencia para Asuntos relacionados coa UE (CARUE) porque, convén recoñecelo, todo o concernente á UE, tanto ao seu xogo institucional coma ás súas políticas públicas, non é xa un *tertium genus* entre o ámbito nacional e o internacional, senón que está xa moito máis próximo ao foro doméstico que ao marco internacional.

81. **Comunidades autónomas como a galega teñen moito que achegar e que dicir a prol da coordinación da acción exterior española.** Sirva de exemplo que a Xunta de Galicia se dotou xa en 1997 dun órgano especializado de coordinación interna, por medio do Decreto 170/1997, do 3 de xullo, polo que se creou a Comisión de Acción Exterior da Xunta de Galicia, mentres que a AXE só fixo algo similar tres anos despois, mediante o Real decreto 1.412/2000, do 21 de xullo, de creación do Consello de Política Exterior, agora modificado grazas á Disposición final segunda da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo Exterior do Estado. É máis, no caso galego, deuse xa outro impulso ao labor de coordinación co Decreto 368/2009, do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior, actualizado polo Decreto 178/2015, do 26 de novembro.

3. Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación, colaboración (C³)

82. Para acometer o traballo imprescindible na área da acción exterior, ademais de polo proveito de propiciar o consenso sempre recomendable nesta, e tamén por utilidade e economía de escala, debemos apostar pola **tríplo C como C³** en todas as fases do devandito traballo. **Coordinar** todas as redes, medios e recursos de axentes e actores galegos relevantes para a acción exterior, **cooperar** especialmente entre as institucións e organismos públicos, e **colaborar** en calquera caso coa iniciativa privada que teña intereses no exterior, convértese así nun imperativo categórico para obter resultados. **C³ é máis que a suma das tres C,** xa que esta perspectiva integradora se favorece da retroalimentación e do efecto catalizador que converxen nela.

83. **O Consello de Acción Exterior de Galicia** naceu para aglutinar esforzos, coordinar as actuacións público-privadas, reforzar a imaxe de Galicia no mundo, e consolidar no tempo a acción exterior galega, para o cal debía fomentar a interacción, coordinación e colaboración entre o sector público autonómico, a empresa privada e a sociedade civil a favor do desenvolvemento da acción exterior de Galicia. Isto explica que, ademais de reunir a responsables autonómicos implicados na correspondente acción exterior sectorial, aglutínase tamén representantes das universidades públicas galegas e das cámaras de comercio, ademais de aos empresarios e sindicatos, entidades de estudos internacionais, ONGD,... e mesmo a personalidades individualmente consideradas con recoñecido prestixio no ámbito internacional, sen prexuízo de colaboracións puntuais de responsables de órganos con interese en diversos asuntos transcendentales para a acción exterior ou de funcionarios especializados

en distintas materias. Co obxectivo de facelo máis áxil, eficaz e participativo estudárase a revisión da súa composición e funcionamento. Asemade, créase un grupo de traballo centrado nas relacións institucionais, culturais e comerciais cos países de lingua portuguesa.

84. A incorporación tras o Decreto 178/2015, do 26 de novembro, de responsables locais a través da **Fegamp e do Consello da Cultura de Galicia,** tanto á vista da Lei 2/2014 coma da Estratexia española de acción exterior, contribuirá sen dúbida a mellorar notablemente esa C³ á que nos referimos. No marco da colaboración coa Fegamp, canalízase a colaboración dos concellos galegos con maior proxección internacional.

85. O Consello da Cultura Galega é o órgano estatutario de Galicia en materia de cultura. Como os órganos análogos de estados, comunidades e corporacións actúa como un corpo asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, dotado de personalidade xurídica. Entre as súas competencias destaca a de **analizar cantas cuestións se refiran ó patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego,** entendidas como un patrimonio que cómpre conservar e transmitir e tamén organizar actuacións culturais adecuadas ós fins do Consello dentro ou fóra de Galicia¹⁴.

14. Así o reconece a "Estrategia española de acción exterior" (Esteax) no marco da acción exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación do Goberno español, no apartado dedicado ás relacións do Instituto Cervantes e ás linguas cooficiais: «El Instituto Cervantes se ha mostrado, dentro del marco de la acción exterior del Gobierno, como un instrumento esencial en



Constitución do Comité Asesor do Plan Estratégico 2015-2020.

86. En canto aos actores privados, todavía queda marxe de mellora para a coordinación e a colaboración. Aínda sabendo que os **colexios profesionais** son corporacións de dereito público, o feito certo é que a través deles se poden incrementar e perfeccionar os esforzos para avanzar en iniciativas como as que teñen que ver coa intensificación da integración da sociedade civil galega e a portuguesa, ou nos avances relativos ao máximo aproveitamento das oportunidades do mercado interior europeo, sobre todo na faceta dos servizos transfronteirizos sen necesidade de establecemento. O mesmo cabe aventurar respecto de **asociacións sectoriais de pemes e emprendedores**

autónomos, que pola súa atomización se cadra non gozaron no pasado da facultade de interlocución cos principais responsables da acción exterior galega.

87. Achegas como as que pode facer o **Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal** á mellora da acción exterior galega, ou a **Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER)**, abren posibilidades que debemos explorar, xa que falamos de actores dunha nova xeración e natureza non exclusivamente galega ou portuguesa, senón xenuinamente luso-galaica, é dicir, cunha percepción da nosa Eurorrexión diferente á que poden ofertar outros actores.

88. As **comunidades galegas no exterior** tamén deben ser percibidas como actores para considerar na planificación, programación, implementación, execución e revisión da nosa acción exterior, xa que poden achegar unha información cualitativa de primeiro nivel, a miúdo difícil de achar sen a imbricación sobre o terreo que elas teñen coas sociedades nas que xa están integradas de pleno dereito. Abríllas a posibilidade de participar nesta nova face-

ta pode servir ademais de acicate para atraer as novas xeracións de galegos nados no exterior, mesmo de ascendencia non exclusivamente galega, para reforzar os vínculos cos nosos pobo asentado no territorio galego.

89. Por outra banda, tamén podemos e debemos mellorar a colaboración coas **ONGD galegas** máis alá do estrito ámbito delimitado polo seu obxecto social, pensando especialmente naquelas que traballan con socios locais radicados en países cos que outros actores privados ou axentes públicos galegos non teñen unha fluída ou consolidada relación. Tamén, se é o caso, a achega de información de gran valor cualitativo debe ponderarse axeitadamente.

90. En consecuencia, o **centro directivo responsable da acción exterior** institucional de Galicia debe manter sempre e en calquera circunstancia unha **fluída relación cos axentes e actores galegos na materia**, tanto cos xa asentados como cos que se abren paso. Deste modo, este centro directivo debe converterse no **eixo que transfira información útil ao conxunto, así como transmitila ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (MAEC) e ás institucións da UE**, aos que ha de solicitar os apoios necesarios para garantir a seguridade e os éxitos dos devanditos axentes e actores.

91. De aí que unha **constante interlocución co MAEC**, baseada na mutua lealdade institucional e no estrito respecto ás competencias que o bloque da constitucionalidade atribúe a cada Administración, sexa unha peza de uso diario para facilitar a consecución de resultados. A rede exterior de embaixadas, consulados, oficinas comerciais e centros culturais de España está tamén ao servizo de Galicia e dunha acción exterior autónoma, pero imbricada coa española, á que igualmente debe contribuír na súa fase de análise e planificación.

92. En suma, **a acción exterior será unha prioridade para o Goberno galego**, en tanto que ámbito de expresión e defensa das competencias exercidas nos marcos institucionais europeo e estatal, mais tamén como manifestación da vontade política de actuación con personalidade propia no concerto internacional, onde a globalización fai precisa a defensa estratéxica das identidades. Os intereses socioeconómicos e culturais da sociedade galega no exterior, así como a proxección da súa identidade

propia precisan do liderado e impulso institucional do seu Goberno. Ao tempo, e fronte ás modificacións introducidas polo proceso mundializador en diversos patróns das relacións internacionais, Galicia debe estar presente con voz propia nos esforzos por artellar un modelo máis complexo e con novos actores, multipolar e respectuoso coa diversidade, capaz de construír sistemas de gobernanza globais ao servizo da paz, dos dereitos humanos e dos pobos, da legalidade e solidariedade internacionais.

la enseñanza de las diversas lenguas de España y en la difusión de la cultura española, en toda su amplitud y diversidad, así como del patrimonio cultural común de toda la comunidad hispanohablante.

En 2013, con la incorporación de la coordinación académica de las instituciones representativas de nuestras lenguas—el Instituto Cervantes, el Instituto Ramon Llull, el Consello da Cultura Galega y el Instituto Vasco Etxepare—, se reforzó la vocación fundacional de promover el diálogo de las culturas de España y se pusieron en valor las tres décadas de creación, intercambio y diálogo que acumula esta iniciativa».



4. Ámbitos sectoriais da acción exterior

4.1. Galicia: unha economía aberta

93. **Galicia é unha economía aberta**, inserida nun espazo económico igualmente expedito, como é o mercado interior europeo a través da súa pertenza a España, en tanto que Estado membro da UE. Neste escenario, **nin España, nin por suposto Galicia, posúen competencias exclusivas en materia de réxime arancelario, alfándegas, control de cambios, circulación de capitais, nin en ningunha outra área análoga ás que ían indisolublemente unidas á condición de Estado-Nación**, polo menos ata mediados do pasado século XX. Así, dentro da globalización económica propiciada polos avances técnicos, loxísticos e das comunicacións, e institucionalizada a través de acordos internacionais cuxa execución depende de entidades, entre outras, como a Organización Mundial do Comercio (OMC) ou o Fondo Monetario Internacional (FMI), Galicia áchase situada nun continente aínda máis poroso, que aglutina nacións aínda máis abertas aos fluxos internacionais que a maioría dos países do planeta, incluídos os restantes da OCDE.
94. Neste teatro de operacións, **a nosa mellor alternativa consiste en realizar as análises adecuadas para aproveitar as correntes máis idóneas e vantaxosas respecto ás nosas capacidades produtivas, os nosos intereses e as nosas necesidades**, xa que se non logramos que o aparato produtivo funcione a pleno rendemento será moi difícil atender as demandas sociais inherentes a toda comunidade humana desenvolvida de Occidente. **O éxito na economía internacional é requisito previo e indispensable para garantir a bonanza e a equidade social.**
95. **O gran fito histórico da adhesión ibérica ás Comunidades Europeas propiciou en apenas tres décadas unha transformación sen precedentes** –tanto pola súa intensidade coma pola súa rapidez– **da sociedade e a economía galegas**. En todos os procesos de transformación análogos concorren custos e beneficios, sendo determinante para a súa valoración colectiva o saldo final obtido tras certa perspectiva histórica. Pois ben, a experiencia da nosa integración europea é netamente positiva, sendo non obstante indispensable compensar axeitadamente os esforzos de adaptación realizados por diversos sectores e axentes, cuxa perspectiva individual pode facelos disentir deste xuízo, como é lexítimo por outro lado, xa que eles só han preocuparse de xeito primordial polo estritamente propio e particular, e non do común e colectivo.
96. **Pero a apertura económica de Galicia non pode autoconterse ao aproveitamento das oportunidades que dispense o mercado interior europeo**, xa que este padece pola súa vez certas disfuncións que haberá que superar –harmonización bancaria, diferenzas tributarias, coexistencia do euro con outras divisas europeas...–, sendo a máis relevante a que atinxe aos topes ao crecemento deste mercado, como consecuencia de factores endóxenos, como son a persistente crise demográfica europea, o alto nivel de endebedamento de moitos dos Estados da UE, ou a crecente competencia foránea en segmentos de alto valor engadido, que ata non hai moito quedaban reservados a moi poucos países do mundo desenvolvido occidental e Xapón.
97. Asumir esta nova realidade é o máis intelixente que podemos facer para adaptarnos a ela

e manter os altos niveis de desenvolvemento e cohesión que obtivemos dende a segunda metade do século XX ata os nosos días. A crise financeira que chegou do outro lado do Atlántico para instalarse en Europa, ata transformarse nunha severa crise económica e social que só agora comezamos a superar, debe ser un **acicate para acelerar ese proceso de adaptación**, preservando o mellor do noso modelo de economía social de mercado, do “*European way of life*” maioritariamente defendido dende Galicia e España, aínda que tamén aproveitando as nosas vantaxes competitivas no mundo.

98. Para conseguilo temos que diferenciar dous planos no exterior. Aquel que concirne aos actores públicos, que deben velar polo interese xeral e a atención ás necesidades de toda a poboación (plano macroeconómico), e aquel outro que indefectiblemente se centra nos operadores económicos particularmente considerados, como é o caso das empresas (plano microeconómico). **Perseguir un equilibrio dinámico entre estes dous planos é responsabilidade das autoridades públicas competentes**, e a iso han de encomendar todos os seus esforzos e habilidades.

4.1.A. Estrategia macroeconómica exterior

99. **Dende 1986 ata os nosos días o maior investidor exterior en Galicia foi a Unión Europea** –antes Comunidade Europea (CE) ou Comunidade Económica Europea (CEE)–. Descontando xa as transferencias correntes para o sostemento de prezos agrarios e outras dotacións análogas, estamos a falar do ámbito duns 20.000 millóns de euros ata 2020 –a expensas da liquidación final que se peche en 2023, tras a execución do vixente marco financeiro plurianual, do que beben as actuais axudas cofinanciadas–. 20.000 millóns de euros, en números redondos, fundamentalmente destinados a acrecentar o capital social fixo de Galicia e o capital produtivo privado das empresas galegas. O notable incremento da renda per cápita dos galegos dende a adhesión ao proxecto europeo non é alleo a este investimento, nin á modernización da nosa estrutura económica como consecuencia da nosa participación no mercado interior e nas restantes políticas públicas europeas, e iso a pesar das erosións padecidas durante os intervalos de crise.

100. Fronte a un pasado idealizado temos un mellor presente, avalado con cifras reais, contrastadas por Eurostat, e esperamos **alcanzar os obxectivos sinalados no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020**, que en termos estritamente macroeconómicos pretende gañar oito puntos de converxencia respecto do estándar da UE. Iso requirirá manter un crecemento económico sostible e acumulativo superior ao 2,5% anual, que nos permita crear cen mil novos empregos e reducir a taxa de paro ao 10%. Pero ademais, habemos de afianzar o futuro posterior a 2020 reducindo a taxa de abandono escolar prematuro ata o 13,5%, para progresar logo máis rapidamente cara ao obxectivo-marco fixado pola UE. Igualmente debemos conseguir que polo menos o 47% dos nosos cidadáns adultos comprendidos entre os 30 e 34 anos de idade posúan estudos superiores, así como duplicar o noso investimento en I+D. Estes avances indispensables para mellorar a nosa produtividade e competitividade internacional deben estar en liña cunha maior equidade social, que posibilite ir reducindo a poboación en risco de exclusión en polo menos 100.000 persoas, así como con mellorar o trato ambiental, ao reducir as emisións de gases con efecto invernadoiro nun 35% e incrementar a xeración enerxética mediante fontes renovables ata representar o 30% do consumo. Neste ámbito farase ademais o posible para afianzar o noso rexuvenecemento demográfico, levando a nosa fecundidade ata a media da fecundidade europea. **A Egaex debe ser entón unha ferramenta ao servizo dese plan mestre** e concitar o maior consenso no seu deseño e implementación.

101. **A mellora do noso modelo produtivo esixe posuír capacidade para reter e captar talento**. Se queremos realmente dar pasos serios no fortalecemento dun cambio de modelo produtivo, e social, máis baseado na innovación, na investigación e na transferencia tecnolóxica, Galicia debe dispoñer dunha axenda propia para facilitar o máximo a internacionalización dos nosos grupos de investigación e a atracción de investigadores e fondos financiadores de I+D+i. Converter cara ao 2 % do PIB (media OCDE) parece un compromiso difícil de acadar en España e en Galicia, pero non pode deixar de ser un obxectivo a trazar progresivamente. O Plan estratéxico Galicia 2015-2020 contempla duplicar o gasto en I+D+i. Potenciar os nosos mellores investigadores, aos grupos de investigación do Sistema universitario de

Galicia (SUG), ás unidades de I+D+i das nosas empresas, implementar políticas de I+D+i nas nosas pemes, a imperativa necesidade de incrementar a transferencia da investigación, son todas demandas irrenunciáveis para o noso presente e para o noso futuro. Todas as actuacións públicas e privadas de Galicia, os diferentes axentes que interveñen no proceso investigador, precisan dunha axenda específica que “poña a Galicia” no mapa mundial, que sexa capaz de captar persoas con talento e recursos financeiros, que aposte decididamente naqueles ámbitos científicos e territoriais que en moitas ocasións xa están identificados polos propios grupos e centros de investigación. A Egaex configúrase así como una boa panca para que Galicia aposte por unha axenda de I+D+i na súa acción exterior.

102. **A internacionalización está intimamente ligada á innovación**. Os produtos e servizos innovadores son a base para acceder aos mercados exteriores, pero, no contexto actual de innovación aberta e colaborativa, a internacionalización do sistema de innovación (empresas, universidades, centros, administracións) é igualmente estratéxica para contar con coñecemento excelente e atraer talento, aspectos clave para a competitividade, o cambio de modelo produtivo, e a xeración de empregos de calidade. Para cumprir con estes obxectivos, a Xunta de Galicia está a desenvolver un conxunto de actuacións para potenciar esta dimensión exterior.

103. Por unha parte, **a Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación participa directamente en proxectos e iniciativas europeas con outras administracións homólogas para traballar conxuntamente na mellora continua das políticas e instrumentos de apoio á I+D+i**. Está participando activamente en redes, plataformas e iniciativas europeas (por exemplo as S3 Platforms, a Vanguard Initiative, ERRIN, etc.) co obxectivo de incrementar a visibilidade das capacidades e do potencial de innovación de Galicia, e servir de vehículo para un mellor posicionamento dos axentes galegos tanto en proxectos internacionais de I+D+i financiados pola Comisión Europea, como en cadeas de coñecemento europeas. A través destes foros, poténciase o posicionamento de Galicia como lugar referente para o desenvolvemento de estratexias de negocio baseadas na I+D+i a través das cales atraer investimento privado e

talento que mellore a nosa competitividade e xere crecemento empresarial sostible.

104. Ao abeiro deste enfoque, definiuse o Programa de talento, como marco de apoio ao descubrimento emprendedor do talento de ámbito internacional, articulado a través da súa retención, incorporación e mobilidade, e da aceleración da innovación xerada ao seu abeiro. O programa está integrado por varios instrumentos de apoio: OPORTUNIUS, ten como obxectivo proporcionar a investigadores “excelentes”, no marco europeo, as condicións necesarias para desenvolver en Galicia a súa carreira científica e xerar, a través da súa posta en valor, crecemento baseado no coñecemento; PRINCIPIA, apoia a incorporación do talento xove como persoal técnico e investigador no tecido empresarial, co obxectivo de adaptar o modelo produtivo á xeración de crecemento baseado na innovación; ACELERACIÓN DA INNOVACIÓN, orientado a ofrecer un apoio intensivo e integral ao talento innovador e emprendedor nas primeiras etapas de nacemento empresarial, prestando soporte específico á evolución dende a idea innovadora á xeración dun novo produto ou proceso.

105. Retomando a transcendencia dos investimentos europeos na nosa economía, como lembrou o presidente da Xunta de Galicia ao presentar o programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o 30 de marzo de 2015, ata que conclúa a presente década **Galicia conta afortunadamente co amparo dunha rede financeira de seguridade** que pode chegar ata 4.000 millóns de euros, dos que máis de 2.500 serán xestionados pola Comunidade Autónoma de forma directa, entre fondos estruturais (Feder e FSE), fondos agrícolas (Feader) e fondos pesqueiros (FEMP). Pero por engadido gozará dun beneficio adicional moi relevante, como é poder manter unha taxa de cofinanciamento que permite alcanzar ata o 80% en certos proxectos de investimento.

106. Convén lembrar, para ter a imprescindible perspectiva histórica, que no momento da nosa adhesión Galicia contaba cun PIB per cápita que era o 56% do correspondente á media das Comunidades Europeas; que ese PIB per cápita en 2002 era xa o 77% –é dicir, por enriba dos ¾ do parámetro usual para considerar se unha comunidade debía ser incluída no que se deu en chamar “rexión obxectivo 1” ou, ulterior-

mente de “converxencia”–; e que entre 2008 e 2009 o noso PIB per cápita alcanzou o seu máximo histórico polo momento, chegando ao 89% dese indicador. Con independencia de efectos estatísticos, pola adhesión de países con menor PIB per cápita –efectos que, por certo, operan para todos os integrados na UE, e non só para Galicia–, resulta así innegable que **o proceso de converxencia socioeconómica entre Galicia e o resto da UE foi acelerado e intenso**, con poucos precedentes análogos, agás, entre outros, a notable excepción irlandesa, que se beneficiou ademais de incorporarse ás Comunidades Europeas trece anos antes ca nós, na primeira ampliación de 1973.

107. **Esta evolución positiva parece ter sido eclipsada en parte pola profunda crise que alcanzou as costas europeas** con toda a súa virulencia en 2008 e 2009. Como consecuencia da asimetría nos impactos desa crise, o mesmo indicador de PIB per cápita medio para o conxunto da UE descendeu en Galicia. É de esperar que coa recuperación económica certificada polos servizos da Comisión Europea, con parámetros de crecemento superiores á media da UE, os puntos perdidos no terreo da converxencia se vaian recuperando paulatinamente, esperando superar o máximo acadado en 2009 ao final da presente década.

108. A tradución práctica e tanxible para a cidadanía dos indicadores macroeconómicos plásmase en múltiples fitos. Como se anticipou, non só os grandes equipamentos transformaron definitivamente a estampa da estrutura económica galega –as autovías de conexión co resto de España, as conexións ferroviarias, a rede gasística, os portos exteriores de Ferrol e A Coruña, a ampliación e mellora dos aeroportos galegos,... –, senón tamén intervencións como a renovación da frota, a intensificación da concentración parceira, ou as dotacións de novos equipamentos das tres universidades galegas e o seu acceso a fontes de financiamento europeas, os novos hospitais públicos, centros de saúde, centros de educación primaria e secundaria,... ou mesmo o investimento na formación e capacitación do capital humano, **todo iso foi posible grazas á contribución das políticas públicas da UE.**

109. Evidentemente, **o maior esforzo de adaptación e investimento no camiño cara á converxencia cos estándares europeos máis avanzados foi**

o realizado pola sociedade galega. As transferencias de capital chegadas dende Bruxelas foron un estímulo e un acicate, pero non explican en exclusiva os éxitos acumulados dende 1986, aínda que só sexa porque o cofinanciamento galego dos investimentos acometidos era requisito sine qua non para a súa materialización. Pero, á vez, xusto é recoñecer que o avance na converxencia tamén é debedor do clima propicio ao investimento, á modernización e á apertura económica xerado pola harmonización e a seguridade xurídica creados polo acervo da Unión. **Estes intanxibles son tanto ou máis valiosos que as transferencias financeiras ás que vimos referíndonos.**

110. O exemplo da **cooperación con Portugal** pode ser, sen dúbida, o máis ilustrativo. Antes da adhesión de Portugal e España ás Comunidades Europeas, xa durante a primeira metade da década dos oitenta do pasado século, compartindo pois ambas as dúas nacións ibéricas senllos sistemas democráticos e parlamentarios, a cooperación transfronteiriza era mínima, por non dicir nula. Houbo que agardar a 1986, e aínda máis en concreto ao despregamento dos primeiros proxectos da Iniciativa Interreg, cara a 1990, para que a integración económica galaico-portuguesa empezase a coller forma. **Sen iso, mesmo sen a Acta Única europea, sería impensable o incremento das relacións económicas con Portugal**, cuxo peso histórico dende entón supera tradicionalmente o mantido por Galicia con toda a América hispana. Sen iso, grupos como Inditex non terían podido acometer a súa primeira aproximación á expansión internacional, exemplificada na inauguración en 1988 do seu primeiro establecemento fóra de España, concretamente no Porto.

111. Agora, de cara ao futuro inmediato, **Galicia ten que comezar a formularse como captar máis capital foráneo**, sobre todo unha vez que comeceamos a achegarnos á fronteira de 2020. Captar capital do exterior para investir en Galicia debe ser unha prioridade transversal, sobre todo considerando a acelerada senescencia da nosa sociedade e a súa influencia nos hábitos de consumo e investimento. Sen capital exterior produtivo non poderemos reter a nosa minguante xuventude nin, tampouco, atraer os mozos do exterior que precisamos para facer que Galicia recobre unha demografía vibrante e un cadro ilusionante como substrato dunha puxante economía de mercado.

112. Ademais de no terreo do investimento privado, **debemos seguir apostando por convencer as institucións da UE de que o investimento público debe apostar por favorecer un rexuvenecemento demográfico en toda Europa**, e singularmente naquelas NUTS máis vulnerables ás mutacións sociais e económicas parellas á senescencia colectiva.

113. Unha das posibilidades máis plausibles no terreo público para manter esta folla de ruta podemos situala no Informe Kukan¹⁵, en cuxos puntos 10 e 11 o Parlamento Europeo plasma o seguinte:

«10. Pide a la Comisión Europea que efectúe un estudio sobre el declive demográfico que afecta a un número creciente de regiones de varios Estados miembros de la Unión Europea y que elabore una comunicación sobre este problema y sobre las medidas que se podrían tomar a nivel europeo, así como a nivel de los Estados miembros y de las regiones afectadas, para afrontar el reto del declive demográfico. (...) Destaca que las regiones con desventajas naturales o demográficas graves y permanentes como, por ejemplo, las regiones con escasa densidad de población, las regiones insulares y las de montaña, sufren especialmente de los problemas asociados al envejecimiento, y disponen de menos medios e infraestructuras para promover un envejecimiento activo; pide que se estudie la conveniencia de planes de dinamización para revertir el proceso de envejecimiento, generalmente agravados por procesos paralelos de despoblación, que sufren muchas de estas regiones y que puede llegar a poner en peligro la supervivencia de estas zonas».

114. Nesta liña, **o Plan estratéxico de Galicia, 2015-2020, debera presentarse como o aval perante a UE do compromiso da nosa Comunidade Autónoma por estar á fronte da Unión na busca e despregamento de solucións ao grave problema demográfico que padecemos**, e que mesmo certifica para o caso de España –como un dos Estados con maior peso demográfico e político na UE– a Estratexia española de

acción exterior, e xa, para o conxunto da UE, tanto a Comisión Europea coma o Parlamento Europeo¹⁶, ademais do Consello, o Comité das Rexións e o Comité Económico e Social da UE, en sucesivos informes e pronunciamentos, que se remontan con indisimulado dramatismo á primeira década do presente século.

115. Se a UE considera o declive demográfico un risco estrutural de primeiro nivel para a pervivencia do seu modelo económico e social, ademais de diagnosticar, alertar e mobilizar os seus Estados, **ten que redeseñar de nova planta toda a súa política de cohesión**. Isto supón introducir novos indicadores que superen os tradicionais ligados ao PIB per cápita medido en paridade de poder adquisitivo. Por iso, se somos capaces dende Galicia de convencer o resto de Europa –comezando polo resto de España e por Portugal– de que hai que investir en persoas, tanto na infancia e na xuventude, coma nos anciáns, para garantir a subsistencia do modo de vida europeo –ese que cun declinante 7% da poboación mundial e cun minguante 25% do PIB planetario, debe financiar o 50% do gasto social de todo o mundo, fundamentalmente en sanidade, servizos asistenciais e pensións–, teremos dado un paso estratéxico de primeiro nivel e afianzado perante a UE que Galicia pode e debe xogar un rol básico na estratexia colectiva europea por **preservar o noso común modelo social**. De aí que pague a pena apostar polas propostas de reactivación demográfica que se propoñan dende Galicia e que ela mesma practique.

116. Isto non obsta en ningún modo, como anticipamos, a conveniencia, e tamén a necesidade, de **mellorar notablemente a captación de capital privado**, e singularmente capital produtivo que axude, entre outras cousas, a completar os ciclos de produción en Galicia, mellorando o incremento de valor engadido nos nosos produtos e servizos. Neste sentido, a **Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020**, liderada polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), debe ser asimilada e co-impulsada pola totalidade dos departamentos, organismos e entidades autonómicas

15. Parlamento Europeo, Comisión de Empleo y Asuntos Sociales. Relator: Eduard Kukan: *Informe sobre la puesta en práctica, los resultados y la evaluación general del Año Europeo del Envejecimiento Activo y de la Solidaridad Intergeneracional (2012) (2014/2255 (INI))*. (23.7.2015, A8-0241/2015).

16. <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT/43/IM-PRESS/43/20080414FCS26499/43/0/43/DOC/43/XML/43/V0/ES>

que, directa ou indirectamente, poidan axudar a facer de Galicia un lugar particularmente atractivo para o devandito investimento.

117. Resulta oportuno subliñar que os obxectivos da devandita estratexia liderada polo Igape son particularmente transcendentales dende unha perspectiva macroeconómica, porque ante unha hipotética conxelación ou contracción da demanda interna galega, fundamentalmente pola perda de poboación e polo seu envellecemento, que non se vexa compensada por outros factores, teremos que envorcarnos máis se cabe nos mercados exteriores. Así, o presidente da Xunta, considerando pola súa vez a Estratexia Europa 2020, dixo ao presentar a folia de ruta proposta polo IGAPE, que tras conseguir que as **exportacións** tivesen alcanzado en 2013 o 33% do PIB galego, o obxectivo era **elevelas ata o 40% en 2020**.

118. Cos datos pechados de 2016, pode constatar-se que neste eido progresamos na boa dirección. **Desde 2009 as exportacións subiron máis dun 43%, e a balanza comercial galega de 2016, a mellor da historia en termos absolutos, multiplica por máis de 5 a de 2009**. Así, Galicia acadou os 20.041,6 millóns de euros en exportacións e expedicións, o que implica un crecemento do 5,8% respecto a 2015, obtendo ademais o seu récord de vendas ao exterior. Este incremento supera en 4,1 puntos ao de por si importante aumento do 1,7% para o conxunto de España. Deste xeito, as exportacións e expedicións comerciais galegas elévanse sobre o previo récord de 18.927,4 millóns de euros, logrado en 2015. Así mesmo, o saldo comercial galego foi positivo e de 4.417,2 millóns de euros, é dicir, un 17% maior que en 2015, mentres que no conxunto nacional a balanza comercial foi negativa en 18.753,9 millóns¹⁷. A industria está á cabeza do tirón das exportacións galegas, cunha suba en vendas ao exterior nas materias téxtiles e as súas manufacturas do 17,9%; un incremento do 7,2% no material de transporte. A Unión Europea segue sendo o principal destino das exportacións galegas, o que nos esixe

un maior esforzo de diversificación de clientes foráneos. Por países, Francia ocupa o primeiro lugar (19,2%); seguido de Portugal (12,7%); Italia (9,2%); Reino Unido (7,9%); Alemaña (7%). Destacan os crecementos que experimentan mercados como Alemaña e cara onde se exportou o ano pasado un 40,7% máis que en 2015, ou Reino Unido, onde se exportou un 42,2% máis. En 2016 obsérvase non obstante como Galicia reduce a súa dependencia de Francia e Portugal, pois entre ambas as dúas nacións supoñen o 31,9% das vendas ao exterior, cando dous anos antes eran o 41,4%, debido a que Alemaña e Reino Unido gañan peso. A aposta das empresas galegas por diversificar os mercados a onde exportan os seus produtos permitiu ademais que se incrementasen nun 9,4% as exportacións a Asia, que supón xa o 5,2% do total das exportacións galegas, destacando a suba das vendas á India ou a Xapón¹⁸. Con todo, **debemos pensar nas continxencias que xere o novo status británico fóra da UE**.

119. Este obxectivo macroeconómico de país é factible se atendemos á evolución das nosas exportacións durante os últimos anos, segundo constata o Igape e outras fontes como o IGE, xa que estas progresaron da seguinte maneira (cifras en miles de €)¹⁹:

| | |
|-------|------------|
| 2009: | 13.957.779 |
| 2010: | 14.913.206 |
| 2011: | 17.149.900 |
| 2012: | 16.665.763 |
| 2013: | 18.762.381 |
| 2014: | 17.813.112 |
| 2015: | 18.927.474 |
| 2016: | 20.041.604 |

120. Durante estes anos, a porcentaxe das exportacións de Galicia sobre o seu PIB pasou de representar un 24,6% no ano 2009 ao 34,6% no 2016, o cal a sitúa como a segunda comunidade autónoma con maior contribución, só superada por Navarra. Cun crecemento interanual de 0,7 puntos porcentuais no ano 2016, **Galicia é a Comunidade que rexistrou o**

segundo maior incremento do peso das súas exportacións respecto ao seu produto interior bruto, superando a Cataluña, e recupera no ano 2013 e mantén no ano 2016 a posición perdida dende 2009 respecto ao País Vasco. Ademais, o peso das exportacións respecto ao PIB en Galicia presenta no período 2009-2016 un incremento de 10,0 puntos porcentuais, supoñendo un dos maiores crecementos entre aquelas comunidades autónomas con maior volume de exportación.

121. Por engadido, en 2013, **a taxa de cobertura do sector exterior de Galicia foi do 128%**, mentres que en España foi do 93,4%, e o grao de apertura de Galicia ao exterior –medido como o cociente da suma das exportacións e as importacións, dividido polo seu PIB– en 2013 foi dun 59% (España 47%). Igualmente, as exportacións de alta intensidade tecnolóxica de Galicia duplicáronse dende 2009, e o valor unitario das exportacións de Galicia creceu un 9% na última década, sendo practicamente similar ao da media total de exportacións españolas (1,48 €/Kg fronte a 1,52 €/Kg de España). No ano 2015 o superávit comercial foi de 3.775,6 millóns de euros (3.353,2 no ano anterior), situándose a taxa de cobertura no 125% (123,6% un ano antes). O valor das vendas das empresas galegas ao exterior representa o 7,5% do total estatal. En relación ao ano anterior o importe das exportacións aumentaron en 1.114 millóns, un 6,3%. Polo que se refire ás importacións, estas supuxeron un importe de 15.151,8 millóns de euros en 2015, o 5,5% das compras españolas a terceiros países. As importacións experimentaron un incremento interanual sensiblemente inferior ao das exportacións (4,8%). No ano 2016 o superávit comercial foi de 4.453,6 millóns de euros, e o valor das vendas das empresas galegas ao exterior representa o 7,9% do total estatal²⁰.

122. Aínda que de todos os datos que ofrece o Igape, para os efectos da Estratexia de acción exterior galega, sen dúbida o máis relevante é o que concirne á **indispensable diversificación xeográfica** dos nosos clientes exteriores,

máxime considerando a pasada excesiva concentración de risco nun mercado, o europeo, que realmente é o noso natural mercado interior ou doméstico. Por fortuna, a pesar de que se mantén o peso dos tradicionais socios comerciais europeos, as exportacións de Galicia na última década xa se diversificaron: as exportacións (expedicións) á UE pasaron de representar un 81% en 2004 a supoñer o 75% en 2016, pero aínda deben diversificarse máis, de maneira que os incrementos marxinais no comercio exterior galego deben concentrarse preferentemente en mercados extra-europeos durante os próximos anos, contando mesmo coa crise en pendes que ameaza ás economías de certos países obxectivo para nós, significadamente no ámbito latinoamericano, como é o caso do Brasil.

123. Chama a atención á hora de avaliar a traxectoria adquirida durante a década previa, como a cota que representaban nas exportacións galegas países tan distintos como Australia ou Alxeria pasaron de cifras puramente testemuñais a representar en ambos os dous casos arredor do 3% as devanditas exportacións, aínda que na actualidade non chega a 1%, ou mesmo o máis moderado incremento cara a Turquía e Estados Unidos, do 1% en ambos os dous casos. Estes movementos contribuíron a compensar as caídas experimentadas noutros mercados da UE, como é o caso de Portugal, que pasou de representar o 17,2% ao 12,7% das exportacións galegas entre 2004 e 2016, ou o de Francia, que transitou do 33,3% ao 19,2% durante ese mesmo período. **Os efectos do impacto da crise en Europa foron pois incontestables, e de aí que cando falamos de reorientar e diversificar o noso sector exterior cara a outros mercados o fagamos coa debida motivación.**

124. **No ámbito da captación de investimentos produtivos de natureza privada, todo o sector público galego debe implicarse na execución das directrices xa perfiladas polo Igape**, buscando que o investimento estranxeiro directo axude a completar as cadeas sectoriais e permita a máxima consecución de valor en cada mercado, pechando ciclos completos de produción e comercialización. Para iso recoméndase impulsar un axeitado labor institucional e económico no exterior, coordinando de forma particularmente estreita e áxil o traballo de diagnose do Igape neste eido xunto coa asis-

17. Informe Mensual de Comercio Exterior. Diciembre 2016. Ministerio de Economía, Industria y Competitividad.

http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2017/170220_Informe_COMEX_Dic_16.pdf

18. <http://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/0564/conde-salienta-aposta-pola-innovacion-das-empresas-galegas-como-clave-novo-record>

19. https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=439&pa_xina=001&c=0307004001

20. Informe Mensual de Comercio Exterior. Diciembre 2016. Ministerio de Economía, Industria y Competitividad.

http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2017/170220_Informe_COMEX_Dic_16.pdf

tencia do centro directivo responsable das relacións exteriores institucionais, que trasladarán á esfera pública as necesidades operativas detectadas por este Instituto.

125. Entre os obxectivos máis inmediatos marcados encóntrase así **establecer acordos institucionais con gobernos estranxeiros** para fomentar programas de adestramento baseados no intercambio temporal de novos talentos, acordos que quedarían cubertos baixo o paraugas xurídico da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, e baixo o Decreto polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, outro obxectivo relevante sería impulsar Galicia como destino de aprendizaxe do español, o que pode ser de grande interese para moitos dos millóns de novos talentos naturais de países da lusofonía. Neste caso, a captación de capital humano altamente formado que se anime a emprender e residir entre nós, cando non a integrarse e formar parte do pobo galego, resulta ademais especialmente suxestivo.

126. Para identificar empresas con proxectos de investimento e atraelos cara a Galicia, co propósito de favorecer o antedito peche dos ciclos produtivos na nosa Terra, debemos **eliminar ou minimizar as trabas e cargas administrativas que disuadan a que empresas estranxeiras se establezan aquí**, de igual xeito que debemos propiciar o regreso daquelas que tivesen deslocalizado tarefas que, cos axustes precisos, volvan ser competitivas en Galicia. O sector público galego, tanto autonómico coma non autonómico, debe implicarse en iniciativas lideradas polo Igape, como a celebración dos *Galicia investors days*.

127. **As accións de atracción de capital foráneo privado deben focalizarse pois naqueles sectores que contan con potencial de crecemento ou que precisen completar as súas cadeas de valor**, co obxecto de obter unha posición competitiva global máis relevante. Entre eses sectores cabe salientarse estes:

- » Industrial e manufactureiro: automoción e equipo; naval; maquinaria e equipo; outra industria auxiliar.
- » Transporte e loxística.
- » Saúde e asistencia social.
- » Tecnoloxías da información e o coñecemento.

- » Biotecnoloxía.
- » Aeronáutico.
- » Madeira e moble.
- » Agro-mar-alimentario.
- » Audiovisual.

128. **Temos que perfeccionar un programa de alianzas con axencias de desenvolvemento doutros países con gran peso industrial**, de tal forma que se poidan intercambiar e coordinar estratexias para compartir coñecementos, favorecer sinerxías e buscar complementariedades nas relacións comerciais e de investimento. Tamén **debemos capitalizar as viaxes institucionais como mecanismo de xeración de negocio**, o que aconsella mesmo dar un enfoque máis horizontal aos desprazamentos de responsables sectoriais, coordinando e completando as axendas e os contactos coas autoridades foráneas que vaian ser visitadas, así como no caso de recibir delegacións exteriores en Galicia. Cómpre potenciar a asistencia das nosas empresas ás feiras internacionais sectoriais, tamén no eido da cultura, por exemplo as feiras do libro. Na actualidade só unha moi escasa parte das empresas editoriais, os autores, os tradutores e os ilustradores e as súas asociacións profesionais asisten a algunha. Non obstante hai empresas editoriais que están a medrar grazas á súa aposta pola internacionalización mediante un sistema de alianzas con socios noutros países e/ou a efectiva instalación neles coma unha empresa propia dese territorio. As nosas empresas son fundamentalmente de tamaño pequeno con poucos recursos económicos para saír a buscar mercados e unha formación escasa ou nula dos equipos directivos para a potenciación do comercio internacional.

129. Os recursos e as potencialidades para acometer estas tarefas requiren **reorientar diversas ferramentas existentes e buscar novas aplicacións**, tal como indica o Igape. En efecto, ademais de aliñar a Estratexia galega de internacionalización empresarial coa planificación europea e nacional, debemos sacar maior partido dos fondos da UE para impulsar a internacionalización das empresas galegas e como instrumento para impulsar os grandes proxectos. Entre os programas europeos idóneos para mellorar a internacionalización da nosa economía estarían o Programa para a competitividade das empresas e para as pequenas e

medianas empresas 2014-2020 (COSME), ou o Programa Enterprise Europe Network, de axuda ás pequenas e medianas empresas, deseñado para explotar ao máximo as oportunidades que brinda o mercado interior da UE.

130. Por outro lado, debemos contribuír a madurar xunto con outros actores públicos –autoridades portuarias, Zona Franca...– unha estratexia singular de **posicionamento internacional de Galicia como plataforma loxística** de entrada e saída de produtos e mercadorías, e singularmente como porta natural de entrada ao continente europeo, perfectamente ensamblada cos restantes instrumentos de planificación económica e amparada por esta Estratexia de acción exterior integrada. Potenciar a imaxe de Galicia como porto de produtos e mercadorías, como entrada e saída natural de Europa, permitiría consolidar o concepto de Galicia como plataforma loxística de acceso ao mercado interior da UE, tratando de ligalo a sectores cunha función loxística relevante na súa cadea de valor.

131. Estas tarefas deben complementarse cos esforzos precisos na **promoción das vantaxes competitivas de Galicia dentro da esfera internacional** para realizar investimentos produtivos, resaltando a nosa dispoñibilidade de chan industrial, os nosos servizos de apoio industrial altamente cualificados, o noso sistema universitario e os nosos centros tecnolóxicos especializados.

132. Un tratamento diferenciado é o que concirne a apoiar a cooperación, os negocios e as alianzas entre empresarios e profesionais galegos ou de orixe galega repartidos polos cinco continentes, grazas á **promoción da Rede mundial asociacións de empresarios de orixe galega**. Aínda que esta iniciativa se completará ao tratar a promoción e defensa da galegitude, aquí debéra subliñarse a posibilidade de que en todos os centros galegos puidesen difundirse os proxectos e programas do Igape, e que os prospectores de mercados e oportunidades de negocio mandados por aquel ponderasen tamén a información sectorial cualitativa que eses centros puidesen ofrecer. Así mesmo, intentará conectarse de forma estable a rede de comunidades emigrantes e empresas de orixe galega con aquelas outras –igualmente galegas– que traten de acceder a mercados onde as primeiras xa se encontren perfectamente integradas.

4.1.B. Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos

133. **O apoio e a asistencia ás pemes galegas conta na órbita da Xunta de Galicia cunha serie de pancas**, como son o Plan Foexga (Fomento das Exportacións Galegas), a Rede de plataformas empresariais no exterior de Galicia (Rede Pexga), programas Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), aos que se deben sumar, as novas antenas de internacionalización, sen esquecer a desexable e proveitosa cooperación e coordinación con outros instrumentos estatais, como é a Entidade pública empresarial España Exportación e Inversiones (ICEX), ou CESCE –Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación–, que é tamén a axencia de crédito á exportación española.

134. **O Plan Foexga e os plans Galicia Exporta** impulsan actividades encamiñadas a fomentar a saída a mercados internacionais, como poden ser misións comerciais directas, participación en feiras internacionais e misións inversas, entre outras. Para facerse idea da súa relevancia abonda con enumerar os fitos da súa programación en 2016-2017, con previsión de fomentar accións multisectoriais e sectoriais en máis de 50 países.

135. A experiencia de coordinación acumulada polos sucesivos plans Foexga e Galicia Exporta, entre unha Administración institucional de base territorial –Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria–, un organismo público como o Igape, corporacións de dereito público como as cámaras de comercio, industria e navegación, e, sobre todo, coas empresas privadas, tanto individualmente consideradas coma agrupadas en asociacións sectoriais, é un activo crucial que hai que considerar para mellorar a implicación doutros axentes públicos e actores privados que poidan sumarse a esta **cultura de cooperación a prol de mellorar a proxección de Galicia no exterior en beneficio dos nosos cidadáns**.

136. Polo seu lado, a **Rede Pexga** –plataformas empresariais no exterior de Galicia– centra os seus esforzos nos mercados do Brasil, China, Colombia, Estados Unidos, Marrocos, México,

Reino Unido e Rusia. En consecuencia, esta rede prima os mercados extraeuropeos, vitais para diversificar os destinos e clientes internacionais das empresas e profesionais galegos.

137. A Rede Pexga vén prestando diversos servizos, como son o de indagación sobre empresas en destino, identificación de barreiras de acceso, análise da competencia sectorial, asesoramento loxístico, aliñamento coa idiosincrasia local, ou apoio en procesos de homologación de produtos, entre outros servizos. Tamén realiza prospeccións de mercado; identificación de socios potenciais, clientes e distribuidores; elaboración de axendas comerciais; apoio en accións promocionais ou seguimento de introducións comerciais previas. En todo caso, **a Egaex debe servir de acicate para reflexionar sobre o funcionamento da Rede Pexga e os compromisos nela por parte da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)**. A Rede Pexga deberá de ser impulsada, supervisada e avaliada polo Igape.

138. De igual xeito, o **SALT –Servizo de Licitacións Internacionais–** pretende sensibilizar as nosas empresas acerca das oportunidades de negocio que se poden presentar mediante licitacións e participación en proxectos internacionais, incrementando as súas competencias e saber-facer neses ámbitos e facilitando o acceso á información sobre as súas convocatorias e sobre a propia estrutura e dinámica dos organismos convocantes, ademais de asesorar e apoiar ás empresas galegas que participen en proxectos con financiamento multilateral.

139. Pero esta estrutura ao servizo das empresas galegas, primordialmente das pemes, debe completarse coa creación de **antenas de internacionalización** do propio Igape, que desenvolverán o seu traballo mediante a utilización de axentes de internacionalización cos que ampliar e reforzar a cobertura de mercados da Rede Pexga. Estas novas ferramentas teñen a misión de abrir canles de entrada como distribuidores e pontes de entendemento entre culturas empresariais diferentes, onde convén consolidar a presenza empresarial galega.

140. En suma, tendo en conta as necesidades do país e o obxectivo estratéxico de que as nosas exportacións cheguen a supoñer o 40% do PIB en 2020, **todos estes medios** focalizados no servizo á internacionalización empresa-

rial, xunto cos restantes de natureza sectorial de que dispoñen as administracións públicas galegas, **deben colaborar máis áxil e intensamente cos actores empresariais privados**. Sen esa colaboración público-privada será menos probable alcanzar os obxectivos marcados.

141. Así, **as axendas dos desprazamentos oficiais ao exterior ou as previsións nas recepcións de autoridades foráneas en Galicia deben coordinarse o antes posible co Igape e, a través súa, coas asociacións empresariais e coas propias empresas con intereses nos países aos que sirvan esas autoridades**. A miúdo os contactos a nivel oficial con representantes públicos de áreas conexas, afíns ou complementarias coa propiamente implicada nun asunto de interese empresarial serven para acelerar ou revisar expedientes que non avanza por problemas de diversa natureza. Pensemos en supostos como diverxencias de criterio en canto a métodos analíticos ou homologación de produtos nun sector determinado, cuxa solución pode ser tratada por autoridades galegas que ofrecen a súa cooperación en áreas lindantes ou mesmo remotas –formación sanitaria, capacitación de equipos humanos en áreas produtivas, asistencia técnica en diversas materias...–.

142. **As cámaras de comercio, industria e navegación, a Confederación de Empresarios de Galicia e as asociacións empresariais sectoriais deben ser as canles fundamentais para encareirar a información que flúa dende as empresas con intereses no exterior ou con vocación de posicionarse no estranxeiro cara ao Igape**, como nodo preferente de tratamento da información económica, e deste co centro directivo responsable das relacións exteriores de carácter institucional, que polas competencias que posúe xa recibe a información e as propostas de desprazamentos ou contactos con autoridades exteriores dos distintos departamentos e organismos da Administración autonómica. A ensamblaxe de ambos os dous nodos, empresarial e institucional, só pode producir vantaxes sen por iso incrementar a carga burocrática nin tampouco os custos asociados.

143. Un precedente desta nova cultura de apoio ás empresas galegas no exterior podemos atopalo no Sistema de información do mercado interior (IMI), desenvolvido pola UE baixo a supervisión da Comisión Europea, ou en redes informais de solución de controversias como é

SOLVIT. En ambos os dous casos, ben baixo impulso dunha autoridade pública, ben baixo a queixa dun particular que activa unha xestión de intermediación para solucionar un concreto problema profesional ou empresarial que lle dificulta ou impide desenvolver as súas actividades noutro país da UE, a autoridade galega responsable do IMI ou de SOLVIT realiza as tarefas precisas para buscar solucións de forma coordinada coas autoridades do outro país en cuestión, solicitando para iso a información, consello ou axuda doutros órganos administrativos mediante unha interlocución directa, sen por iso xerar un expediente administrativo interno, xa que **a UE busca resultados operativos conforme cos principios de liberdade de circulación**.

144. É certo que no marco extra-europeo carecemos dese paraugas funcional e institucional europeo, pero **nada impide que unha autoridade dunha área sectorial distinta á do asunto principal aproveite os seus contactos con homólogos doutro país** para facilitarlles ás nosas empresas a entrada e permanencia exitosa nun mercado exterior determinado.

145. En liña con este propósito, **sería útil manter encontros periódicos entre cámaras, confederación de empresarios, asociacións empresariais con maior dinamismo exterior, Igape e centro directivo da Xunta de Galicia responsable das relacións exteriores** para compartir a información que interese ás empresas galegas no exterior e mancomunar instrumentos, contactos ou facilidades. Esta dinámica de traballo non precisaría a creación dunha infraestrutura administrativa que constrinxise a indispensable flexibilidade requirida pola actuación no exterior. Cómpre tamén ter en conta ás entidades locais, en concreto ás **deputacións provinciais**, algunhas das que realizan e/ou promoven actividades de promoción exterior. É fundamental coordinar todos eses esforzos e promoción co obxecto de non duplicar recursos e definir moi ben as actividades que se van realizar utilizando estratexias diferentes e asegurándose de que as empresas galegas, grandes, medianas e pequenas, poidan estar presentes nos eventos comerciais exteriores, tanto sexa a través de entidades asociativas coma elas directamente.

146. As empresas galegas que se inicien na exportación e que se encontren con problemas en

destino deben ser, dentro do colectivo, as que merezan un maior apoio nas tarefas de xestión institucional, xa que unha mala experiencia neste sentido pode retraelas de novos intentos e, mesmo, poñer en risco a súa propia existencia, dadas as consecuencias económicas que a miúdo teñen eses obstáculos e imprevistos a teor da dimensión da empresa. De aí que, **cando sexa preciso mobilizar departamentos autonómicos** que, *a priori*, gardan pouca ou nula relación coa devandita empresa ou co seu ramo de actividade, **estes deban asumir coa maior dilixencia as encomendas que se lle fagan no exterior a través do centro directivo competente en relacións exteriores da Xunta de Galicia**.

4.1.C. Turismo e acción exterior

147. **O turismo xera máis do 10% do PIB galego e ocupa mesmo a unha porcentaxe similar da nosa poboación laboral empregada**. Por conseguinte, e a pesar de crenzas moi estendidas, o seu peso é superior nestes parámetros ao da agricultura ou a pesca. Ademais, este sector posúe aínda un enorme potencial de crecemento, que permitirá incrementar a cohesión social e combater o desequilibrio territorial que afecta ao interior de Galicia, tal como subliña a **Estratexia de turismo** vixente na Comunidade Autónoma.

148. Entre os datos que se deben salientar en relación co **impacto socioeconómico do turismo en Galicia** cabería citar os 277.910 peregrinos con credencial da Compostela solicitada na Oficina do Peregrino en 2016, dos cales o 55,3% con Compostela son de procedencia internacional; tamén os 4.937.171 turistas en establecementos regulados (INE, 2016) e o 27,9% de turistas internacionais nos devanditos establecementos; 8.143.003 pasaxeiros en aeroportos galegos (AENA, 2016); 316.623 cruceristas (Portos de España, 2016); 3.383.825 excursionistas internacionais (FRONTUR, 2016); a estadía media en establecementos regulados é de 2,04 noites; a ocupación hoteleira media anual de establecementos hoteleiros foi de 36,07% (EOH 31/12/2016); o gasto total de turistas internacionais ascendeu a 866.000.000 € (EGATUR, 2016).

149. Os datos dispoñibles do exercicio 2016 afianzan ademais a **positiva evolución desta**

tendencia. Segundo os avances do Instituto Nacional de Estatística (INE), en 2016 Galicia atraeu un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos seus establecementos hoteleiros do 5,89% en relación ao ano 2015, máis de 4.300.000, o que supón un máximo histórico. Así mesmo, Galicia conseguiu en termos de viaxeiros durante o pasado ano o maior crecemento porcentual do conxunto español. As pernoitas subiron tamén nun 7,2%, rexistrando preto de 8.250.000, obtendo a cifra máis elevada do último lustro. En canto aos segmentos de mercado, o turismo internacional incrementou a súa cifra de viaxeiros aloxados nun 5,3% e as súas pernoitas nun 6,3% alcanzando en 2016 máximos históricos, con preto de 1.220.000 viaxeiros e máis de 1.930.000 pernoitas; ademais, o peso do turismo internacional en Galicia supuxo o 28,2% dos viaxeiros e o 23,43% das pernoitas, conseguindo tamén os niveis máis elevados dos últimos cinco anos. Pola súa banda, o turismo interno incrementouse nun 7,5% no que se refire ás pernoitas e nun 6,0% aos viaxeiros. Finalmente, os niveis de ocupación do sector hoteleiro en Galicia melloraron en relación ao ano 2015 en máis de dous puntos porcentuais, para situarse na cifra máis elevada dos últimos cinco anos. Tamén as tarifas hoteleiras e os niveis de rendibilidade subiron respectivamente en Galicia durante o ano 2016.

150. Convén ter presente que **o turismo constitúe xa unha das grandes actividades económicas e é unha relevante fonte de emprego a nivel mundial**, rexistrando nestes últimos anos un crecemento importante dos seus principais indicadores. Os movementos de turistas internacionais –visitantes que pasan cando menos unha noite no destino de visita– superaron a nivel mundial os 1.186 millóns de persoas en 2015²¹, cifra que se incrementou nun 4,6% respecto a 2014. Con 52 millóns de turistas máis que no ano anterior, 2015 supuxo o sexto ano consecutivo de forte crecemento da demanda global. Galicia debe aproveitar en maior medida esa onda de demanda adicional.

151. **O turismo incrementase en todos os grandes destinos mundiais**, tanto nos consolidados coma nos emerxentes, a pesar das constantes

dificultades xeopolíticas, económicas e mesmo sanitarias presentes nalgunhas zonas concretas. Centrándonos xa no noso ámbito máis inmediato, cabe recordar que Europa liderou o crecemento mundial en termos absolutos durante 2014 –con 15 millóns máis de turistas en relación ao 2013– e consolidou a tendencia observada durante os últimos anos. Cunha cota do 51,4%, Europa é a principal potencia turística a nivel mundial.

152. Neste contexto **España consolidouse entre os principais líderes mundiais do sector**, sendo o terceiro destino en volume de chegadas internacionais –só por detrás de Francia e Estados Unidos– e o segundo por ingresos procedentes do turismo –unicamente neste caso por detrás dos Estados Unidos–. En 2014 rexistrou un máximo histórico de demanda internacional con 65 millóns de turistas, un 7,1% máis que en 2013, e ademais os ingresos por turismo subiron un 4,2%. En 2015, seguiu a tendencia alcanzando xa os 68,1 millóns de turistas, case un 5% máis que en 2014. Este récord volveu superarse en 2016 con 75,6 millóns de turistas, case un 10,3% máis que en 2015²². Estes datos non veñen máis que a confirmar a tendencia observada nos últimos anos, de recuperación e consolidación dos grandes indicadores turísticos en termos de demanda, renda e emprego no conxunto de España. Neste sentido, o turismo supón o 11,1% do PIB español, datos de 2015, e o 13% do emprego segundo a *Cuenta Sátelite del Turismo de 2015* publicada polo INE²³, en Galicia a porcentaxe no emprego é o 10,7% no ano 2015 e o 10,4% no ano 2016.

153. Os cambios xerados no mercado turístico durante estes últimos anos non só se manifestan en termos cuantitativos, senón tamén nas súas propias características e dinámicas internas. **O sector está a experimentar profundas transformacións** en diferentes ámbitos, motivados pola introdución e expansión das TIC en toda a cadea de valor do produto –aloxamento, transporte, servizos turísticos, comercialización e venda...–, cun papel preponderante das redes sociais e o uso de dispositivos mó-

22. <http://www.ine.es/daco/daco42/frontur/frontur1216.pdf>

23. https://www.hosteltur.com/119629_turismo-gana-peso-economia-aportacion-111-al-pib.html



biles. Obsérvanse tamén cambios profundos no comportamento do usuario, coa aparición e transformación de novos segmentos de demanda e perfís de viaxeiros que buscan novas experiencias e servizos. Todas estas dinámicas e transformacións xeran un mercado cada vez máis competitivo e obrigan os destinos turísticos a reposicionarse e adaptar a súa oferta aos constantes cambios da demanda.

154. **Galicia non é allea a esta dinámica do turismo internacional e vén rexistrando durante estes últimos anos un crecemento importante en termos de demanda.** Así, no ámbito do aloxamento regulado, segundo as cifras do INE a nosa Comunidade acumula cinco anos consecutivos de crecemento do turismo internacional, conseguindo en 2016 máximos históricos con 1.377.699 viaxeiros aloxados e máis de 2,2 millóns de pernoitas, rexistros que superan nun 7,8% e nun 10,2% os datos de 2015. Estas cifras récord sitúan o peso do mercado estranxeiro para Galicia por riba do 25%, conseguindo neste sentido unha cota importante nunca antes alcanzada. Esta dinámica positiva permitiulle a Galicia iniciar a recuperación da demanda en 2012 e consolidar este comportamento en anos sucesivos, para conseguir ata 2016 niveis máximos de demanda turística. Por conseguinte, habemos aproveitar este potencial no exterior.

155. Esta mellora supuxo que o mercado internacional conseguise no pasado ano máximos históricos tanto de volume como de peso no conxunto da demanda representando o 27,9% dos viaxeiros e o 22,7% das pernoitas totais²⁴. En consecuencia, as diversas fontes de información converxen no **positivo diagnóstico do sector turístico galego**.

156. **Agora temos que optimizar en maior medida a posta en valor dos nosos recursos turísticos.** O Camiño de Santiago conta con oito rutas e atravesa máis de 100 municipios, sendo recoñecido como Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa (1987) e como Patrimonio da Humanidade pola Unesco (1993). Galicia goza de 1.659 km de costa e 863 praias. Suma catro declaracións Patrimonio da Humanidade pola Unesco, 671 bens inmoables de interese cultural, nove festas de interese turístico internacional, 11 de interese turístico nacional e 116 festas de interese turístico galego²⁵. Dúas paisaxes protexidas, 72 zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), tres sitios naturais de interese nacional. 29.574 km² de

24. http://www.turismo.gal/espazo-institucional/actualidade/detalle-nova?langId=gL_ES&content=nova_1227.html

25. *Galicia Fiestas de Interés Turístico*. Axencia Turismo de Galicia.

21. <http://www.e-unwto.org/doi/pdf/10.18111/9789284418152>

territorio, con máis dun 12% protexido con diversas figuras –Parque Nacional das Illas Atlánticas, seis reservas da biosfera, seis parques naturais, cinco humedais protexidos e sete monumentos naturais–. Na Rede Natura 2000, 59 lugares de interese comunitario (LIC) e 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

157. Entre os retos que ten que encarar o sector turístico galego encóntrase **posicionar a Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional**; tamén consolidar a Galicia como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora; facer de Galicia un modelo europeo de turismo sustentable e afianzar un sector turístico galego competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional. Ademais, temos que lograr converter a nosa auga nun recurso turístico básico nas súas múltiples formas, como elemento diferencial de Galicia, modelador e impulsor de todo o que configura a nosa singularidade turística.
158. **O 69,58% do turismo internacional de Galicia é de orixe europea**, sendo claramente Portugal o noso principal foco emisor con 191.879 turistas portugueses que visitan a nosa comunidade. A proximidade explica tamén que máis do 90% dos excursionistas estranxeiros que visitan Galicia por unha soa xornada proveñan do país veciño. Alemaña, Italia, Francia e Reino Unido son, despois de Portugal, os nosos principais clientes internacionais. Estes cinco países acrecentan o seu peso e importancia para Galicia dende hai varios anos.
159. Dende o ámbito extra-europeo, **un 19,12% do turismo internacional que chega a Galicia procede do continente americano**, sendo os nosos principais clientes a Arxentina, o Brasil, os Estados Unidos, México e Venezuela.
160. O incremento do turismo internacional vén acompañado de dous factores: **a recuperación e consolidación de mercados maduros e a aparición de novos mercados emerxentes**. Isto leva consigo unha maior diversificación do panorama turístico na nosa comunidade, na liña da tendencia observada no contexto global de busca de novos nichos de mercado e novos perfís de clientes. Neste sentido, segundo a Enquisa do turismo en destino de Galicia, o 65% dos turistas estranxeiros visita Galicia por motivos vacacionais ou de ocio, sendo o medio natural

e a paisaxe o principal factor de atracción ou razón de visita á nosa comunidade. Destacan tamén outros argumentos, como o patrimonio histórico-artístico, a cultura e costumes locais, a gastronomía e elementos de carácter intanxible, como a calidade de vida, a hospitalidade e o pracer do descanso. Son todos eles motivos sinalados para elixir Galicia como destino de vacacións, confirmando a diversidade de perfís dentro deste mercado.

161. **O Camiño de Santiago é claramente o produto turístico de Galicia no que o turismo internacional adquire un notable peso e importancia**. Non en van constitúe a porta de entrada de moitos turistas que visitan por vez primeira a nosa comunidade. Neste ámbito concreto, o peso do mercado estranxeiro supera o 50% do total dos peregrinos que realizan anualmente o Camiño, rexistrando ademais un crecemento constante durante os últimos anos. Esta dinámica positiva vén acompañada dunha maior diversificación en termos de procedencia, ampliándose neste sentido os países de orixe dos peregrinos estranxeiros. Mercados como EUA, Corea ou Xapón xorden nos últimos anos e colócanse entre os máis dinámicos no ámbito do Camiño de Santiago, ao que non son alleas xestións exteriores da Xunta de Galicia, como a colaboración coa Prefectura de Wakayama e o camiño Kumano Kodo ou a ruta Shikoku Henro, ou a visita de S.A.I. Príncipe Naruhito e do Primeiro Ministro nipón Shinzo Abe.
162. Dende este punto de partida, **a promoción pública exterior de Galicia en materia turística pasa por establecer alianzas estratégicas e acordos de colaboración coas institucións competentes en materia de turismo, de cultura e de medio ambiente de Portugal**, para o desenvolvemento da Eurorrexión e a proxección exterior desta. Tamén por establecer acordos con institucións daqueles países polos que discorre o camiño de Santiago, para a súa promoción, conservación e difusión, especialmente con Francia, Italia, Alemaña e Reino Unido, ademais de con Irlanda, Bélxica, Holanda, Suíza, Dinamarca, Noruega e Polonia. Igualmente debemos manter unha colaboración especial coas asociacións representativas das comunidades galegas no exterior, de cara a informalas sobre os recursos turísticos de Galicia e promover o destino, así como establecer alianzas coas empresas galegas con forte presenza no exterior e con boa reputación, para

vincular a marca Galicia a estas. Así mesmo, hai que preservar as actuacións de promoción exterior que vén desenvolvendo Turismo de Galicia e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, e intensificar a colaboración coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago no exterior. Por último, debemos aproveitar as promocións de carácter industrial, artesanal, agrícola, pesqueiro e comercial para engadir a promoción turística, ao tempo que se inclúa a promoción de produtos galegos nas campañas e iniciativas turísticas.

163. Cara a 2020, **Galicia busca ser recoñecida como un destino turístico sustentable**, para o cal ten que presentar unha oferta segmentada, adaptada ás tendencias internacionais e cunha atención personalizada ao turista e de calidade. O noso sector turístico debe aspirar a conseguir unha posición de liderado, que lle permita ser xerador de emprego e redistribuidor de riqueza, ademais de erixirse en forza tractora e escaparate doutros sectores económicos galegos, en prol dunha maior internacionalización e apertura do conxunto da nosa economía e da nosa sociedade.
164. **Temos que explotar ao máximo as nosas fortalezas**, empezando pola icona universal que é o Camiño Xacobeo, seguido das restantes declaracións que atesouramos como patrimonio da humanidade outorgadas pola Unesco, como sucede coa Torre de Hércules e a Muralla lucense, así como a nosa biodiversidade, a calidade natural, mineral e termal das nosas augas. Poucos destinos hai en Europa que atesouren tantos activos que promover e difundir.
165. Tamén temos que sacar proveito das novas oportunidades que se nos presentan, como a tendencia en Europa a fragmentar as vacacións anuais, o incremento entre os turistas sénior da demanda de novos produtos e servizos turísticos, máis alá das estadias en paquetes pechados de sol e praia, ou a entrada en vigor da Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza²⁶, que fomentará o desenvolvemento do turismo de saúde e do turismo termal. Neste último punto, cabe salientar como unha

26. Directiva 2011/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteiriza.

axeitada coordinación interdepartamental na Administración autonómica e de colaboración co sector privado, pode sentar as bases dunha maior actividade económica. Así, **o fomento de hipotéticos convenios de colaboración baixo a forma de memoranda de entendemento con sistemas nacionais de saúde e aseguradoras doutros países europeos**, implicaría o concurso da Axencia Turismo de Galicia, do Servizo Galego de Saúde, do centro directivo competente en relacións exteriores e coa UE, do Igape e das asociacións empresariais dispostas a asumir novos riscos e oportunidades para obter novas vías de negocio. Os casos de Alemaña, Reino Unido, Francia e Noruega—como membro do Espazo Económico Europeo— poderían ser a avanzada desta liña de traballo.

166. Outra alternativa para explorar de igual teor en canto a coordinación e colaboración público-privada podería ser a que atinxe ao **turismo idiomático**, que sen aspirar nunha primeira fase a obter os resultados alcanzados por destinos como Irlanda ou Malta, a causa do gran tirón do ensino do inglés, si que podería complementar a estratexia sectorial de diversificación e desestacionalización. Medidas como o “Carné do estudante idiomático amigo de Galicia”, que acumule diversos descontos en servizos turísticos para eles e as súas familias—co obxecto de fomentar o consumo turístico e a repetición da súa visita—, ou o deseño de programas de ocio complementario para estudantes de castelán e/ou galego procedentes do Brasil, Canadá, Estados Unidos, Corea do Sur, Xapón, Alemaña, Irlanda ou o Reino Unido, son opcións factibles ao noso alcance que tamén requirirían unha estreita coordinación interdepartamental, coas universidades públicas galegas e coas entidades que aglutinen o sector privado afín.
167. A promoción turística de Galicia está, ademais, intimamente ligada á promoción socioeconómica e cultural do país. De aí que o recurso a **prescritores de marca e destino** supere o marco turístico, polo que será de interese a cooperación doutros departamentos, entidades e sectores. A idea de forxar un programa de prescritores cos que subscribir acordos aproveitando as redes Pexga e Foexga, con empresarios galegos de éxito radicados no exterior e con personalidades públicas emocionalmente vinculadas a Galicia debe ser apoiada de modo integrado. Un exemplo que hai que considerar



pode ser o precedente do realizado por Ramón Estévez Phelan –Martin Sheen– coa súa película *The Way*, e o extraordinario fenómeno de Hape Kerkeling en Alemaña (*"Ich bin dann mal weg - Meine Reise auf dem Jakobsweg"*), éxito editorial cunha tirada superior aos cinco millóns de exemplares dende 2006, que tamén tivo unha excelente acollida inaugural na súa versión cinematográfica, dirixida por Julia von Heinz, presentada en decembro de 2015.

168. En suma, debemos cobrar conciencia de que **a promoción turística rende uns beneficios que transcenden o propio sector**, sobre todo no que concirne ao posicionamento doutros produtos e servizos nun mercado global que, a miúdo, padece unha saturación de oferta que esixe optar pola diferenciación e a exclusividade. O achegamento de Galicia a organismos como a Unesco, a Organización Mundial do Turismo, ICOMOS –*International Council on Monuments and Sites*, organización internacional non gubernamental dedicada á conservación de monumentos e lugares de gran valor cultural– e outros similares debe ser unha aposta a longo prazo á cal todos os axentes e actores da acción exterior galega deben contribuir.

4.1.D. Conectividade

169. Galicia está a punto de ver culminada a obra do porto exterior da Coruña e os seus accesos que, xunto co seu equivalente do Ferrol, marcan un fito da enxeñaría civil. Ambos os dous xunto co resto dos **portos de interese xeral de Galicia** (Vigo, Marín-Pontevedra, Vilagarcía e Ferrol-San Cibrao), completan un sistema portuario de primeiro nivel que debe ser promovido a escala internacional, xa que nos permite superar a presunta excentricidade que padecemos respecto do modelo continental e euro-centrista de desenvolvemento, nucleado arredor do tradicional eixo que une a rexión metropolitana do gran Londres con Lombardía, nunha concreta franxa de terreo fóra da cal as deseconomías de escala parecen ser a regra e non a excepción.

170. Esa rede portuaria, xunto coa excelente rede aeroportuaria de que gozamos, pronto sumada á completa conexión de alta velocidade ferroviaria e a xa operativa de autovías de alta capacidade que nos unen ao corredor Cantábrico, á Meseta española e Portugal, sentan os piares dunha **nova realidade galega, radicalmente distinta á que recordan moitos opera-**

dores tan só un par de décadas atrás. Noutras palabras, en moi poucos anos Galicia culminará unha rede de conexións de comunicación que a posicionará como alternativa plausible para aproveitar proxectos empresariais inimaginables ata o momento.

171. Grazas a todas estas conexións e á permanente mellora da capilaridade interna do complexo de infraestruturas de transporte que conecta a Galicia interior coa costeira, **temos a oportunidade de superar as consecuencias do noso presunto carácter periférico**, sempre visto dende o interior do continente, visión que debemos contribuir a superar no deseño das novas redes paneuropeas de transporte e das novas oportunidades de negocio a elas vinculadas. Non obstante, a medida que Europa se vaia abrindo máis ao comercio transatlántico e intensifique as súas transaccións mercantís cos países do sur, é de prever que Galicia irá gañando unha centralidade que pode aproveitar en mellores condicións que nunca ao longo da súa historia.

172. Galicia conta cunhas infraestruturas avanzadas de redes de banda larga. Grazas ás actuacións derivadas do **Plan de banda larga**, Galicia con-

seguiu universalizar o acceso á banda larga de cando menos 2Mbps e que máis da metade da poboación dispoña de acceso a redes con velocidades de ata 200Mbps. Non obstante, para garantir o acceso a novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais na nosa comunidade, a Xunta aprobou o **Plan de banda larga de Galicia 2020** que asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa: garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

173. Dende este punto de vista, resulta importante que na proxección exterior de Galicia e dende todas as ordes sectoriais se resalte esta nova realidade en canto a dotación de infraestruturas e conectividade, xa que pode servir para posicionarnos a nivel internacional como **polo de atracción de investimentos de interese loxístico ou de peche de circuitos de produción**, a teor da conxestión que ameaza os nodos europeos tradicionais.

174. Resulta obvio que non aspiramos a enfrontarnos á avasaladora competencia dos hinter-

lands de Rotterdam, Hamburgo, ou Amberes, que aínda se benefician de imbatibles vantaxes competitivas, como a proximidade a grandes bolsas de poboación demandante de produtos e servizos de alto valor engadido. Non obstante, na medida en que se materialice o avance da multipolaridade que aconsella a nova política de transportes da UE, como alternativa viable para superar as ineficiencias que leva consigo unha excesiva concentración que non pode seguir o ritmo nin asumir a flexibilidade que require unha economía cada vez máis globalizada, Galicia debe aproveitar as súas vantaxes competitivas co propósito de converterse en **vía de entrada e saída das materias primas e produtos elaborados que, dende o Atlántico, serven á demanda ou á oferta xeradas na Península Ibérica e parte do suroeste continental.**

4.1.E. Sector primario

175. **Para Galicia o seu sector primario ten un valor estratéxico incuestionable**, e xa non só polas súas consideracións económicas e sociolaborais, senón mesmo pola súa achega á articulación, cohesión e personalidade do país. De aí que nada do que acontece en Bruxelas e que atinxa a este sector lle deba ser alleo, considerando que a comunitarización da actividade e a produción agraria e pesqueira é practicamente total.
176. Ante esta realidade, **a Xunta de Galicia decidiu implicarse plenamente no proceso de toma de decisións en España e na UE que concirne ao mundo rural e pesqueiro.** A manifestación máis evidente desta implicación foi a presenza activa da Consellería do Medio Rural e do Mar nos Consellos de Ministros de Pesca da UE, dentro da delegación española, como é natural e legal, ao longo de cinco semestres, entre os anos 2012 e 2014, o que ao cabo resultou determinante para conseguir flexibilizar a postura inicial da Comisión ante a reforma da política común de pesca (PCP). Ademais, a intervención previa nos grupos de traballo promovidos polo Magrama, tamén tiveron a súa recompensa.
177. En xaneiro do 2014 concluíu **a reforma da PCP, que incorporou moitas das consideracións feitas por Galicia**, cuns resultados globais positivos para o noso sector marítimo-pesqueiro.

A radical postura inicialmente promovida pola Comisión Europea, estimulada por lobbies doutras latitudes, quedou despois modulada e suavizada.

178. Na nova PCP para o período 2014-2020 incluíronse así consideracións galegas, como a relativa ao **rendemento máximo sustentable (RMS)**, onde Galicia defendía conseguilo a partir de 2015 se fose posible, con límite en 2020. Unha minoración gradual dos descartes tamén foi ao cabo tida en conta.
179. Respecto á rexionalización, o resultado foi acorde coa nosa postura, xa que propugnabamos a xestión de áreas con independencia dos Estados membros e un reforzo dos **consellos consultivos rexionais**. Ao mesmo tempo, a nova PCP, deixaba aberta a porta ós **dereitos transferibles de pesca**, e garantía a disposición das doce millas da costa para as frotas nacionais.
180. No marco comercial da nova Organización Común dos Mercados (OCM) da pesca e da acuicultura, Galicia viu referendada a súa petición de **establecemento dunha diferenciación dos produtos e de aseguramento dun nivel homoxéneo para os produtos comercializados na UE.**
181. En canto á asignación orzamentaria, o **novo FEMP (Fondo Europeo Marítimo e de Pesca) ascendía relativamente**, sostendo os recursos de xestión compartida, que son semellantes aos anteriores. Dos 4.304 millóns de euros do período anterior pasamos aos 4.340 millóns para os próximos anos. A grandes trazos, mantense a formulación do anterior FEP (Fondo Europeo de Pesca), introducíndose apoios para o emprego de artes máis selectivas, formulándose axudas para a incorporación de mozos, para potenciar a competitividade da frota e para a súa paralización temporal cando sexa indispensable.
182. Ademais, a Comisión Europea, co fin de impulsar o sector acuícola, tamén incluíu diversos mecanismos na nova PCP, no FEMP e na Axenda para o crecemento azul da UE, co que iso supón para Galicia, ao gozar dunha **posición de liderado tanto en España coma en Europa.**
183. Se estes foron algúns dos logros orzamentarios e de xestión obtidos no transcurso da reforma

da PCP, coa presenza de Galicia no Consello de Ministros de Pesca da UE entre os anos 2012 e 2014 tamén **conseguimos incrementar as posibilidades de pesca.** Téñase en conta que entre 2005 e 2012 perdemos o 44% das toneladas que podíamos pescar e do valor das cotas en prezos de primeira venda, pero durante o período 2012-2014, no que como recordamos Galicia tivo presenza nos Consellos de Ministros de Pesca da UE representando ás CC. AA., gañamos un 13% de cota e aumentou o valor desta nun 55%, ao incrementarse as cotas de especies de alto valor e interese pesqueiro, como a pescada.

184. No que corresponde á política agraria comunitaria (PAC), Galicia obtivo un balance positivo razoable con motivo da reforma realizada. Cabe subliñar entre as vantaxes logradas as axudas vinculadas aos agricultores activos. **Por primeira vez na historia da PAC as axudas directas estarán deste xeito ligadas a agricultores activos, e respectaranse os dereitos dos pequenos agricultores e dos agricultores a tempo parcial.** Evítase ademais neste novo marco a aplicación dunha taxa plana de pagamento por hectárea e primarase a actividade.
185. Tamén se primou o **sector gandeiro**, fundamental para Galicia. As axudas ligadas priman as actividades gandeiras, que percibirán o 84% destas axudas. Galicia, eminentemente gandeira, verase beneficiada por esta medida. A pesar da desaparición das cotas lácteas o 31 de marzo de 2015, Galicia non queda mal parada. Os pagamentos ligados medran o 63%, e os pagamentos desligados estarán en función das axudas percibidas ata 2014. Por outro lado, o subsector lácteo está a ser obxecto dun estreito seguimento no seo da conferencia sectorial, para tratar de que manteña o seu peso específico e se é posible o incremento, aínda coa recente desaparición das cotas. Non obstante, **a evolución dos prezos lácteos require que subamos a presión** para obter unha resposta máis proactiva de Bruxelas á hora de encarar os desafíos que se lle presentan ao sector, vista a derrota seguida nos mercados internacionais.
186. En síntese, considerando o saldo financeiro do sector agrario referido aos recursos europeos, a nosa Comunidade Autónoma mantén o nivel que tivemos durante o período 2007-2013, se ben mesmo se dá un **incremento dun 4%**

dos fondos Feader que percibiremos, pasando de 856 millóns de euros na etapa anterior aos 890 desta. Atendendo ao ámbito restritivo das perspectivas financeiras plurianuais previas da Unión e á concorrencia doutras fronteiras económicas que atender por parte desta, como consecuencia da crise económica xeral, o resultado global obtido por Galicia ha de cualificarse como razoablemente positivo.

187. En perspectiva histórica, se o ingreso de España na CEE supuxo un shock e á vez unha oportunidade para o sector primario no conxunto do Estado, esa dicotomía aínda foi máis acusada no caso de Galicia, cun gando de leite e unha frota pesqueira que representaban máis da metade do total do país, pero que **precisaba modernizar as súas estruturas para gañar en produtividade e competitividade.** Nos primeiros anos tras a adhesión asistimos a unha rápida adaptación do campo e da nosa frota, tanto no referente aos produtos agrícolas e gandeiros coma aos pesqueiros. Non obstante, é ben certo que nalgúns aspectos que precisabamos acometer con urxencia, como a modernización estrutural, a mellora da comercialización e a maior internacionalización sectorial, só avanzamos moi positivamente nunha segunda fase.
188. A transformación do noso sector primario tivo diversas manifestacións. Por exemplo, o FEP permitiu nos últimos anos acometer importantes **investimentos na industria transformadora dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura**, asistindo a unha modernización sen precedentes dese tecido produtivo, o que posibilitou o incremento exponencial da produción e dos seus mercados, tanto interior coma exterior. Sen o importantísimo cofinanciamento da UE esa tarefa sería imposible.
189. Igualmente, contamos con importantes partidas europeas destinadas á **modernización dos nosos buques pesqueiros e os seus equipos**, comezando polo que concirne á seguridade e á calidade de vida das tripulacións. Ademais da mellora da eficiencia conseguida, tamén se realizaron importantes investimentos a bordo para perfeccionar a comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
190. Outro paradigma dos significativos avances estruturais obtidos grazas ao apoio da UE é canto atinxe á notable **mellora da calidade**

da **industria agroalimentaria**. Neste sentido, Galicia realizou un importante esforzo nas marcas de calidade e orixe diferenciada dos produtos do mar e do campo. Hoxe contamos con máis de tres decenas de marcas de calidade diferenciada, coñecidas e recoñecidas dentro e fóra de España, que permiten acrecentar a valoración dos nosos produtos primarios nos mercados locais, nacionais e europeos, brindando por engadido a oportunidade de incrementar o acceso aos mercados internacionais, como sucede cos nosos viños.

191. A modernización da industria transformadora dos produtos do mar e do campo, coa incorporación dos últimos avances tecnolóxicos, habitualmente cofinanciada con recursos da UE, está a contribuir moi positivamente á ampliación dos mercados interior e exterior. A modernización da industria, xunto á aludida creación de marcas de calidade diferenciada, permitiron nos últimos anos un **incremento das expedicións e exportacións dos produtos galegos**, que esperamos que persista no futuro como un camiño cara a adiante e sen retorno.

192. Estas transformacións e avances tiveron os seus custos, e xusto é recoñecelo, sobre todo para mellorar a nosa postura de defensa avanzada dos intereses galegos en Bruxelas e de reacción inmediata para propoñer alternativas ou compensacións por parte da Unión. Nós **somos moi críticos cos totais admisibles de captura (TAC) e coas cotas impostas á frota comunitaria, que non sempre son xustos**. Se unha das maiores inxustizas que sufriu España, e con ela Galicia, á hora de proceder á repartición de TAC e cotas que determinan as posibilidades de pesca foi non ter en conta a traxectoria, dereitos históricos de pesca nos caladoiros do mundo e a importancia socioeconómica da nosa frota, agora afrontamos por engadido un radical e non sempre fundado proteccionismo ambiental de especies e caladoiros, dos que non existen informes científicos rigorosos, contrastados e actualizados sobre distintas pesqueiras. Esa foi e é precisamente unha das reclamacións permanentes da Xunta de Galicia perante da Comisión Europea, xa que entendemos que unha correcta verificación permitiría ampliar as nosas posibilidades de pesca en determinadas especies e situacións.

193. **Temos fundadas reservas sobre como abordar a reestruturación da frota europea, e con**

ela a galega, xa que as directrices de Bruxelas tenden a reaccionar limitando o esforzo pesqueiro de forma errática e dubidosa, aínda que xusto é constatar que as medidas para a paralización de actividade contaron con importantes compensacións, dirixidas tanto aos armadores coma ás tripulacións, e certo é que o espazo deixado polas unidades de frota retiradas contribuíu a mellorar a competitividade das que permanecen en activo.

194. Respecto á negociación e implementación de marcos de acordos comerciais con terceiros países, como poden ser Tailandia ou Filipinas, **é de desexar que non se menoscaben as potencialidades da industria conserveira galega e que se esixa un nivel de requisitos de saúde pública, ambientais e sociais** que sexan asimilables ou equiparables cos impostos no espazo da Unión Europea aos propios produtores europeos. Dende o noso punto de vista a adaptación do acordo con Tailandia é clave, así como desterrar a pesca ilegal no Pacífico. Situacións análogas con terceiros países non deixan de encarnar unha ameaza constante, e temos que permanecer vixiantes para evitar que os seus produtos incorran nunha competencia desleal, ao non observar neses Estados as mesmas esixencias e requisitos hixiénico-sanitarios, e mesmo laborais, que dentro da UE, segundo as pautas usuais de organismos internacionais como a OMS ou a OIT.

195. Non obstante, a proxección exterior do sector primario galego non se circunscribe en exclusiva ao espazo da UE, que é en puridade xurídica o noso mercado interior. Por tal motivo temos **interese en alcanzar acordos con organizacións como a FAO**. En efecto, en virtude do acordo marco asinado en xaneiro do 2004 entre España e a FAO, para o impulso das relacións entre a devandita organización do sistema de Nacións Unidas e o Estado español, coa finalidade de desenvolver proxectos, programas e actividades no ámbito da agricultura, a pesca e a alimentación, a Xunta asinou en setembro de 2015 un Memorando específico, que complementa o acordo suscrito o 10 de decembro de 2010. O desexo da Xunta de Galicia é que a futura colaboración que del derive abranga todos os temas de interese común relativos á agricultura, á actividade marítimo-pesqueira, á alimentación, ó desenvolvemento e á economía rural e costeira e, en particular, ás iniciativas encamiñadas ao desenvolvemento

destes sectores e ámbitos nos países máis necesitados.

196. Queremos estreitar a nosa colaboración con actores peruanos, e para iso conformamos un **memorando de entendemento, suscrito entre o presidente da Xunta e o ministro de Producción da República do Perú**, o pasado 16 de febreiro do 2015, e con vixencia ata o ano 2020. O obxectivo deste memorando é poñer en práctica proxectos de investigación científica, tecnolóxica, sanitaria e innovacións aplicables para un mellor coñecemento do potencial, produción e comercialización de produtos pesqueiros e acuícolas, que sirvan para incrementar o desenvolvemento das poboacións de pescadores artesanais do litoral, e dos ríos e lagoas, mediante a explotación racional e sostible dos recursos hidrobiolóxicos.

197. Por outra banda, cómpre salientar que a **Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar)**, creada no ano 2001 e adscrita á Consellería do Mar, participou dende a súa orixe en **actividades en 45 países**, desenvolvendo proxectos de cooperación internacional para a xestión e desenvolvemento da pesca e a acuicultura. Actualmente están a executarse once proxectos en seis países do continente africano e catro latinoamericanos.

198. Entre as aspiracións exteriores no ámbito pesqueiro que debemos impulsar, considerando este novo período da PCP que se estende ata o 2020, encóntrase a **ampliación das posibilidades de pesca** seguindo unha cuádrupla vertente, a saber: renovando e impulsando novos acordos de pesca con terceiros países; demandando informes científicos rigorosos e actualizados sobre as poboacións que permitan a ampliación de TAC e cotas aos Estados membros; mellorando a calidade dos nosos produtos, avanzando na súa diferenciación e ampliando os mercados pesqueiros; e liderando o I+D+i e a produción acuícola na UE, converténdonos nun referente obrigado no mundo.

199. En canto aos **novos acordos de pesca con terceiros Estados**, hai que lembrar que os acordos bilaterais de pesca da UE permiten que os nosos buques poidan pescar en augas dos devanditos terceiros Estados, facéndoo nun ámbito regulado e xuridicamente seguro, aproveitando os recursos excedentarios nas respectivas zonas económicas exclusivas (ZEE). A cambio desa

vantaxe, a UE aboa aos Estados asinantes unha contrapartida económica e dispensa un apoio financeiro "sectorial", destinado a fomentar o desenvolvemento da pesca sustentable neses países, potenciando a súa capacidade administrativa e científica. Neste aspecto, coincide cos obxectivos dos proxectos de cooperación promovidos polo Cetmar e a Xunta.

200. Os acordos pesqueiros internacionais subscritos pola UE e de interese para nós son os formalizados con Cabo Verde –ata o 22/12/2018–; Costa de Marfil –ata o 30/06/2018–; Groenlandia –ata o 31/12/2020–; Guinea Bissau –ata o 23/11/17, de aplicación provisional–; Madagascar –ata o 31/12/2018–; Marrocos –ata o 14/07/2018–; Mauricio –ata o 27/1/17–; Santo Tomé e Príncipe –ata o 22/5/2018–; Senegal –ata o 19/11/2019–; Seychelles –ata o 17/1/2020–; Mauritania –ata 15/11/2019–. Tamén debemos apuntar o novo acordo con Mozambique. **O noso obxectivo estratéxico debe ser a prórroga de moitos destes acordos e a incorporación doutros novos, para ampliar deste xeito as posibilidades de pesca da nosa frota**, e singularmente dos que concirnen a Cabo Verde e Mauritania.

201. Entre os acordos de pesca de grande interese para Galicia está o suscrito entre a Unión Europea e a **República de Cabo Verde**, xa que este país africano supón unha **importante plataforma loxística e operativa para a frota galega** que faena varios meses ao ano no seu ZEE. Cabo Verde conta con capacidade para desenvolver o seu sector pesqueiro o que, por un lado, podería contribuir a incrementar a demanda para a nosa industria naval, pesqueira, auxiliar e transformadora de produtos do mar e, por outro, supoñer un novo mercado para empresas galegas conxeladoras e loxísticas. Galicia é para Cabo Verde un referente en seguridade marítima, hixiénico-sanitaria e no control da actividade pesqueira, polo que ben podería actuar a nosa Comunidade Autónoma como a súa ponte e valedor sectorial ante as autoridades da DG MARE e outras da UE.

202. A UE e **Mauritania** manteñen relacións pesqueiras fluídas dende 1987. O actual acordo pesqueiro bilateral entrou en vigor en decembro de 2006 e o seu terceiro protocolo expirou en decembro de 2014, interrompendo desta forma as actividades da frota europea. O 10 de xullo de 2015 pechábase a negociación do



Reunión do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, co embaixador de Mauritania en España, Sidi Aly, o 21 de febreiro de 2018.

novo protocolo de pesca entre a UE e Mauritania, que terá vigor durante catro anos. Neste, se ben se conseguiron algunhas melloras técnicas en varias modalidades de pesca, ao noso pesar quedou fóra unha vez máis a frota centrada nos cefalópodos. Na reunión da Comisión Mixta do acordo pesqueiro subscrito entre a UE e Mauritania (novembro de 2016) acordouse a análise da creación dunha categoría de licenza para capturar pescada, sepia, lura e outras especies demersais, as cales se encontran infraexplotadas segundo os recentes informes científicos. Non debemos ignorar a intensa competencia que representan as frots de terceiros Estados para que a UE obteña un mellor acordo coas autoridades mauritanas.

203. Por conseguinte, debemos seguir traballando en **defensa da proposta que presentaran os armadores españois, e con eles os galegos**, que formulaba unha alternativa moi razoable para o suposto de que os mauritanos non quixesen, por motivos políticos, conceder o acceso aos excedentes de polbo á frota da UE. Debemos resaltar o bo estado dos recursos, con vistas a obter unha apertura da pesqueira na reunión de avaliación e seguimento do

acordo. Con todo, os buques galegos de pesca de cefalópodos que viñan faenando ao abeiro deste acordo no pasado buscaron saídas ao seu cesamento de actividade, entre as que se atopa a localización en augas de Guinea Bissau ou Marrocos, ao abeiro doutros acordos.

204. Unha liña de traballo na que debemos perseverar é a que busca **ampliar os TAC e cotas destinados aos Estados membros**, por medio dun maior rigor e máis constante actualización dos informes científicos a considerar sobre o estado das pesqueiras. Neste sentido, é necesario dicir que se abordou en Bruxelas esta situación, derivándose conclusións esperanzadoras, xa que os datos científicos presentados mostraron unha tendencia positiva co aumento das poboacións pesqueiras, pero aínda hai un 48% de caladoiros con datos insuficientes.

205. Así mesmo, debemos **continuar coa política de mellora da calidade e ampliación de mercados da pesca**. A obriga de desembarco regulado de todas as capturas, que se implantará paulatinamente ata chegar á prohibición dos descartes, debera conducirnos á busca dun valor comercial e de novos mercados para es-

pecies que hoxe non son convenientemente valorizadas.

206. **Galicia debe manter a súa condición de liderado no sector acuícola Europeo e converterse nun referente mundial**, máxime cando a propia UE outorga unha grande importancia a este subsector como fonte de recursos e emprego, ao tempo que como complemento á pesca extractiva tradicional. A crecente demanda de alimentos no mundo debe impulsar o crecemento das producións para subministrar a unhas industrias transformadoras que enriquezan os produtos e facelos máis saudables con, ademais, o debido valor engadido, respondendo así ás novas demandas emerxentes. Tanto os produtos de calidade diferenciada de Galicia, coma os novos que sexan valorizados, contan cun mercado crecente. Polo tanto, a apertura de canles alternativas de comercialización nun mercado tan globalizado como este no que nos encontramos, será determinante para o futuro do noso sector primario.

207. No plano acuícola, **Galicia lidera a produción en España, e en Europa foi a primeira Comunidade ou rexión en dotarse dunha Estratexia de Acuicultura**. Por iso deseñou o Plan de acuicultura litoral para unha planificación ordenada e sustentable da actividade acuícola ata o ano 2030. Coa nosa experiencia e esta bagaxe débese seguir actuando decididamente ante a UE para manernos á vangarda deste subsector, e converternos nun referente incuestionable no mundo nesta materia, xa que ademais vimos desenvolvendo grandes esforzos investidores en todo o referente en I+D+i en materia acuícola.

208. **No terreo agro-gandeiro, debemos aspirar tamén a liderar a mellora da viabilidade do sector lácteo** mediante unha maior dotación de competitividade. Galicia é a novena Comunidade ou rexión europea produtora de leite atendendo a unha serie de ratios, como a produción bruta, a competitividade das explotacións, as características agroclimáticas para producir leite, a industria localizada no territorio, etc. Isto ofrécenos certa posición de vantaxe que habemos aproveitar axeitadamente. As explotacións galegas de leite son profesionais e crecentemente competitivas, podendo compararse coas de calquera lugar ou rexión da UE, xa que en Galicia gozamos de profesionais moi ben cualificados, dunha boa cabana xenética,

froito de anos de mellora no sector, de boas prácticas de manexo, dunha sanidade animal punteira, e de prácticas en benestar animal e seguridade alimentaria perfectamente homologables co estándar europeo. Con todo, a recente crise do sector lácteo, cunha necesidade de adaptación a un mercado sen cotas –mercado pola suba da produción e a baixada mundial do prezo–, fai que sexa **necesario abordar un conxunto alternativo de medidas a nivel internacional, que permita corrixir aspectos estruturais do sector e da súa cadea comercial. Esa orientación debe ser trasladada a Bruxelas para que obre en consecuencia.**

209. **Hai que mellorar os procedementos de intervención por parte da Comisión Europea**. Conforme os regulamentos da OCM, a Comisión Europea e os Estados membros dispoñen de ferramentas de intervención dos mercados que deben permitir actuar contra a volatilidade de prezos lácteos, pivotando principalmente sobre a retirada de excedentes e a almacenaxe temporal de produtos derivados. Neste sentido, a caída da demanda xerada en Rusia, derivada das medidas comerciais contra este país como consecuencia das tensións en Ucraína, unido ao contexto mundial de afundimento de prezos, fai necesario contar con máis e mellores ferramentas neste ámbito de traballo. Porén, o Parlamento Europeo aprobou o Informe Nicholson sobre o futuro do sector lácteo, que recolle as peticións formuladas por Galicia para reforzar a capacidade de negociación dos produtores e para establecer un sistema de alerta rápida que permita conter de forma máis eficaz unha contracción desmesurada dos prezos. Para tal fin preténdese que a UE se dote de novos procedementos e medidas que permitan reequilibrar a oferta e a demanda, estabilizando uns prezos que dean viabilidade á cadea de valor do lácteo, así como que permitan garantir unha maior protección das marxes do gandeiro que se encontra na orixe da cadea, sen ignorar o apoio solicitado dende Galicia para que o sector poida orientarse cara a unha produción de bens cun maior valor engadido.

210. A este respecto, **requirimos a dotación para as organizacións de produtores dun maior poder legal de negociación** fronte aos outros elos da cadea produtiva e comercial, así como o arbitrio de medidas para impedir o uso do leite como produto reclamo por parte dos establecementos distribuidores e comercializadores.

No marco da volatilidade de prezos, **Galicia considera urxente que a UE se dote tamén de instrumentos máis axeitados e operativos que os que ofrece a vixente OCM**, mellorando a actual rede de seguridade e actualizando os prezos de intervención, de forma que se teña en conta a realidade cambiante do mercado. Ademais, tamén esiximos facer un uso eficiente do observatorio do sector lácteo, para o que propoñemos a definición de niveis de crise de acordo cuns indicadores establecidos para toda a UE, e entre os que debese figurar a perda de marxes económicas de viabilidade por parte das explotacións leiteiras.

211. **Ao noso entender, a UE debe explorar mercados internacionais que aínda atesouran potencial de crecemento**, principalmente en India, República Popular China e Norte de África, centrándose en leites deshidratados que poidan soportar o proceso loxístico, ademais de dar resposta á demanda de leite en po pola terceira idade e a poboación infantil e xuvenil desas rexións obxectivo. Neste sentido, e xa que a posición xeográfica de Galicia dótaa dunha excelente oportunidade, dispoñendo por engadido de grandes infraestruturas cara ao exterior, igualmente debese avanzar en prospeccións comerciais nos restantes países árabes e en países da África subsahariana, sen esquecer nichos concretos, como son os casos de Cuba ou Venezuela, mesmo acudindo a medios alternativos de pagamento ou compensación.

212. Queremos dende Galicia explorar outras liñas de traballo e mellora no terreo agrario, coa **aposta polo I+D+i na industria agroalimentaria e forxando alianzas internacionais ou interrexionais**. A aplicación da biotecnoloxía á industria agroalimentaria para o enriquecemento dos alimentos preséntase como unha interesante alternativa para lograr un valor engadido nos produtos transformados procedentes da agricultura e a gandaría. Algunhas empresas galegas, froito do I+D+i introducido nas súas plantas de transformación, están a obter uns resultados estimulantes. A demanda do consumidor por unha alimentación sá e saudable, con alimentos enriquecidos en propiedades positivas e reducidos nas negativas, medra día a día. Asemade, en Europa cada vez vende máis o “verde”, o “eco”, o “sustentable” e o “ambientalmente respectuoso”. Por iso, unha das propostas que poderían resultar de interese para a nosa industria transformadora

dos produtos agroalimentarios sería o apoio no I+D+i, co concurso das nosas universidades, e a busca de alianzas a nivel internacional, coa finalidade de elaborar produtos enriquecidos no sentido sinalado anteriormente.

213. **A apertura de novas canles de comercialización no exterior** e o reforzo das existentes para os produtos agroalimentarios é unha posibilidade atinada, atendendo á modernización á que asistiu a nosa industria agroalimentaria durante os últimos anos. Coa crise económica padecida, a industria buscou novos mercados que compensasen as perdas do doméstico e as exportacións creceron de forma considerable. Hoxe, a apertura de novos destinos e canles de comercialización, dentro e fóra de España e Europa, preséntase como unha oportunidade que merece ser apoiada con recursos europeos e cos axustes normativos indispensables nos regulamentos da UE, que nós habemos de apuntar e estimular.

214. Por último, **a cooperación internacional pode ofrecernos unha carta de presentación de primeiro nivel para obter a debida receptividade por parte de autoridades foráneas**. Entre os proxectos que consideramos exemplares neste sentido podemos citar polo Cetmar o apoio ao sector do transporte marítimo en África, mediante un mecanismo para o intercambio de bases de datos de información portuaria, protección do medio ambiente e actuación en casos de emerxencia –período 9/5/2013 a 30/06/2017–; fortalecemento da sociedade civil en Santo Tomé e Príncipe como estratexia de desenvolvemento económico e social no sector da pesca –período 9/1/2012 a 1/2/2016–; fortalecemento de institucións académicas e de investigación en Cabo Verde como contribución ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector mariño –período 14/1/2015 a 29/12/2017–; estudo de necesidades, deseño do plan de formación e do plan operativo de posta en marcha dun centro de formación pesqueira en Angola –período 14/1/2014 ata a actualidade–; Caprivi Inland Aquaculture Center en Namibia, para contribuír á mellora da capacidade técnica, produtiva e de xestión da acuicultura sustentable en zonas rurais –período 1/12/2010 a 31/12/2016–; reforzo da acuicultura rural a pequena escala e á investigación pesqueira en Cabo Delgado (Mozambique) cunha primeira fase no período 15/4/2015 a 31/12/2015,

e ampliado cun segundo proxecto para o aumento de fontes de ingresos sustentables para as comunidades rurais e áreas costeiras a través da consolidación da actividade acuícola e do reforzo da investigación pesqueira en Cabo Delgado, –período 1/1/2016 a 31/12/2017–; ademais destes proxectos, o Cetmar traballa na preparación doutros novos centrados en Cabo Verde, Namibia, Santo Tomé e Príncipe e Mozambique. Xa en Latinoamérica, destacaríamos o proxecto de mellora da transformación e comercialización de produtos pesqueiros, realizados por mulleres de comunidades dedicadas á pesca e á acuicultura en Nicaragua –período 21/5/2013 a 30/06/2017–; mellora das condicións técnicas e materiais para o aproveitamento responsable dos recursos ecoturísticos, acuícolas, pesqueiros e ambientais dos concellos de San Luis, La Herradura e Tecoluca (El Salvador) –período 26/1/2015 a 29/12/2017–; plan estratéxico e operativo do sector da pesca artesanal do Pacífico nariñense (Colombia) –período 7/1/2014 ata a actualidade–; selección de especies de cultivo no Pacífico nariñense (Colombia) –período 7/1/2014 ata a actualidade–; programa de extensión pesqueira para a pesca artesanal e a acuicultura de pequena escala en Chile –período 16/1/2015 a 31/1/2016–. Fortalecemento da produción sustentable de Piangua no municipio de Tumaco 1/10/2016 a 31/12/2017. Ademais, o Cetmar traballa para continuar estreitando lazos de colaboración con países como Perú, Colombia e toda a rexión centroamericana. Con estas credenciais esperamos que sexamos percibidos como socios leais e proveitosos para o desenvolvemento das potencialidades primarias deses países.

4.1.F. Selo-País no exterior

215. **Galicia debe proxectar unha identidade xenuína e propia naquelas rexións do planeta onde están en xogo os seus intereses**. Debe facelo porque a nosa dependencia do exterior será crecente se non conseguimos endereitar os desequilibrios estruturais que nos afectan, comezando polo demográfico, que tanto incide na evolución do consumo e o investimento, pancas inescusables do desenvolvemento económico e a cohesión social. Atraer persoas novas, competentes, capaces, emprendedoras e con valores á nosa Terra é un dos motivos polos que debemos dar a coñecer as potenciali-

dades de Galicia para iniciar unha nova vida en Europa e para asentarse, botar raíces e formar familias nun ámbito idóneo. Tamén o é para que, ademais do capital humano, que resulta prioritario, teñamos opcións de ser considerados como localización adecuada para realizar investimentos produtivos non especulativos, que contribúan a pechar ciclos de produción xa iniciados aquí, ou para radicar novas actividades que dependen fundamentalmente do enxeño humano. O exemplo de Irlanda, salvando os excesos xa coñecidos a raíz da burbulla crediticia e inmobiliaria que precipitou a súa crise, debe ser para nós especialmente ilustrador. Irlanda demostrou como un país cunha profunda brecha económica fronte a outros países e con estruturas atrasadas pode transformarse en apenas dúas décadas dentro do ámbito europeo e converterse nun país atractivo, rexuvenecido e con futuro, compatibilizando o desenvolvemento económico co paralelo desenvolvemento social.

216. Aínda que o termo “marca” non pareza o máis idóneo para este propósito polas súas connotacións puramente mercadotécnicas, e porque o que necesitamos é transmitir a idea central de que **somos o punto de unión entre dúas grandes culturas occidentais** –a portuguesa e a española–, **que irradiaron a súa pegada nos restantes continentes á vez que forman parte do núcleo de Europa**, resulta incuestionable entender que debemos engastar o selo identitario de Galicia na “marca España”, aproveitando sinerxías e reforzando á vez a idea de pluralidade harmónica de España e aproveitando tamén a actuación do Consello da Cultura Galega como Observador Consultivo na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP).

217. Ofrecer a imaxe dunha «*Galician way of life*» ou «*G-wol*» para **atraer xente nova, con proxectos e ideas emprendedoras**, debe ser algo distinto a unha mera campaña publicitaria. Debe implicar a asunción xeneralizada e transversal en Galicia de que, por paradoxal que resulte, para preservar a nosa cultura debemos incorporar sangue novo e sumar novas enerxías que enxertar ao noso pobo, sendo preciso adaptarnos a esa realidade.

218. **O selo de Galicia debe presentarse como un conxunto de valores positivos enraizados na nosa herdanza**, reforzando caracteres de Gali-

cia e do noso pobo como son o verde –natureza e vida natural, ata crear a imaxe dun verde especificamente galego, aínda non contaminado nin deturpado, *Galician green*–; a laboriosidade –cultura de superación, resiliencia, determinación e esforzo, como a que difundiron os nosos emigrantes a idea de Galicia como pobo aberto e emigrante ou os nosos mariñeiros en áreas como o Mar do Norte ou o Mar de Irlanda–; e o atlantismo céltico, que nos vincula a países como Escocia, Gales, Irlanda ou Bretaña, doadamente recoñecibles fóra de Europa pola súa definida personalidade.

219. Un activo desta imaxe proxectada a longo prazo debe ser a **Eurorrexión** que constituímos e viñemos consolidando e institucionalizando durante as últimas décadas, **por riba dos avatares políticos e da diversa conxuntura económica**. Esta idea tan potente debera ser explotada ao máximo nos países da lusofonía, e principalmente nas rexións máis dinámicas do Brasil, centrándonos nas capas universitarias, profesionais e empresariais interesadas en volver conectar coas súas raíces europeas e, mesmo, desenvolver o seu proxecto de vida en Europa.
220. En suma, **os novos emprendedores e profesionais do exterior deben recibir a imaxe de que Galicia é un gran lugar para vivir**, certificado por gozar dunha das esperanzas de vida máis altas do planeta, moi por riba do que poderían explicar parámetros socioeconómicos como os que se atopan en Xapón ou Alemaña, e con vantaxes adicionais como son unhas excelentes conexións en materia de transporte, un magnífico sistema sanitario público que posibilita esa notable lonxevidade, así como unha imbatible relación calidade-prezo en activos inmobiliarios, tanto rurais coma urbanos, para asentar novas empresas ou explotacións.

4.2. Cultura

221. **O galego é a máis grande creación colectiva do noso pobo ao longo dos séculos**. Dispor dun idioma propio constitúe un dos fitos máis elevados que calquera cultura pode alcanzar, pois por medio del analizamos a realidade e tamén nos proxectamos buscando a universalidade do pobo galego, que ao longo da súa historia sempre mostrou esta vocación. O idio-

ma, sen dúbida, é o elemento singular e diferencial da cultura galega, o que a conforma e a impulsa, polo que podemos dicir que a nosa cultura conta con alicerces ben asentados e definidos nos seus diferentes ámbitos: literatura e libro, música, artes escénicas e danza, artes plásticas e visuais, sector audiovisual,... A nosa lingua e a nosa cultura identificannos no conxunto de España, en Europa e no mundo. Ambos os dous son elementos constituíntes de Galicia como ser colectivo dotado dunha xenuína personalidade e integran o noso selo característico e diferencial. **Isto, unido á nosa singular posición como ensamblaxe natural entre as potentes culturas portuguesa e española, debe ser aproveitado como vantaxe competitiva que alimente, ademais, a nosa autoestima polo propio.**

222. A diferenza de pobos que tiveron que deixar murchar a súa lingua orixinaria para potenciar en maior medida outros trazos identitarios da súa cultura –caso, por exemplo, de Escocia ou Irlanda–, nós debemos sumar e non restar, xa que o noso idioma comparte unha gran bagaxe cos outros dous idiomas romances irmáns, que xuntos virían a sumar ao redor de 750 millóns de usuarios no planeta. **Esta inmensa riqueza cultural debe ser valorizada canto antes e debe integrarse na estratexia exterior galega dun xeito transversal**, dende unha óptica máis decidida a través das relacións coa CPLP e polo tanto co mundo da lusofonía.
223. **A proxección exterior da cultura galega**, como marca recoñecida e valorada, **é un dos obxectivos clave que nos competen** e no que cómpre traballar de maneira constante, por consideralo un asunto estratéxico para o crecemento económico, para o noso afianzamento no diálogo internacional, imprescindible hoxe e mesmo para a propia autoestima e recoñecemento social do pobo galego. Posiciona a Galicia como marca de país e tamén porque impulsa unha vertente vinculada á creatividade e ao coñecemento, imprescindibles para o progreso do conxunto do tecido produtivo contemporáneo.
224. As liñas de actuación das políticas culturais en Galicia buscan, por un lado, **apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos** dentro e fóra das nosas fronteiras; e, por outra banda, perseguen incentivar a presenza e participación da cida-

danía e a diversificación da oferta cultural de calidade. Cómpre ter en conta que a actividade cultural en Galicia aséntase na actividade pública e privada desenvolvida polas institucións públicas (Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, Deputacións e Concellos), pola Real Academia da Lingua, polos centros educativos de todos os niveis, en concreto, universidades e centros de investigación en diferentes ámbitos da nosa cultura, nomeadamente da lingua (Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, ILGA...), polo asociacionismo cultural, as fundacións e outras entidades privadas e os proxectos das industrias culturais e creativas (ICC).

225. **As industrias culturais galegas son un compoñente básico para impulsar o desenvolvemento dunha produción cultural e creativa**. E son, así mesmo, elementos vehiculares da transmisión e proxección da nosa identidade cultural. A dotación de maior estabilidade no sector, a optimización da xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, a dinamización do mercado interior e da promoción da proxección exterior da cultura galega son todos eles obxectivos imprescindibles das ICC, que supoñen un 1,8% do PIB galego.
226. **A proxección exterior dos nosos valores culturais, da nosa lingua e a creación de pontes de diálogo con outras culturas e linguas e a internacionalización dos produtos creativos galegos son obxectivos prioritarios**. Destaca a proxección exterior do libro e da literatura galega, apoiando a tradución de libros para o galego e do galego para outras linguas, para favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas e facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos noutras linguas. Iniciativas como a convocatoria de axudas á tradución para o galego desde outras linguas e viceversa, promovida pola Xunta de Galicia. A páxina web Portico de Galician Literature e a colección Galician Classics permiten reforzar a proxección no exterior do libro e da literatura galega a través da tradución de obras de referencia para o inglés e para outras linguas.
227. Para facilitar a promoción, difusión e intercambio literario en diferentes ámbitos xeográficos de Europa e América, promóvese a **asistencia a feiras internacionais do libro**. Anualmente, en acordo coa Asociación Galega de Editores,

decídense as feiras que se consideran prioritarias para o mercado galego. Feiras como Boloña, Frankfurt, Guadalaxara (México) ou Bos Aires, son escenarios onde a cultura galega adoita estar presente. Na edición de 2016 da Feira de Bos Aires, Galicia tivo unha participación especial, coa designación de Santiago de Compostela como cidade convidada. Cabe destacar tamén a participación do Consello da Cultura Galega xunto con outras institucións como o Instituto Cervantes a través da European Union National Institutes for Culture (EUNIC) na Feira do Libro de Gotemburgo. A participación nesas feiras ou noutras, segundo o caso, é fundamental para a internacionalización da nosa cultura e da nosa industria editorial, pero para iso é necesario o apoio aos editores individuais a que viaxen e a súa formación sobre como preparar a feira, a estadía na feira e o desenvolvemento das citas comerciais previamente conseguidas, así como das negociacións posteriores que permitan asinar contratos. Para que a asistencia a unha feira internacional sexa frutífera require de coñecementos en comercio internacional e idiomas e meses de preparación e contactos, así como dunha diplomacia dos negocios na feira e de constancia nas posteriores negociacións. A todo iso hai que engadir os imprescindibles recursos para as viaxes e as estadias no estranxeiro. Cómpre ter en conta a participación noutro tipo de feiras do audiovisual, festivais e en certames e concursos internacionais. Para iso necesítase coñecerlos con tempo suficiente para preparalos e, incluso, unha formación para que empresas sen experiencia poidan iniciarse neste camiño.

228. Outra liña de actuación é o apoio, a través de subvencións, para **promover a distribución e comercialización dos produtos culturais** dentro e fóra de Galicia e as destinadas a contribuir á internacionalización das industrias culturais galegas e á busca de fontes de financiamento no exterior, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia.
229. **En materia cultural convén crear e alimentar tendencias**. A informal marca colectiva que vende a música tradicional irlandesa pode ser un bo referente, mesmo en países onde non existe unha significativa colonia de irlandeses ou dos seus descendentes, como poderían ser A Arxentina ou Chile. Aínda que dende Galicia resulte difícil de crer, poucos nacionais desas

repúblicas –de entre a inmensa maioría que carece de nexos familiares con Galicia– identifica á nosa Terra cunha música de equivalentes raíces étnicas. Os irlandeses acreditaron que unha vez posicionada a devandita imaxe ou marca colectiva, outros referentes simbólicos da cultura así presentada son máis doados de introducir no país de destino, porque xa existe un imaxinario de calidade, autenticidade e prestixio ao que aludir para avalalos.

230. No eido da **música** a participación de Galicia en programas internacionais de referencia como NeXo, impulsado polo *British Council* e *Wales Arts International*, permite o diálogo musical entre artistas galegos con outros de diferentes países. Este interese pola internacionalización da nosa música, posibilitou que Santiago de Compostela fora a sede do *Womex*, o encontro profesional e artístico máis importante das músicas do mundo, na súa edición de 2014 cun balance positivo dos organizadores e participantes, serviu para abrir mercados á música galega no Xapón, India, o Brasil, Canadá, Marrocos, Irlanda ou Portugal. No ano 2016 coa iniciativa *Focus GalicianTunes* programadores de 26 festivais de música de referencia internacional seleccionados entre os principais delegados acreditados en *Womex* coñeceron de primeira man a música galega. Estes profesionais visitaron Galicia nos días previos ao inicio da feira internacional máis grande de música para propiciar o seu encontro con artistas galegos a través dun calendario de actividades. O núcleo do programa incluíu 10 concertos en formato *showcase* que tiveron lugar en diferentes cidades galegas. Esta iniciativa constitúe unha nova oportunidade para o desenvolvemento dunha parte esencial da industria musical galega. Para reforzar a imaxe da música galega no mundo promóvese a marca promocional exterior común *GalicianTunes*, que conta cunha páxina web con información actualizada sobre grupos e artistas galegos, empresas galegas do sector musical, festivais, etc.

231. **Estimular acordos comerciais estables da nosa industria editorial, musical e audiovisual**, entre outras, **coas homólogas de Portugal e Brasil**, é unha materia pendente que debemos traballar con perspectiva de medio e longo prazo. É necesario fomentar o coñecemento da nosa cultura entre a poboación portuguesa, en especial a do Norte, coa que hai

tantos lazos comúns e que, ata agora, se estivo de costas. Os autores portugueses apenas están nos currículos e o mesmo pasa cos galegos, nin os clásicos nin os actuais. O Igape e os representantes destas industrias, en sintonía coas autoridades competentes do sector, deben deseñar liñas específicas de apoio para consolidar unha iniciativa destas características. Todo o que redunde nun incremento dos contactos con axentes e actores do ámbito cultural dos devanditos países debe valorarse como un activo que se vai capitalizando ata render uns froitos vitais para preservar o vigor da cultura galega máis alá do actual século. Desde o 2015 estanse a desenvolver pequenas iniciativas de coñecemento cultural mútuo entre Galicia e o norte de Portugal a través do *Programa Nortear*, segundo o que se realizan conversas entre autores dos dous lados da fronteira, intercambio de exposicións, concursos literarios para mozos e mozas e roteiros literarios de autores clásicos. Con programas de baixo custo pero que levan iniciativas eficaces dirixidas a grupos de poboación específica onde son moi ben recibidos e resultan de interese se conseguen unha interrelación cultural que deriva tamén na creación de interese e necesidades entre a poboación.

232. Conviría fomentar igualmente os **acordos entre as televisións públicas de Galicia e deses países, ademais de con outras da Comunidade lusófona de nacións** cun gran potencial de crecemento –como serían Angola e Mozambique–, xa que é un camiño que debe ser emprendido canto antes, sorteando mesmo a circunstancial conxuntura económica. A televisión pública de Galicia é o recurso cultural que concentra máis medios e potencialidades para servir de vector transmisor da nosa cultura no exterior, e por iso debe deseñar unha propia estratexia de proxección, ideada con criterios de máxima calidade e centrada nos segmentos sociais máis idóneos de cada país, nutríndoa con contidos axeitados, baseados en estudos de mercado. Contidos que, posteriormente, poidan ser encomendados ás nosas industrias culturais, ben en exclusiva, ben en cooperación con homólogos foráneos. Cómpre destacar a trascendencia do programa sobre lingua *Ben falado!*, que tivo unha gran acollida tanto nas comunidades galegas do exterior como en Portugal. Acaba de estrearse a primeira serie de coprodución entre a TVG e a RTP, *Vidago Palace*.

233. A **proxección exterior do galego** é unha realidade marcada, dunha banda pola diáspora que soubo e quixo manter viva a lingua e cultura de Galicia, transmitindo xeración tras xeración a idiosincrasia propia do noso pobo. Doutra banda, esta proxección vén da man de investigadores, particularmente en humanidades, que enraizaron co galego, directamente no campo da lingüística, pero tamén polo estudo doutras materias, que van desde a literatura ata o Camiño de Santiago. As publicacións sobre diferentes aspectos da nosa literatura e da lingüística máis especializada que realiza o Centro Ramón Piñeiro IH, chega a un amplo abano de universidades e de centros de investigación de fóra de Galicia, o que fomenta o intercambio de publicacións e coñecemento a través da participación dos nosos investigadores e docentes en congresos, seminarios etc, o que permite poñer a nosa lingua no nivel máis alto dos estudos internacionais de literatura, lingüística e sociolingüística. Tampouco podemos esquecer as relacións políticas e administrativas con países e institucións que permiten a presenza da cultura galega en todo o mundo como, por exemplo, os protocolos asinados entre o Consello da Cultura Galega e universidades referentes: *London School of Economics*, Stanford, Universidade de São Paulo, entre outras, así como fórmulas como a irmandade de cidades e vilas ou a pertenza a redes de proxectos internacionais.

234. Contamos cunha **extensa rede de comunidades galegas en todo o mundo** que son as portas e pontes de Galicia no exterior. A lingua sempre foi, e segue sendo, un dos aspectos fundamentais, xa que parafraseando a Michelet, o xenio máis íntimo de cada pobo, a súa alma profunda, está sobre todo na súa lingua. Os nosos emigrantes, particularmente os da primeira xeración, souberon que mantendo a súa lingua e a súa cultura, mantiñan a súa alma, que sempre estivo en Galicia por lonxe que estiveran. Polo tanto esa necesidade de manter a identidade leva tamén a preservar o legado patrimonial e documental destas comunidades. Para esta función Galicia conta co Arquivo da Emigración Galega (Consello da Cultura Galega) centro de referencia de documentación e difusión da emigración galega. A diáspora galega conta con grandes coleccións de obras literarias e de hemerotecas, así como doutros fondos documentais, especialmente do século XX, en diferentes estados de con-

servación e difusión que cómpre coñecer, axudar a protexer e a preservar e, sobre todo, divulgar a través de sistemas dixitais que permitan o seu acceso desde calquera punto do mundo en que haxa interese. Cumpriría inventariar as institucións que conservan estes fondos, os fondos e a súa situación e artellar medidas para a súa preservación e difusión. Tamén existe unha importante obra pictórica de autores galegos fóra das nosas fronteiras. A saudade sobre a que escribiu Ramón Piñeiro resume ese sentimento. A relación coa diáspora é un activo de especial valor para que o galego e toda a cultura galega siga a ter presenza nos máis diversos países do mundo, polo que os programas de colaboración coas entidades rexistradas de interese galego adquire unha relevancia importante. Convenios na Arxentina, onde o Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires lles ofrece aos seus alumnos a posibilidade de aprender galego en todos os cursos, desde a etapa preescolar.

235. Os **centros de estudos galegos** foron creados ao principio da década dos anos noventa do pasado século en virtude de acordos que pretendían estender e dignificar o coñecemento da nosa lingua nos ámbitos español e internacional. O Plan de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento de Galicia no ano 2004, marca como un dos seus obxectivos, dentro da proxección exterior do galego, a consolidación do ensino e a investigación da lingua nas universidades de todo o mundo, como antes o fixera a propia Lei de normalización lingüística no 1983. O plan anima á creación de centros de estudos galegos como órganos de referencia a través dos que canalizar actividades promotoras da nosa lingua. Dentro deste programa de proxección exterior do galego no ámbito académico hai unha rede de centros de estudos galegos en 34 universidades de 14 países distintos, desde o Brasil a Rusia, cunha forte presenza en Alemaña, Portugal e Italia, sen esquecer Reino Unido e Francia, entre outros. Entra dentro da planificación actual a apertura de relacións académicas, particularmente en novos mercados e públicos, como é o caso de China, Xapón ou Corea. Tamén é o momento de reflexionar sobre o andado neses centros, a eficacia das medidas postas en marcha e a posibilidade de establecer outras máis adaptadas aos novos tempos que establezcan as relacións culturais, como por exemplo o fomento de contratos de traballo nas univer-

sidades estranxeiras que substitúan as bolsas de formación.

236. O protocolo de colaboración para diferentes accións empezando pola divulgación do coñecemento da lingua galega que Galicia ten co Instituto Cervantes, impulsor do **Espazo de Linguas Ibéricas**, concibido como centro de estudos e difusión das linguas da Península Ibérica e prehispanicas americanas pode ser un bo eixo de traballo para o futuro. Trátase dun centro en torno ao cal institucións e departamentos de lingüística das comunidades autónomas con lingua propia, máis Portugal, traballan conxuntamente a través de cursos de formación e de actividades, conferencias e calquera outras iniciativas apropiadas para os fins descritos.

237. Na difusión da lingua cómpre mencionar a participación de Galicia na *Network to promote Linguistic Diversity* (NPLD), un proxecto no que están integradas institucións académicas, organismos de diferente natureza e gobernos rexionais e nacionais de distintos países europeos, dedicadas á promoción, ao ensino e á normalización de linguas minoritarias. Tamén a *Association of Language Testers in Europe* (ALTE), unha asociación que traballa para promover o multilingüismo en toda Europa –e máis alá–, apoiando as institucións que realizan os exames para a certificación do sistema de aprendizaxe de linguas. ALTE mantén unha estreita relación coas institucións europeas, particularmente coa Comisión Europea e co Consello de Europa. Impulsarase, ademais, a participación de Galicia na Unesco e en todos os foros internacionais que traballen a prol da diversidade cultural e lingüística.

238. Dende a aprobación polo Brasil da súa Lei 9.394/96, de directrices e bases para a educación nacional (LDB), do 20 de decembro de 1996, as posibilidades de estudo do español no ensino primario e secundario incrementaron de xeito moi importante a **demanda de profesionais e material didáctico** no outro idioma cooficial de Galicia. Aínda que a fecundidade brasileira está a caer a 1,77 fillos por muller, mesmo atesoura uns 47 millóns de nenos menores de 14 anos, e preto de 34 millóns de mozos entre os 15 e os 24 anos, entre os seus 204 millóns de habitantes. Un dato moi significativo é que cada ano nacen ao redor de 200.000 bebés brasileiros máis que habitantes

totais ten Galicia. En 2014 foron ao redor de 2.930.000 nacementos. Noutras palabras, serían case 150 demandantes potenciais de produtos culturais para a infancia por cada neno galego. A causa da súa singularidade cultural, Galicia pode ofrecer profesionais, servizos e produtos que satisfagan esa demanda en mellores condicións que outros oferentes. Neste sentido, debemos solicitar a cooperación das autoridades culturais españolas, xa que esta oportunidade que se nos presenta pode e debe redundar ademais en beneficio da imaxe dunha nova España no mundo lusófono. Así como unhas novas relacións comerciais a través de colaboracións entre empresas culturais e editoriais que acheguen materiais formativos desenvolvidos aquí e que terían moi boa acollida nos países lusófonos e de fala hispana coa conseguinte tradución e adaptación ás súas singularidades. Nos países cunha gran importancia da poboación máis nova a aposta dos seus gobernos pola educación e pola cultura para o progreso social é unha gran oportunidade para toda a nosa industria cultural: editoriais, produtoras de audiovisual, ilustradores/as...

239. Desta maneira, **a proxección exterior da cultura e do idioma de Galicia ten que superar as súas autorrestricións**, e non se centrar só no mantemento do orixinario vínculo umbilical coa diáspora e os seus descendentes, senón ocuparse ademais de incrementar a súa ambición para apostar pola imaxe cara ao exterior dunha singular cultura europea e atlántica, que evoluciona sen por iso perder as súas raíces. Todo canto se faga neste ámbito servirá por engadido para mellorar as perspectivas de futuro da nosa lingua e cultura no propio territorio galego.

240. Un apoio fundamental para a consecución dos obxectivos anteriormente marcados, e máis aínda cando estamos falando de proxección exterior da lingua, son as ferramentas que nos permiten **impulsar a lingua na rede** e servir de apoio a todas as persoas que queiran adentrarse no seu estudo e uso. A referencia máis importante constitúea o *Portal da Lingua*. En www.lingua.gal podemos atopar dende formación ata ferramentas para o seu uso na educación ou na internacionalización da nosa lingua.

241. Facilitar o uso de instrumentos moi útiles e participativos para poñer en marcha a **dinamización do galego** é unha das oportunida-

des que nos conceden as novas tecnoloxías. Apartados como o que nos vincula coas ferramentas informáticas para poder ensinalo como é <http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego> ou correctores e tradutores como o Gaio: <https://tradutorgaio.xunta.gal> e dicionarios do tipo www.digalego.xunta.gal ou a enciclopedia galega en liña, así como os dicionarios xurídico, médico, pedagóxico... ou o dicionario da RAG, son opcións moi útiles á hora de coñecer o corpus léxico da nosa lingua. Outras alternativas máis didácticas como O Portal das Palabras (<http://portaldaspalabras.gal>) dan a oportunidade de practicar o coñecemento do noso léxico dunha forma distendida. E tamén o portal <http://culturagalega.gal> (Consello da Cultura Galega) dedicado á divulgación da lingua e cultura galegas e o apoio á industria cultural. E o portal do Centro Ramón Piñeiro: <https://www.cirp.es>.

242. **A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, constitúe unha nova oportunidade** para o impulso no intercambio cultural, informativo, comercial e lingüístico á hora de situar Galicia e a nosa lingua como plataforma de contacto entre a cultura hispana e a lusa, entendidas as dúas nun sentido amplo. Ao conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués habería que engadir outras zonas de diferentes países onde o portugués, sen ser oficial, é a lingua materna debido aos vínculos históricos que tiveron con Portugal (casos de Macau, Drada e Nagar Haveli; Damán e Diu ou Goa). Todos estes territorios son potenciais axentes de programas de cooperación e relacións comerciais pola proximidade lingüística, abrindo un abano de posibilidades de internacionalización do conxunto da economía, cultura e sociedade galega. Con este motivo a Xunta de Galicia puxo en marcha o buscador Paz Andrade (<http://exportarengalego.gal>), que facilita a xestión da información necesaria para interactuar con todos os países da lusofonía no marco das relacións económicas entre empresas galegas e as entidades de interese nos países de referencia. Non obstante, cómpre sempre fomentar o estudo do idioma portugués, unha oportunidade sempre para os galegos que chegan a dominalo con moito menos esforzo que o resto da poboación non galega.

243. No desenvolvemento da Lei 1/2014 véñense realizando diversas iniciativas. No eido cultu-

ral cómpre mencionar o **intercambio escénico**, de espectáculos, autoral e formativo, con proxectos coordinados desde o Centro Dramático Galego (CDG), entre os que se inclúen o *Proxecto Nós Territorio Es(cénico) Portugal-Galicia*; o acordo entre os teatros públicos de Galicia e Portugal para a produción de obras portuguesas no CDG e de obras galegas no Teatro Nacional D. Maria II de Lisboa; e a colaboración na distribución de espectáculos e realización de coproducións entre os centros públicos e escolas dramáticas de Galicia e Portugal. Pola súa importancia serían merecedoras dun punto específico as telecomunicacións, en concreto a apertura do sinal das radios e televisións galegas a Portugal e viceversa, o que fomentaría o coñecemento mútuo en todos os sectores e o intercambio cultural.

244. Tamén no ámbito lusófono cómpre salientar as seguintes iniciativas:

os *Encontros de Coprodución Audiovisual Portugal-Galicia* e o intercambio musical entre a Rede galega de música ao vivo e o circuito portugués *Outonalidades*; o programa *Nortear*, certame literario para a mocidade galega e portuguesa, cun ciclo de conversas entre autores das dúas beiras do Miño, co intercambio de fondos bibliográficos e programacións expositivas;

e tamén *Falamos galego, sabemos portugués*, obradoiros promovidos co fin de favorecer o achegamento do alumnado de secundaria á lingua portuguesa a través do galego.

245. Son obxectivos prioritarios no diálogo cultural con Portugal e coa lusofonía o **establecemento de proxectos compartidos co Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal**, como é o programa *Nortear*, o desenvolvemento de proxectos no eido das artes escénicas, no audiovisual, na literatura, na cooperación bibliotecaria coa rexión Norte de Portugal e a creación de proxectos culturais compartidos cos estados que teñen o portugués como lingua oficial.

246. Galicia é unha comunidade cun rico, senlleiro e diverso patrimonio cultural composto por bens mobles, inmobles e inmateriais. Tendo en conta a súa riqueza e diversidade cultural e histórica, **en Galicia hai catro bens galegos incluídos na Lista do patrimonio mundial da**

Unesco. Poderíase iniciar a tramitación de novos bens do noso patrimonio cultural para a súa inclusión na citada lista, por entender que esta favorece a súa protección e ademais a súa divulgación no exterior. Neste campo o Consello da Cultura Galega leva desenvolvidas dende hai vinte e cinco anos, nomeadamente en relación coas colectividades da emigración e a recuperación do seu patrimonio, pero tamén da difusión da boa imaxe de Galicia e na fixación da cultura galega como un referente que nos identifique no mundo. Esta experiencia, en ausencia de institucións que noutras autonomías crearon para este fin (institutos Raimon Llull, Etxepare), está a ser parcialmente cuberta polo Consello da Cultura Galega. As actividades leváronse a cabo en numerosos países da xeografía mundial, nomeadamente Europa (Francia, Reino Unido, Italia, Suíza, Alemaña) e América (a Arxentina, o Uruguai, o Brasil, México, os EEUU). Nos últimos anos as itinerancias de mostras, ciclos de cinema, conferencias, participación en congresos internacionais, sinatura de protocolos con universidades como a London School of Economics (LSE), ou Stanford.

| Ano | Estudantes universitarios matriculados | Profesores universitarios |
|------|--|---------------------------|
| 2001 | 95.349 | - |
| 2002 | 91.790 | - |
| 2003 | 87.879 | - |
| 2004 | 84.084 | 5.192 |
| 2005 | 79.027 | 5.425 |
| 2006 | 74.768 | 5.469 |
| 2007 | 70.841 | 5.516 |
| 2008 | 67.843 | 5.213 |
| 2009 | 65.562 | 5.208 |
| 2010 | 64.700 | 5.987 |
| 2011 | 65.370 | 5.312 |
| 2012 | 63.037 | 5.258 |
| 2013 | 62.130 | 5.021 |
| 2014 | 59.353 | 4.912 |

No ano 2015, o número de alumnos de grao universitario caeu aínda máis, ata baixar aos 55.322, e os de máster oficial a 5.508 estudantes universitarios, sendo o número total de profesores de 5.283²⁸. Deste xeito, se proseguise esta dinámica, non sería desatinado inferir que **no ano 2020 poderíamos chegar a ter a metade dos universitarios que tiñamos no 2001**, ou mesmo menos, mentres que o número de docentes baixa minimamente –nunca máis do 10%– e o volume de recursos públicos dedicados ás nosas universidades mesmo se acrecenta. **Neste escenario, a internacionalización do SUG debera converterse nunha prioridade**, liderada ademais polas propias universidades.

249. Noutras palabras, esta evolución implica que só na década que vai de 2005 a 2014, as universidades galegas perderon 19.674 alumnos, aínda que unicamente 513 docentes. A ratio profesor/alumno pasou así de 14,56 en 2005 a 12,08 en 2014. Nun ámbito como o español, con 50 universidades públicas e 33 privadas, e mesmo como o da UE, con máis de 3.000 establecementos de ensino superior, e cunha mobilidade crecente a causa das oportunidades que ofrecen as diferenzas de custos para cada estudante e distintas axudas individuais aos residentes en certos países, así como polos diversos programas da UE para o efecto, xunto coa eliminación de trabas ao posterior exercicio profesional dos titulados superiores, gra-

76 247. Moi ligada á cultura e á imaxe exterior dun país están as súas credenciais educativas e, significadamente, as que concirnen ao mundo universitario. O **Sistema universitario galego (SUG)**, constituído polas universidades públicas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, pode e debe ser así un elemento fundamental da acción exterior de Galicia, tanto pola imaxe que debe proxectar fóra da nosa Comunidade, coma pola conveniencia de aproveitar o investimento público realizado nel ao servizo do país. Ademais, no ámbito comparado non hai tantos países que posúan centros universitarios da sona que posúe a Universidade compostelá, e que goza dunha reputación internacional que cabe aproveitar en beneficio do SUG, fundamentalmente en Latinoamérica e na lusofonía. Estudárase a posibilidade de promocionar estudos superiores relacionados coa paradiplomacia e a acción exterior.

248. Segundo os datos que subministra o IGE²⁷, a **evolución do alumnado e o profesorado no SUG** foi a seguinte durante os últimos anos:

27. http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0203002

28. http://www.fundacioncyd.org/images/otrasPublicaciones/FCYD_PerspectivaAutonomica2016.pdf



zas á Directiva 2005/36/CE de recoñecemento de cualificacións, modificada pola Directiva 2013/55/UE e pola 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior, **nin sequera está garantido que a regresiva demografía galega poida manter unha proporción análoga de alumnos por profesor durante a próxima década**. Mesmo os mozos galegos pode que opten por cursar graos universitarios completos fóra de España e chegar a incrementarse o seu número a medida que se estenda a voz transmitida polos pioneiros, desmontando as cautelas e presuntas trabas para facelo.

250. Se, por outra banda, nos atemos á información subministrada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte²⁹ (MECD), entre os cursos 2003-2004 e 2013-2014, **as universidades galegas perderon o 30,1% dos seus alumnos de grao e primeiro ou segundo ciclo, mentres que o conxunto español só perdeu un 5%**. Polo tanto, **existe latente un potencial de crecemento na captación de alumnos es-**

29. Datos e cifras do Sistema Universitario Español. Curso 2014-2015.

77 **tranxeiros**, sobre todo considerando que as universidades galegas unicamente teñen un 1,3% de alumnos foráneos de grao, ou de primeiro ou segundo ciclo (curso 2014-2015) e un escaso 6,6% en máster, fronte a por ex. un 2,4% ou 2,9% en grao en Andalucía e Castela e León, ou no que concirne a máster un 10,5% e 30,4% respectivamente³⁰. Considerando que o 64,02% do gasto do SUG se dedicou a persoal (ano 2014), e que as taxas e prezos públicos só financiaron o 14,35 % dos ingresos totais, resulta moi conveniente que as universidades galegas se apliquen de modo sistemático a **atraer máis estudantes foráneos**³¹.

251. A Estratexia de internacionalización das universidades españolas³² debería ser tida en con-

30. http://www.fundacioncyd.org/images/otrasPublicaciones/FCYD_PerspectivaAutonomica2016.pdf

31. http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/pgfu_2016-2020.pdf

32. <https://www.mecd.gob.es/educacion-mecd/dms/mecd/educacion-mecd/areas-educacion/universidades/politica-internacional/estrategia-internacionalizacion/EstrategiaInternacionalizacion-Final.pdf>

ta, adaptándoa ás **vantaxes competitivas que pode aproveitar Galicia no exterior** (engaste entre a lusofonía e a lingua española dentro de Europa fronte ao mercado latinoamericano e luso-africano). Debemos partir de que as universidades españolas non traballaron planificada e metodicamente nesa liña. De feito, segundo diversas fontes, as nosas universidades tiñan en 2013 menos estudantes internacionais en termos porcentuais que Portugal, Italia ou Suecia, e case tres veces menos que nacións como Dinamarca ou os Países Baixos, e cinco veces menos que Austria ou Suíza. Por razóns obvias, o caso do Reino Unido pola potencia do idioma inglés e polos vínculos coa Commonwealth escapa destas consideracións –17,5% de estudantes foráneos fronte ao 2,9% en España–. Mesmo **chega a darse a circunstancia de que Italia, Portugal ou Francia reciben máis alumnos foráneos de fala hispana que a propia España**.

252. A captación de estudantes universitarios non debe ser vista como unha mera ferramenta subsidiaria para apuntalar a viabilidade do SUG. Debera ser, sobre todo, unha **vía adicional para contribuír a paliar o acelerado envellecemento da poboación galega e para atraer e, sobre todo, conservar capital humano cualificado**. Esta última tarefa requiriría unha estreita cooperación entre as universidades e organismos como o Igape. Se ademais de atraer estudantes conseguimos que desenvolvan entre nós iniciativas empresariais, ou que se incorporen como técnicos cualificados ás nosas empresas e servizos públicos, a súa achega á sociedade e á economía galegas será de especial relevancia. Segundo o MECD, o custo medio dunha praza universitaria era en España de 9.303 euros/ano³³, custo que nunca cubrirían as taxas e prezos públicos de matrícula deses novos estudantes. Pero dado que a maioría dos custos soportados polas universidades son de carácter estrutural, aínda existe capacidade para absorber o devandito alumnado adicional en gran parte das titulacións ofrecidas, sen disparar por iso o gasto global. Todo iso sen esquecer o efecto benéfico que tería para a nosa economía o gasto inducido polos mozos universitarios no

seu ámbito inmediato, avivando a demanda de bens e servizos, xeralmente sufragados ou cofinanciados mediante transferencias das súas familias ou dos seus Estados de orixe, así como os beneficios de incrementar a diversidade e mestizaxe dunha sociedade tan homoxénea como a nosa.

253. Un sistema universitario como o galego, dimensionado dende a súa orixe para bastantes máis alumnos que os 55.322 que tivo en 2015, pode e debe asumir este reto se o propón. Se entre 2001 e 2014 perdeu case 40.000 alumnos, exactamente 35.996 segundo o IGE, e moito menos profesorado en termos porcentuais, á vez que viu incrementados os seus investimentos en instalacións e equipamentos, **o SUG ha converterse nun motor fundamental para atraer capital humano mozo a Galicia e vigorizar a nosa sociedade e a nosa cultura**.

254. Como se adiantou, explotar as vantaxes competitivas de Galicia en tanto que ponte entre a cultura española e a portuguesa pode axudarnos a **focalizar onde captar eses alumnos universitarios e futuros profesionais**, parte dos cales poderían incorporarse á nosa comunidade como cidadáns españois e galegos de pleno dereito, contribuíndo deste xeito a mellorar tanto a nosa demografía coma a composición do noso capital humano. Atraer estudantes latinoamericanos e da comunidade de nacións de lingua portuguesa é así unha oportunidade que debemos explorar, facéndoo de forma coordinada con actores galegos que avalíen as oportunidades de negocio e investimento nos devanditos países.

255. A implementación desta política de internacionalización das nosas universidades require un innegable esforzo e adaptación por parte das autoridades universitarias e educativas. Non obstante, tamén pode implicar redeseñar outras políticas públicas, como sería a relacionada coa de cooperación para o desenvolvemento, onde podería ser oportuno comezar a pensar en **cofinanciar as estadías e estudos de mozos de países como Angola ou Mozambique nas nosas universidades**, xa que iso derivaría nunha capitalización humana das devanditas nacións ao mesmo tempo que a de Galicia, en especial pensando en parte daqueles titulados desas nacionalidades que se asentaran na nosa comunidade autónoma ao concluír os seus estudos.

256. Igualmente poderíamos aproveitar as vantaxes competitivas das nosas universidades en Latinoamérica. Un exemplo poderemos atopalo nas actividades desenvolvidas no eido do **complexo mar-pesca en países como Perú ou Chile**, onde os esforzos desenvolvidos pola Xunta e os actores privados do sector poderían ser culminados cunha máis concentrada oferta de formación a nacionais deses países nas universidades galegas e nas escolas náutico-pesqueiras, primordialmente nas titulacións e especialidades relacionadas con campos como a enxeñaría naval, a acuicultura, a tecnoloxía alimentaria, e outras afíns ou complementarias. Reflexións e **iniciativas similares deben facerse respecto de Colombia, Ecuador ou mesmo Uruguai**, onde as nosas empresas marítimas e pesqueiras ou de transformación de diversas especies mariñas aínda teñen percorrido para medrar, compatibilizando ese crecemento coas achegas que poden realizar os devanditos países en beneficio mutuo. Países onde a formación superior galega reforzaría e integraría o conxunto de actividades impulsadas dende a Administración autonómica e os seus organismos públicos (Cetmar, Igape...).

257. Mención singular merece o rol que poden xogar as **comunidades galegas no exterior como canle de difusión da oferta universitaria galega**, mesmo alén do estrito ámbito dos descendentes de galegos que aínda conserven a súa nacionalidade española. As colonias galegas, polo seu enraizamento nas nacións que as acolllen e o crédito que estas lles outorgan a causa da seriedade, rigor e laboriosidade dos nosos compatriotas, deben ser canles privilexiadas para atraer máis estudantes universitarios a Galicia. Por iso, o estreitamento dos vínculos entre estas comunidades da nosa diáspora e os diferentes centros e departamentos universitarios debera ser alentada e fomentada.

258. Ademais, os departamentos e grupos de investigación universitarios de carácter estratéxico para o desenvolvemento en particular da nosa industria e da economía galega en xeral deben ter sido asistidos por todos os actores institucionais do SUG e pola Administración educativa autonómica, de maneira que poidan **aproveitar o potencial de moitos mozos e brillantes universitarios en países onde hai centros galegos e que merecen gozar dunha oportunidade en Europa a través de Galicia**. Oportunidade que a miúdo non encontran a

causa da falta de suficientes axudas dos seus países de orixe e da impericia dos programas europeos de captación de talento extra-europeo. Por esta vía, ademais, cabería a posibilidade de **instar a Comisión Europea a mellorar as ferramentas de internacionalización das universidades e factorías do coñecemento** radicadas na UE, que aínda se atopan a gran distancia das súas homólogas norteamericanas, con gran resentimento da competitividade europea en xeral, e da industria europea en particular.

259. Finalmente, debemos ter en conta as disposicións da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Paz Andrade. No actual mundo globalizado, as institucións galegas, comprometidas co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben **valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional**. Tamén debemos tomar en consideración a importancia do portugués, o idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. Por iso, fomentaremos o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

4.3. Galeguidade

260. **A Galicia contemporánea non pode comprenderse sen a súa diáspora histórica**. Só entre 1836 e 1960 abandonaron a nosa Terra máis de dous millóns de compatriotas galegos. Non obstante, co paso do tempo este fenómeno require ser analizado dende novas perspectivas, en especial no que concirne á galeguidade como factor relevante na proxección exterior de Galicia. Isto é debido a que o propio transcurso do tempo foi debilitando os vínculos naturais coa Galicia territorial e co pobo galego nela asentado. Convén ademais lembrar, para ter unha correcta visión de conxunto, que diversas fontes estiman que entre 1815 e 1930 máis de cincuenta millóns de europeos emi-

33. Sistema estatal de indicadores de la educación, 2016. Instituto Nacional de Evaluación Educativa. P. 5.

graron cara a outros continentes, fundamentalmente cara a América. Igualmente, entre os factores que estimulaban esa emigración coincidiron os que fomentaban a inmigración nos países de destino. Disposicións como o artigo 25 da Constitución arxentina de 1853 explican este fenómeno masivo, difícil de concibir na actualidade en canto ás súas dimensións, ao alentarse e privilexiarse a inmigración exclusivamente europea.

261. No noso caso, **máis da metade dos galegos emigrados deixaron Galicia entre 1901 e 1930**. Quere isto dicir que na maioría dos casos transcorreron máis de tres xeracións completas entre o abandono de Galicia e a actualidade, sobrevivindo pois xa moi poucos dos nados na nosa Terra daquela grande ondata. Esta distancia temporal, unida aos sucesivos matrimonios destes galegos con nacionais oriúndos de diferentes estados, provoca unha consubstancial e inexorable desvinculación dos seus descendentes con Galicia, polo que se require unha **acción continua de reafirmación** do nexos emocional e vital coa nosa vixente realidade social, xa que non poucos deles poden estar chamados no inmediato futuro a rexuvenecer a nosa contrita demografía.

262. **A realidade da diáspora galega presenta unha complexa heteroxeneidade**, produto dos diferentes tipos de migración do pasado e do presente. Esta heteroxeneidade, ademais da disparidade territorial, implica que malia as diferentes situacións e circunstancias espaciais e vitais, debe promoverse unha política integral no seu xusto tratamento institucional. Esta política estará estreitamente ligada á acción exterior do Goberno galego. A relación coa poboación galega no exterior debe fuxir da aplicación de criterios paternalistas e partidistas, e basearse na igualdade real e na equidade no tratamento, partindo da aplicación das políticas concretas, adaptando o nivel de relación ás diferentes necesidades e oportunidades e, en especial, partindo da consideración das galegas e galegos residentes no exterior como cidadás e cidadáns suxeitos a dereitos e deberes sociais, culturais e económicos. A acción do Goberno galego en materia de emigración nuclearase arredor da **plena equiparación dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior**, que se concreta tanto en facilitar o acceso a un nivel de

servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, como en garantir unha participación política de xeito libre e democrático, así como no acceso á nosa cultura e lingua. No ámbito dos dereitos civís e políticos, Galicia debe apoiar o estudo e modificación da lexislación electoral para eliminar o actual sistema de voto rogado e introducir novas fórmulas (como o voto electrónico), non exclusivas, seguindo as recomendacións da Xunta Electoral Central e do Parlamento Europeo para mellorar substancialmente o procedemento de voto exterior. A ineficacia do sistema actualmente en vigor é un atranco inaceptable para a participación da emigración na vida política do noso país.

263. O **Consello de Comunidades Galegas** é o órgano representativo das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Con carácter deliberante e funcións consultivas, o Consello asesora a Administración autonómica no cumprimento dos fins establecidos na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade. A súa organización e funcionamento regúlase no Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.

264. Recentemente as comunidades galegas, manifestaron no **XI Consello de Comunidades Galegas**, celebrado na Habana, o seu posicionamento sobre as políticas referentes nas seguintes materias:

» **En política social:**

- as novas realidades demográficas e sociais da Galicia exterior, co incremento de poboación produto do proceso extraordinario de recuperación de nacionalidade, comprometen a Xunta de Galicia e as comunidades galegas no exterior a desenvolver programas no ámbito socioasistencial para o conxunto dos galegos en situación de necesidade que residen fóra da nosa comunidade autónoma;
- intensificar a actuación das comunidades galegas como axentes na detección precoz de posibles problemas sociais individuais e colectivos, que desemboque nunha alerta temperá a aqueles organismos ou organizacións que poidan actuar a prol da súa resolución;
- manter as axudas económicas individuais, que teñen como obxectivo contribuír a paliar

a carencia de medios económicos para poder afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención socioasistencial digna para todas as persoas galegas residentes no exterior, e incrementalas dentro das posibilidades naqueles casos de especial vulnerabilidade, coa finalidade de non deixar desatendidas as situacións de especial gravidade, como é o caso de Venezuela;

- tendo en conta o incremento dos custos de sustentabilidade derivados dunha poboación cada vez con máis idade, potenciar por parte da Xunta de Galicia a chegada de recursos económicos a aquelas entidades galegas prestadoras de servizos socioasistenciais, con especial atención a aquelas que asisten ao colectivo da terceira idade;
- promover a cooperación das entidades galegas con fins asistenciais para unificar recursos dirixidos a lograr unha coordinación na xestión e eficacia dos medios, experiencias e recursos dispoñibles;
- fomentar redes de voluntariado por parte das comunidades galegas, especialmente entre a súa xuventude, porque o futuro da galeguidade descansa nos seus ombreiros;
- potenciar espazos de encontro da xuventude coa realidade socioasistencial que lle é próxima, aproveitando a experiencia de dous séculos de solidariedade entre os galegos da diáspora;
- reforzar os programas dirixidos á xuventude: (*Conecta con Galicia, Aventúrate con Galicia*) e aqueles dedicados á formación, para que a mocidade do exterior participe activamente na realidade social da Galicia territorial, e favorecer a súa implicación no seo das entidades galegas do exterior.

» **En galeguidade:**

- realizar congresos e xuntanzas da xuventude galega no exterior para que sexan os propios mozos galegos os que subliñen as necesidades, inquedanzas e proxectos que poidan ter e desenvolver no ámbito asociativo da galeguidade, e que tamén sirvan para unha mellor orientación das políticas públicas de Galicia e as accións das propias comunidades galegas a prol da xuventude galega no exterior;

- fomentar actividades formativas cara á xuventude galega residente no exterior, que incidan no coñecemento da historia, lingua e cultura galega e tamén na realidade social e económica da Galicia territorial;
- instar a todas as sociedades galegas do exterior a abrir as súas portas á xuventude, con programas e actividades adaptados aos seus intereses, e favorecer a entrada na dirección das entidades á participación xuvenil nos casos en que esta non se producise;
- na medida en que a situación económica de Galicia o permita, aumentar os orzamentos dedicados á promoción de actividades que fomenten a participación da xuventude galega no exterior, a súa formación e alente a súa capacidade para axudar ás propias comunidades galegas;
- eliminar calquera barreira na consecución da igualdade plena entre homes e mulleres; as propias entidades deben promover a plena integración da muller na súa vida asociativa, sen discriminacións nin xerando espazos específicos de participación que as separen dos procesos de toma de decisión e de representación; promover foros de debate entre as mulleres galegas do exterior que definan o alcance que as mulleres queren dar a este proceso;
- realizar estudos sociolóxicos, económicos e culturais sobre a situación da muller galega no exterior que sirvan para orientar as políticas públicas de Galicia e para promover o cambio cultural das comunidades galegas a prol da plena igualdade entre os homes e as mulleres de Galicia;
- mellorar o intercambio de profesionais galegos entre os nosos países, facilitar o encontro dos nosos empresarios –estean onde estean–, servir de antenas para detectar oportunidades de negocio para os produtos galegos e para produtos foráneos nos mercados de Galicia, promover e presentar as realidades produtivas, económicas, culturais e turísticas de Galicia nas sociedades que acollen os galegos da diáspora;
- reiterar a necesidade de non esquecer a nosa historia, especialmente entre as novas xeracións e, polo tanto, implantar nos plans de estudos na ensinanza primaria e secundaria a necesidade de estudar a historia da emigra-

ción de Galicia e o seu presente; un pobo sen coñecemento da súa propia historia é un pobo que camiña cego na senda do futuro;

- instar os concellos de Galicia a manter a súa vinculación coas comunidades galegas do exterior, e especialmente con aquelas que os representan e levan dignamente o seu nome nos países que as acollen; os concellos galegos deben ser responsables no envío de documentación de interese sobre as súas localidades ás comunidades galegas, responder as súas comunicacións e peticións, e manter informadas as comunidades parroquiais, municipais e provinciais, sobre as actividades e programas que desenvolven a favor dos seus veciños;
- asemade, presentar nun prazo razoable un proxecto detallado para a creación da Medalla da Galeguidade;

» En cultura:

- as comunidades galegas do exterior contan cun importante patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico que souberon recoller e custodiar ó longo da súa existencia, e comparten coa Comunidade Autónoma de Galicia o interese por preservalo de cara ó futuro, tal como ten manifestado explicitamente nas distintas normas legais aprobadas;
- elaborar conxuntamente, entre as institucións de Galicia e as comunidades galegas, un plan de actuación que protexa e permita coñecer, inventariar, conservar, poñer en valor, difundir e compartir o seu patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico; este plan debe responder ás necesidades de conservación do fondo documental e artístico para garantir a súa permanencia na memoria das colectividades de emigrantes, constituíndo un factor relevante no recoñecemento e identidade do conxunto da nosa cultura, construída tanto desde a Galicia territorial como desde a Galicia exterior e que se materializará na creación dun futuro Museo da Emigración Galega que custodie todo este patrimonio documental e artístico. Na actualidade existe o Museo da Emigración Galega en Bos Aires, dentro da Federación de las Asociaciones Gallegas de la República de Argentina, pero podería existir en múltiples países cun discurso expositivo moderno no que se potenciara a dixitalización dos seus fondos;

- o espallamento e a potenciación da lingua e da cultura galega fóra das fronteiras territoriais de Galicia deben seguir sendo un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia; a lingua, como patrimonio cultural de valor primordial e creación colectiva do noso pobo é a nosa principal marca de identidade;
- débese seguir potenciando a consolidación, o ensino e a investigación da lingua e da cultura galega nas universidades de fóra de Galicia nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico;
- continuar e potenciar a actividade da rede de lectorados universitarios e de centros de estudos galegos, como órganos de referencia a través dos cales se canalicen as actividades promotoras da nosa lingua, tanto no ámbito académico como na súa área de influencia, e se promovan novas institucións que contribúan non só á difusión do galego senón, tamén, ó seu prestixio no exterior;
- aproveitar a rede de centros e asociacións galegas, espalladas polo mundo enteiro, para acoller de xeito amplo e estable o ensino da lingua e da cultura galegas, con especial referencia á xuventude, potenciando e ampliando os cursos que se veñen impartindo por profesores licenciados en filoloxía galega;
- elaborar e executar campañas de concienciación entre o empresariado galego tendentes a que interioricen que a nosa lingua é un valor rendible se se utiliza como unha ferramenta de internacionalización, e é unha vantaxe competitiva para interactuar nun mercado de máis de 200.000.000 de potenciais clientes nos países lusófonos, que foron, tradicionalmente, e seguen a ser, unha saída natural para as empresas galegas; non hai que esquecer aquela premonición feita hai máis de setenta anos por Valentín Paz Andrade, e que hoxe segue vixente: «Galicia é fonte, Portugal ponte, e o Brasil algo que se asemella ó paraíso prometido»;
- aproveitar a enorme potencialidade que nos proporcionan as novas ferramentas tecnolóxicas e de comunicación que nos permiten impulsar a lingua na rede para superar o reto que se nos presenta de espallar un idioma románico que está gañando a súa internacionalización.



Centro Galego de La Habana.

» En tecnoloxía:

- na sociedade actual as TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) son xa unha realidade tanto no plano persoal como no profesional, polo que non pode entenderse o funcionamento e a xestión das entidades sen o uso das novas tecnoloxías; o fomento das TIC vai facilitar e optimizar o traballo diario das entidades, tanto nas súas relacións con outras entidades como na difusión da programación das súas actividades e no acceso ás distintas canles de información; a integración destas ferramentas tecnolóxicas vai contribuír á transformación dos centros en entidades máis eficientes e máis atractivas, aumentando así as posibilidades para lograr que perduren no tempo;
- a principal problemática que presentan as entidades galegas no uso e manexo das TIC é unha escaseza de recursos humanos e tecnolóxicos, ao que habería que engadir o descoñecemento e o temor que se pode experimentar cando nos enfrontamos a esta nova realidade tecnolóxica; o proceso de envellecemento que están a sufrir varias das entidades galegas leva asociado tamén que se detecte unha escaseza de habilidades no relativo ao uso das novas tecnoloxías;

- as relacións e a comunicación das entidades no exterior coas administracións galegas ven-se limitadas polas dificultades xeradas pola distancia xeográfica e o desfase horario, polo que sería necesario poder rematar coa presentación de documentación ou realización de trámites de xeito presencial e implantar de maneira definitiva a Administración electrónica e a modernización das plataformas de pagamento de servizos e recursos da Xunta de Galicia (por exemplo a Librería Institucional), xa que a actual plataforma do Cixtec só permite pagamentos de cantidades ínfimas e con tarxetas dun só banco. É urxente actualizar e facer amigables estas plataformas; tendo en conta os requisitos esixidos para poder acreditar a identidade das persoas para que poidan operar na Administración electrónica (DNI electrónico) habería que instar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega) para que habilite un sistema de autenticación ou sinatura electrónica que permita ás galegas e ós galegos residentes no estranxeiro acceder de xeito pleno á tramitación electrónica;
- implantar o *e-learning* ou aprendizaxe electrónica como recurso didáctico orientado a proporcionar un amplo abano de posibilidades



Bos Aires celebra Galicia.



Alfonso Rueda coa colectividade galega en Bos Aires.

formativas e a favorecer unha aprendizaxe máis aberta e flexible, sobre todo naqueles casos nos que se presentan necesidades especiais ou dificultades para as modalidades de aprendizaxe tradicionais ou presenciais, como sería o caso das comunidades galegas do exterior; unha opción de oferta formativa serían os cursos de galego en liña, implicando no proxecto a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, así como cursos de formación relacionados coa implementación e desenvolvemento das TIC e dos programas de xestión das entidades galegas;

- diversificar os medios dixitais orientados a dar soporte nos cursos de formación propostos a través das redes sociais, mediante a utilización doutros medios como o USB, CD, DVD,... para adaptalos a aquelas entidades que teñen unhas necesidades distintas. Debido a que os soportes físicos están esgotando o seu camiño, na actualidade os contidos deben estar en plataformas na nube e ser contidos interactivos e nos que conflúan contidos de diferentes orixes (xogos, audios, vídeos...);
- facilitar ferramentas estándar como programas de xestión libres e adaptables ás distintas

peculiaridades dos centros e que melloren o funcionamento das entidades;

- propoñer a habilitación de sistemas de interacción inmediata cos usuarios a través de redes sociais que acheguen os contidos que demandan eses presentados de xeito amigable e actual, por exemplo, un chat de atención a usuarios por parte da Administración autonómica; o uso desta canle permite brindar soporte e mellorar o servizo de atención que actualmente se presta tanto aos usuarios en xeral como ás comunidades galegas no exterior;
- é de salientar que a mocidade non é especialmente participativa nas redes sociais das entidades galegas, polo que habería que pararse a analizar se os contidos que se publican son do interese deste colectivo dentro da diáspora; detéctase nas novas xeracións un desinterese e progresivo afastamento das actividades das entidades, e tendo en conta que no uso das TIC a mocidade é o maior usuario e/ou consumidor, é preciso atraela novamente ás entidades aproveitando o uso das TIC, principalmente das redes sociais; a pervivencia e expansión dos centros galegos pasa por animalos a involucrarse decididamente no uso das redes

sociais, aumentando así a súa visibilidade e utilizándoas tamén como vehículo para chegar a un público mozo máis difícil de atraer;

- crear vogalías específicas relacionadas coas TIC e as redes sociais nas entidades galegas, converténdose nas persoas encargadas dos procesos da súa planificación e xestión dentro dos centros; o perfil axeitado sería xente dinamizadora e promotora de propostas e contidos, polo que sería conveniente nomear ou escoller para elas xente moza, co que tamén se lograría a súa implicación na xestión institucional dos centros;
- dar publicidade ou facer unha mención ou recoñecemento especial daquelas entidades galegas que destaquen no uso das TIC;
- hoxe en día non debemos deixar de aproveitar o marco de globalización económica e cultural na que nos atopamos e todas as oportunidades que nos ofrecen as TIC como instrumentos reais e imprescindibles, para contribuír a lograr o obxectivo de que a galegitude se perpetúe, consolide e avance no espazo e no tempo;
- máis alá do manifestado polo Consello de Comunidades Galegas, a Administración de Gali-

cia debe manter as axudas socioasistenciais aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social; debe velar pola protección do patrimonio da galegitude e a súa debida difusión e coñecemento; seguir a fomentar os procesos de unión das sociedades galegas; potenciar a proxección exterior de Galicia a través das comunidades galegas, como parte da nosa acción exterior; proceder á necesaria renovación xeracional nas entidades e á participación en igualdade da muller no eido da galegitude e o fomento do retorno entre os nosos emigrantes, favorecendo o retorno de carácter emprendedor.

265. Ademais, o **vínculo da galegitude pode servir para facilitar novos contactos e utilidades nos países de destino**, tanto para os nosos emprendedores como para os nosos creadores culturais e actores universitarios. Dende esta óptica, mesmo cabe defender que os centros galegos poidan colaborar dalgunha maneira a mellorar e a facer máis mesta a rede comercial liderada polos centros dependentes do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou coordinados por el baixo diferentes fórmulas, así como servir de introdutores e difusores da nosa cultura fóra dos estritos e minguentes círculos da



Alfonso Rueda e Antonio Miranda coa colectividade galega de México.



Centro Galego de México.

diáspora galega, polo tanto, suporía profesionalizar a súa xestión e, sobre todo, mudar os seus obxectivos: pasar de ser prestadores de recursos para unhas colectividades cada vez máis envellecidas, a ser difusores de servizos de Galicia para toda a comunidade onde estean eses centros, isto é, unhas verdadeiras "antenas de Galicia no exterior".

266. Neste sentido debera avaliarse social e economicamente a oportunidade de **fomentar a realización de polo menos un ano académico nos ciclos de educación secundaria obrigatoria (ESO) ou de bacharelato a gran parte dos nenos ou mozos descendentes de galegos**. Dada a existencia de prazas educativas sobrantes ou redundantes na oferta pública en múltiples localidades galegas, o seu custo marxinal sería nulo ou moi reducido, sempre que se contase co debido apoio dos concellos interesados, así como doutras institucións públicas e de entidades privadas, para axudar a custear a manutención e residencia durante o tempo indispensable. Dende a Xunta de Galicia cabería mesmo a posibilidade de instar o Estado á sinatura dos instrumentos internacionais precisos para garantir a plena validez académica do curso ou cursos realizados en Galicia unha vez

regresen ao país de orixe de cada alumno, sempre a teor da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, seguidos da sinatura dos imprescindibles acordos internacionais administrativos de execución pola propia Xunta de Galicia.

267. Un programa destas características, ademais de revitalizar os elos da galeguidade entre os descendentes da grande ondada da nosa diáspora durante o primeiro terzo do pasado século XX, podería contribuir a **atraer os devanditos descendentes de galegos ás bisbarras máis necesitadas de rexuvenecemento**, onde precisamente hai excedente de prazas en centros educativos e onde os custos de residencia son menos elevados. O éxito do programa radicaría en avivar os devanditos nexos de galeguidade con netos e bisnetos de concidadáns emigrados hai case un século e, á par, obter unha porcentaxe de mozos que libremente decidan, con posterioridade, iniciar estudos universitarios ou profesionais en Galicia, desenvolver aquí a súa vida adulta, emprender actividades produtivas e formar familias con descendencia, fundamentalmente nas devanditas bisbarras demograficamente máis deprimidas ou carentes de remuda xeracional.

268. Asemade, debera ponderarse a **creación de programas similares ao Iacobus-FP para os descendentes da nosa diáspora**, e facilitar os intercambios para profesorado e alumnado destinado a desenvolver un sistema de intercambio entre centros públicos de formación profesional, coa finalidade de favorecer o achegamento das competencias profesionais, para facilitar a equiparación de titulacións de formación profesional, ou para realizar un período de prácticas ou aprendizaxe en centros de formación, empresas ou ONG, que servirá para establecer elos máis estreitos entre a educación, a aprendizaxe e o mundo laboral da Galicia exterior e a Galicia territorial.

269. Igualmente, cabería avaliar a **realización de convocatorias para cursos de posgrao**, que ofrezan ós alumnos universitarios da diáspora a posibilidade de completar a súa formación académica, realizando unha estadía semestral ou anual en institucións de educación superior. A realización de estudos nas universidades galegas permitiríalles enriquecer o seu desenvolvemento académico e contribuiría ao achegamento da mocidade da diáspora á Galicia territorial, aumentando as posibilidades de fixación de poboación nova no país.

4.4. Cooperación para o desenvolvemento

270. A cooperación para o desenvolvemento é unha política pública en si mesma e un dos instrumentos máis importantes da acción exterior. Expresa o **deseño de solidariedade da sociedade galega e a súa aspiración a acadar un mundo máis xusto**. Para que sexa plenamente eficaz, debe estar integrada no marco da acción exterior a través do principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento pero, ao tempo, pola súa natureza, perfís e connotacións sociolóxicos debe gozar dunha autonomía singular.

271. As CC. AA., e entre elas Galicia, **comprometéronse activamente coa cooperación para o desenvolvemento**, tanto a nivel orzamentario como administrativo, a pesar da profunda crise económica que nos últimos anos obrigou a reducir as achegas financeiras a esta política por mor das urxencias sociais da nosa poboación.

272. Ao mesmo tempo, **cómpre que a nosa sociedade civil amose con afán a súa implicación na materia**, xa sexa incrementando a súa afiliación ás organizacións cívicas existentes, promovendo

novas agrupacións máis especializadas ou reclamando máis recursos propios e alleos.

273. Na medida das posibilidades que se ofrecen aos entes subestatais, **Galicia está a coadunar tamén a que esta política pública consiga meirande importancia no seo das políticas comunitarias** e que a UE integre as fortalezas e o valor engadido da cooperación descentralizada con respecto a outras cooperación.

274. Así mesmo, faise especial fincapé en que a política de cooperación para o desenvolvemento sexa unha **política pública transparente**, que renda contas activamente á cidadanía galega dos logros colectivos na loita contra a pobreza global.

275. Dende os seus inicios, a política galega de cooperación tivo como referente e ámbito estratéxico de actuación a contribución á redución da pobreza, colaborando na **consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM)**. Tendo en conta que os devanditos obxectivos finalizaron a súa vixencia no ano 2015, asistimos a un proceso internacional de definición dunha nova axenda post-2015 que pretende fortalecer os avances conseguidos, incluíndo aquelas dimensións ausentes nos ODM e que resultan fundamentais para o desenvolvemento, como a coherencia de políticas, a gobernanza democrática, a participación cidadá, os dereitos humanos, a seguridade alimentaria, o traballo decente ou o crecemento económico inclusivo. Trátase dos denominados **obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS)**, aprobados pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015, que configuran o núcleo da axenda global de desenvolvemento para os próximos anos, ata 2030.

276. A orixe da política galega de cooperación pode situarse no **Convenio marco asinado coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) pola Xunta de Galicia**, o 19 de outubro de 1992, a través do cal ambas as dúas institucións se comprometen a desenvolver accións conxuntas no eido da cooperación para o desenvolvemento. Pola súa vez, entre 1992 e 1993, a Xunta realizou accións específicas nesta materia, recorrendo para isto a algunha organización non gubernamental para o desenvolvemento (ONGD).

277. Dende aquela, comeza o proceso de consolidación do compromiso en materia de coope-

ración por parte da Xunta de Galicia. A ese proceso contribuíu a **maior sensibilización social** respecto dos temas de cooperación para o desenvolvemento, que se produce como consecuencia da crise dos Grandes Lagos e o impacto cidadán que tiveron as campañas da Plataforma 0,7. Ao mesmo tempo, a xeneralización a boa parte do mapa autonómico español do compromiso en materia de axuda internacional, a través do nacemento da chamada **"cooperación descentralizada"**, constituíu tamén un estímulo para que a Xunta de Galicia se fixese presente, con orzamento e órganos propios, neste ámbito da acción pública.

278. **A Lei galega 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento**, ten como obxectivo regular as accións coas que a Comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes, aliviar e corrixir as situacións de pobreza e favorecer un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico. A planificación da política da axuda recollida na Lei 3/2003, desenvolveuse ata a actualidade a través de tres plans directores.

279. **O I Plan director 2006-2009 foi aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia** o 24 de abril de 2006. Este primeiro plan pretendía fixar compromisos en forma de prioridades e obxectivos, mellorar a calidade e eficacia da política de axuda partindo da experiencia acumulada no pasado e identificar as fortalezas e debilidades do sistema galego de axuda, para introducir elementos correctores co concurso de todos os actores do sistema.

280. **O II Plan director 2010-2014 tamén foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia** o 16 de xuño de 2010. Este II plan director pretendeu ser máis selectivo nas súas prioridades, máis preciso nos seus obxectivos e máis coidadoso no establecemento de indicadores para permitir un máis doado seguimento e avaliación posterior do plan.

281. Os obxectivos e prioridades da Comunidade Autónoma de Galicia para os vindeiros anos están establecidos no **III Plan director da cooperación galega 2014-2017**. Este documento



O director xeral de relacións exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, visita os proxectos de educación e hábitat saudable que ONGD galegas desenvolven en Guatemala.

programático, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e o Parlamento galego despois de recibir o apoio dos axentes galegos de cooperación no Consello Galego de Cooperación, concrétese nos plans anuais que aproba o Consello da Xunta onde se detallan as actuacións a realizar en cada exercicio orzamentario.

282. O III Plan director caracterízase polos seguintes eixos:

- **Especialización** da cooperación galega, aproveitando as nosas vantaxes comparativas e poñendo ao servizo da cooperación para o desenvolvemento a nosa experiencia naqueles sectores que nos son máis afíns;
- **Maior eficacia e impacto** das actuacións de cooperación e maior eficiencia na xestión e na avaliación da cooperación;
- **Maior concentración das axudas**, para o cal se establecerán unhas prioridades xeográficas e sectoriais máis limitadas;
- **Coordinación e complementariedade** das actuacións cos distintos doadores, tanto estatais coma subestatais;

- Busca de **fontes alternativas de financiamento**, en especial da Unión Europea e de organismos internacionais, así como no ámbito privado;

- Promoción de **alianzas público-privadas** para facilitar o acceso ao financiamento internacional;

- Consolidación da **marca "Cooperación Galega"**, tendo en conta a especialización e o valor engadido da cooperación que se fai dende Galicia;

283. O Sistema galego de cooperación é actualmente un sistema xa maduro, normativa e institucionalmente. Para que a Cooperación Galega siga avanzando e sexa capaz de mellorar no cumprimento dos seus obxectivos, **necesítase reforzar simultaneamente o apoio e confianza da cidadanía galega**. Por este motivo, a Cooperación Galega ten como un dos seus sinais de identidade ser unha política pública transparente, que rende contas activamente á cidadanía galega dos logros colectivos na loita contra a pobreza global, así como do cumprimento dos resultados previstos nos instrumentos de planificación.

284. Do mesmo xeito, é necesario que a toma de decisións estratéxicas e operativas se adopte baseándose en información de calidade e relevante, que achegue datos, feitos e evidencias. Por tal motivo, estase a afondar na **mellora da calidade dos instrumentos de seguimento e avaliación**, a través dun investimento de recursos financeiros suficientes neste campo da xestión do coñecemento.
285. De cara aos próximos anos, e con base nos resultados conseguidos e as propostas de mellora incluídas nos distintos documentos de avaliación, a Xunta de Galicia pretende **seguir avanzando nunha contribución eficaz e ordenada á senda de desenvolvemento dos nosos países socios**, a través dun proceso participativo e de diálogo que incorpore os logros e aprendizaxes pasadas identificáronse uns resultados comúns, unhas capacidades compartidas e novas oportunidades para a actuación complementaria do conxunto de actores e axentes galegos de cooperación.
286. Así mesmo, para os vindeiros anos, a Cooperación Galega centrará os seus **esforzos en catro niveis**:
- a) O **impulso da coordinación e complementariedade** entre os actores e axentes de cooperación.
 - b) O **fortalecemento da capacidade institucional** dos devanditos actores e axentes.
 - c) O **reforzamento dos procesos de información, comunicación e rendición de contas** dirixidos á cidadanía galega.
 - d) A dotación dun marco orzamentario realista que garanta a **solvencia financeira e a viabilidade operativa** da Cooperación Galega.
287. Por outra banda, a inserción da Cooperación Galega no sistema europeo e español de cooperación determina a **necesidade de reforzar a coherencia da axenda do Sistema galego de cooperación coas axendas europea e española**.
288. A comunidade internacional, reunida en Nova York, en setembro de 2015, decidiu aprobar un novo compromiso en materia de desenvolvemento: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. A nova Axenda promove unha integración máis equilibrada entre as transformacións que se requiren no interior dos países e aquelas que remiten a compromisos no ámbito internacional. Neste sentido, a Axenda transcende o ámbito da cooperación para o desenvolvemento para **implicar o conxunto das políticas públicas e os diversos niveis de goberno** (local, rexional ou nacional) dun país. Consciente dese compromiso, o Goberno galego elaborará un estudo co obxecto de facer unha exploración do enfoque e dos procedementos a través dos cales se pode adoptar e adaptar a Axenda 2030 ao ámbito das competencias propias da Xunta de Galicia.
289. Dentro desta nova axenda global, a cooperación descentralizada e a actuación dos gobernos subestatais en cooperación para o desenvolvemento están a adquirir un maior protagonismo. A Xunta de Galicia salientou esta **relevancia nos dous ditames elaborados en 2011**, a petición do Comité das Rexións da Unión Europea, **sobre o Libro verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento e sobre a Comunicación da Comisión Europea sobre o incremento do impacto da política de desenvolvemento da UE: un programa para o cambio**. En continuidade coa *Comunicación Autoridades Locais: actores para o desenvolvemento*, da Comisión Europea do ano 2008, estes ditames reivindicaron as fortalezas e o valor engadido da cooperación descentralizada.
290. Neste marco europeo de referencia, a nova misión da Cooperación Galega ha de definirse mediante unha **nova política pública de cooperación para o desenvolvemento**, onde a sociedade galega contribúa á promoción de cambios positivos e sostibles a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e das comunidades cos que se asocie.
291. Por outra parte é necesario definir aqueles propósitos xerais que a Cooperación Galega desexa acadar en termos de avances no desenvolvemento das sociedades dos países socios e de melloras nas condicións de vida das persoas. **A Cooperación Galega asume as orientacións estratéxicas da Cooperación Española**, definidas no seu IV Plan director, para salientar a realización efectiva dos principios de coordinación e complementariedade, que harmonizan o carácter multiactor e multinivel do sistema español de cooperación.
292. Desta maneira, e de acordo co establecido no noso III Plan director, as orientacións estratéxicas da Cooperación Galega para os próximos anos pasan por contribuír a **consolidar procesos democráticos e o Estado de dereito** mediante o impulso da calidade da democracia, o fortalecemento da estrutura e os sistemas de xestión do sector público e a **garantía dos dereitos humanos**.
293. Ademais, debemos **axudar a reducir as desigualdades e a vulnerabilidade fronte á pobreza extrema e ás crises** por medio de políticas de prevención e preparación e programas de protección social, favorecendo unha alimentación axeitada e suficiente fronte ás crises, cun enfoque de soberanía e seguridade alimentarias.
294. Tamén temos que **promover oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión**, estimulando o desenvolvemento rural e territorial, a agricultura, a pesca e a acuicultura, como ámbitos de especialización, cun enfoque de seguridade e soberanía alimentaria, orientadas cara a un crecemento económico inclusivo e sustentable.
295. Por engadido, debemos **fomentar sistemas de cohesión social**, destacando os servizos sociais básicos, para atender o dereito humano á saúde –neste vixente plan director a Cooperación Galega sinala como sectores de especialización o de saúde e programas/políticas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva–; o dereito humano a unha educación básica de calidade para as persoas; o dereito humano á alimentación e o dereito humano ao hábitat, á auga e ao saneamento básico.
296. Resulta crucial tamén **defender con decisión os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero**, impulsando a promoción da igualdade formal e real, apoiando as políticas públicas de cohesión social, de igualdade de xénero e de loita contra a violencia de xénero, cun empoderamento das mulleres a través do fortalecemento das súas organizacións, tanto nas actividades de cooperación coma de educación para o desenvolvemento. Esta estratexia require a integración da equidade de xénero de xeito transversal en todas as intervencións e ámbitos, facendo desta prioridade un requisito imprescindible para o financiamento dos proxectos. Ao tempo, promoverase a realización de diagnósticos de xénero na identificación das intervencións e a necesidade de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos os dous.
297. Asemade, e en coherencia cos mandatos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a actividade da Cooperación Galega deberá integrar tamén a **difusión do principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero** e contribuír, en consecuencia, á erradicación dos crimes de odio cometidos contra estas persoas, da súa criminalización e do resto de prácticas discriminatorias denunciadas polo informe de novembro de 2011 do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos.
298. Outro aspecto que se debe considerar estriba en **mellorar a provisión de bens públicos globais e rexionais**, como a sustentabilidade ambiental e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade. Para iso, a Cooperación Galega contribuír a esta orientación estratéxica a través da defensa do medio ambiente e do desenvolvemento sustentable, xunto coa promoción da diversidade das expresións culturais e da interculturalidade.
299. Tampouco pode esquecerse a **necesidade de responder ás crises humanitarias con dilixencia e eficiencia**. Isto require reafirmar o noso compromiso cos principios humanitarios de independencia, humanidade, neutralidade e imparcialidade, así como coas Directrices de Oslo, os principios e boas prácticas de doazón humanitaria e o consenso europeo de axuda humanitaria. A nosa resposta debe basearse en necesidades humanitarias e non noutros criterios –políticos ou de prioridade xeográfica–, atendendo á intervención en favor de poboacións sobre a base da súa vulnerabilidade. Tamén debe asumirse o impulso da protección das vítimas e da aplicación do dereito internacional humanitario (DIH), cun enfoque baseado nos dereitos subxectivos que emanan daquel. Os recursos deben canalizarse en definitiva tanto a través de convenios como de convocatorias abertas e permanentes de acción humanitaria, para intervencións de pre-

vención de desastres, redución e mitigación de riscos, cun enfoque global de resiliencia.

300. A Cooperación Galega debe **axudar ademais a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable**. Para este fin reforzará os procesos de educación para o desenvolvemento; impulsará o enfoque de comunicación para o desenvolvemento; fomentará o traballo en rede e a complementariedade entre os axentes e actores de cooperación para unha actuación coordinada e complementaria en educación para o desenvolvemento, cunha especial atención ao traballo coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; estimulará a investigación para o desenvolvemento e apoiará aquelas iniciativas e experiencias que induzan efectos multiplicadores no nacemento dunha identidade individual e colectiva como cidadá ou cidadán global.

301. O conxunto de orientacións estratéxicas da Cooperación Galega necesita ser complementado cunha **atención ás prioridades xeográficas, transversais e sectoriais da devandita Cooperación**, que orientarán a asignación xeográfica e sectorial da axuda. O plan director afonda na selectividade xeográfica da axuda galega, sobre a base das tendencias de concentración das axudas e intervencións do período 2010-2013. Dando resposta a este propósito, definíronse como prioritarios Mozambique e Cabo Verde; Bolivia, Ecuador e Perú; República Dominicana; Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

302. Xunto ás orientacións estratéxicas, a Cooperación Galega reafirma como **prioridades transversais a loita contra a pobreza, a equidade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental, o respecto polos dereitos humanos e a defensa da interculturalidade**. Estas prioridades transversais deberán ser coidadas en todas as intervencións de desenvolvemento, calquera que sexa o seu ámbito sectorial.

303. A Cooperación Galega **especializará a súa axuda nos sectores nos que conte con valor engadido ou vantaxes comparativas**, para fortalecer a súa especialización sectorial e realizar unha acción humanitaria integral e de calidade. Os actores e axentes da Cooperación Galega coordinarán e complementarán as súas actuacións para contribuír a resultados de desenvolvemento, participando activamente nos

espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española. Pero a Cooperación Galega, máis alá das necesarias vantaxes comparativas que considere nas súas prioridades, atenderá principalmente aquelas urxencias humanitarias que identifiquen as autoridades e organizacións internacionais. A crise actual dos refuxiados é mostra dunha falta de compromiso real no contexto europeo e da Cooperación Española, que está a impedir que Galicia, que moitos dos seus concellos que queren colaborar nesta urxencia humanitaria, poida actuar. Esta crise humanitaria é certamente inadmisíble en calquera axenda internacional que pretenda atender os máis desfavorecidos, ben por causas económicas, ben por causas políticas. A Egaex debe así asumir un compromiso humanitario de primeira orde. En materia de axuda oficial ao desenvolvemento, acadarase un compromiso orzamentario de alomenos o 0,2% no horizonte desta estratexia.

304. A cidadanía galega debe poder acceder a unha **información de calidade** sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza. Así resulta indispensable facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación e promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.

305. Como último, pero non menos importante resultado de xestión, a Cooperación Galega **mellorará a planificación e implementación das actuacións en educación para o desenvolvemento**, definindo un marco estratéxico de acción en educación e comunicación, así como garantindo a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.

306. En suma, a política galega de cooperación para o desenvolvemento debe ser **coherente e congruente coa Estratexia de acción exterior** da nosa comunidade autónoma, pero non por iso debe ser considerada como unha ferramenta puramente instrumental ao servizo de lexítimos intereses aínda que alleos á súa propia natureza e esencia.

4.5. Acción exterior e proxeccións demográficas

307. **Galicia ten cada vez menos poboación en idade fértil e menos poboación infantil e xuvenil**. Desta maneira, aínda que conseguísamos un desexable e imprescindible incremento sostido da fecundidade durante as próximas décadas, ata acadar a media europea que marca como obxectivo o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, tamén **debemos atraer máis poboación nova foránea**, favorecendo a súa integración na nosa cultura e sociedade. Esta análise e a correspondente terapia é común á maioría dos países máis avanzados de Europa, a pesar do rexeitamento que xera en certos espectros da poboación autóctona e que se manifesta en movementos xenófobos de diverso tipo.

308. Igualmente, **debemos axudar os nosos mozos profesionais, traballadores cualificados e emprendedores** para que conxuguen as vantaxes que ofrecen as nosas melloras en conectividade e o propio desenvolvemento do **mercado interior europeo**. Debemos facilitarlles ao máximo a prestación de **servizos transfronteirizos** nas rexións económicas da UE onde resulten máis competitivos, sen por iso abandonar a súa residencia en Galicia, aínda que só sexa por un número limitado de anos. **Reter talento e poboación nova** resulta imprescindible para manter o potencial cohesivo e integrador da nosa sociedade, e ante as limitacións do noso mercado doméstico debemos explotar ao máximo toda a potencialidade e flexibilidade que ofrece o mercado europeo, en especial na área dos servizos, que supón practicamente 2/3 do conxunto da economía europea.

309. Non caben outras alternativas, mesmo diante do **diagnóstico que se eleva oficialmente perante as autoridades europeas**. Véxase, sen ir máis lonxe, o *Informe de execución da anualidade 2014. Programa operativo Feder de Galicia 2007-2013* (Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) onde, *caeteris paribus*, entre outras cousas, se indica que «Galicia presenta la tercera tasa de fecundidad más baja de Europa (NUTS II); tan sólo superada por otras dos regiones españolas, las Islas Canarias y Asturias» (p.106); «En los próximos años, las proyecciones

de población a corto plazo prevén que continúe disminuyendo la población, tanto en Galicia como en España. De acuerdo con estas proyecciones, la población gallega en 2029 sería de 2.539.735 personas, población similar a la de los años 40 del siglo pasado. La población española se reducirá hasta las 45.484.908 personas y el porcentaje que significará la población gallega en 2029 sobre el total español disminuirá hasta el 5,6% debido a la mayor tasa de descenso gallega. Por otro lado, en la UE-28 la tasa de crecimiento será cada vez más cercana a cero, aunque positiva» (p.108); pero, sobre todo, advírtese do inminente futuro que nos espera de non tomar medidas correctoras do rumbo que ata agora viñamos seguindo: «En el período 2014-2029 se continuará intensificando el proceso de envejecimiento que se está viviendo en Europa. En 2029 la población mayor de 44 años supondrá el 50,4% del total de la UE-28, en España será del 55,8% y en Galicia del 62,4%. En comparación con 2014, estos porcentajes aumentaron 4,5 puntos en el conjunto de la UE-28, 11 puntos en España y 11,2 puntos de Galicia. (...) Por grupos de edad, tanto en Galicia como en España disminuyen la población menor de 45 años; En Galicia, la disminución en ese período de cinco años de población entre 25 y 44 años es del 37,5%, mientras que el total de la UE-28, esta disminución será próxima al 10%. Por otra parte, los grupos de mayor edad verán incrementado su peso; tanto en España como en Galicia se espera un aumento del 59,7% en el grupo de personas de 85 años o más, mientras que para el total de la UE-28, la cifra estimada es de 43,8%» (p.108).

310. Por conseguinte, a acción exterior de Galicia tamén debe ter moi presentes estas circunstancias e este contexto, contribuíndo dende o seu propio ámbito funcional a **achegar medidas paliativas** –vía atracción de poboación–, **pero tamén correctoras da derrota que pode seguir o noso país**. Derrota ou deriva que tería consecuencias moi perniciosas no que atinxe á acelerada senescencia do noso pobo, ao incremento dos gastos sanitarios en medicina non preventiva e á contracción da demanda interna con ausencia de investimento e todo o que leva consigo ser unha das sociedades máis envellecidas de Europa en particular, e de Occidente en termos xerais.



5. Ámbitos xeográficos e institucionais

5.1. Portugal

311. **Para Galicia, Portugal non é o estranxeiro**, nin outro país máis da Unión Europea, nin sequera un mero Estado lindante. Portugal, sen convivir con Galicia dentro da mesma estrutura política e nacional que integra o conxunto de España, forma parte da súa proxección natural, tanto polas fondas raíces do pasado que con el compartimos, como pola presente realidade dos intercambios e a cooperación. Unha realidade que nin sequera se viu interrompida pola severa recesión e os duros axustes que debeu afrontar a República irmá durante os últimos anos. Para isto a participación do Consello da Cultura Galega como Observador Consultivo na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) será unha ferramenta fundamental. Esta organización ten como obxectivos a cooperación en todos os ámbitos, incluídos os da educación, ciencia e tecnoloxía, administración pública, economía, comunicación social e a promoción e difusión da lingua portuguesa, en parcería con diversas institucións públicas e da sociedade civil do ámbito de países membros da CPLP e tamén outras independentes a ela. O Consello da Cultura Galega colaborará activamente coa CPLP na realización destes obxectivos e no desenvolvemento de accións que poden ser de interese común a ambas institucións, baseado no feito de que Galicia é a fonte orixinaria da lingua portuguesa e de ter mantido historicamente fortes vínculos coa cultura expresada nesta lingua.

312. Foi hai case un cuarto de século, durante a década dos 90, cando Galicia e a Rexión Norte de Portugal decidiron percorrer xuntas os camiños

da prosperidade e o desenvolvemento a través dunha cooperación transfronteiriza entre as súas institucións, as súas sociedades civís e a súa cidadanía. A incorporación previa de Portugal e España ás Comunidades Europeas en 1986 representou unha oportunidade neste senso. O proceso viuse favorecido pola creación da **Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, experiencia pioneira con máis de dúas décadas de balance en materia de cooperación**, e xermolo dun marco institucional axeitado para a consolidación dunha das áreas transfronteirizas con maior potencial da Unión Europea, na busca dunha Europa máis cohesionada e máis próxima e responsable perante a sociedade da Eurorrexión así constituída.

313. O marco institucional de cooperación entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal constitúe a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, **creada en 1991 ao abeiro do Convenio marco sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais do Consello de Europa**. Por primeira vez, as dúas beiras do Miño dotábanse dun órgano único de cooperación institucional que, mediante a coordinación colexiada, permitiría afrontar os problemas comúns, o aproveitamento dos recursos conxuntos ou a formulación de estratexias integradoras a curto, medio e longo prazo. Foi a nosa a primeira comunidade de traballo creada na Península Ibérica e, polo tanto, todo un referente en materia de cooperación institucional transfronteiriza, liña pioneira que seguiu reforzándose coa creación tamén da **primeira Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) de ámbito rexional de toda a UE**, ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006.

314. Varios son os elementos positivos que xuntan a vontade luso-galaica para **traballar a prol da máis estreita cooperación que poida acadarse dentro da UE**. A **Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal** está situada na periferia atlántica da Unión Europea, no extremo suroccidental de Europa. Esta localización excéntrica respecto do tradicional polo de desenvolvemento económico europeo, que une o sur de Inglaterra con Lombardía, pode dificultar a atracción de investimento produtivo estable doutras rexións e países, pero en cambio outórgalle tamén unha vantaxe competitiva ao situala nunha rexión estratéxica dende o punto de vista do tráfico marítimo e da centralidade euro-americana.

315. Outra característica importante que incentiva e afianza as bases da nosa cooperación transfronteiriza é a existencia dunha **homoxeidade cultural** entre ambas as dúas beiras miñotas. Na nosa Eurorrexión existe unha tradición histórica común moi consolidada, cunha cultura, xeografía e idioma moi similares, o que favorece de xeito significativo o entendemento e a interrelación das poboacións de ambas as dúas rexións, constituíndo un conxunto máis uniforme e compacto que noutras zonas fronteirizas europeas que carezan destes nexos de unión.

316. Cómpre salientar ademais outros datos relevantes para augurar a **maior cohesión e integración luso-galaica**. A nosa Eurorrexión rolda os 6,5 millóns de habitantes, e polo tanto supera demograficamente a Estados como Dinamarca, Irlanda ou Finlandia, entre outros da UE. Ademais, é nesta zona da fronteira onde se concentra a maior densidade de poboación de toda a raia hispano-portuguesa, cunha densidade media de poboación de 125 hab./km², característica que ten o seu reflexo no alto tráfico humano e mercantil. Galicia é a primeira comunidade española cliente de Portugal e a terceira provedora. Pola súa vez, a Rexión Norte é o segundo cliente de Galicia. Hai que ter presente que xuntos sumamos un espazo físico de 51.000 km², superior ao de varios Estados da Unión Europea, e que a nosa poboación representa o 13% da Península Ibérica, o que fai que unido o noso mercado doméstico común sexa o suficientemente atractivo para propios e terceiros.

317. O resto de CC. AA. limítrofes con Portugal tamén foron creando ao longo da década dos

noventa as súas respectivas comunidades de traballo de cooperación transfronteiriza. É o caso da Comunidade de Traballo Castela e León-Centro de Portugal, constituída en 1995, e que centrou a súa estratexia, sobre todo a partir do 2006, nunha nova dinámica de cooperación transfronteiriza coñecida como "MIT - Mobilidade, Innovación e Territorio", aproveitando que ambas as dúas rexións comparten unha posición privilexiada no contexto ibérico grazas ao corredor Irún-Portugal integrado na Rede transeuropea de transportes (eixo multimodal Portugal-España-resto de Europa). Posteriormente esta comunidade de traballo dotouse dunha nova estratexia de cooperación transfronteiriza durante o período de programación 2014-2020, baseada na estratexia de crecemento da Unión Europea para a próxima década e as súas tres prioridades: economía intelixente, sustentable e integradora.

318. Igualmente cabe citar a Eurorrexión EUROACE, que artella as relacións de cooperación transfronteiriza entre o Alentexo, Centro de Portugal e Extremadura, que se institucionalizan a través dos protocolos de cooperación transfronteiriza subscritos entre a Xunta de Extremadura e a CCDR Alentexo, en 1992, e entre a Xunta de Extremadura e a CCDR Centro de Portugal, en 1994. A súa actividade desenvólvese ao abeiro dos sucesivos programas Interreg-POCTEP (Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal). En 2009 asinaron o Convenio constitutivo da Comunidade de Traballo Euroace, no cal se pon de manifesto a vontade das tres rexións de reforzar e dar un novo pulo ás súas relacións de cooperación. Euroace é así a primeira Eurorrexión de natureza tripartita na fronteira hispano-portuguesa, e está aberta a cantas entidades e organismos, públicos e privados, das tres rexións, estean interesados en participar.

319. Por último, temos que referirnos á Eurorexión AAA –Alentexo, Algarve e Andalucía–, que comezou a andar nunha primeira fase coa Comunidade de Traballo Algarve-Andalucía, creada en 1995. En 2001 creábase a Comunidade de Traballo Alentexo-Andalucía. Posteriormente, en 2010 constitúese a Eurorexión AAA. A cooperación entre os diferentes departamentos das tres administracións mantívose, fundamentalmente, no marco de proxectos conxuntos financiados a través da iniciativa Interreg III-A.



X Plenario da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal. Baiona, 27 de xaneiro de 2014.

320. En suma, **Galicia mantén coa Rexión Norte de Portugal unha posición de vangarda na senda da integración eurorrexional**, tanto polo seu peso socioeconómico e demográfico conxuntos, como pola súa afinidade cultural, o seu dinamismo mercantil e a súa mellor armazón xurídico-institucional, e non só no marco referencial ibérico, senón mesmo no pelotón de cabeza europeo.

321. Conscientes da oportunidade que se presentaba co inicio do novo período de programación orzamentaria da UE, **as autoridades luso-galaicas propuxéronse formular anticipadamente un xenuíno Plan de investimentos conxuntos (PIC) da Eurorrexión**. O obxectivo do PIC era comezar o procedemento de planificación estratéxica común dende o seu momento inicial, en vez de planificar materialmente por separado e buscar despois as complementariedades ou afinidades entre Galicia e a Rexión Norte, co fin de satisfacer os requirimentos administrativos de Bruxelas para artellar formalmente o programa operativo que habería de beneficiarse do correspondente cofinanciamento europeo. Esta forma de traballo, malia a súa racionalidade e lóxica interna, non é a habitual no marco comparado da cooperación te-

rritorial europea pero, unha vez máis, a nosa Eurorrexión demostrou o porqué se atopa na vangarda da devandita cooperación no seo da UE, a pesar mesmo da difícil situación financeira pola que veu atravesando durante os últimos anos a República Portuguesa.

322. Froito dese traballo, o 27 de xaneiro de 2014, con motivo do X Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (CTG-NP), aprobouse en Baiona o Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión (PIC), que permitiu á Xunta de Galicia e á Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDRN) abordar os **desafíos do novo marco financeiro 2014-2020**, planificando e priorizando mancomunadamente dende un principio as súas actuacións no campo da cohesión territorial, e así trasladouse ás respectivas autoridades nacionais e da Unión. **O PIC conseguiu determinar en boa medida o resultado do novo Programa operativo de cooperación transfronteiriza Interreg V-A España-Portugal 2014-2020**, aprobado pola Comisión Europea o 12 de febreiro de 2015.

323. A partir da información presentada e analizada neste Plan, puidéronse realizar axeitadamen-

te as análises das fortalezas e debilidades, das ameazas e oportunidades para a nosa Eurorexión, e iso en cada un dos catro obxectivos temáticos seleccionados como prioritarios. Esta análise DAFO sería o **punto de partida para a definición estratéxica da Eurorexión ata 2020**. O propio PIC desenvolve os resultados desta análise, sinalando, para cada un dos eixos, unhas prioridades estratéxicas –entre unha e tres por eixo–, que son logo concretadas nun total de 39 obxectivos prioritarios para a Eurorexión no período 2014-2020.

324. Deste xeito, o eixo 1 versa sobre a necesidade de construír unha **Eurorexión innovadora** que aposte pola investigación e a transferencia de coñecemento, para o cal debe priorizar a consolidación e potenciación de polos de investigación que se incardinan na RIS3 da Eurorexión e a potenciación da transferencia de resultados ao sector produtivo. O eixo 2 ocúpase de deseñar unha **Eurorexión competitiva** que aposte polo emprego, a través da conversión da Eurorexión nun territorio atractivo para o investimento produtivo e do fomento da súa internacionalización económica. Pola súa vez, o eixo 3 pretende formular unha **Eurorexión cabeceira en calidade ambiental e do patrimonio**, mediante a valorización e protección do patrimonio natural e cultural, a valorización do sistema urbano policéntrico con que conta e a promoción da eficiencia dos recursos ambientais dispoñibles. Finalmente, o eixo 4 aspira a culminar unha Eurorexión exemplar na **capacitación institucional ao servizo da cidadanía**, sendo prioritario neste ámbito promover unha máis intensa e áxil cooperación transfronteiriza entre as diversas administracións públicas concernidas, como instrumento idóneo para mellorar a calidade de vida da nosa cidadanía conxunta.

325. Dende que aprobamos en 2010 o documento de *Prioridades de actuación na acción exterior de Galicia* moitas cousas mudaron. Entre as de maior transcendencia está sen dúbida a aprobación do **marco orzamentario plurianual da Unión Europea para o período 2014-2020**. No documento de 2010 dicíamos que era importante consolidar «as alianzas que xa constituímos con outras rexións europeas que, previsiblemente, poidan estar nunha situación económica semellante á nosa, para seguir influíndo na busca de solucións que se integren no novo período de programación...». Pois

ben, ese difícil propósito foi sobradamente acadado por Galicia e agora toca xestionar a súa implementación, comezando por un **novo e aínda máis ambicioso enfoque da cooperación galega con Portugal**.

326. **O valor engadido da cooperación transfronteiriza en Europa está ligado ás eurorexións**. A creación de institucións transfronteirizas non só fai máis eficaz a xestión das actividades de cooperación, senón que favorece compaxinar unha gobernanza máis complexa cunha maior funcionalidade e eficiencia. As institucións transfronteirizas responden a miúdo ás necesidades expresadas pola cidadanía, e representan os intereses desa cidadanía asentada sobre o territorio, xeralmente dende unha óptica moi práctica e funcional. Así, o obxectivo final da CTG-NP foi, dende os seus inicios, a creación e a consolidación dunha xenuína Eurorexión Galicia-Norte de Portugal convenientemente integrada e que resultase **modélica no ámbito da UE para a cohesión territorial** e que, ao cabo, deba estar ao servizo dunha estratexia de maior integración, en pé de igualdade entre a propia España e a República Portuguesa, maior que a que esixen os preceptos e o espírito dos tratados europeos.

327. A cidadanía que convive na nosa Eurorexión debe aspirar de xeito lexítimo a acceder aos mesmos servizos públicos, mancomunándoos ou coxestionándoos mediante diversas técnicas xurídico-administrativas que **dilúan paulatinamente o "efecto fronteira" ata erradicalo**. O éxito da cooperación de proximidade é a mellor maneira de xustificar a pertinencia dos esforzos públicos e privados realizados nos últimos tempos para artellar a Eurorexión e, sobre todo, é o mellor argumento e carta de presentación para seguir demandando apoio financeiro comunitario que nos permita continuar avanzando e servindo de exemplo de vangarda a outros territorios que conforman a ancoraxe entre Estados veciños da UE. Dende esta perspectiva, **portugueses e galegos cremos que podemos servir ao obxectivo integrador europeo, agora ameazado por forzas eurófobas e disgregadoras**, como acabamos de comprobar no Reino Unido.

328. Temos novos proxectos, retos e desafíos conxuntos, como os fixados pola Estratexia 2020 da Unión, que incorporamos á nosa planificación. Así sucede co reto da **eficiencia**

enerxética e ambiental do triplo 20. Coordinar as políticas públicas capaces de acadar ese anhelado obxectivo será outra excelente forma engadida de construír a Eurorexión que desexamos tanto portugueses coma galegos.

329. Da mesma maneira, unha **internacionalización conxunta das nosas empresas e das nosas institucións de educación superior e de investigación** achegaranos adicionais vantaxes competitivas. Sen ir máis lonxe, esa conxunción de esforzos nos devanditos ámbitos poderá mellorar a nosa introdución económica no espazo latinoamericano e no espazo da lusofonía, espazos ambos os dous moi axeitados para proxectar as nosas fortalezas, aproveitando a xanela de oportunidade de que dispoñemos fronte a potenciais competidores, sen esquecer a posibilidade de facer máis atractiva a Eurorexión para estudantes iberoamericanos e da lusofonía que desexen aproveitar as oportunidades que lles brindan as universidades galegas e portuguesas, tanto individualmente como a través de programas de cooperación interuniversitaria que entre elas manteñen.

330. Para afinar na implementación das orientacións da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal constituíuse a homónima **Agrupación Europea de Cooperación Territorial: Galicia-Norte de Portugal, AECT (GNP, AECT)**. Esta foi creada por medio da sinatura do correspondente convenio constitutivo e dos seus estatutos, o 22 de setembro de 2008, logo da autorización dos Gobernos de Lisboa e Madrid, e con notificación oficial á Comisión Europea. O compromiso executivo de impulsar o funcionamento desta AECT para que se convertese no instrumento preferencial da CTG-NP xurdiu entre os presidentes da CCDRN e da Xunta de Galicia o 7 de xullo de 2009, no Porto, impulsando o seu despregamento operativo para todos os efectos en marzo de 2010. A súa sede en Vigo está pois ao servizo do conxunto da Eurorexión, as súas administracións públicas territoriais e corporativas, as súas entidades cívicas e de toda a súa cidadanía.

331. Durante o seu primeiro ano de funcionamento efectivo, a AECT posicionouse como un **actor da cooperación transfronteiriza europea extraordinariamente activo**, participando en numerosos proxectos e eventos, reforzando aínda máis a cooperación entre Galicia e o

Norte de Portugal, e incrementando a **eficiencia na xestión de fondos para proxectos transfronteirizos**. Moitas das accións, actividades e proxectos da CTG-NP substáncianse dende entón a través da GNP/AECT, contribuíndo así a mellorar as relacións coas principais entidades públicas e asociativas privadas da nosa Eurorexión, incrementando a valorización e o fomento da competitividade do tecido empresarial de Galicia e do Norte de Portugal a través do coñecemento mutuo, a innovación e o aumento da cohesión social e institucional.

332. **No campo económico a AECT está a resultar un instrumento moi útil para estimular o desenvolvemento da Eurorexión**. Faino a través de iniciativas que poñen en contacto actores empresariais e sindicais portugueses e galegos, tanto para xerar oportunidades de emprego como para planificar unha maior competitividade. Con respecto á economía produtiva e ao rol da AECT neste punto, son de salientar iniciativas público-privadas coordinadas por ela, como é o caso dos denominados "job days" e o apoio aos clústers empresariais conxuntos, dos que se benefician en especial as pemes portuguesas e galegas. Concretamente, celebráronse xa catro edicións destes "Job Day" galego-portugués: ao primeiro, desenvolvido en Tui o 1 de xullo de 2014, sumáronse un segundo, o 1 de xuño de 2015, en Vila Nova de Cerveira, centrado no sector da hostalaría, contando coa cooperación do servizo EURES transfronteirizo e das respectivas federacións empresariais portuguesa e galega, e logo un terceiro, tamén en Tui, centrado no sector agroalimentario (27 de outubro de 2015) e un cuarto en Sergude para o sector forestal, o 30 de xuño de 2016. O primeiro "job day" centrouse en accións no sector do metal, formalizándose contratos entre empresas e traballadores, reforzando así a cultura da mobilidade cívica transfronteiriza. En 2015 materializáronse novos contratos de traballo, que servirán para atraer outras ofertas, unha vez verificado que hai un mercado especificamente eurorexional e transfronteirizo que permite optimizar oportunidades de negocio sen necesidade de que os traballadores deslocalicen os seus domicilios e con eles ás súas familias.

333. Vinculado tamén á economía produtiva, no **campo ambiental** son de destacar a celebración do primeiro cumio ambiental, no que, xunto á AECT, participaron a Consellería de



XI Plenario da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal. Braga, 15 de maio de 2017.

Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e as Secretarías de Estado portuguesas, do Ambiente e de Ordenación do Territorio, e da Conservación da Natureza.

334. En canto ao **ámbito cultural-educativo**, o noso horizonte é o constante achegamento entre ambas as dúas culturas e os seus sectores asociados. Unha iniciativa eurorrexional senlleira e moi estimada en Europa é o Programa Iacobus, deseñado conxuntamente co propósito de dinamizar a cooperación cultural, científica e pedagóxica, por medio da mobilidade e o intercambio entre os recursos humanos das universidades e os centros de ensino superior da nosa Eurorrexión. Esta iniciativa é pioneira en Europa e foi aprobada polo presidente da Xunta de Galicia e o da CCDRN no Plenario da Comunidade de Traballo celebrado en xaneiro de 2014, concretándose nun Protocolo de colaboración entre ambas as dúas administracións e os reitores de todas as universidades e centros de ensino superior da Eurorrexión: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade do Porto, Universidade Católica Portuguesa, Instituto Politécnico do Porto, Instituto Politécnico de Viana do Castelo,

Instituto Politécnico de Bragança, Instituto Politécnico do Cávado e do Ave, Universidade do Minho e Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.

335. **Ao abeiro do Programa Iacobus, os centros de ensino superior da Eurorrexión poden compartir actividades**, especialmente por medio de intercambios, tanto de información e documentación como entre persoas, formación conxunta e a realización en común de actividades formativas, investigadoras ou divulgativas. O Programa Iacobus promove así un sistema de intercambio de profesores, investigadores e persoal administrativo e de servizos entre os centros de ensino superior da nosa Eurorrexión, que contribuirá á mellora da calidade do traballo destes centros e á investigación científica e tecnolóxica, aproveitando e rendibilizando economías de escala. Este programa xa vai pola súa cuarta edición, e nela formuláronse 311 candidaturas e 137 seleccionados, que han de sumarse aos 118 da primeira edición, aos 119 da segunda, e aos 128 da terceira, conformando un total de 502 beneficiarios, en áreas que van da bioloxía ás matemáticas, e da informática á arquitectura, entre outras.

336. Dado o positivo da experiencia do Programa Iacobus no eido universitario, as autoridades portuguesas e galegas encomendáronlle á AECT o **lanzamento dunha iniciativa similar, pero adaptada ao ámbito da formación profesional**, na cal debemos avanzar para a mellora da empregabilidade. O 18 de maio de 2015 publicouse a primeira convocatoria do Programa **"Iacobus Formación Profesional (Iacobus-FP)"**, da cal se beneficiarán 36 docentes da Eurorrexión. Este programa dirixese aos centros públicos de formación profesional de Galicia e da Rexión Norte de Portugal, e é unha acción que tamén provén das prioridades definidas no seu día polo PIC.

337. Outra fórmula nova impulsada na nosa Eurorrexión para mellorar a súa integración e cohesión é a que concirne á constitución de **euroidades**, como modalidade de cooperación territorial de segunda xeración, que pivota sobre as administracións municipais. Eis, a CTG-NP integra xa como membros desta a dúas euroidades da raia: a Eurocidade Chaves-Verín e a Eurocidade Tui-Valença.

338. A CTG-NP aposta decididamente por avanzar na **cooperación de proximidade**, apoiando as novas iniciativas que as institucións locais pretenden poñer en marcha, como é a referida fórmula das euroidades, coa que senllas administracións locais de ambos os dous países se comprometen a cooperar entre si para tratar de ofertar á súa veciñanza máis e mellores servizos a un menor custo unitario, na convicción de que unha actuación conxunta lles vai deparar máis posibilidades que as actuacións que eventualmente se puidesen acometer por separado. Os municipios de Valença do Minho e Tui, por unha banda, e de Chaves e Verín, por outra, decidiron por iso crear senllas euroidades, o mesmo que recentemente os municipios de Monção e de Salvaterra de Miño. As euroidades constitúen un modelo pioneiro de cooperación "de segunda xeración", que xa non se basea na construción de infraestruturas, senón en intervencións e servizos máis próximos á cidadanía, que tratan de promover a converxencia institucional, económica, cultural e ambiental entre as cidades situadas a ambos os dous lados da fronteira.

339. A **Eurocidade Chaves-Verín, AECT**, naceu da necesidade de atopar formas de xestión e revalorización do territorio, capaces de fixar e

atraer poboación, creando e consolidando dinámicas de emprego e garantindo a optimización de investimentos produtivos. Entendeuse que a mellor maneira de acadar esta meta sería a través da cooperación estratéxica, entre os municipios de Verín e Chaves. En xullo de 2007 arranca este proxecto e o 18 de decembro de 2007 tivo lugar, en Chaves, a cerimonia oficial da súa presentación e de difusión do seu Plan de visibilidade. Naceu ao abeiro dun proxecto financiado na primeira convocatoria do POCTEP, que tivo continuidade cun segundo proxecto, aprobado posteriormente. Agora a cidadanía de Chaves e Verín comparten numerosos servizos comúns no campo sanitario, educativo, cultural e turístico.

340. Para concretar a cooperación entre Chaves e Verín, establecéronse diferentes medidas e accións que materializan o concepto de "cidade única transfronteiriça". Así, o municipio de Chaves e o concello de Verín, achegan a toda a súa eurocidadanía servizos que antes se restrinxían aos veciños e veciñas residentes nas súas respectivas localidades. Entre eles poden citarse o uso das termas de Chaves e as instalacións deportivas de Verín; a habilitación do local da antiga alfândega como centro de atención á eurocidadanía; o acceso ás bibliotecas municipais da eurocidade –dende xaneiro de 2009 a biblioteca municipal de Chaves proporciona os seus servizos á poboación do concello de Verín–; ou o uso conxunto do Centro Transfronteirizo de Chaves do Instituto da Droga e da Tóxico-dependencia.

341. A Eurocidade Chaves-Verín constituíuse ademais en AECT o 9 de xullo de 2013, co obxectivo fundacional de promover a cooperación territorial transfronteiriça e estendela aos campos da agricultura, comercio, turismo, patrimonio, ordenación do territorio, medio ambiente e recursos naturais, aproveitamento conxunto e protección do río Tâmega, transporte e telecomunicacións, loxística, cultura, deporte, educación, entretemento, asistencia sanitaria e protección civil, entre outros. Deste xeito, con cargo a unha das convocatorias do POCTEP, aprobouse o proxecto Eurorrexión Termaluga, para crear un centro de formación turístico-termal e de investigación da auga; e noutra convocatoria o proxecto de valorización do corredor ambiental do río Tâmega, promovido polo Concello de Verín e a Cámara Municipal de Chaves.

342. Pola súa banda, a **Eurocidade Valença-Tui** naceu en febreiro de 2012 mediante a sinatura dun protocolo. Nestes tres anos esta eurocidade deu pasos decisivos que amosan a súa inequívoca vontade de integración, dende participar cunha soa voz en feiras internacionais para realizar unha promoción turística conxunta, ata acoller, como unha única sede, os Xogos Galaico-Durienses, pasando por presentar unha única candidatura para participar en programas comunitarios. Coa idea de dar cumprimento ao texto do protocolo inicial, Tui e Valença realizan tamén actividades comerciais conxuntas, comparten rutas de sendeirismo, dispoñen dunha unidade compartida para a promoción do exercicio físico e presentaron unha guía turística única. Así mesmo, o 6 de maio de 2015, asinaron un innovador Memorando de entendemento para propiciar a interconexión de ambos os dous rexistros municipais. Ademais, o devandito memorando ten por obxecto fomentar e desenvolver a Administración electrónica, apostando polo uso intensivo e compartido das novas tecnoloxías como instrumento de dinamización social e económica, así como optimizar os recursos das respectivas administracións locais mediante fórmulas innovadoras, que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma que os resultados da posta en común dos recursos favoreza a cooperación transfronteiriza entre estes concellos limítrofes.
343. En canto aos logros obtidos pola nosa Eurorexión hai que lembrar que en 1990 a CE proporcionou un paquete de ferramentas financeiras para garantir o fortalecemento da cohesión, a cooperación e o desenvolvemento transfronteirizo, salientando as **iniciativas Interreg** e os subseguintes programas operativos de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP). Constatamos pois que o indiscutible crecemento e progreso económico da Eurorexión viuse impulsado de forma notable pola política rexional europea e polos seus fondos estruturais.
344. **Os proxectos das convocatorias do POCTEP confirman os avances na cooperación**, que pasou de ocuparse de paliar as carencias en infraestruturas a unha cooperación máis inmaterial e permanente, apoiando as empresas, fomentando o coñecemento, avalando as universidades e os centros de investigación, e mellorando a calidade de vida da cidadanía transfronteiriza.
345. Grazas a estes fondos, no seu cuarto de século de existencia, a Eurorexión conseguiu importantes avances en diferentes ámbitos, como foi a creación do **Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL)** sito en Braga, proxecto estruturante resultado dunha decisión conxunta dos Gobernos de Portugal e España, tomada o 19 de novembro de 2005, mediante a cal ambos os dous executivos deixaron constancia do seu compromiso cunha cooperación reforzada no eido da ciencia e tecnoloxía. O INL é a primeira, e ata agora única, organización de investigación totalmente internacional en Europa no campo da nanociencia e a nanotecnoloxía. Tamén é un dos principais beneficiarios do POCTEP, e establece un claro exemplo dun novo tipo de colaboración en investigación entre os Estados membros da Unión, fomentando ademais a cooperación internacional con outras áreas de América do Norte, América Latina e algúns países de Asia.
346. De igual xeito déronse importantes **avances no terreo das obras públicas e as infraestruturas**, coa rede viaria de conexión entre Galicia e o Norte de Portugal, que se viu favorecida polas iniciativas Interreg, cuxo obxectivo foi e segue sendo desenvolver a cooperación transfronteiriza e axudar as zonas fronteirizas interiores e exteriores da UE, de forma que as fronteiras nacionais non sexan un obstáculo ao desenvolvemento equilibrado e á integración europea. Con estas actuacións completouse o acondicionamento dunha mesta rede de estradas convencionais, que melloraron non só as comunicacións do sur de Galicia, senón tamén a permeabilidade co norte de Portugal.
347. En canto ás **conexións ferroviarias**, onde aínda queda por avanzar cando se superen as carencias orzamentarias inherentes ao axuste provocado pola crise económica padecida, a CTG-NP realizou no ano 2000 un estudo para mellorar o sistema ferroviario que comunica Vigo con Porto. A solución, que xa daquela se consideraba como a máis axeitada, pasaba pola duplicación e electrificación da vía existente, con pequenas rectificacións para acadar velocidades punta de 220 km/h. Por desgraza, a situación financeira fixo necesario propoñer solucións menos custosas polo momento. Recentemente, a empresa ferroviaria portuguesa (REFER) analizou as distintas opcións e concluíu que sería economicamente viable manter a actual estrutura de vías, sen duplicalas máis que en ocasións puntuais, asociadas a rectificacións viarias que permitan maior velocidade, mellorando a sincronización entre os horarios dos trens, para evitar que os cruzamentos entre distintos ferrocarrís ocasionen paradas e atrasos, e electrificando a vía. As actuacións débense acometer no tramo que une Nine, próximo a Braga, e a fronteira portuguesa en Valença. A primeira fase consistiría na electrificación do tramo Nine-Viana, e a segunda estendería estas actuacións ao tramo Viana-Valença, sendo necesario facer ademais algunha rectificación puntual do trazado e completala coa sinalización de todo o percorrido.
348. Significativos avances déronse ademais no marco da **cooperación empresarial e financeira**. Aquí destaca a creación do Centro de Desenvolvemento, Cooperación e Servizos Empresariais Transfronteirizos (Cecotran), proxecto financiado por Interreg III-A en 2003, para promover a cooperación empresarial, o aumento da competitividade e o uso e a difusión das novas tecnoloxías entre as peme da Eurorexión. Convén, así mesmo, sinalar a constitución dun fondo conxunto de capital-risco, dotado con dez millóns de euros. Igualmente, os clústeres luso-galaicos promovidos dende a sociedade civil empresarial, os incentivos selectivos para a I+D+i, a eliminación de obstáculos burocráticos e administrativos para a cooperación, os recursos financeiros accesibles para o emprendemento, son todos eles instrumentos que se demostraron necesarios e útiles para gañar en competitividade a través da cooperación reforzada.
349. En canto á **cooperación ambiental**, a xestión conxunta do Parque Transfronteirizo Gerês-Xurés supón un fito europeo. Este modelo de xestión do Parque emprendeuse o 31 de xullo de 1997, e en 2009 deu lugar ao recoñecemento da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, dunhas 120.000 ha. Nesta liña, a Eurorexión xestiona a defensa conxunta contra incendios forestais, a promoción de rutas comúns de sendeirismo, os programas de divulgación ambiental, a repoboación piscícola e forestal e o tratamento conxunto de eliminación de verteduras.
350. Outro mecanismo destacable de cooperación ambiental luso-galaico é o proxecto RAIA. O obxectivo principal deste é o desenvolvemento dun observatorio oceánico, constituído por unha infraestrutura transfronteiriza de observación do océano e por unha extensa rede de oceanografía operacional baseada na monitorización e a predición mediante o uso de modelos numéricos, e a construción e o desenvolvemento de novas plataformas oceano-meteorolóxicas. O proxecto ten un obxectivo claramente estruturante en canto á consolidación da oceanografía operacional na marxe ibérica, dada a importancia económica das actividades desenvolvidas nestas zonas –transporte marítimo, ocio, pesca, loita e reacción ante sinistros navais...– que se beneficiarán e potenciarán a través da información, servizos e produtos proporcionados polo observatorio.
351. No **ámbito sociolaboral**, un dos traballos máis aglutinantes ten como obxectivo facilitar ás persoas con discapacidade medios e instrumentos para desenvolver actividades socio-culturais e de lecer, promovendo as relacións entre organizacións de persoas con discapacidade a ambos os dous lados da fronteira galaico-portuguesa e creando centros transfronteirizos de ocio e de formación conxunta. Cabe sinalar tamén a posta en marcha dun programa de restauración de aldeas para a reinserción social de menores ou o intercambio de experiencias entre responsables de xuventude das administracións e organizacións xuvenís de ambas as dúas comunidades. Pero se cadra un dos instrumentos máis visibles foi a creación dun **Eures transfronteirizo** Galicia-Norte de Portugal, para dar resposta ás necesidades de información relacionadas coa mobilidade transfronteiriza de traballadores e empresarios, casando oferta e demanda co propósito de ir consolidando un verdadeiro mercado laboral integrado.
352. No que concirne á **cooperación na área cultural, educativa e da formación**, a nosa Eurorexión desenvolveu un proxecto común de formación profesional para desempregados da zona fronteiriza, con independencia do seu lugar de residencia. Destaca, así mesmo, a creación dun **Centro de Estudos Eurorexionais (CEER)**, constituído o 9 de decembro de 2002, con base na Universidade de Santiago de Compostela, do que forman parte as universidades públicas da Coruña, Vigo, Minho, Porto e Trás-os-Montes e Alto Douro.
353. No **ámbito institucional**, a **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea**

da Xunta de Galicia, xunto coa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDRN) artellaron fundamentalmente a súa cooperación nestes últimos anos no marco da Comunidade de Traballo, que conduciu, como xa se avanzou, á consolidación instrumental da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal. Froito desta cooperación, e tamén co apoio dos recursos do POCTEP, promovéronse actividades tan relevantes como o estudo para a eliminación dos custos de contexto e a xestión compartida de equipamentos municipais transfronteirizos. Igualmente, a Eurorrexión dotouse dun observatorio transfronteirizo, especializado na recollida, sistematización e análise estatística da información relacionada co desenvolvemento económico, social e territorial común. Deste xeito pódense identificar mellor as necesidades, carencias, medidas e metodoloxías no campo estatístico da Eurorrexión, permitindo obter un coñecemento máis exhaustivo das condicións económicas, sociais e culturais, asignando os recursos conxuntos de forma máis eficiente. Resultado palpable desta actividade é a publicación dos "Anuarios Estatísticos da Eurorrexión", dos cales xa existe unha serie continua.

354. Unha iniciativa que pode encarnar a nova tendencia a prol dunha modélica cooperación eurorrexional de segunda xeración é o proxecto **ARIEM 112**, cuxo obxectivo radica no establecemento dun mecanismo de cooperación entre os servizos de xestión e mobilización de recursos ante emerxencias nas zonas implicadas, mediante a implantación de ferramentas comúns –informáticas e de comunicacións–, a formación e despregamento de métodos e protocolos de intervención comúns a todos os servizos –pactos de axuda mutua e protocolos de actuación conxunta–, así como outras medidas complementarias para gañar en capacidade de resposta.

355. Ademais, segundo se apuntou, impulsouse un estudo sobre os **custos de contexto na fronteira hispano-lusa**, facendo especial fincapé na área sectorial de servizos sociais e emprego, xa que entre España e Portugal aínda persisten determinadas barreiras e asimetrías de carácter xurídico, territorial, organizativo ou administrativo que dificultan considerablemente a vida dos habitantes das zonas de fronteira e impiden avanzar a maior velocidade

de no ámbito da cohesión territorial e na optimización dos recursos materiais e humanos desas contornas. A eventual transformación da zona fronteiriza hispano-lusa nun espazo de oportunidades debe obedecer á firme aposta das autoridades de ambos os dous Estados pola simplificación burocrática e pola revisión e axuste dos diferentes marcos normativos, orientada á posible articulación de servizos comúns. É aí onde a nosa Eurorrexión debe estar outra vez á cabeza. Baixo estas premisas, a Comisión Hispano-Portuguesa para a Cooperación Transfronteiriza, na cal participan todas as comunidades autónomas e as comisións de Coordinación e Desenvolvemento Rexional portuguesas, co apoio do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación español e do Ministério dos Negocios Estrangeiros portugués, asumiu estudar tales custos de contexto transfronteirizos e elaborar, por parte das diferentes autoridades nacionais implicadas no seu desenvolvemento, un informe global que os tratase debidamente.

356. Nese marco de cooperación, e de acordo cos compromisos adquiridos, establecéronse grupos de traballo en función das áreas sectoriais obxecto de estudo, adxudicándose a Galicia as **áreas de servizos sociais e emprego**. Trátase do "Estudo sobre custos de contexto na fronteira hispano-lusa, área sectorial de servizos sociais e emprego". A súa finalidade foi sentar as premisas básicas para atinxir un intercambio de experiencias e unha coordinación de esforzos, co fin de acadar un maior e máis harmónico desenvolvemento económico e social das zonas consideradas. Desta maneira, ademais, co concurso de ambos os dous Estados, moitos deses custos de contexto poderán converterse en oportunidades de desenvolvemento e benestar para a cidadanía dos territorios de fronteira, que foron elevadas á Comisión Luso-Española de Cooperación Transfronteiriza e ao Cumio Intergubernamental Hispano-Luso.

357. En canto ao **turismo** en, entre e cara á nosa Eurorrexión, desenvolvéronse actuacións correspondentes á promoción desta como un único destino, no marco da campaña "**Dous países, un destino**". Tamén impulsamos o desenvolvemento de estudos, promoción e consolidación do Camiño Xacobeo Portugués, dende o sur luso. O obxectivo final é identificar produtos turísticos relacionados co Camiño Portugués para atraer turistas de máis ao sur da

Eurorrexión. Outra liña de traballo gravita a prol de realizar actuacións conxuntas que nos permitan propoñer o Camiño Portugués como candidato a Patrimonio da Humanidade, seguindo a senda do Camiño Francés e do Camiño do Norte, que xa teñen esta consideración.

358. Nos últimos anos e, sobre todo, de cara ao inmediato futuro, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal aspira a **artellar unha proxección europea e exterior integrais**. Isto explica que quixese, dende o primeiro momento, deixar clara a súa posición en relación coa Estratexia marítima integrada para o Atlántico, que promoveu a Comisión Europea a través da súa DG MARE. Dende os comezos do deseño desta estratexia, tanto Galicia coma o Norte de Portugal manifestaron de forma coordinada e inequívoca a necesidade de dotar dun enfoque máis rexional esta política e que, ademais como xestoras máis próximas á cidadanía, as rexións debían ter un maior peso no deseño das políticas, na toma de decisións e na selección de proxectos. Como Eurorrexión, fixemos escoitar a nosa voz, de forma conxunta, en primeiro lugar a través das nosas respectivas instancias nacionais, nos ministerios correspondentes de cada Estado, pero tamén en todos os foros europeos dos que formamos parte, como na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), ou na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE) e, dunha maneira moi especial, a través dos ditames do Comité das Rexións (CdR) e no grupo creado *ad hoc* na Comisión do Arco Atlántico. Como peza adicional desta iniciativa, puxemos en marcha un estudo sobre o "*Plan de acción na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a Estratexia marítima para o Atlántico*". No informe tomaron como base os catro alicerces prioritarios do Plan de Acción da Comisión Europea, facendo especial fincapé nas fortalezas que podemos achegar e nas oportunidades que podemos aproveitar, tanto nos sectores tradicionais coma nos novos. Así mesmo, abordouse o mellor sistema de gobernanza que permita coordinar os esforzos dos diferentes niveis político-administrativos e das parcelas privadas, ofrecendo como experiencia piloto o noso traballo como impulsores da Macrorrexión Resoe –rexións do suroeste europeo–.

359. O 17 de setembro de 2010, subscribiuse o Memorando de entendemento para a creación da **Macrorrexión Resoe**, integrada pola Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión

de Coordinación e Desenvolvemento Rexional da Rexión Norte de Portugal e a Comunidade Autónoma de Castela e León. Os seus obxectivos fundamentais estribaban no reforzo da **alianza político-institucional** entre as devanditas rexións, a posta en común de intereses compartidos, o aumento do poder negociador fronte ás institucións nacionais e instancias europeas de cara ao período 2014-2020, e o aumento das perspectivas e oportunidades a prol das persoas e dos territorios nela comprendidos. Resoe é pois unha iniciativa de cooperación interrexional para o suroeste europeo, baseada tanto na innovación, na industrialización e na cultura como na busca de solucións a problemas específicos desta parte de Europa, como o problema demográfico. En maio de 2014 asinou un memorando de ampliación de Resoe a outros dous socios máis, a saber, o Principado de Asturias e a Rexión Centro de Portugal. O 14 de marzo de 2017 tivo lugar o acto de adhesión doutro socio, Cantabria, polo que ao cabo abrangue case a cuarta parte da poboación da Península Ibérica. Dentro de Resoe, Galicia lidera o grupo de traballo de Educación, Cultura e I+D+i, unha das tres grandes áreas de actividade acordadas, que implica a excelencia no ensino superior e investigación, e para a cal se conta ademais co concurso da Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo –CRUSOE–. Os restantes grupos de traballo da Macrorrexión especializáronse en transportes e loxística, do que se encarga Castela e León, para impulsar proxectos para o Corredor do Atlántico; competitividade industrial –sector automoción–, que lidera a Rexión Norte de Portugal; demografía, grupo de traballo encabezado pola Rexión Centro de Portugal; o grupo de turismo, baixo a responsabilidade de Asturias; e, finalmente, o grupo de xuventude e fomento do emprego, é liderado por Cantabria.

360. Tamén foron especialmente relevantes as actuacións levadas a cabo dende a nosa Eurorrexión para incorporar propostas conxuntas nas reunións interestatais luso-españolas. Paradigma disto foi o desbloqueo de dúas reivindicacións vitais para nós polo seu impacto sobre a mobilidade transfronteiriza, como se trataba da cuestión das peaxes das SCUT –*sem custos para o utente*– e da conexión ferroviaria Vigo-Porto. Outros fitos no eido da **mellora dos acordos interestatais por proposta da nosa Eurorrexión** foron os avances nas sinaturas dos



Reunión de Resoe, 2018.

protocolos en materia de loita contra os incendios forestais e os esforzos realizados no marco da asistencia sanitaria transfronteiriza.

361. Á vista de todo este balance e da bagaxe acumulada, de cara ao Horizonte 2020, con carácter prescriptivo propoñemos **perfeccionar a xestión da nova convocatoria do Programa de cooperación transfronteiriza Interreg V-A España-Portugal (POCTEP)**. Neste período de programación, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia foi designada "Coordinador Rexional" para os fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, co que asume novas competencias na xestión directa dos fondos destinados a esta iniciativa, xa que integra a Comisión de Seguimento e copreside o Comité Territorial. Ao noso xuízo isto debe traducirse nunha máis áxil e integrada xestión conxunta, aproveitando as novas fórmulas que propicia a normativa da Unión.

362. Tamén pretendemos **afianzar a cooperación de proximidade**, ou "cooperación en fronteira", é dicir, aquela cooperación que se realiza directamente entre a cidadanía portuguesa e a galega, por medio dos seus axentes e actores cívicos. Neste senso, manterase o apoio ás

eurociudades e farase un particular seguimento dos principais problemas que afectan a cidadanía da Eurorrexión, como son as peaxes, mellora da rede de transportes, saúde, medio ambiente,... para así axudar os devanditos axentes e actores na pescuda de solucións operativas eficientes.

363. Cómpre proseguir exercendo o labor de vangarda que a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal emprendeu no marco da cooperación transfronteiriza, tarefa que se incrementa en 2016 coa asunción rotatoria da titularidade da súa Presidencia por parte do presidente da Xunta de Galicia.

364. Convén impulsar a actividade económica transfronteiriza, favorecendo as actuacións que desenvolvan os **clústeres transfronteirizos** máis activos, como foron ata o de agora os do téxtil ou os do metal, sempre en sintonía coas recomendacións europeas a prol da cultura empresarial transfronteiriza.

365. Debemos aspirar a **consolidar e ampliar as responsabilidades da nosa AECT eurorrexional, para que Bruxelas a considere un modelo digno de apoio en proxectos piloto lanzados dende a Comisión Europea**. Desta forma, im-

pulsaranse os traballos cara a establecer relacións de implicación permanente co resto de institucións que forman parte da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal; darase continuidade á liña de actuación de "cooperación de segunda xeración", baseada na oferta de servizos comúns para a cidadanía de ambos os dous lados da fronteira e así como na realización de proxectos conxuntos; afondarase na coordinación das iniciativas público-privadas, como son os denominados "job days" e o apoio ás pemes; ampliaranse o Programa Iacobus de cooperación cultural, científica, pedagóxica e profesional da Eurorrexión e o Programa Nortear de coñecemento e divulgación cultural; seguirase avalando a implementación de protocolos de actuación en materia de saúde transfronteiriza; e como meta adicional, intentaremos que a nosa AECT se converta en instrumento activo para o desenvolvemento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, dado que a nosa especial relación con Portugal é a garantía idónea para facelo.

366. Con todo, entendemos que **Galicia ten que ser máis ambiciosa no que atinxe á nosa ancoraxe con Portugal**. A nosa Eurorrexión debe aspirar a converterse na clave de bóveda para conseguir unha integración luso-española máis vangardista que a que require a mera integración europea. Por dicilo noutros termos, o mercado ibérico ten que ser un mercado máis interior e único que o mínimo sinalado polo mercado interior e único europeo, porque debe acelerar a lóxica funcionalista que empurrou dende as súas orixes ao mercado común europeo ideado pola Comunidade Económica Europea (CEE) e pola extinta Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro (CECA). Se a severa crise que padecemos require, cara ao futuro, pensar en completar a unión económica e monetaria cunha unión bancaria, unha unión fiscal e, mesmo, unha xenuína unión política, vai na lóxica dos feitos que Portugal e España sexan adiantados nese movemento. E é aquí onde o valor engadido da nosa Eurorrexión debe servir de acicate, espello e estímulo para que ambos os dous Estados comecen a asumir que dentro dunha Europa unida, tanto Portugal como España deben estar máis cohesionados e integrados que outros subgrupos de Estados da Unión.

367. **Portugal e España deben erixirse así en contrapeso integrado dunha Unión que cada vez**

se escora máis cara ao norte e ao leste, dado o seu maior peso económico e demográfico no continente. Isto vai en interese de Portugal e de España, pero tamén da propia UE, xa que a maior ameaza para a conclusión da súa arquitectura política e institucional é un desequilibrio estrutural que a aboque a unha implosión, estimulada mesmo dende potencias foráneas interesadas en que Europa perda o seu status dentro do concerto internacional. **O severo golpe do brexit debe ser así reconducido para nós como unha oportunidade dentro dunha meirande cohesión europea.**

368. Unha Europa cada vez máis envellecida e con maior competencia foránea non poderá sostener durante moito tempo máis a fórmula 7-25-50 sobre a cal asenta o seu benestar e o seu modelo social: co 7% da poboación do planeta xerar o 25% do PIB mundial e financiar o 50% do gasto social global. De aí que a organización político-institucional que conclúa o camiño formalmente iniciado en 1951, sexa de natureza federal, confederal, mixta ou *ad hoc* na escena internacional e histórica comparada, requira sobre todo o **reforzamento dos equilibrios internos** para garantir o seu vigor e estabilidade fronte tanto aos riscos domésticos –comezando pola tradicional tentación nacionalista, que tanto sangue fixo manar en Europa–, como ás ameazas externas, con potencias foráneas chamadas a medrar máis que Europa, tanto en termos demográficos como económicos.

369. Neste contexto, **a nosa Eurorrexión debe contribuir a vencer receos e superar apriorismos caducos**. Se cadra Portugal e España non están preparadas aínda para conformar unha estrutura política de corte federativo, pero resulta obvio que son máis afíns e se necesitan máis mutua e reciprocamente que outros Estados conveciños da Unión. Facer, neste caso, da necesidade virtude é algo ao que o Norte de Portugal e Galicia non poden nin deben negarse. De aí que a nosa Eurorrexión deba aspirar a ser algo máis que unha simple xestora, aínda que o sexa de vangarda, na política de cohesión territorial europea, ou máis que unha boa alumna do dereito administrativo europeo que atinxe á execución dos correspondentes regulamentos da UE. Debe, sobre todo, de cara ao escenario posterior a 2020, erixirse en catalizadora do maior acercamento e integración posible entre a República de Portugal e o Reino de España,

dentro da fórmula consensuada que as converta na máis intensa e mellor Unión de Estados dentro da propia e real Unión de Estados que, algún día, debe ser a UE.

370. Dende este punto de vista, **Galicia debe asumir un cualificado rol en España de avogada de Portugal e de máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía.** A "Estrategia española de acción exterior" (Esteaex) ten claro que vai en interese de España unha maior integración europea, e así o recolle na súa páxina 36: «Estas diferencias han llevado a muchos a hablar de una Europa a "varias velocidades" o de una Europa de "geometría variable". Expresiones que parecen anticipar que en los próximos años convivirán, por un lado un marco confederal aplicable a todos los miembros de la UE, mientras que un núcleo duro de carácter federal, agrupará a aquellos que opten por asumir todo el acervo comunitario». Este horizonte é reafirmado en todo o documento español, pero resulta moi nítido na súa páxina 61: «El destino final del proceso de construcción europea es la unión política, una Europa federal—los Estados Unidos de Europa—, y no simplemente una unión de estados soberanos. Este proceso debe hacerse por fases o por etapas, pero el objetivo final debe definirse con claridad cuanto antes». Cara a ese horizonte habemos de encañar tamén a integración luso-galaica, como elo principal e vangarda da superior integración luso-española.

371. **Na Esteaex as reflexións e referencias á nosa indispensable cooperación, cohesión e integración con Portugal son incidentais e escasas,** se cadra porque o MAEC é consciente das suspicacias e receos históricos que o trasnoitado desvelo de dominio dos Austrias plantou entre as elites lusas. En todo o documento as oito referencias a Portugal de carácter substantivo incorporadas son: «Los recursos naturales en España son escasos, especialmente en lo que se refiere al agua y la energía. España es un país de recursos hídricos irregularmente repartidos en el espacio y en el tiempo y muy vulnerable a un cambio climático que puede provocar la desertización de buena parte de su territorio. Para hacer frente a esta debilidad, ha desarrollado una ambiciosa política hidrológica y ha estrechado la cooperación en gestión del agua con Portugal, convirtiendo esta colaboración en un ejemplo internacional» (pp.15-16); «Grecia, Irlanda, Portugal y Chipre tardaron en

ser rescatados, lo que encareció la operación y aumentó los sufrimientos de los ciudadanos» (p.38); «El informe —"Una reflexión sobre el futuro de las Cumbres Iberoamericanas"—, se extiende mucho más allá de lo que parece indicar su título y analiza las relaciones entre España y Portugal de un lado y Latinoamérica de otro» (p.67); «Promover conjuntamente en el mundo el conocimiento y la difusión de las lenguas española y portuguesa mediante la colaboración los respectivos institutos como el Cervantes o el Camoens» (p. 69); «Relaciones con países vecinos: Francia y Portugal. Las relaciones con Francia y Portugal en el ámbito de las infraestructuras de transporte transfronterizas son esenciales para asegurar la conectividad de España con el resto de Europa. En el marco de la misma hay que resaltar, además de las reuniones de alto nivel mencionadas anteriormente, frecuentes contactos y reuniones a todos los niveles del Ministerio de Fomento y por parte de las entidades públicas empresariales adscritas al mismo» (p.103); «Seguiremos por ello profundizando en la relación bilateral con nuestros socios europeos, y de forma particular con los que mantenemos ya una relación estratégica: Alemania, Francia, Italia, Polonia, Portugal y Rumanía» (p. 106); «La integración regional del Magreb y el desarrollo de la Unión del Magreb Árabe contribuirán a la paz y la prosperidad de la región. Por esta razón, España se propone seguir trabajando activamente en el seno de formatos que favorecen dicha integración, como el diálogo del Mediterráneo Occidental, que reúne a los cinco países del Magreb y los cinco países de la ribera Norte: Portugal, España, Francia, Italia y Malta» (p. 115); «Se ha iniciado el proceso de cierre de los Consulados Generales de Valença do Minho y Vila Real de Santo Antonio, en Portugal. Esta medida se justifica por la reducida actividad consular de ambas representaciones» (p.143).

372. Resulta claro pois que **Galicia non pode limitarse a ser unha Comunidade Autónoma fronteiriza máis coa República Portuguesa,** senón que debe xogar un papel catalizador e proactivo a favor da máis estreita unidade posible entre as dúas vellas nacións ibéricas, Estados ambos os dous hoxe cunha tradición e traxectoria histórica que poucos outros poden amosar, polo menos en Occidente. Os cambios de goberno de diferente cor política non poden xamais ser un obstáculo a este fin. Pola contra, deben ser un estímulo —como xa o foron no

pasado— para forxar un consenso estratéxico que dea resposta perdurable e ofrezca alternativas sólidas á debilidade e pequena dimensión, tanto de Portugal coma da propia España, para encarar os desafíos do século XXI, adaptándonos convenientemente ao fenómeno da globalización á vez que sostemos un anovado e sólido Estado de benestar. Un modelo de Estado de benestar tensionado por fenómenos como os do acelerado envellecemento das nosas poboacións ou a dramática caída da fecundidade, problema este que xa se debateu no Parlamento de Lisboa, pero aínda non no Congreso dos Deputados de Madrid. Neste senso, dende España pódese aprender moito de iniciativas portuguesas, como as lanzadas pola Presidencia da República —*Roteiros do Futuro: Nascer em Portugal*³⁴—, polo seu Goberno —*Por um Portugal amigo das crianças, das famílias e da natalidade (2015-2035): remover os obstáculos à natalidade desejada*— e mesmo pola Asemblea da República. Xerar e fortalecer a integración luso-española é daquela unha misión histórica para Galicia.

373. **A UE que se avexiña será unha Unión onde se acrecentará a filosofía da integración a varias velocidades, e onde existirán círculos concéntricos de integración,** que irán dende unha nuclear e orixinal Unión política ata a máis epidérmica participación nun perfeccionado mercado interior. Este será o marco no que a nosa Eurorrexión debe asumir unha responsabilidade estratéxica, apostando polo devandito achegamento ibérico dentro da Unión política europea, de xeito que os mecanismos dunha nova gobernanza e unha renovada solidariedade nos fagan máis resilientes ante futuras crises e choques asimétricos, fosen de natureza económica ou de calquera outra índole.

374. Para afianzar o protagonismo de Galicia en España respecto do liderado nas relacións e a estratexia de integración luso-galaico-española, tan pronto como as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte permanentemente e coa debida entidade a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural,

no social, no económico e no institucional. Por outra banda, estudárase compatibilizar esta posible creación dunha **Delegación** coa solititude ao MAEC de que acolla na Embaixada de España ante a República de Portugal polo menos un conselleiro de cooperación eurorrexional, cun pequeno equipo de funcionarios galegos, que refirme ese obxectivo, e no que se inclúa unha representación do Consello da Cultura Galega en calidade de Observador Consultivo da CPLP, tendo en conta que o Secretariado Executivo da CPLP está en Lisboa sería preciso regular de modo estable e institucional as relacións de Galicia cos países de lingua portuguesa e servir efectivamente de ponte entre a hispanofonía e a lusofonía.

5.2. Unión Europea e Estados da UE: prepararse para un escenario post 2020

375. **O pasado 12 de xuño de 2015, España celebrou o trixésimo aniversario da sinatura do Tratado de adhesión ás Comunidades Europeas,** mediante o cal entraría a formar parte dun conglomerado institucional coñecido daquela como Comunidade Económica Europea (CEE) ou Mercado Común, pero que incluía á hoxe extinta Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA) e á Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Euratom). Foi un acontecemento histórico que volvía situar o noso país na esfera continental despois de décadas de illamento, e mesmo tras unha tumultuosa sucesión de desencontros durante os séculos XIX e gran parte do XX.

376. **A España de hoxe e as comunidades autónomas que a integran non poden entenderse sen Europa.** Aquela adhesión supuxo unha nova maneira de entender a política, a economía e o día a día da cidadanía, que percibe xa como algo normal a posibilidade de circular, estudar, traballar, recibir prestacións ou residir libremente noutros Estados membros sen necesidade de pasaporte nin de cambiar de moeda, na maioría dos casos máis habituais. Pola súa vez, España converteuse nun membro imprescindible da Unión Europea, cuxa cidadanía mantivo un firme espírito europeísta ao longo destes anos, e a súa representación política nas institucións europeas caracterizouse por un papel activo e solidario co resto de Estados membros.

34. Casa Civil da Presidência da República:

https://dspace.uevora.pt/rdpc/bitstream/10174/8878/1/Livro_rotoriosdofuturo_nasceremportugal.pdf

377. Non obstante, agora o **soño europeísta** afronta serios retos por mor de diversos populismos e extremismos, que tiveron o seu meirande impacto negativo no **abandono da UE por Gran Bretaña**. Este foi o golpe máis duro encaixado pola UE dende o seu arranque embrionario en 1951. Pode non ser ademais o último, pero a nosa determinación por manter a España e, por tanto, tamén a Galicia xunto con Portugal no núcleo duro dunha Europa máis e mellor integrada, resulta sólida.

378. A conformación dentro do Estado español dun esquema de organización xurídica e territorial saído da Constitución de 1978, e que o dereito constitucional definiu como "Estado composto ou complexo", implicaba a necesidade de artellar uns sistemas de coordinación eficientes que permitisen **conxugar as novas competencias autonómicas coas competencias do Estado no ámbito das relacións internacionais**, derivadas do ius contrahendi e do artigo 149 da Constitución española.

379. Como consecuencia da súa consolidación institucional e política, as CC. AA. estaban a experimentar unha **potenciación extraordinaria da súa actuación no exterior**, especialmente no ámbito comunitario. Galicia, comunidade histórica cun dereito, lingua e cultura propios, contaba xa dende 1981 cunhas xenuínas estruturas de autogoberno, que lle permitirían encarar con decisión e solvencia todo o proceso de asunción do acervo comunitario derivado do ingreso de España nas Comunidades Europeas.

380. A existencia de competencias exclusivas de primeiro grao en distintos campos, recollidas nos estatutos de autonomía dalgunhas CC. AA., facía necesario que estas puidesen **intervir directamente nos procesos de toma de decisión comunitarios**, impulsando o establecemento de canles de participación a medida que ían asumindo previas competencias estatais para a xestión dos seus propios intereses e tendo en conta que as Comunidades Europeas non prexulgan de ningunha forma a repartición interna de competencias dentro do conxunto do Estado adherido, como tampouco o fai o cambio de marco xurídico xerado pola adhesión.

381. **Esta participación das CC. AA. nos asuntos europeos considérase hoxe xa como unha "cuestión doméstica"**, afastada do núcleo máis duro

do concepto de "relacións internacionais" e Galicia, ao igual que outras CC. AA., foi ampliando as súas capacidades de actuación na esfera comunitaria. Estes avances, modulados sempre pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional, foron o froito de complexas negociacións políticas levadas a cabo polo Goberno central coas CC. AA. no seo da Conferencia para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE), actual Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).

382. Os procesos simultáneos de descentralización e europeización que afectaron nos últimos trinta anos as políticas do Estado español e outros Estados descentralizados da UE, tiveron como consecuencia que toda acción pública teña que ser concibida e posta en práctica no contexto dunha **rede policéntrica de actores**, caracterizada por fortes relacións orgánicas de cooperación e que precisa dunha crecente coordinación entre as partes implicadas. Estes procesos simultáneos de europeización e de descentralización en poderes subestatais acabaron formando uns novos equilibrios entre distintos niveis de administración que hoxe cristalizaron no denominado "gobierno multi-nivel", dentro da cultura político-administrativa europea.

383. A necesidade de participar nos asuntos europeos dunha forma máis directa motivou o **nacemento das oficinas das CC. AA. en Bruxelas**, xa durante a década dos 80 do pasado século. Estas oficinas de representación, que nunca exerceron labores diplomáticos nin consulares, levan a cabo actuacións de promoción e de defensa dos intereses das CC. AA. no ámbito comunitario, sendo hoxe xa consideradas como interlocutoras válidas e fiables polas institucións europeas. No noso caso, a **Fundación Galicia Europa** leva dende 1988 defendendo os intereses de Galicia en Bruxelas e difundindo a idea de Europa en Galicia. Dende entón converteuse nun exemplo de partenariado público-privado da sociedade civil, e hoxe forma parte das centenas de oficinas rexionais europeas existentes na capital *de facto* da Unión. Para un salto cualitativo da presenza dos intereses de Galicia na UE, a Fundación Galicia-Europa debe ser reforzada e actualizada, na súa visión, posición e recursos que precisa, para facilitar a mellor participación institucional de Galicia, xunto coas demais comunidades autónomas e rexións, no novo escenario europeo,



Sesión plenaria do Comité das Rexións o 2 de febreiro de 2018.

en actual tensión e cheo de incertezas. Unha presenza, unha acción forte e decidida perante as institucións da UE permitirán a Galicia estar máis presente na axenda española e europea.

384. Non obstante, a autonomía política leva aparelada igualmente unha responsabilidade política perante a cidadanía. Por iso Galicia debe afrontar a súa, e trazar unha **estrategia para a súa acción en Europa**, tanto para participar na formación da vontade estatal e na conformación da súa representación, cando proceda, como para desenvolver por si mesma aquelas actividades exteriores ou ante institucións da UE que non queden reservadas no ámbito estatal, pero que considere convenientes para a mellor defensa e promoción dos seus intereses colectivos.

385. Case dúas terceiras partes da normativa de relevancia socioeconómica que aplicamos hoxe en día en Galicia procede en orixe de fontes de dereito da Unión, xa sexa mediante a transposición de directivas ou mediante a aplicación directa de regulamentos ou decisións de institucións da UE, o que nos dá unha idea da **importancia e do peso da Unión no día a día dos galegos**. Polo que respecta á devandita

lexislación comunitaria, Galicia é a nacionalidade histórica que máis normativa europea traspuxo dende a entrada de España na CEE en 1986. A porcentaxe de lexislación trasposta por Galicia aumentou de xeito constante dende a entrada na UE, especialmente nos ámbitos da agricultura, a pesca e o medio ambiente³⁵.

386. A existencia de competencias exclusivas de primeiro grao no Estatuto de autonomía de Galicia facían imprescindible a participación galega no iter procedemental europeo, dun xeito que nos permitise **defender as nosas posicións e intereses de forma máis efectiva**, sempre dentro do espírito de unidade da acción exterior do Estado, de lealdade constitucional e institucional, e de coordinación coa representación permanente de España ante a Unión Europea (Reper).

387. Polo tanto, a esfera de influencia galega non debe verse só nunha **fase descendente**, de

35. Palau, Anna M.^a (2013). La europeización de la agenda legislativa estatal y autonómica (1986-2007). Madrid, Revista de Estudios Políticos (nueva época), Núm. 160, págs. 69-102. (p. 84).

aplicación ou desenvolvemento do dereito e das políticas da Unión, senón tamén nunha **fase ascendente** (*bottom-up*), de participación no proceso colectivo europeo de toma de decisións, se queremos avanzar cara a unha verdadeira Europa das Rexións, xa que estas administracións están máis próximas á cidadanía e coñecen mellor as súas inxerencias e necesidades, ademais de ser elas as que reciben en primeira instancia as queixas e reproches dos particulares cando deben aplicar normas imperativas de policía administrativa xeradas en Bruxelas.

388. O sistema español de **participación das comunidades autónomas nos asuntos europeos** foise desenvolvendo en dous niveis. Un interno, dentro dos órganos estatais, e outro externo, mediante a presenza directa das CC. AA. nos órganos ou institucións comunitarios.

389. O nivel interno refírese ao que os xuristas denominan **"fase de formación da vontade do Estado"**, é dicir, aquela na que, a través de diversas vías preestablecidas, as administracións públicas van colaborar co obxectivo de coordinar e unificar a voz do Estado no exterior. É a tamén chamada "vía ascendente" ou de colaboración na elaboración da norma, como paso previo á "vía descendente" de execución desta en función da repartición competencial entre as diversas administracións concernidas.

390. Para a articulación e seguimento dos mecanismos desta participación autonómica en sede interna española establecéronse diversos procedementos de cooperación institucional entre a Administración xeral do Estado e as CC. AA., a través da xa mencionada CARUE e das respectivas conferencias sectoriais. **Galicia foi sempre un dos membros máis activos no seo da CARUE**, intervindo proactivamente na mellora das súas regras de participación, e conformando e liderando diversos grupos de traballo en distintas ocasións.

391. O recoñecemento por parte do Tribunal Constitucional en 1994 da posibilidade de que as CC. AA. dispuxesen dunha **oficina de representación en Bruxelas e a creación dunha consellería específica para asuntos autonómicos na mesma sede da Reper española** en 1996, ampliada a unha segunda consellería, e institucionalizadas polos Acordos do 9 de decem-

bro de 2004, supuxeron o impulso definitivo á presenza directa das CC. AA. na capital *de facto* da Unión.

392. Galicia reforzou a súa presenza en Europa mediante unha participación activa e eficaz en todos aqueles foros e organismos nos que podía facer oír a súa voz. A través da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, **Galicia desenvolve accións propias dun lobby para defender os intereses da sociedade galega e dos seus principais sectores produtivos**, xa dende o primeiro momento no que a normativa europea se encontra aínda nunha fase incipiente ou embrionaria de redacción ou proposta.

393. Estas cautelas permítennos **reaccionar a tempo e influír ante decisións que poidan rematar afectando de modo significativo a Galicia**. De entre as actuacións máis destacadas nos últimos anos podemos mencionar o seguimento das negociacións do Marco financeiro plurianual (MFP) 2014-2020, a defensa dos sectores naval e automobilísticos, ou as reformas das políticas de cohesión e agrícola e pesqueira común, entre as máis relevantes.

394. A nivel de actuación externa, **Galicia é hoxe unha das comunidades** –rexións no argot europeo– **que máis participa no Comité das Rexións (CdR)** dende que foi creado polo Tratado de Maastricht, a través dos seus plenos e comisións. Só por salientar o labor realizado nos últimos anos, cómpre subliñar que entre 2010-2015 Galicia liderou a elaboración de cinco ditames do CdR en distintas materias de interese para a nosa Comunidade Autónoma, sendo extraordinariamente prolífico en comparación con outros balances, o que supuxo un significativo medre cuantitativo e cualitativo que aspiramos a mellorar e incrementar. De entre estes cinco ditames podemos enfatizar dous do presidente da Xunta de Galicia sobre as *"Novas perspectivas para a revisión do Regulamento AECT"* en 2011, e sobre *"Recomendacións dos entes locais e rexionais para un mellor gasto nas novas perspectivas financeiras 2014-2020"* en 2013. Estes traballos facilitaron que Galicia tivese un acceso cualificado aos centros neuráxicos de decisión onde se elaboraban as propostas e contrapropostas que logo se elevarían ao Parlamento Europeo e ao Consello. Este movemento anticipado propiciou, entre outras cousas, a obtención da rede de seguridade financeira con cargo aos

orxamentos da UE, da cal nos beneficiaremos ata 2020, extensible ata 2023. Ademais, en 2015 o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta impulsou un ditame de iniciativa do Comité sobre o *"Futuro da acuicultura europea"*, tamén de grande importancia para este sector en Galicia.

395. De igual maneira, **Galicia participou activamente nos propios consellos sectoriais da UE**, e negociou en Madrid coa Administración Xeral do Estado e co resto de CC. AA. para **abrir a participación autonómica a máis formacións do Consello**, á parte das catro tradicionais recollidas polos Acordos do 9 de decembro de 2004 –Consello de Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores; Consello de Educación, Cultura, Xuventude e Deporte; Consello de Medio Ambiente; Consello de Agricultura e Pesca–. Grazas ao resultado das devanditas negociacións, as CC. AA. tamén puideron participar xa nos grupos de traballo relacionados co xogo e coa competitividade, cando se tratan materias de consumo. Boa proba do recoñecemento da profesionalidade galega nestas xestións é que a Xunta de Galicia representou o resto de CC. AA. durante varios períodos consecutivos no Consello de Pesca, ao ter sido beneficiaria da delegación outorgada por outras CC. AA. ás que *a priori* correspondía o exercicio da devandita responsabilidade.

396. Ademais, funcionarios da Xunta de Galicia participan dende 1998 nos **Comités da Comisión Europea**, na área tamén denominada "comitología", podendo intervir deste xeito no desenvolvemento e implementación dos actos delegados da Comisión Europea xunto co correspondente representante estatal, e coñecendo así de primeira man a normativa executiva de inmediata aplicación. Neste período de participación 2013-2017 Galicia participa moi activamente en 24 comités da Comisión Europea, salientando os novos comités relacionados co programa Horizon 2020.

397. Nesta liña, altos cargos da Xunta de Galicia desprázanse regularmente a Bruxelas para manter **encontros con comisarios e directores xerais da Comisión** relacionados con aquelas cuestións que máis afectan os intereses da nosa comunidade autónoma, para o cal é fundamental o concurso e asistencia da oficina da Fundación Galicia Europa. Nese senso, tamén se producen regulares encontros cos eurode-

putados galegos, para poñer en común todos os puntos de vista sobre aquelas cuestións que máis afectan a Galicia.

398. Igualmente, debe recordarse que **Galicia tamén participa en redes de cooperación fóra do ámbito das institucións comunitarias**, coa perspectiva de buscar apoios en materias de interese común. Así sucede coa Rede de rexións con competencias lexislativas (Regleg) ou coa Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM). A nosa comunidade creou e liderou ademais a rede *Convergence Regions on the Way to Cohesion* (CROWC) que, no marco das negociacións sobre o orzamento comunitario 2014-2020, foi fundamental no recoñecemento da indispensable rede de seguridade para aquelas rexións que, como Galicia, saían por primeira vez do obxectivo de converxencia, con independencia do PIB per cápita acadado en termos comparados europeos.

399. Pero non só o Executivo autonómico realiza tarefas de defensa de Galicia na UE. **O propio Parlamento galego faino a través da Conferencia de Asembleas Lexislativas e Rexionais de Europa (CALRE)**, na que mesmo exerceu a súa presidencia durante 2014. O reforzamento dos principios de proporcionalidade e subsidiariedade por parte do Tratado de Lisboa potenciaron sen dúbida o papel das asembleas rexionais con poderes lexislativos como actores destacados no control do exercicio dos poderes comunitarios sobre a cidadanía.

400. En 2016 cumprimos trinta anos da incorporación efectiva ao proceso de construción europea, e por conseguinte é un momento idóneo para realizar un balance xeracional coa debida perspectiva. Polo momento cabe dicir que a nivel macroeconómico o PIB per cápita galego medrou de xeito considerable respecto do que tiñamos en 1986, á vez que se produciu unha intensa modernización das nosas infraestruturas e do noso tecido produtivo, facilitando a internacionalización das empresas galegas, principalmente as pemes, e a creación de negocios de base tecnolóxica e innovadora. Esta evolución do PIB **permitiu que Galicia pasase de ser considerada unha rexión obxectivo converxencia** no marco financeiro 2007-2013 (PIB per cápita <75% respecto da media UE), **a ser catalogada como unha de entre as máis desenvolvidas** (PIB per cápita >90% respecto da media UE), aínda a pesar de desacelerarse

a súa economía a un ritmo similar ao español nos últimos anos, que esperamos remontar á vista da evolución durante 2014 e 2015.

401. Xunto con Varsovia, Ljubljana e Bucarest, capitais de países da Europa do Leste en crecemento e cunha gran capacidade de absorción de proxectos, no caso de Galicia será a primeira vez que unha rexión europea reciba semellante cantidade de fondos durante un período (2014-2020) despois de superar xa o 90% do PIB medio comunitario ao momento de tomar a decisión sobre o marco financeiro plurianual. Non obstante, debido á mellora do nivel de vida da nosa comunidade, **é probable que o volume dos fondos que percibimos acabe reducíndose en boa medida de cara ao escenario financeiro post 2020**, polo que debemos investir de modo eficiente cada euro procedente de Bruxelas naqueles sectores que sexan realmente estratéxicos para Galicia. O exemplo que se debe seguir pode ser o fixado pola Estrategia de especialización intelixente (RIS3), que evitou o denominado "efecto regadeira", grazas a que se solicitaron as opinións de toda a sociedade galega e se conformaron varios grupos de traballo formados por representantes de diversos sectores económicos, académicos e sociais.

402. **Non obstante, o futuro dos fondos europeos non está indefectiblemente predeterminado.** A crise que azoutou Europa cambiou diversos paradigmas e escenarios, pero sobre todo incidirá moi notablemente o *brexít*, xa que o Reino Unido foi contribuínte neto aos orzamentos da UE, fornecendo cuns 10.500 millóns de euros netos a eses orzamentos durante o exercicio 2015, que de xeito inminente haberá que reformular, sobre todo para atender a política de cohesión. Por iso **debemos ser novamente proactivos e idear unha futura política en liña co Plan estratégico de Galicia 2015-2020, que nos permita acceder no futuro post 2020 a novo financiamento suplementario para atender severas desvantaxes estruturais que debemos encarar, como son as que atinxen aos factores demográficos** que padecemos, cunha baixa fecundidade e unha alta senescencia, entre as máis baixas e máis altas respectivamente do conxunto da UE.

403. **O *brexít* debe ser incorporado como un reto máis da Administración Pública galega.** Esta-

mos a falar dun proceso que pode dilatarse no tempo, porque determinados aspectos dependen de decisións unilaterais adoptadas polo Reino Unido. Por iso, ata que non se materialicen os acordos que establezan as condicións da súa saída non é posible establecer as súas consecuencias. Co *brexít*, as augas da zona económica exclusiva (ZEE) arredor de boa parte do Reino Unido quedarían fóra da UE. A UE representaba a todos os países membros nas xuntanzas en que se acordaban anualmente as posibilidades de pesca, e a partir de agora é previsible que o Reino Unido teña a súa propia representación, contando, a estas alturas, con pouca marxe de manobra para intentar variar as condicións actuais da repartición de cotas. Neste senso, tanto a repartición de cotas como o acceso a augas dun terceiro, debería seguir o mesmo patrón que o realizado entre a UE e Noruega, a través de acordos bilaterais entre os países negociadores. Sería a **ocasión de revisar o principio de estabilidade relativa como criterio de repartición de totais admisibles de capturas (TAC) e cotas**, xa que as situacións que se tiveron en conta para adoptar eses principios cambian, o que podería derivar en beneficios importantes para o futuro do sector pesqueiro galego.

404. **Os pesqueiros de capital galego e bandeira británica deberían ver respectados os seus dereitos**, pois consideramos que non se lle deberían aplicar máis cambios nin limitacións que os aplicables á frota británica de armadores do Reino Unido. Esta frota conta cunha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE (Merchant Shipping Act) en favor da non discriminación da frota de capital español que pescaba baixo bandeira británica (quota hoppers). Así, no caso de non respectarse a dita sentenza, podería recorrerse a xurisdicións internacionais proclives á liberdade de movemento.

405. **A libre circulación de mercadorías podería ser un elemento de negociación importante ante o grave desequilibrio que a balanza comercial pesqueira ten entre o Reino Unido e España (Galicia).** España, Galicia principalmente, exporta relativamente pouco ao Reino Unido (39 M € en 2016; 14 M € Galicia). Polo contrario, o Reino Unido exporta a España, Galicia fundamentalmente, unha cantidade superior ás nosas exportacións (210 M € a España en 2016; 76 M € Galicia).

406. Polo que respecta á **participación institucional de Galicia en asuntos europeos** podemos afirmar que aínda que percorremos xa un longo camiño e que moitos obxectivos se cumpriron, aínda quedan cuestións por mellorar. Nos albores da crise nos anos 2008 e 2009 púidose enxergar un indicio de proceso de recentralización dos asuntos europeos que finalmente non se levou a cabo e do que as CC. AA. saíron, se cabe, máis reforzadas ao ter definido e reorientado mellor os seus obxectivos de participación nas políticas públicas europeas.

407. Aínda sendo conscientes dos enormes beneficios derivados desta participación, hai que lembrar que as tarefas de *lobby* teñen ás veces un longo treito que realizar e que as rexións e CC. AA., mentres tanto, deben asumir de forma inmediata os custos derivados da devandita participación. Neste senso, todas as oficinas autonómicas españolas presentes en Bruxelas, comezando pola galega, reduciron os seus gastos nos últimos anos, compensándoo cunha maior eficiencia do seu persoal e dos seus recursos, e cunha máis estreita cooperación entre elas, que se artella a través da **colaboración das oficinas rexionais de España en Bruxelas (CORE)** e en contacto sempre permanente coa REPER española.

408. Para saber que precisamos de Europa tamén **debemos ser conscientes das nosas debilidades.** Entre elas podemos destacar a nosa situación lonxe do coñecido eixo de desenvolvemento que une o sur de Inglaterra coa Lombardía, unha orografía que encarece os investimentos en comunicacións terrestres e unha gran dispersión poboacional, que fai máis gravosa a prestación de servizos públicos básicos, como son a sanidade, a educación, o abastecemento e saneamento das augas, as redes de sumidoiros, iluminación, pavimentación e acceso rodado, ademais de múltiples servizos sociais. A iso engádese agora unha demografía en recesión.

409. Por outra banda, é necesario abordar canto antes as consecuencias do proceso de envellecemento da poboación galega, envellecemento que é en si unha inigualable mostra de éxito colectivo como sociedade, e facelo dende unha dimensión europea, mediante a combinación de varias políticas e de fondos comunitarios que poidan incentivar a loita contra esta "espada de Damocles" que vai pender

sobre Galicia durante as próximas décadas. Entre outros motivos hai que facelo porque **un territorio cun saldo vexetativo negativo dificilmente pode seguir medrando en termos macroeconómicos** salvo improbables crecementsos espectaculares en termos de produtividade e competitividade, cuxos precedentes máis próximos son os alcanzados por Irlanda antes do seu colapso financeiro e o seu subseguinte rescate pola troika.

410. En canto ao noso tecido produtivo, **as pemes seguen representando máis dun 90% das empresas en Galicia** e a maioría non son capaces de medrar axeitada e permanentemente nas súas estruturas, nalgúns casos pola dificultade de acceso ao crédito e noutros polo risco que supón tentar ese salto de escala.

411. **A pesca e o seu sector transformador de produtos do mar segue representando un dos sectores clave da nosa comunidade autónoma**, sendo fonte de emprego para numerosas familias e factor que axuda a fixar poboación ao territorio fóra das urbes máis habitadas. A reforma da política pesqueira común non rematou de resolver dunha forma completamente satisfactoria para nós todos os problemas que afectan o sector, como serían os descartes, as cotas ou o uso de artes tradicionais como o "xeito". En todo caso, o control exhaustivo das toxinas nas zonas de extracción de moluscos e bivalvos segue sendo unha das prioridades da Administración galega en defensa da saúde dos consumidores e da denominación de orixe, formando parte da estratexia sectorial de incrementar o valor engadido destas producións.

412. **A agricultura ten como un dos seus principais cabalos de batalla a desaparición do sistema de cotas lácteas**, debido á liberalización do sector e ao problema dos gandeiros para facer fronte aos créditos contraídos durante estes anos para mercar cota ou para ampliar as explotacións. Os baixos prezos impostos polas industrias transformadoras, ás veces de forma abusiva, dificultan a competitividade do sector e provoca tamén que moitos mozos abandonen as zonas rurais, ao deixar de ser atractiva a actividade como medio de vida. A busca dunha solución conxunta europea a este problema debe ser unha prioridade, xa que en orixe os detonantes deste radican en vectores como a resposta rusa á confrontación con Ucraína e a UE pola crise de Crimea –que des-

encadeou sancións comerciais e medidas de retorsión en espiral–, a caída da demanda internacional non abordada pola UE e outros factores esóxenos imposibles de controlar dende unha perspectiva local, rexional ou estatal. A coincidencia entre a anunciada desaparición do sistema de cotas e este escenario provocou un problema de primeira magnitude que esixe unha resposta europea, consciente da necesidade estratéxica de que a UE se garanta o seu autoabastecemento alimentario e, polo tanto, a existencia de produtores profesionais no seu seo que vexan atractivo económico no seu labor produtivo.

413. Aínda quedan actuacións que acometer no referido ao **saneamento das augas**. As nosas especiais peculiaridades climatolóxicas e orográficas converten a esta tarefa nunha das máis complexas, se ben nos últimos anos construíronse numerosas EDAR e canalizacións que melloraron a calidade hidrolóxica. Algunha das nosas rías aínda sofre leves niveis de contaminación en forma de lamas e sedimentos que convén atallar durante os próximos anos, en liña coas recomendacións efectuadas pola Comisión e o Parlamento europeos.

414. O investimento en investigación segue sendo baixo, se temos en conta o obxectivo do 3% considerado pola Estratexia 2020. Galicia ten o obxectivo de pasar do 0,88% actual ao 1,25% nos próximos anos, que é o que está a investir España nestes momentos, moi afastado do 2% da media comunitaria e, por suposto, dese obxectivo do 3% que algúns países nórdicos xa levan anos acadando. **A cooperación internacional neste campo debe ser, ademais, unha dimensión para introducir dende o sistema galego de I+D+i, centrándose naquelas parcelas nas cales conta cunha notable vantaxe competitiva respecto de socios extraeuropeos, sen descoidar a cooperación reticular con socios da UE.**

415. O desemprego en Galicia, especialmente o xuvenil, xunto coa chamada **"fuga de cerebros"** é **outra das debilidades** que lastran sen dúbida o noso crecemento, polo que debemos contribuir a artellar unha estratexia específica de alcance europeo que se axuste ás nosas necesidades e realidades.

416. Pero xunto ás debilidades enunciadas tamén dispoñemos de **fortalezas** que debemos opti-

mizar. Así, o proceso constitucional de transferencia de competencias estatais ás CC. AA. sumado á experiencia acumulada por estes nos asuntos europeos, provoca que sexa hoxe a Administración xeral do Estado a interesada en contar coa experiencia de funcionarios autonómicos en diferentes sectores e áreas á hora de conformar a posición do Reino de España ante as institucións da UE, circunstancia que podemos constatar en ámbitos tan amplos como a agricultura e a pesca, a sanidade, o medio ambiente, a educación ou o consumo, entre outros.

417. **A fachada atlántica galega pode e debe tamén ser aproveitada.** O noso posicionamento converte os nosos portos en líderes europeos en volume de carga e descarga de produtos pesqueiros, e a recentemente creada autoestrada do mar Vigo-Saint-Nazaire reducirá os custos nos transportes respecto ás alternativas terrestres por estrada de compoñentes necesarias para a industria da automoción. Igualmente, a declaración do porto da Coruña como nodal dentro da Rede transeuropea do transporte mellorará a interconexión e o transporte de mercadorías co resto da península.

418. Pero ademais, a recente crise de Europa con Rusia polo conflito de Ucraína puxo de manifesto a excesiva dependencia europea do gas ruso, o que podería **converter ás costas galegas nunha localización inmejorable para ser un hub ou conector de entrada da enerxía en Europa** procedente do Norte de África ou do Golfo Pérsico, grazas á súa planta regasificadora, pensando na súa posterior distribución polo Continente.

419. Unha das paradoxais consecuencias positivas derivadas da crise sufrida nos últimos anos foi a **creación en Galicia de numerosas start-up de base tecnolóxica**, grazas a proxectos das distintas administracións e universidades en forma de incubadoras ou aceleradoras de empresas. Se as administracións manteñen o seu apoio e o ritmo investidor a estes mozos emprendedores, as devanditas empresas poderán acabar medrando e sendo un factor de creación de postos de traballo en Galicia con expectativas de crecemento a medio e longo prazo, seguindo a lóxica de certa selección natural empresarial a prol das máis competitivas e innovadoras e que mellor se adapten ao ámbito cambiante da demanda. Para a conse-



Comité Europeo das Rexións. Reunión en Comisión.

cución deste obxectivo seguirá sendo fundamental, como ata o de agora, o concurso dos fondos europeos.

420. **A pesca** e os seus derivados, así como a provisión dos seus insumos, continúa sendo unha das fortalezas da economía galega e grazas ao novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) poderanse acometer actuacións que axuden á formación de traballadores con dedicación nos sectores da pesca e o marisqueo, así como da súa industria transformadora e da súa cadea de comercialización, de maneira que contribúa a fixar poboación ao territorio. Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), con motivo da elaboración para cada zona dunha Estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do FEMP, programado para o período 2014-2020, seguirán desempeñando un papel destacado na execución de proxectos europeos.

421. **O sector agrícola** debe aproveitar os fondos de desenvolvemento rural do Feader e apostar pola investigación e a innovación, pois aínda quedan campos por explorar con maior entusiasmo, como o aproveitamento da biomasa e dos recursos forestais. No sector lácteo hai que garantir uns contratos únicos ou homologados

–de acordo coa normativa da UE, para dotalos de seguridade xurídica e estabilidade económica– entre os produtores e a industria que fagan viable a actividade. Pero pola súa vez, hai que aprender da experiencia doutras rexións europeas que, en poucos anos, diversificaron a súa produción primaria, abrindo novas liñas de actividade nos ámbitos da horticoltura, a froita ou as plantas ornamentais, entre outros.

422. Como medidas instrumentais que hai que considerar debe subliñarse que a **Fundación Galicia Europa** é a punta de lanza da participación galega nos asuntos europeos e, polo tanto, **debe reforzar os seus efectivos**, reducidos nos últimos anos debido á minoración da taxa de reposición contemplada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. O seu labor loxístico será fundamental para a negociación do futuro marco financeiro comunitario post 2020, xa que será necesario convencer os técnicos da Comisión Europea e as institucións e órganos da UE para que se teñan en conta outros indicadores válidos co propósito de obter financiamento para desenvolver políticas públicas de interese europeo, e non só considerar o PIB per cápita, e iso nun marco orzamentario europeo menos propicio, a causa da saída británica. Eses novos indicadores

deberan estimar, por exemplo, a superación da baixa fecundidade, favorecer a masiva incorporación da muller ao mundo do traballo, atender o envellecemento da poboación ou diminuír os custos da dispersión xeográfica, entre outros.

423. En canto á modernización e **internacionalización das empresas galegas** debemos melloorar en sacarlle máis partido a aqueles fondos, iniciativas e programas contemplados no orzamento da UE, como Feder, FSE, Feader, FEMP, COSME, Instrumento para pemes, Horizonte 2020, pois poden ser as pancas que axuden a impulsar as nosas empresas durante os próximos anos e en liña co obxectivo da Estrategia 2020.

424. A Xunta de Galicia aprobou a finais do ano 2013 a **Estrategia galega de crecemento dixital con horizonte 2020**, que prioriza as grandes liñas de actuación no ámbito TIC para dar continuidade aos logros tecnolóxicos acadados en Galicia e converxer coa Unión Europea en 2020 e a Axenda dixital para Europa. A aposta galega pola economía dixital queda plasmada na Axenda dixital de Galicia 2020, elaborada pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, na que tanto o impulso ao hipersector TIC como a dixitalización empresarial, son dúas das súas liñas estratéxicas para avanzar cara a un crecemento intelixente, sustentable e integrador para Europa.

425. **Polo que se refire á investigación e ao desenvolvemento**, é preciso o concurso e a cooperación de distintos partícipes interesados ou *stakeholders*, como a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) e as universidades galegas, sen esquecer a centros de investigación de talla mundial, radicados na nosa Eurorrexión, como é o Centro de Nanotecnoloxía de Braga (Portugal). O novo programa marco de investigación *Horizon 2020* podería dar cobertura financeira a todas estas actuacións do Goberno galego e o programa Oportunus vai tamén nesa liña. En calquera caso debemos emprender dende Galicia un programa de cooperación co exterior no ámbito do I+D+i, deseñado a longo prazo, con orientacións estratéxicas que transcendan o correspondente período de programación das iniciativas da UE, pensando en áreas xeográficas como Latinoamérica e a lusofonía. Parcelas

temáticas como as ciencias do mar, a acuicultura, a biotecnoloxía, a tecnoloxía alimentaria ou a xeriatría, entre outras, poden resultar atractivas para os nosos potenciais socios na busca de economías de escala nos correspondentes proxectos de investigación e na consecución dunha maior eficiencia custos/resultados.

426. Con estas precisións, Galicia debe aproveitar durante os próximos anos as oportunidades que lle brinda a **rede de seguridade financeira**, segundo as pautas establecidas polo Plan estratéxico 2015-2020 para o desenvolvemento económico do país, recuperando o terreo perdido a causa da crise en materia de converxencia socioeconómica, e melloorar ao final do período respecto do máximo alcanzado con anterioridade. Pero é que, ademais, resulta que render un bo balance de xestión xa entre 2017-2018 facilitaría que Galicia puidese presentarse perante a Comisión Europea e perante os socios europeos afíns como líder dunha nova filosofía de desenvolvemento e cohesión para o conxunto da Unión, en liña coas necesidades e urxencias que son comúns tanto para Galicia coma para Europa na súa integridade, e singularmente para a Europa atlántica.

427. Cun bo balance de xestión e coa bagaxe negociadora e de alianzas xerada dende hai anos poderemos **manter unha táctica proactiva de persuasión e convicción**. Neste senso, que o goberno de Saxonia-Anhalt tivese aceptado selar unha alianza con Galicia para propoñer á UE novas fórmulas de reactivación demográfica vinculadas a novas oportunidades económicas é un feito relevante de primeiro nivel. Iniciativas deste tipo reforzarán a nosa imaxe en Bruxelas, xa que non só pedimos cooperación, senón que antes ofrecemos os froitos dun esforzo orientado á busca de alternativas.

428. Seguindo esta traxectoria, a posición do Goberno portugués ao respecto, compartindo esta mesma filosofía de **uropeizar as solucións ao problema demográfico autonómico**, nacional, e tamén continental, pode ser de inestimable axuda para nós, en especial para conseguir que as posibles terapias e medidas sexan debatidas no Consello Europeo, onde unha alianza luso-española, con reforzos de Estados meridionais igualmente afectados e sensibilizados –caso de Italia–, e de Alemaña con Austria, con algún apoio setentrional –caso de Dinamarca e Finlandia, ademais de Polonia–, poderían inclinar

a balanza para que a UE abraza unha liña orzamentaria e de traballo co obxecto de financiar proxectos que permitan estabilizar e reverter a erosión demográfica que padecemos, en especial nas cohortes máis novas a causa da persistente depresión da fecundidade.

429. O traballo desenvolvido neste eido, pola Xunta de Galicia ante o Comité das Rexións, aglutinando ademais as CC. AA. damnificadas polo cambio demográfico, foi e será determinante para nuclear esa incipiente **alianza que impulse a abrir o debate sobre que cómpre financiar dende Bruxelas a partir de 2020** polo seu interese común europeo. Iniciativas políticas como a apoiada dende Galicia no Comité das Rexións sobre «A resposta da UE ao reto demográfico», e outros ditames previos³⁶, van facilitando ese camiño e contribuíndo a colocar este asunto nun lugar destacado da axenda política europea, segundo as prácticas máis recomendables de *agenda-setting* nas complexas, dilatadas e arduas negociacións inter-institucionais da UE.

430. Dende un punto de vista instrumental temos que **reforzar e impulsar a participación galega nos órganos internos españois de coordinación europea** –v. gr. CARUE e conferencias sectoriais con maior carga de políticas públicas europeas nas súas máis usuais axendas–, **sen descoidar o liderado na representación ante institucións e órganos da UE** dos lexítimos intereses das CC. AA. e, obviamente, de Galicia. Pero agora debemos facelo tentando, por engadido, buscar unha **maior interlocución con rexións clave doutros Estados** –ben pola súa singularidade política, ben pola súa afinidade socioeconómica–, que pola súa vez teñan a capacidade de influír sobre os seus propios Estados, para que cando os asuntos cheguen ao respectivo Consello sectorial da UE ou ao propio Parlamento ou Consello europeos dis-

36. CDR 341/2006: Ditame sobre o tema «O futuro demográfico de Europa».

CDR 84/2007: Ditame sobre o tema «Envellecer mellor na sociedade da información».

CDR 212/2009: Ditame sobre o tema «Abordar os efectos do envellecemento da poboación da UE (Informe de 2009 sobre o envellecemento demográfico)».

CDR 56/2012: Ditame sobre o tema «Envellecemento activo: Innovación - Saúde intelixente - Mellores vidas».

poñan de todos os elementos favorables para prosperar nun senso proclive a Galicia.

431. Igualmente temos que **melloorar a difusión dos debates europeos en Galicia**, estimulando que a nosa sociedade civil participe nas consultas lanzadas fundamentalmente pola Comisión Europea, ben como propostas normativas, ben con carácter prospectivo baixo a forma de libros verdes, brancos ou outras modalidades alternativas. Neste terreo queda moito por facer. Debemos romper a inercia meramente reactiva dos actores sociais galegos ante políticas públicas xa consensuadas ou ante disposicións xurídicas europeas xa maduras ou mesmo formalmente aprobadas, para instalarnos na cultura máis común entre os Estados fundadores das Comunidades Europeas, de carácter proactivo e preventivo, que ao cabo é a que se demostrou máis eficiente para compatibilizar os intereses do país cos da Unión. Todo canto fagamos para estimular na sociedade civil galega posicionamentos temperáns e tecnicamente solventes ante as iniciativas lanzadas pola Comisión Europea, acudindo aos foros onde se discuten tales iniciativas cos funcionarios e autoridades da Comisión, así como con outros actores de diversos Estados membros, será extremadamente proveitoso e útil.

432. Como obxectivo estratéxico na UE, **Galicia deba contribuir a crear o clima propicio para que na seguinte reforma dos tratados as rexións con capacidade legislativa da UE tivesen o debido recoñecemento institucional**, sendo neste propósito os *Länder* alemáns os nosos grandes aliados. Debemos recoñecer que o impulso rexionalista, tal como se lle denomina xenericamente en Bruxelas, desenvolvido polo Tratado de Maastricht ao lanzar a vixente fase da UE, perdeu brío como consecuencia da grande ampliación cara ao leste, entre outros factores. A dramática historia de Europa oriental, co seu constante e violento redeseñar de fronteiras, mesmo durante o século XX, e a existencia de minorías nacionais encravadas en territorios dos novos Estados lindantes con outros que se identifican coas devanditas minorías, levou a que non poucos destes Estados sexan remisos a tratar a complementariedade rexional no proceso de construción europea. Iso, engadido ás súas estruturas internas fortemente centralizadas, obríganos a buscar aliados cualificados preferentemente entre os Estados federados, co-

munidades e rexións con autonomía política situados nos Estados membros da parte occidental da Unión.

433. Non obstante, nunha Unión de preto de 500 millóns de habitantes –agora excluídos os británicos, cando se formalice a súa saída da UE–, con decenas de idiomas e singularidades históricas, **a cohesión e a indispensable integración reforzada** non pode depender só do temor a revivir os demos do noso lamentable pasado e do azaroso éxito económico dun mercado interior, cuxo peso no concerto mundial está permanentemente ameazado. As tentacións oportunistas a curto prazo e radicalmente egoístas ameazan á UE e, paradoxalmente, a todas e cada unha das súas rexións e dos seus Estados, que ao cabo verían que a non integración conduce á desintegración e ao colapso do modelo social europeo fronte ao crecente peso demográfico, científico, tecnolóxico, económico e comercial doutras potencias.

434. **Os custos da non Europa seguen sendo moito máis onerosos que os custos da construción europea**, con todas as dificultades que se queiran apreciar. Fronte a este panorama, a opción de reforzar Europa dende a súa base, dando máis protagonismo ás súas rexións con personalidade definida nunha Institución que contribúa a mellorar a lexitimidade cotiá da Unión e o seu goberno, non só é unha opción verosímil, senón ademais necesaria e, mesmo, indispensable. Deste xeito, os Estados-nación que construíron as Comunidades Europeas preservarían o seu liderado como motor político da integración, consolidando á vez todo o proxecto en marcha ante os riscos e ameazas que ten por diante. Riscos e ameazas concretados nos populismos radicais, xenófobos e de nacionalismos agresivos ou expansivos, que seguen sendo –como na primeira metade do século pasado– os maiores inimigos dunha Unión pacífica e baseada no respecto ao Dereito. Eles son incompatibles coa xestión da complexa diversidade europea, fundamentada nunha comunidade xurídica inspirada no dereito de xentes e nas liberdades cívicas fillas da Ilustración.

435. **Galicia**, que como outras grandes comunidades, rexións ou Estados federados europeos, quere axudar a culminar a construción da Europa política sen ameazar a súa estrutura mestra, que descansa sobre os piares dos Es-

tados asinantes dos tratados, **está chamada a realizar achegas construtivas neste proceso**, avaladas pola súa bagaxe de cooperación e integración con Portugal, sen necesidade de derruír nada do xa edificado, nin de poñer en perigo as persoas que compartimos a mesma cidadanía da Unión a través das nosas respectivas nacionalidades estatais.

436. O **Comité das Rexións** foi presentado no seu día por moitos como o embrión dun futuro Senado da Unión, que coexistiría cunha cámara territorial cualificada ou mixta, como sería o Consello, que aglutina os Estados fundadores e os posteriormente adheridos. Hoxe ese órgano **merece reformular o seu deseño**, e facelo na liña que vimos apuntando. Entidades políticas como Flandes, Baviera, Baixa Saxonia, Cataluña ou Galicia, por citar algúns, non poden ser menos escoitados nas institucións da UE que pequenos Estados membros recentemente incorporados á Unión, cuxo peso demográfico resulta nimio, sen por iso desexar trastornar a súa natureza nin pretender devalorizalos, xa que como europeos queremos compatibilizar a nosa complexa historia común coa nosa vocación de conformar unha Unión verdadeiramente merecedora deste título ante o mundo.

437. En paralelo, e tal como adiantamos, dende **Galicia debemos estimular e propiciar unha maior implicación de axentes públicos e actores privados no seguimento das políticas europeas**, dende a súa xénese inicial ata a súa implementación, e fomentar ao tempo a articulación con vocación federal deses axentes e actores cos seus pares ou afíns radicados noutros Estados da Unión. **Temos que transmitir a idea de pasar dun paradigma fundamental reactivo a outro predominantemente proactivo**. Quere dicirse que os lexítimos grupos de interese galego en campos como a agricultura, a gandaría, a produción forestal, a pesca, a acuicultura, a construción naval, as enerxías renovables,... e tantos outros cuxas regulacións e disposicións de policía ou fomento administrativo proceden en boa medida de Bruxelas, teñen que comezar a posicionarse igual que fan grupos análogos radicados nos Países Baixos, Dinamarca, Bélxica ou Suecia, por citar algúns casos de excelencia, ademais de contribuír a xerar organizacións sociais ou cívicas de ámbito paneuropeo. As iniciativas da Comisión Europea, os seus libros verdes e

brancos, os seus proxectos normativos, mesmo os seus *non-papers*, non poden seguir pasando sen pena nin gloria nos foros profesionais e empresariais galegos. Quen rexeita achegar aos debates e defender os seus intereses dende a xestión das primeiras posturas oficiais en Bruxelas, quen non nutre de información ou non coloca o foco de atención sobre o que interesa en cada caso perante os funcionarios e responsables da Comisión Europea ou do seu conxunto de órganos técnicos, leva perdida gran parte da batalla ao encarar o futuro inmediato. A miúdo sorprende que propostas que é sabido que van ser unha ineludible realidade xurídica europea en cuestión de dous ou tres anos, nin sequera sexan detectadas polos máis interesados ou potencialmente damnificados, a pesar do gran nivel de transparencia que teñen os debates prenormativos no conglomerado institucional da UE. As asociacións sectoriais galegas teñen pois que ser moito máis dinámicas nesas tarefas e integrarse en organizacións análogas de escala europea, intentando lideralas ou, cando menos, condicionar substancialmente as súas respectivas axendas internas.

438. Cando a Comisión Europea lanza debates sobre que directrices convén aplicar ás axudas públicas nun sector empresarial determinado, ou cando publica un documento que formula como sería axeitado regular a oferta dun produto do sector primario ou mesmo un servizo, quen non comparece, nin presenta contrapropostas, nin propón alternativas, nin comeza a tecer alianzas cívicas con colegas doutros Estados, simplemente non existe para os que impulsan esas directrices ou regulacións. Directrices e regulacións que non sempre son neutrais, senón que algunha vez veñen inducidas ou alentadas por grupos de presión moi profesionalizados e ben organizados, con presenza permanente en Bruxelas. Dende Galicia debemos actuar de igual xeito para gozar, pola súa vez, de **igualdade de armas no complexo proceso de toma de decisións da UE**.

439. Bo indicador do que aquí se refire é a inferioridade de queixas e denuncias formuladas por operadores galegos ante as autoridades da UE por abusos de competidores radicados noutros Estados –subvencións encubertas, medidas de efecto equivalente...–, fronte ás queixas e denuncias en Bruxelas de operadores deses outros Estados que provocan a apertura de

expedientes de infracción contra nós. **Unha estratexia puramente defensiva, sen prever medidas ofensivas nun mercado tan competitivo como é o europeo, é de antemán unha estratexia perdedora**, e isto debe comezar a ser interiorizado polas nosas empresas e profesionais, así como polas súas organizacións sectoriais, xa que de non o facer desta forma carecerían da referida igualdade de armas e estarían abocados a perder posicións no mercado interior europeo.

440. Para cambiar esta tendencia tan asentada entre os nosos operadores privados, dende as institucións públicas galegas temos que **mellorar a difusión e a formación no concernente ás políticas públicas europeas**, ao acervo da Unión e, en concreto, aos procedementos normativos e ao dereito substantivo ou material-sectorial da UE.

5.3. Europa extra Unión Europea

441. **Os recursos e enerxías que Galicia pode destinar á acción exterior son limitados**, xa non só pola situación económica que vimos atravesando e que comezamos a superar recentemente, senón tamén pola nosa propia escala. Somos unha Comunidade Autónoma de menos de tres millóns de habitantes e cun tecido social sumamente envellecido ao que debemos atender en primeira instancia. Sería pretencioso aspirar a que Galicia desenvolvese grandes iniciativas nos Estados europeos que non forman parte da UE –por ex. Ucraína, Bielorrusia,...–, agás as notables excepcións de Suíza e Noruega. Os Estados orientais pre-adhesión á UE e os territorios cun estatus xurídico-internacional anómalo –como Kosovo– unicamente deberían ser obxecto de posicións reactivas ou de apoio puntual a emprendedores galegos que tomen posicións alí.

442. Nos casos de **Suíza e Noruega** a nosa estratexia merece un especial tratamento pola súa relevancia para os nosos concidadáns neles asentados, ou pola devindicación de dereitos pasivos dos que serían acredores ou merecedores, aínda que do mesmo xeito cómpre considerar o seu peso económico e interese comercial ao contrastar a súa escala nesos ámbitos coa nosa.

443. **Suíza debe renegociar o conxunto das súas relacións coa UE** tras o apoio en referendo á imposición de cotas de entrada a cidadáns da Unión, dentro dunha corrente anti-inmigratoria que dende Galicia non podemos compartir nin aceptar, e que, ademais, debemos combater buscando aliados rexionais que demanden unha posición máis contundente entre os negociadores europeos perante os helvéticos. Debemos estar pois especialmente vixiantes para que na hipótese de que, *de facto*, os galegos sexan considerados en Suíza como cidadáns de terceiros Estados, Suíza se enfrente a severas medidas de retorsión por parte da UE que a disuadan de dar tales pasos, aínda que unha parte significativa da súa opinión pública se amose paulatinamente máis anti-europea. Entendemos que os prexuízos para a industria helvética poderían ser tan elevados que as súas autoridades deberían buscar alternativas que garantisen cando menos o *statu quo* da nosa colectividade nos diversos cantóns, como mínimo ao mesmo nivel que os traballadores e profesionais de nacionalidade francesa e alemá que desenvolven as súas actividades laborais ou mercantís de carácter transfronteirizo ou xa como residentes legais na Confederación Helvética.

444. Polo que respecta a **Noruega**, entendemos que **debemos posicionarnos xunto con aqueles operadores que defenden que as vantaxes que Noruega obtén pola súa pertenza ao Espazo económico europeo e a súa adscrición ao paraugas defensivo da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN-NATO) merecen ofertar unha mellor compensación niveladora dende Noruega**. O feito de que o Fondo Soberano Noruegués sexa un dos maiores investidores institucionais públicos, cun patrimonio xestionado de ao redor de 800.000 millóns de euros –dos cales un 59,6% estaba investido en renda variable, un 37,4% en renda fixa e o 3,1% restante, en activos inmobiliarios–. O 1,7% do total do investimento en renda fixa do fondo está investida en bonos soberanos españois³⁷, non debe ser asumido como unha blindaxe en contra dunha maior esixencia e rigor dende a UE, polo escaso que resulta fronte ao

poderío económico e xeoestratéxico europeo, que concentra preto do 25% do PIB mundial. Para os intereses galegos, tanto dende a perspectiva pesqueira, naval e de emprego coma de dereitos socio-laborais dos nosos concidadáns ante as empresas desa nacionalidade, sen dúbida sería mellor que Noruega tivese a máis estreita relación coa UE en tanto non se adhira a ela, pero dado que o historial de rexeitamentos a esta circunstancia nos referenda previos non o fai verosímil a medio prazo. Mentres tanto debemos contribuír nos foros europeos aos que temos acceso a xerar un estado de opinión máis esixente fronte aos sucesivos gobernos do devandito Reino. A UE debe esixir unha solución global á discriminación histórica das autoridades norueguesas contra traballadores europeos sen cobertura social tras traballar para empregadores noruegueses, e dende Galicia debemos influír coordinadamente con outras autoridades públicas na Comisión Europea para que esta manteña a máis firme defensa dos cidadáns europeos afectados, mesmo advertindo das consecuencias lesivas que para Noruega podería ter un arranxo insatisfactorio.

5.4. Latinoamérica: Hispanoamérica e o Brasil

445. A extensión e profundidade dos intereses galegos en Latinoamérica non precisan ser glosadas novamente. Agora ben, debemos ser conscientes de que o noso rol alí, sempre conforme a nosa natureza como españois e cidadáns europeos, debe centrarse máis nos aspectos instrumentais e non se instalar nos meramente sentimentais. **O potencial de crecemento desta rexión**, a pesar das graves carencias estruturais que acumula e dos recentes signos de desaceleración ou recesión económica, convértea nunha **aposta relativamente segura a medio e longo prazo**, permitindo a capitalización das nosas actuacións alí e o aproveitamento das nosas vantaxes competitivas en diversos ámbitos, dende o da empresa ata o da universidade e o I+D+i.

446. No inmediato futuro, a **focalización nas repúblicas con maior seguridade xurídica e, dentro delas, nas provincias ou estados federados con maior estabilidade e percorrido económico por diante, debe ser prioritario**. Por des-

graza eses elementos corren certos riscos nas localizacións onde se atopa gran parte da nosa colonia na rexión, onde a aproximación debe ter pois outro enfoque centrado na súa defensa, protección e promoción, para manter vivo o espírito da galegitude nos seus descendentes e preservar os nexos que os unan máis se cabe coa Galicia territorial e o seu pobo.

447. Así **Perú e Colombia, xunto con Chile**, representan alternativas que no pasado non mereceron unha especial atención estratéxica dende Galicia. Isto obedeceu ao nesgo do maior peso emocional da fachada sur-atlántica do continente, onde se concentra o maior volume dos nosos concidadáns (franja Bos Aires-Río de Janeiro), e dun xeito máis contido no triángulo que une Venezuela-Cuba-México. Non obstante, agora convén considerar de maneira moi particular as opcións de Perú, Colombia e Chile, ao mesmo nivel cando menos que os **Estados costeiros do Sur do Brasil**, a pesar da súa desaceleración inminente. Nestes lugares a presenza de Galicia debe ser considerada un investimento a futuro, e non só no concernente ao terreo económico, senón tamén ao cultural e universitario. Un investimento que beneficiará non só os galegos residentes na Galicia territorial, senón tamén os galegos e os seus descendentes asentados en países próximos a eles, que terán dese xeito máis alternativas socioeconómicas na rexión, sen prexuízo de deixar sempre aberta a posibilidade de regresar a Galicia para instalarse nela e emprender novos proxectos empresariais e familiares.

448. Pola súa banda **México** –por algúns encadrado na rexión de Norteamérica– segue sendo unha alternativa que hai que considerar, xa que o seu nivel de seguridade xurídica e a súa especial relación comercial con Estados Unidos e Canadá, xunto coa súa estabilidade macroeconómica durante os últimos anos, compensan sobradamente os riscos que outros factores poden representar. Ademais, a estreita relación promovida dende a Xunta de Galicia coas autoridades federais e estatais mexicanas, que frutificou de forma pública e notoria na cooperación coa firma Pemex, demostra que esta gran República –de máis de 120 millóns de habitantes e cunha media de idade por baixo dos 28 anos– ofrece enormes oportunidades. Dentro dela, un Estado como **Nuevo León**, con arredor de cinco millóns de habitantes, moi próximo á fronteira con Texas, e con universidades como a Autónoma

de Nuevo León ou a de Monterrey, entre outras, pode ser unha opción estratéxica de primeiro nivel para que axentes e actores galegos despreguen unha mesta rede de contactos e iniciativas onde poidan asentarse de forma relevante.

449. Un capítulo á parte merece **Cuba** polas perspectivas que abren as medidas de actualización do modelo económico e os recentes acordos coa Administración norteamericana. Dende o principio do respecto á soberanía nacional cubana, **Galicia debe ofrecerse como país irmán para axudar no desenvolvemento económico e social desa República**. Galicia debe traballar para o achegamento da colectividade galega residente en Cuba, case que 40.000 cidadáns, á realidade cultural e social de Galicia e pola mellora da súa calidade de vida.

450. Galicia debe seguir o proceso de inestabilidade política, económica e social de **Venezuela** e planificar posibles actuacións a prol dos galegos residentes neste país, máis de 46.000, de xeito fundamental no tocante ao abastecemento de medicamentos e produtos de primeira necesidade, brindando especial atención aos nenos e aos maiores.

5.5. Norteamérica

451. A enorme dimensión territorial e socioeconómica de Estados Unidos, e en certa medida tamén de Canadá, así como a escala dos nosos parámetros en relación cos seus, impoñen que debamos **ser moi selectivos** en canto á área de intervención exterior para gozar de certas probabilidades de éxito. Con estes condicionantes o máis eficiente sería concentrar as actuacións galegas en **Florida**, que é o cuarto Estado máis poboado dos Estados Unidos, con arredor de 20 millóns de habitantes. A súa economía tamén é por PIB a cuarta de Estados Unidos e, en por si, ocuparía o posto décimo noveno entre as economías do planeta. En consecuencia, Florida é un *'global hub'* ou nó de interconexión entre Estados Unidos e o comercio internacional, moi interesante para Galicia e onde se está a radicar a comunidade hispana máis dinámica que, en non poucas ocasións, ten raíces galegas entre as colonias cubanas e venezolanas alí instaladas. En canto a estados como **Texas** –preto de 28 millóns de habitantes, que é a se-

37. http://www.elconfidencial.com/mercados/2016-08-17/el-fondo-soberano-de-noruega-aumenta-un-8-1-su-apuesta-por-la-deuda-de-espana_1247888/

gunda potencia económica dentro dos EE.UU., tras California, e ocuparía a posición décimo terceira entre as economías mundiais–, unha aproximación dende o norte de México–Nuevo León podería ser a opción máis realista– abonaría para iniciar contactos exploratorios.

452. Por outro lado debemos estar atentos ao incremento do interese que esperta Galicia en Estados Unidos grazas ao Camiño de Santiago. Os visitantes e peregrinos norteamericanos atraídos polo fenómeno xacobeo están xa entre as cinco nacionalidades foráneas que maior peso teñen nel. Entre eles, o predominio dos católicos é maioritario, polo que concentrar a proxección de Galicia en estados como **Massachusetts**, con case sete millóns de habitantes e máis dun terzo católicos, de ascendencia irlandesa, italiana ou portuguesa, pode ser tan interesante ou máis que **Nova York**, onde o impacto pode ser menor a causa das súas dimensións en relación co potencial que podemos despregar alí.

453. Dados os parámetros e diversidade da sociedade e a economía estadounidense, **o que non ten sentido é pretender abranguer todo o país** cun mínimo de rigor e probabilidade de retorno. Eses esforzos serían infrutuosos, xa que requirirían un volume de recursos dos que non podemos dispoñer.

454. No que respecta ás negociacións do Tratado transatlántico de comercio e investimentos (TTIP), Galicia debe defender un resultado favorable aos nosos intereses económicos, co obxectivo de que o acordo non se converta nun traxe a medida das grandes multinacionais, senón que a apertura comercial que propicie xere oportunidades para a crecente proxección exportadora das empresas galegas e se respecten os logros e dereitos do noso *Estado social*.

455. No caso de Canadá, **Ontario** con 13 millóns e medio de habitantes nun territorio que dobra en extensión a toda España, parece a mellor opción para concentrar a acción exterior galega, sen ignorar Quebec, que cos seus oito millóns de habitantes e a súa superficie tres veces a de España, xa de por si presenta unhas magnitudes desproporcionadas fronte ás que estamos afeitos en Europa. Certo é que episodios pasados como a crise do fletán puideron deixar un mal recordo, pero o desenvolvemento canadense representa unha oportunidade comercial e de cooperación que non se pode ignorar.

5.6. Norte de África e bacía sur do Mediterráneo

456. Nesta rexión, **os intereses galegos concéntranse en torno a Marrocos, o Sahara Occidental e Mauritania**, fundamentalmente polo que atinxe á cooperación pesqueira e á cooperación para o desenvolvemento. En todo caso, Galicia debe ser solidaria coa defensa dos intereses xeo-estratéxicos do conxunto de España e da Unión Europea, onde o mantemento da estabilidade e a seguridade resulta fundamental, máxime vista a convulsión doutros Estados da rexión e as posibles externalidades que esa convulsión poden inducir sobre a ribeira norte e occidental do Mediterráneo. Factores como a inestabilidade en Libia poden chegar a estenderse en parte da rexión e, indirectamente, ameazar os intereses galegos nela.

457. Agora ben, a nosa actuación alí debe respectar a legalidade constitucional, europea e internacional. O precedente da Sentenza 198/2013, do Tribunal Constitucional, do 5 de decembro de 2013, resolve calquera veleidade en canto a unha hipotética negociación bilateral coas autoridades públicas da zona en materia pesqueira³⁸, á marxe da iniciativa estatal ou, propiamente, da Unión Europea, a teor dos tratados polos que os Estados membros lle atribúen o exercicio da correspondente competencia negociadora.

38. Pleno. Sentenza 198/2013, do 5 de decembro de 2013. Conflito positivo de competencia 534-2004. Formulado polo Goberno da Nación respecto do acordo suscrito o 21 de setembro de 2003 polo Conselleiro de Agricultura e de Pesca do Goberno Vasco e o Ministro de Pesca e de Economía Marítima da República Islámica de Mauritania. Competencias sobre relacións internacionais e pesca: acordo que vulnera a competencia exclusiva do Estado para celebrar tratados internacionais (STC 165/1994). BOE Núm. 7 Mércores 8 de xaneiro de 2014 Sec. TC. Páx. 45.

Fallo: *Estimar el conflicto de competencia y declarar que la titularidad de la competencia controvertida corresponde al Estado. En consecuencia, el acto del Consejero de Agricultura y Pesca del Gobierno de la Comunidad Autónoma del País Vasco por el que suscribió un acuerdo –denominado procés verbal– en materia de pesca con la República Islámica de Mauritania el 21 de septiembre de 2003 vulnera el orden de competencias establecido en la Constitución.*

5.7. África subsahariana: África lusófona e Guinea Ecuatorial

458. Nesta rexión os intereses galegos tamén están fundamentalmente concentrados no ámbito pesqueiro e de cooperación para o desenvolvemento. Non obstante, tal como se destacou ao tratar a máis estreita integración con Portugal e o especial papel que debe xogar Galicia como ponte co resto de España, **debemos comezar a intensificar a cooperación con Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique e São Tomé e Príncipe, así como con Guinea Ecuatorial**, sempre en liña coas directrices marcadas pola diplomacia española, actuando de forma leal e plenamente coordinada.

459. Con **Cabo Verde** vimos mantendo xa unha prolífica cooperación, que se traduce na participación de actores empresariais galegos nos campos da transformación e comercialización dos produtos do mar, en materia naval e no desenvolvemento turístico, sendo ademais moi relevante a actuación en materia de cooperación institucional coa Xunta de Galicia e a do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. **Iniciativas análogas deberan manterse con São Tomé e Príncipe, así como con Guinea Bissau.**

460. **Angola e Mozambique** representan nestes momentos dúas grandes oportunidades de investimento –non exentas de riscos– en proxectos produtivos para empresarios galegos, pero tamén para abrir novos mercados aos nosos bens e servizos. En calquera caso, as iniciativas galegas deberan tomar en consideración as dimensións xeográficas e demográficas de ambos os dous países para tentar establecer alianzas con empresarios da nosa Eurorrexión e de todo Portugal, así como con emprendedores locais *in situ*.

461. Só **Angola** ten unha dimensión xeográfica practicamente 2,5 veces superior a toda España, aínda que segundo o censo realizado en 2014 a súa poboación podería roldar os 24 millóns de habitantes. Ao redor de 2/3 dos seus nacionais son menores de 25 anos, e a media de idade dos angolanos é de só 18 anos –recordemos que a media de idade de Galicia é de case 46 anos–. A taxa de fecundidade en Angola é de 5,3 fillos por muller, mentres que Galicia leva décadas estancada en 1 ou 1,1 fillos por mu-

ller. Deste xeito, aínda que na actualidade haxa moitos riscos que encaran, Angola atesoura grandes potencialidades de desenvolvemento moi interesantes para nós.

462. Pola súa banda, **Mozambique** ten un volume de poboación moi similar ao de Angola, pero cun censo mesmo máis novo –a súa media de idade é de 17 anos–, a pesar de ter unha fecundidade tan só unha décima inferior á angolana. Non obstante, a gran diferenza entre ambos os dous países lusófonos encóntrase no PIB per cápita medido en paridade de poder adquisitivo: 1.200\$ por mozambicano fronte a 7.200\$ por angolano, segundo datos de 2014. Para ter un referente comparativo, o mesmo parámetro español foi de 33.700\$ nese ano. Por conseguinte, a alternativa angolana parece máis razoable dende unha mera perspectiva económica a medio prazo.

463. De tal maneira, considerando as dimensións e, sobre todo, o potencial de crecemento de ambos os dous países no ámbito da lusofonía, é de aprezo a importancia de que **Galicia comece a posicionarse neles coas súas vantaxes competitivas**. Así, unha estratexia específica para ambos os dous podería consistir en ofrecer a nacionais destes países cursar estudos universitarios en Galicia de interese para o seu desenvolvemento endógeno, como poderían ser os relacionados coas enxeñarías de minas, agrícola, agroalimentaria, forestal, ou graos como veterinaria, entre outros a determinar coas autoridades locais. Os custos desta formación poderían ser compartidos entre financiadores locais, empresas galegas interesadas en investir nos devanditos países, as universidades implicadas, a cooperación galega para o desenvolvemento ou, se é o caso, española, e recursos adicionais europeos. A **implicación de universidades portuguesas** tamén podería reforzar esta iniciativa e darlle o sesgo eurorrexional que nos caracteriza e diferenza fronte a outras opcións dentro de Europa.

5.8. Oriente Medio, Asia-Pacífico e outras áreas xeográficas

464. Novamente as consubstanciais restricións de escala de Galicia ante a súa acción exterior **nestas vastas e superpoboadas rexións do plane-**

ta obrígnanos a ser singularmente selectivos, máxime considerando a tamén ampla extensión das restantes rexións nas que xa temos evidentes intereses, ademais de afinidades e atinadas opcións de obtención de resultados segundo os criterios máis ortodoxos de eficiencia.

465. **A limitación de recursos públicos require unha mínima concentración destes nos obxectivos xeográficos máis precisos posibles. Así, abrir unha vía de cooperación institucionalizada e estable con universidades e centros de investigación israelís** que traballen en liñas de investigación e desenvolvemento compatibles ou afíns coas desenvolvidas polos seus equivalentes en Galicia sería de especial interese. Sendo un pequeno país, Israel demostrou que se poden obter grandes resultados mediante a especialización, a excelencia e a eficiencia no investimento do capital en I+D+i. Asimilar esa cultura xerencial para aspirar a obter resultados crecentes en Galicia pode ser de especial interese para nós. Por outra banda, o achegamento a Israel presenta grandes oportunidades para pechar o ciclo do turismo cultural e relixioso que pode interesar a mercados extra-europeos, como o norteamericano ou o brasileiro. Do mesmo xeito, a extensión destas prácticas orientadas aos resultados pode permitirnos **ampliar a colaboración turística a Palestina**, e contribuír deste xeito dende Galicia, aínda que sexa modestamente, a incentivar o desenvolvemento endógeno desta actividade económica entre os palestinos, fuxindo da simple axuda humanitaria e creando oportunidades reais e sostibles de emprego e negocio para a atribulada poboación palestina. O crecemento económico e o clima de cooperación construtiva é ademais o mellor substrato para edificar unha paz duradeira, o que resulta especialmente necesario alí, cunha taxa de fecundidade que, aínda que descendeu dende os 6 fillos/muller en 1997 aos 4,1 en 2011-2013, é moi elevada vistas as escasas oportunidades de crecemento económico autónomo que ten a súa nova poboación³⁹.

466. En canto á **rexión Asia-Pacífico**, polas súas dimensións xeográficas, demográficas e económicas así como pola escasa relación previa con actores e axentes galegos –agás no caso de Filipinas–, **imponse igualmente a concentración de iniciativas**, sen prexuízo do compromiso de apoiar e avalar aqueles actores e axentes que emprendan actividades en países da devandita rexión aproveitando determinadas vantaxes competitivas ou oportunidades moi singulares. Falar dunha estratexia propia de Galicia para o conxunto da India, a República Popular China ou, mesmo, o Pacífico anglo, resultaría temerario, cando a propia España e, mesmo a UE, quedan curtas en canto á dimensión previa para tentar abordar todos os espazos e sectores en xogo. Seguir e estimular as prospeccións que realicen axentes como o Igape, ou actores civís como o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), con acreditada experiencia e reputación neste ámbito, serían as opcións máis sensatas dende Galicia, sen desbotar a posibilidade de accións puntuais alí onde xurdan oportunidades previamente avaliadas polos expertos destas entidades, entre outras que poderían pronunciarse.

467. O emerxente peso que a rexión Asia-Pacífico está consolidando na configuración xeopolítica global destas primeiras décadas do século XXI, implicaría para Galicia a aposta por unha estratexia ampla e sensata, determinada polas súas características de territorio económico periférico pero non menos estratéxico pola súa localización atlántica. Nesta visión, Galicia acada notables intereses nos **sectores marítimo, industrial e de turismo**.

468. Neste ámbito, **China** merece un apartado específico. China é a segunda potencia económica a nivel mundial. Un elemento imprescindible que debe persuadir a Galicia á hora de aproveitar as oportunidades que se presentan en materia de **investimento** pero tamén de colaboración institucional. China é un actor ascendente que inevitavelmente marcará un curso importante na política global das próximas décadas. Nesta perspectiva, Galicia debe observar con atención as iniciativas e instrumentos de relación que dende Beijing se impulsan cara a Occidente. Entre outras, salientan as súas estratexias de comercio e de investimentos determinadas polas Rutas da Seda entre Oriente e Occidente. Galicia pode constituírse como un epicentro estratéxico relevante.

469. Pero este foco en China non debe necesariamente limitarse ao ámbito económico. **Relacións de carácter cultural, de intercambio universitario, de cooperación académica e de atracción turística**, cobran relevancia nesta visión. Galicia require dunha planificación que permita adquirir un valor cualitativo para a súa acción exterior neste país. Polo tanto, unha “estratexia chinesa para Galicia” resulta pertinente e imprescindible. Esta estratexia debe igualmente recrear a aproximación a un visible “mundo chinés” existente na zona do Sueste asiático. Salienta Hong Kong como importante centro financeiro. Pero tampouco se debe igualmente esquecer a presenza de Taiwán. Este acercamento require dunha visión plural e sensata, desprovista de clixés políticos e ideolóxicos que compliquen a súa viabilidade.

470. Tanto como o epicentro estratéxico en China, Asia-Pacífico é outro escenario que pode compatibilizarse con aproximacións cara á **India**. Xunto con China, a India é membro dos BRICS (o Brasil, Rusia, a India, a China e Suráfrica), aspecto que lle outorga un peso estratéxico na configuración da nova arquitectura xeopolítica global.

471. A ampliación deste raio de actuación cara a Asia-Pacífico implica igualmente observar o **ascenso de economías emerxentes** de enorme relevancia estratéxica. Destacan os recentes contactos por parte da Xunta de Galicia, a través do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, cos representantes diplomáticos de Indonesia, Tailandia, Vietnam, Filipinas, Nova Zelandia e Australia, a través dun encontro en Santiago de Compostela. Nestas xuntanzas tamén participaron representantes gubernamentais de Afganistán, Irán e Kazakhstán, ampliando as expectativas de actuación cara a Asia Central e o Golfo Pérsico. Tras estes encontros, acordouse o estreitamento de relacións comerciais e de busca de investimentos en Asia-Pacífico. Para Galicia, estas relacións abranguen diversas áreas de negocios nas cales sobresaen o granito, a madeira, o agro e o sector alimentario, a pesca e a acuicultura, o téxtil, a automoción, as enerxías renovables, a maquinaria e os produtos farmacéuticos. Igualmente, debe observarse con atención a potencialidade destes países de Asia-Pacífico e do Sueste asiático en I+D, que poden ser aproveitados por Galicia para capacitación e

innovación nas novas tendencias de desenvolvemento da economía global.

472. Este escenario complétase con outros mercados relevantes en países con apostas innovadoras en materia tecnolóxica que Galicia debe observar con atención, como os citados Corea do Sur e o Xapón, pero tamén Malaisia e Singapur.

473. Por conseguinte, vista a evolución das actuacións previas en tan extensa rexión do planeta, se cadra o máis útil sexa concentrarnos en certas áreas e actividades para desenvolver en **Corea do Sur e o Xapón**, aproveitando pola súa vez as sinerxías para captar turismo mesmo máis cualificado. No caso de Corea do Sur, preto do 8% dos seus case 50 millóns de habitantes decláranse católicos, e preto de 1/3 da poboación é cristiá, polo que fenómenos como a peregrinación xacobeá aínda ten marxe de crecemento alí. De igual modo, o interese nipón por cooperar connosco a través do irmandamento con rutas como o Camiño Kumano Kodo ou a ruta Shikoku Henro, poden ser vías de entrada para estender a cooperación aos ámbitos científico-técnicos, dende a oceanografía ata a mellora na comercialización de produtos agro-pesqueiro-alimentarios, e dende a industria da automoción ata a mellora na eficiencia da industria naval. A recente presenza do herdeiro do trono nipón e do seu primeiro ministro en Galicia testemuñan que xa hai unha base para afondar nunha máis frutífera relación económica.

474. Sendo o horizonte da Egaex o período post 2020, debe atenderse o feito de que Asia-Pacífico e o Sueste asiático irán progresivamente concentrando un peso cada vez máis relevante na xeopolítica global para as próximas décadas. Isto implica considerar o presumible traspaso de poder do tradicionalmente hexemónico eixo atlántico e eurocéntrico cara Asia-Pacífico. Nesta composición da nova arquitectura global, a acción exterior galega require dunha estratexia racional, sensata e acorde coas súas particularidades e capacidades.

39. Palestinian Central Bureau of Statistics:

<http://www.pcbs.gov.ps/site/512/default.aspx?tabID=512&lang=en&itemID=1292&mid=3171&wversion=Staging>

6. Intersección de prioridades sectoriais e xeográficas: prevalencia e concentración

475. Coa información recompilada e atendendo ás prioridades sectoriais e xeográficas apuntadas por todos os provedores de propostas a esta Estratexia, **resulta axeitado resumir nun cadro de dobre entrada as devanditas prioridades.** Deste xeito poderán artellarse intervencións de apoio mutuo entre os diversos actores e axentes da acción exterior galega, e non só no ámbito da Administración autonómica, concentrando por exemplo nun período temporal determinado e nun país ou rexión concretos todas as intervencións previstas para o devandito país durante o **período cuadrional** que *–a priori–* constitúe o horizonte cronolóxico desta estratexia, mentres non se proceda á súa revisión atendendo a circunstancias internacionais imprevisibles, e sempre nos termos previstos polo Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.

476. Deste xeito, **visualizando e priorizando as iniciativas, poden obterse réditos crecentes para o conxunto da nosa Comunidade Autónoma.** En primeiro lugar, dada a limitación de recursos, o impacto en destino será maior que mediante intervencións e visitas esporádicas, illadas ou debilmente imbricadas. Impacto tanto a nivel institucional, respecto das autoridades públicas do país obxectivo de destino, como económico e social, respecto dos axentes e actores privados galegos cara aos seus homólogos relevantes do mesmo país obxectivo. En segundo lugar, a concentración temporal e de recursos público-privados galegos pode contribuír a unha significativa contención dos custos unitarios de cada actuación pero, sobre todo, a abrir novas oportunidades que actuando de modo illado nunca se presentarían axeitadamente.

477. No cadro anexo de *priorización de áreas xeográficas e sectoriais* pode comprobarse como **o determinante é o total de impactos formados pola converxencia entre unha área sectorial determinada e un país obxectivo ou unidade xeográfica concreta.** A máis impactos, maior será o grao de primacía no que atinxe a planificar a debida concentración de esforzos. Esforzos aos cales deben contribuír todos os departamentos, administracións públicas galegas, actores e axentes implicados dunha maneira máis estreitamente coordinada. Esta coordinación *–que nunca debe supoñer unha alteración da avaliación ex ante que realicen os máis directos responsables sectoriais de cada área–* residenciarase no departamento da Xunta de Galicia que en cada momento concentre a interlocución institucional máis cualificada co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e asuma a meirande parte da responsabilidade na acción exterior no seo da Administración autonómica, que ao día da aprobación da presente estratexia é a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, na cal se encadra a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

478. Como é natural, **o cadro de interseccións sectoriais e xeográficas pode verse condicionado nun instante dado por factores externos fortuítos ou imprevisibles e fóra do noso control,** como serían crises diplomáticas sobrevidas, acordos de Nacións Unidas ou da Unión Europea que condicionen os contactos con certas autoridades foráneas, crises económicas asimétricas, baleiros de poder noutros países, ou calquera outro imponderable. Planificar a acción exterior é, nisto, significativamente máis complexo que facelo sobre unha política pública netamente doméstica, cuxos fac-

tores son menos volátiles e xeralmente máis dependentes de condicionantes estrita ou maioritariamente internos *–infraestruturas, investimentos, servizos sociais, política fiscal,...*.

479. Á vista da información do cadro **sería moi útil reorganizar os métodos de cooperación administrativa,** pasando de pivotar sobre a complementariedade entre as materias afíns que corresponden a cada departamento, a pivotar sobre a **proxección exterior como un todo harmónico.** Dito noutros termos e como exemplo, a priori os responsables de asuntos pesqueiros no exterior poden non ter moita tradición de planificar as súas iniciativas xunto aos responsables do sector turístico e a galeguidade, pero nalgún destino determinado podería ser moi proveitoso para eles mesmos, e para Galicia en tanto que unidade política, pautar as ofertas, contactos ou encontros baixo unha máis estreita coordinación, concentrando todo o esforzo nun lapso de tempo máis acoutado. Ademais da Axenda de I+D+i, a Egaex prestará especial atención nas súas prioridades sectoriais aos compromisos en eficiencia enerxética, cambio climático e impacto ambiental e a participación de Galicia nas organizacións internacionais que incidan nas competencias autonómicas: OCDE, Consello de Europa (CPLR, GIE, Comisión Venecia, GRECO, etc.), Unesco, Unctad, Unhabitat, Unwomen,...

| Área xeográfica | Políticas públicas europeas | Acción institucional de carácter estratéxico | Comercio exterior | Captación de investimentos | Promoción do turismo | Fomento de investimentos no exterior | Cooperación marítimo-pesqueira |
|---------------------|-----------------------------|--|-------------------|----------------------------|----------------------|--------------------------------------|--------------------------------|
| Portugal | X | X | X | | X | X | X |
| Unión Europea | X | X | | | | | |
| CPLP | | X | | | | | |
| Francia | X | X | X | | X | X | X |
| Italia | X | X | X | | X | X | |
| Alemaña | X | X | X | X | X | X | |
| BENELUX | X | X | | | X | X | |
| Irlanda | X | X | | | X | X | X |
| Reino Unido | | X | X | X | X | X | X |
| Polonia | X | X | | | X | | |
| Suíza | | X | | | X | | |
| Noruega | | X | | X | | | X |
| Finlandia | | | | X | | | |
| Suecia | | | | X | | | |
| Rusia | | | X | | | | |
| Israel | | | X | | X | | |
| Turquía | | | | | | | |
| Emiratos | | | X | | | | |
| Canadá: | | | X | | | | |
| Ontario | | X | X | | | | |
| Quebec | | X | X | | X | | |
| Estados Unidos: | | | X | X | | | |
| Massachusetts | | | X | X | X | | |
| Texas | | X | X | X | | | |
| Florida | | X | X | X | X | | |
| México: | | | X | | | | |
| Nuevo León Mex. | | X | X | | | | |
| México | | X | X | | X | X | X |
| Cuba | | X | X | | | X | X |
| Rep. Dominicana | | | | | | | |
| Guatemala | | | | | | | X |
| Honduras | | | | | | | X |
| O Salvador | | | | | | | X |
| Nicaragua | | | | | | | X |
| Panamá | | X | | | | | |
| Colombia | | X | X | | | X | X |
| R.B. de Venezuela | | | | | | | |
| Ecuador | | | | | | | X |
| Perú | | X | X | | | X | X |
| R.F. do Brasil | | X | X | | X | | X |
| Brasil sul | | X | X | | X | X | X |
| Bolivia | | | | | | | |
| Chile | | X | X | | | X | X |
| Paraguay | | X | | | | | |
| Arxentina | | X | | | | X | X |
| Uruguai | | X | | | | X | X |
| Marrocos | | | X | | | | X |
| Mauritania | | | X | | | | X |
| Cabo Verde | | X | X | | | X | X |
| Guinea Bissau | | X | X | | | | X |
| São Tomé e Príncipe | | X | X | | | | X |
| Guinea Ecuatorial | | | X | | | | X |
| Angola | | X | X | | | X | X |
| Namibia | | | X | | | X | X |
| Mozambique | | X | X | | | X | X |
| Asia-Pacífico | | | | | | | |
| China | | | X | X | | | |
| Corea do Sul | | | | | X | | |
| Xapón | | | X | X | X | | X |
| Filipinas | | X | | | | | |
| India | | | X | | | | |

CPLP: Comunidade dos Países de Língua Portuguesa / BENELUX: Bélica, Países Baixos e Luxemburgo / R.B.: República Bolivariana / RF: República Federativa

| Cooperación agrícola | Cooperación en I+D+i | Promoción da lingua galega | Promoción e cooperación cultural | Cooperación universitaria | Galeguidade e acción social exterior | Cooperación para o desenvolvemento | Achegas demográficas* |
|----------------------|----------------------|----------------------------|----------------------------------|---------------------------|--------------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| X | X | X | X | X | | | |
| | | | X | X | | | X |
| X | X | | X | X | | | |
| X | X | | X | X | | | |
| | X | | X | X | | | |
| | X | X | X | X | | | |
| | X | | X | X | | | |
| | X | | X | X | | | |
| | X | | | X | X | | |
| | | | | | | | |
| | X | | | X | | | |
| | X | | | X | | | |
| | | | X | | | | |
| | X | | | X | | | |
| | X | | | X | | | |
| | | | | | | | |
| | | | X | X | | | |
| X | | | X | X | X | X | X |
| X | | | | | | X | |
| | | | | | | X | |
| | | | | | | X | |
| | | | | X | | | |
| | | | | X | | | |
| | X | X | X | X | X | | X |
| | X | X | X | X | X | | X |
| | | | | | | X | |
| X | | | | X | | | X |
| | | | | X | | | X |
| X | X | X | X | X | X | | X |
| | | X | X | X | X | | X |
| | | | X | X | | X | |
| | | | X | X | | | X |
| | | | | | | | |
| | X | | | X | | | |
| | X | | | X | | | |
| | | | | X | | | X |

(*) Extra UE por mor dos tratados TUE e TFUE

7. Revisión e avaliación da Egaex

480. A revisión da Egaex está presidida por un principio de flexibilidade, que obedece á propia natureza da acción exterior autonómica, considerada como unha política pública dotada de trazos e características propias, que a diferencian en canto á súa previsibilidade e certeza respecto das clásicas políticas públicas sectoriais. Por iso, e pola transversalidade desta materia, o Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia –DRAEX–, establece no seu artigo 10:

«Artigo 10. Revisión da Estratexia galega de acción exterior

1. Por proposta motivada dun terzo dos membros do Caex, e tras a súa deliberación e votación, a Xunta de Galicia deberá avaliar a necesidade de iniciar a revisión da estratexia vixente para adaptala a un novo contexto, logo do informe do centro directivo en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.
2. De forma ordinaria, con polo menos seis meses de antelación a que expire o prazo de vixencia previsto da estratexia en curso, o centro directivo en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior iniciará os trámites de revisión desta.
3. En tanto non sexa aprobada unha nova estratexia, o Consello da Xunta de Galicia poderá prorrogar a que estiver vixente, por períodos que oscilarán entre seis meses e un ano, ata que se poida aprobar con todos os trámites indispensables a nova estratexia. Se o executivo autonómico estiver en funcións, entenderase prorrogada tacita-

mente a estratexia en vigor por un período de seis meses, dentro do cal o novo executivo poderá prorrogala, pola súa vez, ata que se formalice unha nova estratexia galega de acción exterior».

481. Deste xeito, **non existe un imperativo normativo que determine un rixido prazo límite de aplicación da Egaex**. Este criterio flexible e dinámico resulta ademais lóxico á vista do cambiante do ámbito internacional. Porén, **isto non obsta que resulte necesario e ata recomendable marcarse un prazo de implementación, máxime á luz do consenso básico perseguido sobre as materias e obxectivos fixados na Egaex**. Ademais, neste momento, hai un factor principal e outro subsidiario que aconsellan fixar un prazo certo de referencia. **O factor principal é a culminación da folia de ruta por excelencia aprobada pola UE, coñecida como Estratexia 2020. O subsidiario é a aprobación do Plan estratéxico de Galicia**, entroncado con aquela, que tamén ten o seu horizonte no exercicio 2020. Con todo, moitas das propostas establecidas na Egaex aspiran a fixar a ruta para actuacións que proseguirán ou frutificarán máis alá de 2020. Un suposto paradigmático é o que atinxe ás actuacións precisas para obter o mellor resultado negociador posible no seo da UE cara ao marco financeiro plurianual europeo que podería estenderse ata 2027 ou, mesmo ata 2030, vistos os precedentes existentes. Outro suposto, xa máis xenérico, pode ser o que concirne ás xestións para posicionar Galicia como engastamento natural e privilexiado entre Portugal e España, e entre a lusofonía e a comunidade de nacións de lingua española.

482. Así, a Egaex aquí plasmada debe poñerse como **límite formal de implementación o 31**

de decembro de 2020, sen prexuízo de que houbera que acudir ás previsións dinámicas incorporadas no artigo 10 do antedito Decreto, ou alternativamente á súa prórroga nos termos previstos polo DRAEX.

483. Con todo, tamén resulta conveniente formularnos **diversos escenarios nos que conviría activar os mecanismos de reforma da Egaex**, sempre considerando a experiencia pasada. Eses escenarios serían:

- a) Contracción do PIB galego en máis dun 2% durante un exercicio económico.
- b) Contracción do PIB dalgún dos tres principais socios comerciais de Galicia no exterior en máis dun 2% durante dous exercicios económicos consecutivos.
- c) Aprobación por España, a Unión Europea ou Nacións Unidas de resolucións ou directrices que inclúan medidas de embargo comercial e/ou ruptura de relacións diplomáticas que afecten a países obxectivo da acción exterior galega.
- d) Resolución do Parlamento de Galicia que manifeste a conculcación grave e reiterada das normas básicas en materia de dereitos humanos, ou de hostilidade cara á Comunidade galega nun país obxectivo da nosa acción exterior.
- e) Estado de guerra entre España e os seus aliados cun país obxectivo da acción exterior galega.

484. En tales supostos, o Consello Galego de Acción Exterior (Caex), así como en calquera outro moi cualificado que este considerase oportunos, deberá **poñer en marcha os mecanismos de revisión** xuridicamente previstos, anticipando os debidos estudos e informes o centro directivo da Xunta de Galicia que tivese encomendadas nese momento as competencias básicas e institucionais en materia de acción exterior.

485. Finalmente, consideramos necesaria unha **avaliación anual da Estratexia galega de acción exterior (Egaex)**, co obxectivo de definir con precisión os logros acadados e aqueles retos e desafíos pendentes para a acción exterior da nosa comunidade autónoma. Neste senso, prevese unha reunión anual do Conse-

llo Galego de Acción Exterior (Caex), onde se someterá o cumprimento da Egaex á revisión e votación dos membros do Caex. Así mesmo, o Goberno galego comparecerá no Parlamento unha vez por ano para informar e explicar o grao de cumprimento, obxectivos acadados, as obrigas e os retos de futuro derivados desta estratexia, convencidos de que o deseño básico da acción exterior da nosa comunidade autónoma debe fundamentarse no máis amplo consenso posible, alén da coxuntura política concorrente. En todo caso, para a mellor e máis clara comprensión, tanto no ámbito interno das institucións autonómicas, coma por parte da cidadanía, o balance recollido nesta estratexia, a rede de actores implicados, os ámbitos sectoriais, xeográficos e institucionais analizados serán sintetizados nun informe executivo final da Egaex, que proporá coa máxima concreción a visión da acción exterior de Galicia, as súas prioridades, os axentes implicados na execución, a programación e recursos a mobilizar, co horizonte do 31 de decembro de 2020, data límite formal de implementación da Egaex. A programación terá carácter anual, mais a axenda coa UE deberá recoller compromisos semestrais. As actividades de acción e promoción exterior da Xunta de Galicia e do Parlamento serán obxecto de información pública. A Egaex e os informes de seguimento estarán dispoñibles no Portal de transparencia e Goberno aberto.

ANEXO

REDES EXTERIORES DA XUNTA DE GALICIA

REDE INSTITUCIONAL

Bruxelas
Fundación Galicia Europa

Bos Aires
Delegación da Xunta de Galicia

Montevideo
Delegación da Xunta de Galicia

REDE COMERCIAL

Rede Pexga –Plataformas empresariais no exterior de Galicia– e antenas do Igape:

- Brasil - México
- China - Perú
- Colombia - Reino Unido
- Estados Unidos - Rusia
- Marrocos

CENTROS DE ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR

<http://www.lingua.gal/o-galego/proxecto/centros-de-estudos-galegos>

| | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|
| ALEMAÑA | Berlín Kiel Heidelberg Leipzig | ITALIA | Padua Perugia Roma |
| BRASIL | São Paulo Niteroi (Federal Fluminense) Río de Janeiro Salvador de Bahía | IRLANDA | Cork |
| CROACIA | Zadar | POLONIA | Cracovia Varsovia |
| ESTADOS UNIDOS | Nova York | PORTUGAL | Algarve Braga (Minho) Lisboa (Nova) |
| FINLANDIA | Helsinki | REINO UNIDO | Bangor (Wales) Oxford |
| FRANCIA | París | RUSIA | San Petersburgo |
| HUNGRÍA | Budapest | SUÍZA | Zúrich |

CENTROS GALEGOS NO EXTERIOR

| PAÍS | Denominación | Localidade | Provincia/Estado |
|-----------------------------------|--|-------------------|----------------------------|
| ALEMAÑA | Asociación Cultural Galega de Hamburgo e. V. | Hamburgo | Hamburgo |
| | Centro Cultural Galego de Cuxhaven e. V. | Cuxhaven | Baixa Saxonia |
| | Centro Cultural Galego de Frankfurt del Meno e. V. | Frankfurt Am Main | Hesse |
| | Centro Cultural e Deportivo Galicia Emigrante 1972 e. V. | Gütersloh | Nordrhein-Westfalen |
| | Centro Galego de Hannover e. V. | Hannover | Baixa Saxonia |
| | Centro Galego de Nürnberg e. V. | Nuremberg | Baviera |
| | Círculo da Cultura Galega e Cabaleiros de Santiago, e. V. | Nuremberg | Baviera |
| | Club Galicia de Bonn, e. V. | Bonn | Renania do Norte-Westfalia |
| | Coordinadora Federal das Asociacións Galegas en Alemaña, e. V. | Nuremberg | Baviera |
| | Grupo Cultural Galego de Troisdorf e. V. | Troisdorf | Nordrhein-Westfalen |
